SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA DOUS DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 2 de marzo de 2023. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D. Miguel Lorenzo Torres, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade**, **D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema, D.ª Isabel Faraldo Calvo e D.ª Susana Soneira Lema**, reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

Ás dez horas e nove minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e

SESIÓN ORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA DOS DE MARZO DE DOS MIL VEINTITRÉS

En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 2 de marzo de 2023. Bajo la presidencia de la ***Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,*** *y con la asistencia de los ediles* ***D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D. Miguel Lorenzo Torres, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema, D.ª Isabel Faraldo Calvo y D.ª Susana Soneira Lema*** *se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

Da fe del acto el infrascrito ***secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez****, hallándose además presente el* ***interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

A las diez horas y nueve minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se

pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

Intervencións

Presidencia

Moi bo día a todos e a todas, benvidos e benvidas a esta sesión ordinaria do Pleno do Concello da Coruña do mes de marzo. Saudamos os membros da Corporación, señor secretario, señor interventor, persoal municipal que nos acompaña, xornalistas acreditados e aqueles que nos seguen dende a tribuna do público e a través do *streaming*.

Iniciamos o Pleno coa Parte Resolutiva. Señor Secretario.

I – PARTE RESOLUTIVA

ASUNTO 1

COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA

32. Comunicado da Alcaldía sobre a violencia machista.

Presidencia

Ben, nas comunicacións de Alcaldía, como saben, no Pleno do pasado 14 de setembro de 2015 aprobouse por unanimidade unha moción conxunta sobre a violencia de xénero na que se establecía iniciar cada Pleno ordinario agardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior Pleno.

Según datos da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero, infórmase que o número de mulleres asasinadas por violencia de xénero en España ascende a 9 no ano 2023 e a 1.191 desde o 1 de

pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.

Intervenciones

Presidencia

Muy buenos días a todos y a todas, bienvenidos y bienvenidas a esta sesión ordinaria del Pleno del Ayuntamiento de A Coruña del mes de marzo. Saludamos a los miembros de la Corporación, señor secretario, señor interventor, personal municipal que nos acompaña, periodistas acreditados y aquellos que nos siguen desde la tribuna del público y a través de la retransmisión en directo

Iniciamos el Pleno con la Parte Resolutiva. Señor Secretario.

I – PARTE RESOLUTIVA

ASUNTO 1

COMUNICACIONES DE LA ALCALDÍA

32. Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia machista.

Presidencia

Bien, en las comunicaciones de Alcaldía, como saben, en el Pleno del pasado 14 de septiembre de 2015 se aprobó por unanimidad una moción conjunta sobre la violencia de género en la que se establecía iniciar cada Pleno ordinario esperando tantos minutos de silencio como personas fueran asesinadas por el machismo desde el anterior Pleno.

Según datos de la Delegación del Gobierno contra la violencia de género, se informa que el número de mujeres asesinadas por violencia de género en España asciende a 9 en el año 2023 y a 1.191 desde el 1 de

xaneiro de 2003 e o número de menores asasinados ou asasinadas ascende a uno no ano 2023 e a 49 desde o 1 de xaneiro do ano 2013, quedando 390 menores orfos ou orfas desde 2013, 13 no ano 2023.

Desde o Pleno do 2 de febreiro ata o día de hoxe confirmáronse tres mulleres asasinadas por violencia de xénero que a continuación se relacionan:

- O 31 de xaneiro 2023, Caterina, de apelidos non coñecidos, de 64 anos, en Cádiz.

- O 5 de febreiro de 2023, Beatriz Lijó Gesteira, de 47 anos, en Pontevedra, quen deixa dous menores orfos.

- O 27 de febreiro de 2023, unha muller de identidade descoñecida, de 17 anos.

Polo tanto, solicito a todos os presentes que se poñan en pé para agardar tres minutos de silencio.

(Gárdanse tres minutos de silencio)

Presidencia

Dentro das Comunicacións de Alcaldía vaise dar lectura a dúas declaracións institucionais pactadas polos Grupos Municipais. A primeira delas, a Declaración institucional de adhesión do Concello da Coruña ó Manifesto público da Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas con motivo da celebración do Día mundial das Enfermidades Raras 2023.

33. Declaración institucional de adhesión do Concello da Coruña ao Manifesto público da Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (FEGEREC) con motivo da celebración do día mundial das

enero de 2003 y el número de menores asesinados o asesinadas asciende a uno en el año 2023 y la 49 desde lo 1 de enero del año 2013, quedando 390 menores huérfanos o huérfanas desde 2013, 13 en el año 2023.

Desde el Pleno de 2 de febrero hasta el día de hoy se confirmaron tres mujeres asesinadas por violencia de género que a continuación se relacionan:

- *El 31 de enero 2023, Caterina, de apellidos no conocidos, de 64 años, en Cádiz.*

- *El 5 de febrero de 2023, Beatriz Lijó Gesteira, de 47 años, en Pontevedra, quien deja dos menores huérfanos.*

- *El 27 de febrero de 2023, una mujer de identidad desconocida, de 17 años.*

Por lo tanto, solicito a todos los presentes que se pongan en pe para esperar tres minutos de silencio.

(Se guardan tres minutos de silencio)

Presidencia

Dentro de las Comunicaciones de Alcaldía se va a dar lectura a dos declaraciones institucionales pactadas por los Grupos Municipales. La primera de ellas, la Declaración institucional de adhesión del Ayuntamiento de A Coruña al Manifiesto público de la Federación Gallega de Enfermedades Raras y Crónicas con motivo de la celebración del Día mundial de las Enfermedades Raras 2023.

33. Declaración institucional de adhesión del Ayuntamiento de A Coruña al manifiesto público de la Federación Gallega de Enfermedades Raras y Crónicas (FEGEREC) con motivo de la celebración del día mundial de las

enfermidades raras 2023.

A Corporación municipal da Coruña en Pleno manifesta a súa adhesión á declaración institucional promovida pola Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas que se reproduce a continuación:

Na Unión Europea denomínanse enfermidades raras aquelas cuxa prevalencia está por debaixo de cinco por cada 10.000 habitantes. Segundo a Organización Mundial da Saúde, existen preto de 7.000 enfermidades raras que afectan ao 7 % da poboación mundial. Isto significa 3 millóns de españois, 30 millóns de europeos e 47 millóns de persoas en Iberoamérica.

Son enfermidades que, consideradas unha a unha, afectan a moi poucas persoas, pero que tomadas no seu conxunto implican a gran parte da cidadanía.

Trátase de persoas que conviven con algunha enfermidade de carácter xenético, crónico, e dexenerativo en máis do 70% dos casos. Enfermidades que ademais aparecen na infancia en 2 de cada 3 casos, que levan consigo unha gran discapacidade na autonomía e que tamén afectan á calidade de vida dos seus familiares e da súa contorna.

A súa complexidade e baixa prevalencia fan que sexa necesaria unha alta especialización, a concentración de casos, unha abordaxe multidisciplinar e experiencia para a súa atención.

En 2023, unímonos ás Alianzas Europea e Iberoamericana e á Rede Internacional de Enfermidades Raras para facer un chamamento global no marco do Día Mundial das Enfermidades Raras.

enfermedades raras 2023.

La Corporación municipal de A Coruña en Pleno manifiesta su adhesión a la declaración institucional promovida por la Federación Gallega de Enfermedades Raras y Crónicas (FEGEREC) que se reproduce a continuación:

En la Unión Europea se denominan enfermedades raras aquellas cuya prevalencia está por debajo de 5 por cada 10.000 habitantes. Según la Organización Mundial de la Salud, existen cerca de 7.000 enfermedades raras que afectan al 7 % de la población mundial. Esto significa 3 millones de españoles, 30 millones de europeos y 47 millones de personas en Iberoamérica.

Son enfermedades que, consideradas una a una, afectan a muy pocas personas, pero que, tomadas en su conjunto, implican la gran parte de la ciudadanía.

Se trata de personas que conviven con alguna enfermedad de carácter genético, crónico, y degenerativo en más del 70% de los casos. Enfermedades que, además, aparecen en la infancia en 2 de cada 3 casos, que llevan consigo una gran discapacidad en la autonomía y que también afectan a la calidad de vida de sus familiares y de su entorno.

Su complejidad y baja prevalencia hacen que sea necesaria una alta especialización, la concentración de casos, un abordaje multidisciplinar y experiencia para su atención.

En 2023, nos unimos a las Alianzas Europea e Iberoamericana y a la Red Internacional de Enfermedades Raras para hacer un llamamiento global en el marco del Día Mundial de las Enfermedades Raras.

Desde a Federación Galega e Española de Enfermidades Raras unímonos a este día que se celebra cada 28 de febreiro (o día 29, nos anos bisestos), baixo o lema "Fai que o tempo vaia ao noso favor", enmarcada nunha campaña global para impulsar unha mobilización internacional que free as dificultades de acceso en equidade ao diagnóstico e ao tratamento.

O noso obxectivo é afrontar os retos que supón non só o atraso ou a ausencia de diagnóstico en enfermidade rara, senón tamén a dificultade no acceso ao mesmo.

Ante a ausencia do diagnóstico, cando a enfermidade non ten nome aínda:

-Recoñecer ás persoas e familias sen diagnóstico como un colectivo diferenciado pola administración desde unha perspectiva internacional, nacional e autonómica.

-Implementar no sistema sanitario a codificación "Trastorno raro sen diagnóstico determinado", que será clave para coñecer exactamente cantas persoas nesta condición hai.

-Recoñecer e potenciar os programas que actualmente apoian a obtención dun diagnóstico que se desenvolven no noso país.

-Implementar estruturas e roteiros que, en coordinación co sistema de saúde, permitan proseguir no proceso diagnóstico cando a enfermidade non ten nome aínda.

-A discapacidade nalgunhas enfermidades raras podería previrse cun diagnóstico precoz.

Ante o atraso no diagnóstico da enfermidade rara que ten nome (trastorno

Desde la Federación Gallega y Española de Enfermedades Raras nos unimos a este día que se celebra cada 28 de febrero (el día 29, en los años bisiestos), bajo el lema "Haz que el tiempo vaya a nuestro favor", enmarcada en una campaña global para impulsar una movilización internacional que frene las dificultades de acceso en equidad al diagnóstico y al tratamiento.

Nuestro objetivo es afrontar los retos que suponen no solo el retraso o la ausencia de diagnóstico en enfermedad rara, sino también la dificultad en el acceso al mismo.

Ante la ausencia del diagnóstico, cuando la enfermedad no tiene nombre aún:

-Reconocer a las personas y familias sin diagnóstico como un colectivo diferenciado por la administración desde una perspectiva internacional, nacional y autonómica.

-Implementar en el sistema sanitario la codificación "Trastorno raro sin diagnóstico determinado", que será clave para conocer exactamente cuántas personas en esta condición hay.

-Reconocer y potenciar los programas que actualmente apoyan la obtención de un diagnóstico que se desarrollan en nuestro país.

-Implementar estructuras y rutas que, en coordinación con el sistema de salud, permitan proseguir en el proceso diagnóstico cuando la enfermedad no tiene nombre aún.

-La discapacidad en algunas enfermedades raras podría prevenirse con un diagnóstico precoz.

Ante el retraso en el diagnóstico de la enfermedad rara que tiene nombre

coñecido na literatura médica), pero cando aínda non se chegou ao diagnóstico:

-É necesario impulsar e implantar o Plan de Acción Europeo en Enfermidades Raras, que permita a actualización de políticas en materia de enfermidades raras a nivel europeo.

-Asegurar o acceso en equidade a infraestruturas como as Redes Europeas de Referencia e xerar procedementos comúns de coordinación cos Centros, Servizos e Unidades de Referencia.

-Reactivar e actualizar a Estratexia en Enfermidades Raras do Sistema Nacional de Saúde, garantindo a coordinación en todo o territorio.

-Harmonizar a nivel autonómico os plans/estratexias de enfermidades raras.

-Impulsar medidas que garantan o acceso en equidade a probas de diagnóstico como son as xenéticas, ou programas de cribado neonatal, garantindo a equidade para todas as comunidades autónomas.

-Recoñecer a especialidade sanitaria da xenética en España, e equipararnos así ao resto de países europeos.

Todas estas medidas son fundamentais para lograr os retos específicos aos que nos enfrontamos.

É por iso polo que desde FEGEREC e FEDER instamos ás institucións competentes, Ministerio de Sanidade, Ministerio de Ciencia e Innovación e Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, a recoñecer ao colectivo de persoas sen diagnóstico de maneira diferenciada; a desenvolver accións estratéxicas e a destinar os recursos necesarios para

(trastorno conocido en la literatura médica), pero cuando aún no se llegó al diagnóstico:

-Es necesario impulsar e implantar el Plan de Acción Europeo en Enfermedades Raras, que permita la actualización de políticas en materia de enfermedades raras a nivel europeo.

-Asegurar el acceso en equidad a infraestructuras como las Redes Europeas de Referencia y generar procedimientos comunes de coordinación con los Centros, Servicios y Unidades de Referencia.

-Reactivar y actualizar la Estrategia en Enfermedades Raras del Sistema Nacional de Salud, garantizando la coordinación en todo el territorio.

-Armonizar a nivel autonómico los planes/estrategias de enfermedades raras.

-Impulsar medidas que garanticen el acceso en equidad a pruebas de diagnóstico como son las genéticas, o programas de cribado neonatal, garantizando la equidad para todas las comunidades autónomas.

-Reconocer la especialidad sanitaria de la genética en España, y equipararnos así al resto de países europeos.

Todas estas medidas son fundamentales para lograr los retos específicos a los que nos enfrentamos.

Por eso es por lo que desde FEGEREC y FEDER instamos a las instituciones competentes, Ministerio de Sanidad, Ministerio de Ciencia e Innovación y Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030, a reconocer al colectivo de personas sin diagnóstico de manera diferenciada; a desarrollar acciones estratégicas y a destinar los recursos necesarios para

garantir o acceso ao diagnóstico en condicións de equidade, independentemente do lugar de residencia.

Fagamos que o tempo vaia ao noso favor.

34. Declaración institucional do Concello da Coruña con motivo da celebración do Día Internacional da Muller (8 de marzo de 2023).

O 8 de marzo debería ser unha data de celebración dos numerosos avances conseguidos polas mulleres en materia de igualdade de dereitos, de apoio á loita daquelas compañeiras que en calquera parte do mundo seguen a dar a batalla diaria pola derrota da discriminación.

Pero tamén ten que erixirse como unha xornada que nos invite á reflexión sobre o camiño que nos queda por percorrer, posto que aínda persisten infinitas situacións de desigualdade, de discriminación e de violencia contra as mulleres polo único feito de ser mulleres.

Constitúe unha loita global que todos e todas debemos afrontar desde o compromiso persoal e desde o plano local. Na Coruña, na nosa cidade, temos a fortuna de contar con exemplos dese compromiso, dese grao de area que cada persoa aportamos a ese ben común e a esa causa universal.

Como dicía, o 8-M debería ser unha data de celebración pero, unha vez máis, temos que lembrar, en primeiro lugar, ás que non están. Ás 48 mulleres que foron asasinadas o ano pasado e ás 8 vítimas da violencia machista que levamos xa no que vai deste ano. Aos seus orfos e ás súas familias. Non o esquezamos: foron asasinadas só polo feito de ser mulleres.

garantizar el acceso al diagnóstico en condiciones de equidad, independientemente del lugar de residencia.

Hagamos que el tiempo vaya a nuestro favor.

34. Declaración institucional del Ayuntamiento de A Coruña con motivo de la celebración del Día Internacional de la Mujer (8 de marzo de 2023).

El 8 de marzo debería ser una fecha de celebración de los numerosos avances conseguidos por las mujeres en materia de igualdad de derechos, de apoyo a la lucha de aquellas compañeras que en cualquier parte del mundo siguen dando la batalla diaria por la derrota de la discriminación.

Pero también tiene que erigirse como una jornada que nos invite a la reflexión sobre el camino que nos queda por recorrer, puesto que aún persisten infinitas situaciones de desigualdad, de discriminación y de violencia contra las mujeres por el único hecho de ser mujeres.

Constituye una lucha global que todos y todas debemos afrontar desde el compromiso personal y desde el plano local. En A Coruña, en nuestra ciudad, tenemos la fortuna de contar con ejemplos de ese compromiso, de ese grano de arena que cada persona aportamos a ese bien común y a esa causa universal.

Como decía, el 8-M debería ser una fecha de celebración pero, una vez más, tenemos que recordar, en primer lugar, a las que no están. A las 48 mujeres que fueron asesinadas el año pasado y a las 8 víctimas de la violencia machista que llevamos ya en lo que va de este año. A sus huérfanos y a sus familias. No lo olvidemos: fueron asesinadas solo por el hecho de ser mujeres.

A loita pola igualdade e contra a violencia de xénero incúmbenos á toda a sociedade. O Concello da Coruña, como administración máis próxima á cidadanía, pon todos os medios e recursos ao seu alcance, en moitos casos, máis alá incluso das competencias que lle son propias, para mellorar a protección, o desenvolvemento e o benestar das mulleres da nosa cidade.

La lucha por la igualdad y contra la violencia de género nos incumbe a la toda la sociedad. El Ayuntamiento de A Coruña, como administración más próxima a la ciudadanía, pone todos los medios y recursos a su alcance, en muchos casos, más allá incluso de las competencias que le son propias, para mejorar la protección, el desarrollo y el bienestar de las mujeres de nuestra ciudad.

Debemos seguir loitando por conquistar a plena igualdade laboral. Os datos resultantes dos diferentes indicadores que se miden nesta materia, como o traballo a tempo parcial, os salarios, os sectores produtivos ou a carreira profesional, continúan a evidenciar que as condicións laborais das mulleres son peores que as dos homes, con pouca presenza en determinados colectivos profesionais e en cargos de dirección empresarial.

Debemos seguir luchando por conquistar la plena igualdad laboral. Los datos resultantes de los diferentes indicadores que se miden en esta materia, como el trabajo a tiempo parcial, los salarios, los sectores productivos o la carrera profesional, continúan evidenciando que las condiciones laborales de las mujeres son peores que las de los hombres, con poca presencia en determinados colectivos profesionales y en cargos de dirección empresarial.

Desde o ámbito local debemos manter activa a chama do compromiso de construír unha sociedade igualitaria, que garanta os dereitos de todas as persoas, así como a participación efectiva na vida local.

Desde el ámbito local debemos mantener activa la llama del compromiso de construir una sociedad igualitaria, que garantice los derechos de todas las personas, así como la participación efectiva en la vida local.

Este compromiso debemos plasmalo no deseño e na xestión das nosas políticas locais, medidas municipais impulsadas e aprobadas polo Concello da Coruña, que convertan a nosa sociedade nun motor de transformación.

Este compromiso debemos plasmarlo en el diseño y en la gestión de nuestras políticas locales, medidas municipales impulsadas y aprobadas por el Ayuntamiento de A Coruña, que conviertan nuestra sociedad en un motor de transformación.

Por iso, con motivo da celebración do vindeiro 8-M, o noso Concello súmase a outras entidades locais e administracións públicas e, deste xeito, a Corporación municipal da Coruña, reunida en Pleno, demanda e reivindica:

Por eso, con motivo de la celebración del próximo 8-M, nuestro Ayuntamiento se suma a otras entidades locales y administraciones públicas y, de este modo, la Corporación municipal de A Coruña, reunida en Pleno, demanda y reivindica:

1. A intensificación dos esforzos orientados ao desenvolvemento de

1. La intensificación de los esfuerzos orientados al desarrollo de políticas

políticas encamiñadas a fomentar o emprego, o empoderamento e a educación para a igualdade de oportunidades.

encaminadas a fomentar el empleo, el empoderamiento y la educación para la igualdad de oportunidades.

2. A incorporación da perspectiva de xénero a toda a actividade local, o establecemento dunha coordinación adecuada entre as diversas áreas dos gobernos locais e a actualización dos sistemas e protocolos de actuación no desenvolvemento das políticas de igualdade, en coordinación con todas as entidades implicadas.

2. La incorporación de la perspectiva de género a toda la actividad local, el establecimiento de una coordinación adecuada entre las diversas áreas de los gobiernos locales y la actualización de los sistemas y protocolos de actuación en el desarrollo de las políticas de igualdad, en coordinación con todas las entidades implicadas.

3. A promoción de sistemas de recompilación de datos desagregados, para comprender e abordar as desigualdades de xénero co obxectivo de que, a partir da súa análise, podamos ofrecer unha resposta apropiada e eficaz.

3. La promoción de sistemas de recopilación de datos desglosados, para comprender y abordar las desigualdades de género con el objetivo de que, a partir de su análisis, podamos ofrecer una respuesta apropiada y eficaz.

4. A ampliación do sistema de atención ás vítimas fronte a todas as formas posibles de violencia machista contra as mulleres, no marco das nosas competencias; avanzando na mellora dos sistemas de detección temperá, situando no centro de todas as medidas os dereitos das vítimas e o seu empoderamento, e atendendo ao recoñecemento ao dereito de reparación das mesmas.

4. La ampliación del sistema de atención a las víctimas frente a todas las formas posibles de violencia machista contra las mujeres, en el marco de nuestras competencias; avanzando en la mejora de los sistemas de detección temprana, situando en el centro de todas las medidas los derechos de las víctimas y su empoderamiento, y atendiendo al reconocimiento al derecho de reparación de las mismas.

5. A participación de toda a cidadanía, á que tamén se suma esta Corporación municipal, nos actos organizados con motivo do 8-M, así como en todas as accións e iniciativas que reivindiquen a igualdade e que loiten contra a violencia exercida contra as mulleres.

5. La participación de toda la ciudadanía, a la que también se suma esta Corporación municipal, en los actos organizados con motivo del 8-M, así como en todas las acciones e iniciativas que reivindiquen la igualdad y que luchen contra la violencia ejercida contra las mujeres.

35. Aprobación de actas.

35. Aprobación de actas.

Aprobación dos borradores das actas das sesións plenarias seguintes:

Aprobación de los borradores de las actas de las sesiones plenarias siguientes:

- Extraordinaria e urxente, do 28 de

- Extraordinaria y urgente, de 28 de

decembro de 2022.

- Ordinaria, do 12 de xaneiro de 2023.

Presidencia

Neste punto tamén consta a aprobación dos borradores das actas das sesións plenarias extraordinaria e urxente, de 28 de decembro de 2022 e ordinaria, do 12 de xaneiro de 2023 ás que non constan alegacións e polo tanto se entenden aprobadas.

Asunto número dous, señor Secretario.

ECONOMÍA FACENDA E RÉXIME INTERIOR

ASUNTO 2

36. Expte. A31/2022/98
Aprobación inicial da Ordenanza reguladora da administración dixital no Concello da Coruña.

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral celebrada o día 27 de febreiro de 2023, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista e as abstencións dos grupos municipais do Partido Popular, Bloque Nacionalista Galego, Marea Atlántica e das concelleiras non adscritas D.ª Isabel Faraldo Calvo, D.ª Mónica Martínez Lema e D.ª Susana Soneira Lema, propoñendo ó Pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da administración dixital no Concello da Coruña cuxo texto se une como anexo.

Segundo.- Publicar o texto aprobado no taboleiro de edictos municipal e no

diciembre de 2022.

- Ordinaria, de 12 de enero de 2023.

Presidencia

En este punto también consta la aprobación de los borradores de las actas de las sesiones plenarias extraordinaria y urgente, de 28 de diciembre de 2022 y ordinaria, de 12 de enero de 2023 a las que no constan alegaciones y por lo tanto se entienden aprobadas.

Asunto número dos, señor Secretario.

ECONOMÍA HACIENDA Y RÉGIMEN INTERIOR

ASUNTO 2

36. Expte. A31/2022/98
Aprobación inicial de la Ordenanza reguladora de la administración digital en el Ayuntamiento de A Coruña.

Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda y Administración General celebrada el día 27 de febrero de 2023, con los votos a favor del Grupo Municipal Socialista y las abstenciones de los grupos municipales del Partido Popular, Bloque Nacionalista Galego, Marea Atlántica y de las concejalas no adscritas D.ª Isabel Faraldo Calvo, D.ª Mónica Martínez Lema y D.ª Susana Soneira Lema, proponiendo al Pleno municipal la adopción de los siguientes acuerdos:

Primero.- Aprobar inicialmente la Ordenanza reguladora de la administración digital en el Concello de A Coruña cuyo texto se une como anexo.

Segundo.- Publicar el texto aprobado en el tablón de edictos municipal y en el Boletín

Boletín Oficial da Provincia a efectos do seu sometemento ao trámite de información pública e audiencia ás persoas interesadas polo prazo de 30 días para a posible presentación de reclamacións e suxestións.	*Oficial de la Provincia a efectos de su sometimiento al trámite de información pública y audiencia a las personas interesadas por el plazo de 30 días para la posible presentación de reclamaciones y sugerencias.*

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN DIXITAL NO CONCELLO DA CORUÑA (Texto ditaminado en Comisión Informativa de 27 de febreiro de 2023 para a súa aprobación inicial polo Pleno, incorporando o sinalado no informe da Secretaría Xeral e na fe de erratas).

ÍNDICE

Preámbulo

Título I: Preliminar

Capítulo 1: Disposicións Xerais

Artigo 1: Obxecto

Artigo 2: Ámbito de aplicación subxectivo

Artigo 3: Ámbito de aplicación obxectivo

Artigo 4: Finalidades

Artigo 5: Principios xerais da administración dixital

Artigo 6: Principios organizativos da administración dixital

Artigo 7: Principios de difusión da información administrativa dixital

Artigo 8: Principios de acceso dixital da cidadanía ao procedemento administrativo

Artigo 9: Principios de promoción da cooperación interadministrativa en materia de administración dixital

Capítulo 2: Dereitos e deberes da cidadanía en relación coa administración dixital

Sección primeira: Dereitos e deberes da cidadanía

Artigo 10: Dereitos da cidadanía no ámbito da administración dixital

Artigo 11: Deberes da cidadanía no ámbito da administración dixital

Artigo 12: Sistema de garantía dos dereitos e deberes

Sección segunda: Dereito das persoas interesadas a non achegar documentos

Artigo 13: Lexitimación para a consulta de datos e documentos

Artigo 14: Valor probatorio das consultas

Sección terceira: Obriga de relación electrónica

Artigo 15: Obriga de relacionarse electronicamente coa administración da entidade local

Artigo 16: Obriga das persoas físicas a relacionarse electronicamente

Capítulo 3: Gobernanza da administración dixital

Artigo 17: Comité estratéxico

Artigo 18: Implantación da administración dixital

Artigo 19: Participación das persoas na administración dixital

Artigo 20: Administración dixital e persoal público

Artigo 21: Planificación da despregadura e avaliación da administración dixital

Capítulo 4: Rede de apoio á administración dixital

Artigo 22: Oficinas de atención presencial

Artigo 23: Tipoloxía das oficinas de atención presencial

Artigo 24: Funcións das oficinas de atención presencial

Artigo 25: Gobernanza da atención cidadá presencial

Título II: Concello dixital

Capítulo 1: Goberno dos datos

Sección Primeira: Organización do goberno dos datos

Artigo 26: Modelo de goberno dos datos

Artigo 27: Contido mínimo do modelo de goberno dos datos

Sección segunda: Intercambio, interoperabilidade e acceso aos datos e documentos

Artigo 28: Intercambio de datos e documentos dixitais

Artigo 29: Intercambio de datos e documentos en contornas pechadas

Artigo 30: Catálogo de datos e documentos interoperables

Artigo 31: Sistemas de datos abertos

Artigo 32: Plataformas de interoperabilidade

Artigo 33: Guía de interoperabilidade

Artigo 34: Acceso das persoas aos datos

Sección terceira: Procesos e servizos dixitais

Artigo 35: Catálogo corporativo de procesos e procedementos

Artigo 36: Xestión do Catálogo corporativo de procesos e procedementos

Sección cuarta: Xestión arquivística dos datos dos activos dixitais

Artigo 37: Datos e activos dixitais

Artigo 38: Finalidade e ámbito da xestión arquivística dos datos e dos activos municipais

Artigo 39: Actividades e fases da xestión arquivística dos datos e dos activos municipais

Artigo 40: Xestión arquivística dos datos e dos activos dixitais nos sistemas de información municipais

Capítulo 2: Servizos dixitais

Artigo 41: Principios xerais na creación dos servizos dixitais

Artigo 42: Deseño dos servizos dixitais

Artigo 43: Guía de servizos dixitais

Artigo 44: Acceso das persoas aos servizos dixitais

Artigo 45: Prestación de servizos proactivos e personalizados

Artigo 46: Catálogo de solucións corporativas

Artigo 47: Aprobación das solucións tecnolóxicas corporativas e non corporativas

Capítulo 3: Ciberseguridade na administración municipal

Artigo 48: Ciberseguridade no ámbito da administración dixital

Artigo 49: Instrumentos para a aplicación do modelo de ciberseguridade

Título III: A sede electrónica

Artigo 50: Sede electrónica

Artigo 51: Adaptación da sede electrónica

Artigo 52: Características da sede electrónica

Artigo 53: Condicións de identificación da sede electrónica e seguridade das súas comunicacións

Artigo 54: Contido da sede electrónica

Artigo 55: Regras especiais de responsabilidade

Título IV: Identificación e sinatura electrónica

Capítulo 1: Identificación e sinatura electrónica das persoas interesadas

Artigo 56: Regras xerais relativas á identificación electrónica

Artigo 57: Regras xerais relativas á sinatura ou selo electrónico

Artigo 58: Sistemas de identificación e sinatura electrónica das persoas físicas

Artigo 59: Sistemas de identificación e sinatura electrónica das persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica

Artigo 60: Normas comúns aos artigos anteriores

Capítulo 2: Identificación e sinatura electrónica da entidade local

Artigo 61: Sistemas de identificación e sinatura electrónica para a actuación administrativa automatizada da entidade local

Artigo 62: Sistemas de identificación e sinatura electrónica do persoal ao servizo da entidade local

Capítulo 3: Funcionarios con habilitación para a identificación e sinatura electrónica

Artigo 63: Requisitos xerais para o outorgamento da habilitación

Artigo 64: Rexistro de funcionarios habilitados

Artigo 65: Funcionamento do Rexistro de funcionarios habilitados

Artigo 66: Contido do Rexistro de funcionarios habilitados

Artigo 67: Actuacións dos funcionarios habilitados

Artigo 68: Responsabilidades dos funcionarios habilitados

Artigo 69: Identificación e consentimento expreso da persoa interesada

Artigo 70: Habilitación dos funcionarios das oficinas de asistencia en materia de rexistro e das oficinas de atención á cidadanía

Artigo 71: Publicidade de trámites e actuacións

Título V: Rexistro electrónico, comunicacións e notificacións da administración municipal

Capítulo 1: Rexistro electrónico

Artigo 72: Rexistro electrónico xeral da entidade local

Artigo 73: Funcionamento

Artigo 74: Formatos dos documentos que admite o Rexistro electrónico xeral

Artigo 75: Cómputo de prazos

Artigo 76: Oficinas de asistencia en materia de rexistro

Artigo 77: Funcións das oficinas de asistencia en materia de rexistro

Artigo 78: Responsabilidade

Capítulo 2: Representación dixital

Artigo 79: Rexistro electrónico de representación da administración da entidade local

Artigo 80: Acceso das persoas ao sistema de representación dixital

Artigo 81: Categorías de apoderamentos do Rexistro electrónico de representación

Artigo 82: Validez da inscrición de representación

Capítulo 3: Comunicacións

Artigo 83: A comunicación electrónica

Capítulo 4: Notificacións

Artigo 84: A notificación electrónica

Artigo 85: Prazo para a notificación

Artigo 86: Dispositivo electrónico e/o dirección de correo electrónico de aviso para a notificación

Artigo 87: Expedición e práctica electrónica da notificación

Artigo 88: Práctica da notificación en soporte papel

Artigo 89: Publicación de anuncios de notificación infrutuosa

Artigo 90: Protección de datos e outros límites aplicables á notificación

Capítulo 5: Acceso á información polos membros da corporación

Artigo 91: Procedemento de acceso

Capítulo 6: Normas comúns

Artigo 92: Plan de comunicación corporativo

Artigo 93: Responsabilidades pola utilización da información

Título VI: O procedemento administrativo electrónico

Capítulo 1: A tramitación dos procedementos administrativos electrónicos

Artigo 94: Iniciación dos procedementos por medios electrónicos

Artigo 95: Instrución dos procedementos por medios electrónicos

Artigo 96: Información aos interesados

Artigo 97: Terminación dos procedementos por medios electrónicos

Artigo 98: O expediente electrónico

Artigo 99: Dixitalización dos documentos en soporte papel

Artigo 100: Dixitalización vinculada ás oficinas de atención presencial

Artigo 101: Dixitalización dos expedientes finalizados

Artigo 102: Eliminación dos documentos en soporte papel dixitalizados

Artigo 103: Externalización do proceso de dixitalización

Artigo 104: Envío de información dixital nas comunicacións internas

Artigo 105: Envío do expediente administrativo ás persoas interesadas

Artigo 106: Sistema de xestión documental

Artigo 107: Arquivo dixital único

Artigo 108: Compromiso co principio de eficiencia administrativa: análise, simplificación e mellora previa

Artigo 109: Da innovación e a simplificación no ámbito procedemental

Artigo 110: Da innovación e a simplificación no ámbito organizativo

Título VII: Arquivo electrónico

Artigo 111: Arquivo electrónico de documentos

Artigo 112: Formatos e soportes para a conservación

Artigo 113: Garantías e medidas de seguridade dos arquivos electrónicos

Artigo 114: Suxeición á normativa reguladora da xestión dos arquivos

Artigo 115: Acceso aos arquivos electrónicos

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira: Funcións do Comité estratéxico

Disposición adicional segunda: Xestión do Catálogo corporativo de procesos e procedementos

Disposición adicional terceira: Procedementos e trámites en curso

Disposición adicional cuarta: Procedementos e trámites actuais

Disposición adicional quinta: Uso de ferramentas autonómicas ou nacionais

Disposición adicional sexta: Obriga á relación electrónica

Disposición adicional sétima: Esquema Nacional de Seguridade

Disposición adicional oitava: Mapa de intercambio de datos

Disposición adicional novena: Rexistro de consentimentos

Disposición adicional décima: Autorización ao persoal das oficinas de atención cidadá con funcións de asistencia en materia de rexistro para que poida acceder ao espazo privado das persoas

Disposición adicional undécima: Facturación electrónica

Disposición adicional duodécima: Incidencias técnicas

Disposición derrogatoria única

Disposicións finais

Disposición final primeira: Desenvolvemento e execución da ordenanza

Disposición final segunda: Fase inicial de implantación da ordenanza

Disposición final terceira: Variacións nas denominacións da ordenanza

Disposición final cuarta: Regulación de novos procedementos e trámites

Disposición final quinta: Implantación e posta en marcha dos sistemas

Disposición final sexta: Entrada en vigor dos dereitos e deberes recoñecidos na ordenanza

Disposición final sétima: Entrada en vigor

Preámbulo

O Concello da Coruña, consciente dos profundos cambios que se están a producir a nivel tecnolóxico, que teñen un impacto directo sobre a vida cotiá das persoas, promove a presente Ordenanza de administración dixital co fin, non só de regular, senón tamén de mellorar os servizos ofrecidos á cidadanía, ás empresas e ás institucións públicas.

Estes cambios representan unha gran oportunidade para incorporar novas formas de goberno baseadas na implantación de conceptos que, ata o momento, eran moi comúns no sector privado, pero que resulta evidente e necesaria a súa incorporación á administración pública. Son os conceptos de Design Thinking e metodoloxías áxiles para o desenvolvemento e control dos servizos ofrecidos á cidadanía, actuando como medio a través do cal o Concello da Coruña asegure que os servizos públicos incorporan de maneira progresiva as novas tecnoloxías e o seu potencial á cultura da cidade.

Neste sentido, o 6 de outubro de 2014, esta Administración municipal foi pioneira na creación dunha base reguladora para o impulso da sociedade dixital e do coñecemento, co fin de incrementar a confianza dixital da cidadanía, mediante a aprobación definitiva en pleno da Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello da Coruña.

Nos últimos anos, esta ordenanza logrou despregar un conxunto de servizos á cidadanía canalizados a través de medios electrónicos, e permitiu ao Concello achegarse ás persoas a través destes medios, pero os avances alcanzados no eido tecnolóxico ofrecen novas posibilidades que permiten crear un modelo máis áxil, sistemático e seguro, que excede as capacidades da ordenanza de 2014.

Este proceso de modernización experimentado durante os últimos anos afectou ao resto das administracións públicas, que tamén están máis preparadas para a relación telemática e que despregaron sistemas e plataformas de interoperabilidade e intercambio de datos de maneira eficiente e segura.

As leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, así como o Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, consolidaron todos estes cambios nun novo modelo de xestión pública que se apoia fundamentalmente na

simplificación administrativa e na xeneralización do soporte electrónico.

Desde o punto de vista da cidadanía, recoñécense unha serie de dereitos das persoas, entre os que destaca o de elixir a canle a través da cal se relacionan coa administración, canle que obrigatoriamente deberá ser a electrónica para o caso das persoas xurídicas e para determinadas persoas físicas.

A simplificación administrativa, outro dos principios inspiradores da reforma legal, plásmase fundamentalmente na posibilidade de presentar unha declaración responsable, ademais do dereito a non presentar ningún documento que se orixine en calquera administración pública. Sen dúbida, tamén supón unha simplificación a xeneralización, na medida do posible, do uso dos sistemas de identificación electrónica para as relacións entre a administración e a cidadanía, relegando a necesidade de sinatura aos supostos estritamente taxados pola lei.

Desde o punto de vista da Administración municipal, débense implantar os mecanismos necesarios para facer efectivos eses dereitos. A nivel interno, o procedemento debe ser integramente electrónico: o rexistro é electrónico e único, se rexistrarán documentos orixinais electrónicos e copias auténticas de orixinais en papel. O expediente, que se impulsará de oficio e por medios electrónicos, é un índice electrónico que se compón de documentos electrónicos, tales como probas, informes e ditames, tramitados e asinados de forma electrónica.

O arquivo, que se regula na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; e no Esquema Nacional de Interoperabilidade, tamén será único e suporá o almacenamento por medios electrónicos, seguro e confidencial, de todos os documentos administrativos que se xeren. Coa intención de preservar o patrimonio documental do sector público municipal, e en aras de cumprir as obrigas de transparencia e difusión do patrimonio, establécese o Arquivo electrónico único municipal, integrado cos sistemas de preservación e difusión que establezan a Administración xeral do Estado e a Administración autonómica.

Desde o punto de vista da tramitación dos devanditos expedientes, a clave é a electrónica, debendo estar todo o persoal público municipal con responsabilidade na tramitación dun procedemento en posesión dun certificado de sinatura, ben para asinar, en sentido estrito, ben para tramitar ou remitir información. Xunto coa sinatura electrónica asociada directamente á persoa, destaca a xeneralización da actuación administrativa automatizada, a través de selos de entidade, de órgano e de tempo, esencialmente.

Estes cambios normativos constitúen unha oportunidade para o Concello da Coruña non só para conseguir que os medios electrónicos se convertan na canle habitual para relacionarse coa cidadanía, senón tamén para aproveitalos e lograr un modelo máis proactivo e eficiente no que a Administración se adiante ás necesidades da súa cidadanía e das empresas.

Conceptos como Intelixencia Artificial, Big Data, Cloud computing (computación na nube), Blockchain ou Robotic Process Automation (robotización) son disciplinas que marcarán o camiño das administracións públicas durante os próximos anos, e neste sentido, o Concello da Coruña non se quere quedar atrás, quere estar na vangarda.

En definitiva, unha administración cada vez máis próxima á cidadanía require conxugar un conxunto de esforzos e sinerxías orientados ao logro da eficacia, á eficiencia na asignación de recursos, ao impulso da transparencia e á axilización dos procedementos administrativos; a potenciar o acceso electrónico e a garantir o coñecemento dos dereitos da cidadanía, así como os mecanismos para o seguimento e a reclamación destes dereitos. Todo iso nun marco xeral caracterizado pola calidade, a mellora continua, o impulso da participación da cidadanía nos asuntos públicos e a incorporación de tecnoloxías emerxentes no sector público municipal.

A administración dixital pasará a cobrar unha relevancia notable coa entrada en vigor desta ordenanza. Pero, simultaneamente á implantación desta iniciativa, o Concello da Coruña reforzará de forma intensa a atención presencial e telefónica, e a relación directa, cara a cara, con aquelas persoas e entidades que non están obrigadas a relacionarse de maneira electrónica e que, por diferentes razóns, elixen as canles non virtuais. Esta entidade local comprométese a seguir reforzando o servizo de atención telefónica 010, así como a atención presencial, combinando a cita previa coa modalidade de asistencia sen cita, unha vez superada xa a conxuntura máis dramática da pandemia da Covid-19.

Por este motivo, a presente Ordenanza de administración dixital figura como un dos elementos tractores definidos polo Concello da Coruña, cuxa finalidade é configurar unha contorna tecnolóxica municipal que presenta múltiples obxectivos:

• Diminución dos tempos de resolución de trámites.

• Simplificación e automatización de procedementos e procesos a través de tecnoloxías emerxentes.

• Homoxeneización e normalización de actuacións administrativas.

• Incremento da interoperabilidade da entidade local con outras administracións públicas, a nivel local, autonómico, nacional e europeo.

En canto á súa estrutura, a ordenanza estrutúrase en sete títulos, ademais das disposicións adicionais e finais.

O Título I aborda unha serie de disposicións xerais nas que se regulan o obxecto e o ámbito de aplicación da ordenanza, se desenvolven unha serie de principios que han de informar e contribuír á adecuada implantación no ámbito local do procedemento administrativo electrónico e a administración dixital. A continuación, regúlanse unha serie de dereitos e deberes da cidadanía, así como a gobernanza na estratexia e o liderado na despregadura da

administración dixital. No marco deste modelo de gobernanza, o liderado corresponde ao Comité estratéxico. Ademais, defínense os elementos estruturais para ofrecer soporte e apoio na despregadura e no mantemento da administración dixital.

O Título II regula unha estratexia para o goberno dos datos, que inclúe os instrumentos para a súa despregadura e o modelo de goberno destes. Así mesmo, prevé o deseño e a modificación dos servizos dixitais corporativos, o intercambio de datos e a incorporación de servizos proactivos e personalizados, elementos clave na administración do futuro. Por último, establécese un modelo de ciberseguridade co fin de garantir unha protección eficaz, en particular, ante o cibercrime e os ciberataques.

O Título III ten por obxecto regular a sede electrónica no ámbito local, desenvolvendo as súas características e o seu contido mínimo, así como cuestións relativas á seguridade e á responsabilidade da sede.

Pola súa banda, o Título IV regula a identificación e a sinatura electrónica, tanto das persoas e das empresas, usuarios/as e solicitantes externos dos servizos electrónicos, como dos/das empregados/as públicos/as, así como outros certificados da actuación administrativa automatizada. Desde o punto de vista técnico trátase do título quizá máis complexo da norma, debendo adaptarse, en todo caso, tanto ás leis de réxime xurídico e procedemento administrativo común, como ao Regulamento (UE) n.º 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior (eIDAS).

En primeiro lugar, o Concello debe facer efectiva a obriga legal de que a relación de selos electrónicos utilizados por cada administración pública, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden, sexa pública e accesible por medios electrónicos. En canto á sinatura das persoas interesadas, establécese que os diferentes sistemas de identificación electrónica que se admitan deberán atoparse aliñados co establecido, para cada sistema de información, polo ENS.

Polo que se refire aos sistemas de clave concertada e calquera outro sistema que as administracións públicas consideren válido, nos termos e condicións que se establezan, admítese, previa a correspondente adhesión, o uso dos sistemas de identificación incorporados a Cl@ve, que serían Cl@ve Permanente, Cl@ve PIN e Cl@ve Sinatura (o certificado DNI-e con clave centralizada expedido pola Dirección Xeral da Policía); e tamén, previo o correspondente procedemento, calquera outro sistema de identificación, público ou privado, que garanta o cumprimento do ENS e do eIDAS, en función do nivel de seguridade.

Destaca, así mesmo, a obriga do Concello da Coruña de contar cun rexistro que permita deixar constancia das funcionarias e dos funcionarios con habilitación para a identificación e autenticación das persoas interesadas, polo que se regula o seu funcionamento. Neste contexto, o Concello da Coruña establecerá unha política de sinatura dos termos e condicións para a validez dos distintos sistemas de identificación, e impulsará a homoxeneización e

estandarización da práctica da sinatura electrónica polo persoal municipal.

O Título V nace coa motivación de crear e regular o funcionamento do Rexistro electrónico xeral da entidade local e os seus organismos vinculados ou dependentes, así como o papel que xogan as oficinas de asistencia en materia de rexistro no seu servizo de axuda á cidadanía. Adicionalmente, regularase o cómputo de prazos no rexistro e a achega de documentos por parte da cidadanía ao procedemento administrativo baixo unha perspectiva clara de eliminación de burocracia e redución de cargas administrativas á sociedade. En materia de representación, inclúense novos medios para acreditala no ámbito do Concello da Coruña, como son o apoderamento «apud acta», presencial ou electrónico, e a acreditación da súa inscrición no rexistro electrónico de apoderamentos.

Especial incidencia adquiren os aspectos encargados da regulación da notificación electrónica, que será preferente, como unha das maiores garantías do procedemento para a cidadanía, e un dos principais retos aos que se enfrontan as entidades locais na implantación da administración dixital, carentes dunha regulación propia nesta materia.

O Titulo VI ten por obxecto incorporar as claves na tramitación do procedemento partindo da simplificación administrativa, nas súas diferentes vertentes, como eixo sobre o que ha de virar o funcionamento da administración pública.

No Título VII regúlanse as directrices xerais do ámbito da xestión documental, no que se detalla o modelo que segue o Concello da Coruña na xestión de documentos e expedientes electrónicos e o sistema de arquivo que garante a súa correcta xestión e conservación a longo prazo.

Finalmente, as disposicións adicionais e finais reúnen varias normas complementarias a fin de permitir a adaptación da organización e dos procesos do Concello da Coruña ás obrigas establecidas na presente ordenanza.

Título I: Preliminar

Capítulo 1: Disposicións xerais

Artigo 1: Obxecto

1. A presente ordenanza ten por obxecto o desenvolvemento do procedemento administrativo común para a xestión administrativa da entidade local, cuxa tramitación se realizará, en todo caso, por medios electrónicos, en aplicación das leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; e do Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

2. Para ese efecto, a presente ordenanza regula as condicións e os efectos xurídicos da

utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa, nas relacións entre a entidade local e o resto de entidades integrantes do sector público, así como nas relacións coa cidadanía a fin de garantir os seus dereitos e, en especial, a regulación das condicións e dos efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos na tramitación dos procedementos administrativos.

3. Así mesmo, esta ordenanza regula a utilización dos medios electrónicos no ámbito do sector público municipal da cidade da Coruña co obxectivo de facilitar a consecución máis eficaz dos principios de simplificación, transparencia, proximidade e servizo efectivo á cidadanía, a tramitación do procedemento administrativo e a participación cidadá a través destes medios.

4. Ademais, esta ordenanza ten como finalidades:

a) Ampliar os principios xerais para o desenvolvemento da administración dixital, así como a participación a través de medios electrónicos.

b) Incorporar aos procedementos administrativos as melloras que achegan o uso de medios electrónicos e as novas tecnoloxías.

c) Mellorar a eficacia e eficiencia da actuación administrativa dos/das empregados/as públicos/as, así como na súa relación coa cidadanía.

d) Establecer un modelo de xestión pública baseado no uso eficiente dos datos e os medios tecnolóxicos do sector público municipal, coa vocación de reducir as cargas administrativas que pesan sobre as persoas e as empresas.

Artigo 2: Ámbito de aplicación subxectivo

1. Esta ordenanza será de aplicación ás seguintes entidades que, de aquí en adiante, serán denominadas conxuntamente como entidade local:

a) Os órganos do Concello da Coruña e as súas unidades dependentes.

b) Os organismos autónomos, entidades públicas empresariais, así como calquera organismo público e entidade de dereito público vinculada ou dependente do Concello da Coruña.

c) As sociedades mercantís e outras entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes do Concello da Coruña, cando exerzan potestades administrativas e naqueles contidos desta ordenanza que especificamente se refiran ás mesmas.

2. Así mesmo, será de obrigada aplicación aos suxeitos adxudicatarios de contratos municipais, así como aos operadores de encargos, encomendas, convenios, acordos de colaboración e cooperación ou outras figuras semellantes, nas súas relacións coa entidade local e cos/coas usuarios/as, no marco da prestación deses servizos públicos.

3. Esta ordenanza será igualmente aplicable á cidadanía, entendendo por tal ás persoas físicas, persoas xurídicas e demais entidades e colectivos que teñan capacidade de obrar ante as administracións públicas, cando utilicen medios electrónicos nas súas relacións coa entidade local. Tamén se aplicará aos/ás empregados/as municipais, para os trámites e actuacións que realicen, na súa condición de empregados/as públicos/as, coas administracións públicas.

Artigo 3: Ámbito de aplicación obxectivo

1. Esta ordenanza será de aplicación ás actuacións nas que participe a entidade local a través de medios electrónicos, e concretamente ás seguintes:

a) As relacións coa cidadanía que teñan un carácter xurídico administrativo.

b) A consulta por parte da cidadanía da información pública administrativa e dos datos administrativos que estean en poder da entidade local.

c) A realización dos trámites e procedementos administrativos accesibles por vía electrónica, de conformidade co que prevé esta ordenanza.

d) O tratamento da información obtida pola entidade local no exercicio das súas potestades.

2. Os principios xerais contidos nesta ordenanza son aplicables, así mesmo, ás comunicacións da cidadanía non sometidas ás normas do procedemento administrativo e, de maneira especial, á comunicación de avisos e de incidencias, á realización de preguntas aos órganos locais e ás peticións e outras formas de participación, mentres non sexan obxecto dunha regulación específica.

3. A presente ordenanza tamén regula o acceso da cidadanía aos servizos electrónicos municipais a través dun sistema de atención omnicanal que pon á disposición da cidadanía:

a) Información de procedementos e trámites municipais.

b) Medios para a tramitación electrónica e asistencia na utilización destes.

c) Información referente á súa relación xurídica co sector público municipal, tales como os expedientes, os trámites, o rexistro e as notificacións que lles afectan.

O sistema omnicanal incluirá, ademais, como mínimo, os seguintes medios:

a) O Punto de acceso xeral electrónico aos distintos órganos do Concello e aos seus entes vinculados ou dependentes, dispoñibles para a cidadanía a través da sede electrónica e a páxina municipal.

b) As canles de tramitación electrónica necesarias, de acordo coas particularidades de cada procedemento administrativo, accesibles desde a sede electrónica.

c) As oficinas de atención en materia de rexistro, que poñen á disposición da cidadanía, de forma libre e gratuíta, os medios e instrumentos necesarios para exercer os dereitos recoñecidos na presente ordenanza, sobre os que o persoal destas oficinas ofrece asistencia e orientación.

d) Os servizos de atención telefónica que, atendendo aos criterios de seguridade e protección de datos e ás posibilidades técnicas, facilitan á cidadanía o acceso ás informacións e aos servizos electrónicos aos que se refiren os apartados anteriores.

Artigo 4: Finalidades

As previsións que se perseguen coa presente ordenanza teñen por finalidade:

a) Ordenar a despregadura da administración dixital na entidade local, co obxectivo de alcanzar a máxima eficiencia e madurez dixital no ámbito das relacións internas e externas.

b) Establecer un marco do goberno do dato como elemento estrutural sobre o que sentar as bases da administración dixital futura, que permita incorporar técnicas e tecnoloxías emerxentes.

c) Establecer as normas do procedemento administrativo, no ámbito da administración dixital, que derivan das particularidades da organización da administración da entidade local, que permitan ofrecer servizos proactivos á cidadanía.

Artigo 5: Principios xerais da administración dixital

1. Co obxectivo de implantar a administración dixital de forma eficiente, a entidade local disporá dunha Plataforma de servizos dixitais para o deseño dos servizos públicos baseada nos seguintes preceptos:

a.Axilidade na tramitación

Permitirá á entidade local adaptarse ante novos retos normativos, tecnolóxicos, económicos e sociais, centrándose no valor engadido público.

b. Uso das tecnoloxías emerxentes

Dotará á entidade local da capacidade para incorporar novas tecnoloxías que, ata o momento, non foran utilizadas e que permitirán mellorar os servizos ofrecidos á cidadanía.

c.Capacidade de personalización

Será unha solución altamente personalizable, en constante evolución, formada por un conxunto de módulos que funcionarán de forma coordinada e aliñada coa normativa técnica e xurídica e integradas plenamente co resto dos sistemas municipais.

d. Propiedade do código fonte

A entidade local será propietaria da plataforma, así como de todos os desenvolvementos que se fagan sobre a mesma, reducindo así a dependencia de solucións propietarias.

e. Solución responsive

A entidade local garantirá a posta á disposición da cidadanía e do persoal municipal dunha solución web que facilitará a súa usabilidade e permitirá a súa utilización en diferentes dispositivos, móbil, tablet e computador.

f. Interoperabilidade

A plataforma garantirá a integración e interoperabilidade cos distintos niveis de administración existentes na entidade local e con outras plataformas ou software doutras administracións autonómicas ou estatais.

2. A entidade local deberá respectar, na súa organización, na súa actuación e nas súas relacións co resto de entidades do sector público e coa cidadanía, os principios xerais previstos no artigo 3 da Lei 40/2015, do 2 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

3. Así mesmo, a fin de reforzar, desenvolver e pormenorizar a nivel local a implantación do procedemento administrativo electrónico, deberán actuar conforme aos principios que se enumeran nos artigos seguintes.

Artigo 6: Principios organizativos da administración dixital

1. Principio de servizo á cidadanía

Que obriga a impulsar o acceso electrónico á información, aos trámites e aos procedementos administrativos, para posibilitar a consecución máis eficaz dos principios constitucionais de transparencia administrativa, proximidade e servizo á cidadanía.

2. Principio de simplificación administrativa

Co fin de lograr a simplificación e integración de procesos, procedementos e trámites administrativos a través da eliminación de trámites ou actuacións non relevantes, o redeseño de procesos e procedementos e a mellora no servizo ofrecido á cidadanía, apostando pola administración automatizada a través de tecnoloxías emerxentes.

3. Principio de impulso dos medios dixitais

Que obriga a impulsar a utilización de medios dixitais no conxunto de actividades do Concello e, en concreto, nas relacións coa cidadanía, a través dos medios persoais e materiais dispoñibles, así como as medidas necesarias para que sexan efectivos. Para acadar ese efecto, poderán establecerse incentivos para fomentar a utilización dos medios electrónicos entre a cidadanía.

4. Principio de neutralidade tecnolóxica

Este principio garante a realización das actuacións reguladas nesta ordenanza, con independencia dos instrumentos tecnolóxicos utilizados, de maneira que sexan a mesma evolución tecnolóxica e a adopción das tecnoloxías dentro da sociedade as que determinen a utilización dos medios electrónicos que, en cada momento, sexan máis convenientes. Por esta razón, a entidade local debe promover o uso de software de código aberto, así como a reutilización e aproveitamento dos seus datos, velando en todo momento pola adecuación ao uso social da tecnoloxía.

5. Principio de interoperabilidade

Que garante a adopción dos estándares de interoperabilidade e que velará, respectando criterios de seguridade, adecuación técnica e economía de medios, por que os sistemas de información utilizados sexan compatibles e se recoñezan cos da cidadanía e cos das outras administracións.

6. Principio de confidencialidade, seguridade e protección de datos

Que garante a protección da confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e seguridade dos datos da cidadanía, de conformidade cos termos definidos na normativa vixente sobre protección de datos, e nas outras normas relativas á protección da confidencialidade dos datos. Serán obxecto de especial protección os datos persoais da cidadanía contidos na información que usen en común os diferentes órganos e departamentos da organización. Ademais, aprobouse pola Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña a Política de seguridade da información e protección de datos, e se aprobarán cantas normas técnicas, procedementos, e normativas de seguridade sexan precisas para o seu bo desenvolvemento, e de acordo co Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

7. Principio de transparencia

Que obriga a facilitar a máxima difusión, publicidade e transparencia da información que conste nos seus arquivos e das actuacións administrativas, de conformidade coa lexislación sobre transparencia do sector público e co resto do ordenamento xurídico, así como cos principios establecidos na presente ordenanza.

8. Principio de eficacia, eficiencia e economía

Estes principios presidirán a implantación dos medios dixitais que, en particular, se realizarán segundo os seguintes criterios:

- O impacto e a utilización por parte da cidadanía dos servizos municipais afectados.
- Os colectivos de poboación aos que se dirixe.
- As melloras alcanzables para a prestación do servizo.

 A integración dos sistemas de relación coa cidadanía, co resto da organización municipal e cos seus sistemas de información.

 O nivel de esforzo técnico, organizativo e económico requirido.

 A madurez e dispoñibilidade das tecnoloxías.

9. Principio de cooperación

Cuxo obxectivo é mellorar o servizo á cidadanía e a eficiencia na xestión, establecendo convenios e acordos cos colexios profesionais, asociacións e outras entidades, a nivel local, provincial, autonómico e nacional, para facilitar a relación dos seus asociados e clientes coa Administración.

10. Principio de participación

Que obriga a promover o uso dos medios electrónicos no exercicio dos dereitos de participación, en especial o dereito de petición, os dereitos de audiencia e información pública, a iniciativa cidadá, as consultas e a presentación de queixas, reclamacións e suxestións, así como o debate público e a expresión de ideas e opinións, a través de diferentes tipos de instrumentos propios dos medios electrónicos, respectando en calquera caso os principios de boa fe e de utilización responsable.

Artigo 7: Principios de difusión da información administrativa dixital

1. Principio de accesibilidade e usabilidade

Que garante:

 O uso de sistemas sinxelos que permitan obter información de interese cidadán, de maneira rápida, segura e comprensible.

 O uso de criterios unificados na investigación e visualización da información que permitan unha mellor difusión informativa, seguindo os criterios e os estándares internacionais e europeos de accesibilidade e tratamento documental.

 A comprensión dos actos e documentos administrativos utilizando, na medida do posible, unha linguaxe fácil e culturalmente accesible de modo que os devanditos documentos queden intelectualmente ao alcance da maioría das persoas.

 A posta á disposición da cidadanía con discapacidade ou con dificultades especiais dos medios necesarios para que poidan acceder á información administrativa a través de medios electrónicos, seguindo os criterios e estándares xeralmente recoñecidos.

2. Principio de exactitude da información que publique a entidade local

Que garante, no acceso á información de forma electrónica, a obtención de documentos co

contido idéntico, veraz, exacto e fiel ao equivalente en soporte papel ou no soporte en que se emitiu o documento orixinal. A dispoñibilidade da información en forma electrónica non debe impedir ou dificultar a atención personalizada nas oficinas públicas ou por outros medios tradicionais.

3. Principio de actualización

Que garante a actualización da información administrativa que sexa accesible por canles dixitais. Nas publicacións electrónicas constarán as datas de actualización.

4. Principio de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

Que obriga a aproveitar a tecnoloxía dispoñible en cada momento para garantir os dereitos inherentes á protección dos datos persoais, garantindo as medidas de seguridade que impidan calquera trazabilidade persoal, e o uso dos mesmos para outros fins non amparados pola finalidade ou o consentimento dado.

5. Principio de consulta aberta dos recursos de información de acceso universal e aberto

Que garante:

 O acceso á información administrativa que, de conformidade coa lexislación vixente, sexa de acceso xeral, sen esixir ningún tipo de identificación previa.

 A gratuidade da información que, de acordo coa lexislación vixente, sexa considerada información pública e xeral, sen prexuízo do previsto nas ordenanzas fiscais.

Artigo 8: Principios de acceso dixital da cidadanía ao procedemento administrativo

1. Principio de legalidade

Que asegura o mantemento da integridade das garantías xurídicas da cidadanía establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Principio de non discriminación por razón do uso de medios dixitais

De acordo co disposto no artigo 2 do Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, as ferramentas e dispositivos que deban ser utilizados para a comunicación por medios electrónicos, así como as súas características técnicas, serán non discriminatorios, estarán dispoñibles de forma xeral e serán compatibles cos produtos informáticos de uso xeral. Tamén se garantirá a accesibilidade, entendida como o conxunto de principios técnicos que se deben respectar ao deseñar, construír, manter e actualizar os servizos electrónicos para garantir a igualdade e a non discriminación no acceso das persoas usuarias, en particular das persoas con discapacidade e das persoas maiores.

3. Principio de trazabilidade dos procedementos e documentos administrativos

Que obriga a levar a cabo as accións necesarias para establecer sistemas e procedementos adecuados e comprensibles de trazabilidade, que permitan á cidadanía coñecer en todo momento, e a través de medios dixitais, as informacións relativas ao estado da tramitación e ao historial dos procedementos e documentos administrativos, sen prexuízo da aplicación dos medios técnicos necesarios para garantir a intimidade e a protección dos datos persoais das persoas afectadas.

4. Principio de intermodalidade de medios

As aplicacións e os sistemas de información garantirán que as persoas interesadas que non estean obrigadas a utilizar os medios dixitais poidan cambiar a canle a través da cal se relacionan coa entidade local asegurando a integridade e a seguridade xurídica do conxunto do procedemento. En ningún caso, a opción das persoas interesadas de usar ou non os medios dixitais ou de cambiar de canle durante a tramitación dun procedemento administrativo implicará restricións ou discriminacións no acceso dixital á información municipal.

5. Principio de proporcionalidade

Que garante:

 Que só se esixirán as garantías e medidas de seguridade adecuadas á natureza e ás circunstancias dos diferentes trámites e actuacións.

 Que unicamente se requirirá á cidadanía os datos que sexan estritamente necesarios en consideración á finalidade para a que se soliciten, aproveitando e reutilizando toda aquela información e documentación que obre en poder da organización, co obxectivo de simplificar a carga documental a abordar pola cidadanía nestes casos.

Artigo 9: Principios de promoción da cooperación interadministrativa en materia de administración dixital

1. Principio de cooperación e de colaboración interadministrativas

O obxectivo neste caso é mellorar o servizo á cidadanía e a eficiencia na xestión dos recursos públicos, promovendo a sinatura de convenios e acordos co resto das administracións públicas a fin de desenvolver as previsións incluídas nesta ordenanza, en particular, e entre outros, os que teñan por obxecto a fixación de estándares técnicos e o establecemento de mecanismos para intercambiar e compartir información, datos, procesos e aplicacións, sempre de maneira interoperable.

Ademais, para dar cumprimento a este principio, a entidade local:

 Porá á disposición da comunidade e, en particular, das entidades locais e do resto das administracións públicas, as súas aplicacións de administración dixital.

 Publicará os acordos e os convenios que asine con outras administracións públicas.

2. Principios de acceso e dispoñibilidade limitada

Que implica o deber de facilitar o acceso das restantes administracións públicas aos datos das persoas interesadas dos que dispoña a entidade local, e que estean en soporte electrónico, especificando as condicións, os protocolos e os criterios funcionais ou técnicos necesarios para acceder aos datos mencionados coas máximas garantías de seguridade, confidencialidade e integridade.

A dispoñibilidade dos datos mencionados no apartado anterior limitarase estritamente aos que as administracións públicas requiran, no exercicio das súas funcións, para a tramitación e a resolución dos procedementos que sexan da súa competencia.

Capítulo 2: Dereitos e deberes da cidadanía en relación coa administración dixital

Sección primeira: Dereitos e deberes da cidadanía

Artigo 10: Dereitos da cidadanía no ámbito da administración dixital

No marco da presente ordenanza, recoñécense á cidadanía os dereitos enunciados no artigo 13 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais dereitos recoñecidos noutras normas e, en especial, os que se enumeran a continuación:

 Dereito ao acceso e utilización dos medios e servizos dixitais da Administración, con independencia das ferramentas tecnolóxicas empregadas, en condicións de seguridade técnica e xurídica.

 Dereito ao acceso a recibir información pública de calidade, accesible, actualizada e comprensible a través dos medios dixitais.

 Dereito a coñecer as modalidades, os soportes ou formatos nos que a información está dispoñible, así como o formato en que se conserva a mesma.

 Dereito a recibir información relativa á identificación do órgano ou unidade responsable da información sobre a que se exerce o dereito de acceso.

 Dereito a dispoñer, sempre que sexa posible, da información pública en formato aberto e lexible por máquina, de forma conxunta cos seus metadatos e co maior grao de precisión e desagregación que sexa posible, co obxectivo da súa reutilización, comercial ou non, nos termos previstos na normativa vixente sobre reutilización da información do sector público.

 Dereito a recibir información e asesoramento sobre os aspectos técnicos e xurídicos do uso dos medios electrónicos e as condicións de funcionamento, acceso e reutilización da información e dos servizos dixitais.

 Dereito a acceder á súa información, e a coñecer o uso que fixo o persoal municipal que tivese acceso, nos termos previstos na normativa sobre transparencia e protección de datos.

 Dereito á confidencialidade e protección dos seus datos persoais e no resto dos dereitos que lle concede a normativa de protección de datos, en especial o dereito a que a información persoal entregada non poida ser destinada a ningunha outra finalidade.

 Dereito á privacidade e á seguridade das súas comunicacións coa entidade local e das comunicacións que poida facer a entidade local nas que consten os datos do/da cidadán/cidadá.

 Dereito á conservación en formato electrónico por parte da entidade local dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente de tal forma que a cidadanía non teña que achegar ningún documento que xa achegara previamente, que xa fora emitido por outra administración pública ou que xa se presentara previamente noutra administración pública, en función do desenvolvemento do marco de interoperabilidade que levase a cabo a administración emisora ou depositaria, e sempre que os documentos non se eliminaran de acordo cos criterios de conservación da documentación pública.

 Dereito a obter apoio e auxilio técnico da administración do Concello da Coruña para o acceso e utilización da administración dixital, removendo as disfuncións da fenda dixital.

Artigo 11: Deberes da cidadanía no ámbito da administración dixital

No marco da utilización dos medios electrónicos na actividade administrativa e nas súas relacións coa entidade local, e para garantir o bo funcionamento e xestión da información, comunicacións, procesos e aplicacións da administración dixital, a actuación da cidadanía estará presidida polos deberes establecidos na lexislación estatal e autonómica aplicable e, en especial, polos seguintes:

 Deber de actuar de boa fe, evitando o abuso no acceso á información e no uso dos servizos e procedementos da administración.

 Deber de facilitar información veraz, completa e actualizada, adecuada ás finalidades para as que se solicita.

 Deber de custodiar aqueles elementos identificativos persoais e intransferibles utilizados nas relacións administrativas por medios electrónicos coa entidade local.

 Deber de respectar o dereito á privacidade, confidencialidade, seguridade e o resto dos dereitos en materia de protección de datos.

Artigo 12: Sistema de garantía dos dereitos e deberes

1. A entidade local debe incluír, tanto na sede electrónica como no Punto de acceso xeral, así como nas diferentes canles de tramitación creadas para ese efecto, un aviso legal no que

se comuniquen as condicións de funcionamento.

2. O aviso legal informará ás persoas usuarias sobre a dispoñibilidade, accesibilidade e calidade da información e dos servizos, tales como a política de protección de datos persoais, política de cookies, responsabilidade pola información e servizos prestados, condicións para a reutilización da información difundida e propiedade intelectual aplicable.

3. O aviso legal debe quedar redactado nunha linguaxe facilmente intelixible.

4. As persoas usuarias dos portais e das aplicacións e ferramentas dixitais poderán presentar queixas e suxestións en relación co seu funcionamento a través das canles telemáticas previstas para ese efecto, ou ben dirixirse á Oficina de asistencia en materia de rexistro.

Sección segunda: Dereito das persoas interesadas a non achegar documentos

Artigo 13: Lexitimación para a consulta de datos e documentos

1. A entidade local garante, de acordo coa normativa en materia de procedemento administrativo común, o dereito das persoas interesadas a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración municipal ou que xa foran elaborados por calquera outra Administración. O Concello poderá consultar ou recadar os ditos documentos, salvo que a persoa interesada se opoña a iso.

2. De acordo coa lexislación básica, non caberá a oposición cando a achega do documento sexa esixida no marco do exercicio das potestades sancionadoras ou de inspección.

Artigo 14: Valor probatorio das consultas

1. As consultas que se realicen mediante as plataformas postas a disposición polo Concello deben garantir valor probatorio para os efectos previstos no procedemento administrativo común.

2. Os documentos electrónicos transmitidos en contornas pechadas de comunicacións entre administracións públicas, órganos, organismos públicos e entidades de dereito público deben considerarse válidos para os efectos de autenticación e identificación dos emisores e receptores nas condicións do artigo 30 desta ordenanza.

Sección terceira: Obriga de relación electrónica

Artigo 15: Obriga de relacionarse de forma electrónica coa administración da entidade local

Están obrigados a relacionarse por medios electrónicos para efectuar calquera trámite dun procedemento os suxeitos do artigo 2 desta ordenanza, así como os suxeitos que se determinen na normativa de procedemento administrativo e noutras normas sectoriais que de maneira expresa determinen esta obriga.

Artigo 16: Obriga das persoas físicas a relacionarse de forma electrónica

1. Con carácter xeral, teñen a obriga de relacionarse por medios electrónicos coa Administración da entidade local, os/as empresarios/as individuais ou autónomos/as no marco das actuacións que realicen na súa condición de empresario/a individual ou autónomo/a. Non obstante, en caso de necesidade, poderán ser asistidos polos/as funcionarios/as habilitados/as nas oficinas de asistencia en materia de rexistro.

2. En aplicación da Disposición adicional sexta desta ordenanza e sempre ao abeiro da normativa legal habilitante, establécese que, por causas obxectivas xustificadas, determinados colectivos de persoas físicas e para determinados procedementos ou servizos dixitais, estean obrigados a relacionarse por medios electrónicos cos suxeitos previstos no artigo 2.1 desta ordenanza, sempre que por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados teñan garantidos o acceso e a dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

Capítulo 3: Gobernanza da administración dixital

Artigo 17: Comité estratéxico

1. Corresponde ao Comité estratéxico o liderado estratéxico, e o impulso, as propostas de aprobación e coordinación das políticas públicas transversais en materia de administración dixital dos suxeitos relacionados no artigo 2.1 da presente ordenanza, de acordo coa disposición normativa de creación deste órgano.

2. A creación, as funcións e a composición son as que se establece na norma de creación deste comité e se realizará por decreto da persoa titular da Alcaldía ou concelleiro/a na que delegue.

3. Corresponde ao Comité estratéxico validar as diferentes propostas que se elaboren en materia de administración dixital e elevar as ditas propostas á Xunta de Goberno Local para que as aprobe.

Artigo 18: Implantación da administración dixital

1. Os suxeitos do artigo 2.1 deben garantir a execución das políticas dixitais establecidas polo Concello da Coruña, así como a despregadura, o impulso e o funcionamento da administración dixital.

2. Corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña, a proposta do Comité estratéxico, establecer un modelo organizativo que prevexa a planificación, seguimento, avaliación e participación na definición dos sistemas de información corporativos transversais e a disposición dos recursos necesarios para facer efectivo a despregadura e o mantemento da administración dixital.

3. O modelo organizativo determinará a coordinación do ámbito organizativo, xurídico, da

xestión dos datos, da xestión documental, da protección de datos de carácter persoal e das tecnoloxías da información.

Artigo 19: Participación das persoas na administración dixital

1. Os suxeitos indicados no artigo 2.1 da presente ordenanza facilitan e garanten a concorrencia das persoas en todo o ciclo de deseño, desenvolvemento, implantación e avaliación de calquera servizo público, seguindo os principios de goberno aberto.

2. Corresponde ao servizo en materia de participación cidadá a coordinación e o apoio nos instrumentos de participación cidadá que se habiliten para ese efecto, como é o caso do Portal de participación.

Artigo 20: Administración dixital e persoal público

1. Os suxeitos do artigo 2.1 da presente ordenanza deben dispoñer, nos seus cadros de persoal, dos perfís profesionais do ámbito tecnolóxico adecuados e necesarios para facer efectiva a administración dixital. Para iso, realizaranse os procesos de valoración de postos, selección e provisión necesarios.

2. As competencias profesionais derivadas da administración dixital de carácter transversal deben incorporarse, en función do perfil profesional, nos procesos de selección e provisión de acordo coa normativa aplicable.

3. O Comité estratéxico propoñerá a aprobación de un plan de capacitación dos/das empregados/as públicos/as que permita que todos os postos de traballo adquiran as competencias profesionais de carácter transversal derivadas da administración dixital, cumprindo en todo caso os trámites previstos en materia de negociación colectiva na lexislación estatal e autonómica que resulte de aplicación. Este plan debe garantir os mecanismos de revisión, actualización, seguimento e avaliación.

4. Os suxeitos do artigo 2.1 da presente ordenanza garantirán a participación do persoal público municipal no deseño dos servizos dixitais, incorporando mecanismos para compartir e xestionar o coñecemento e o fomento de solucións innovadoras.

Artigo 21: Planificación da despregadura e avaliación da administración dixital

1. O Comité estratéxico elaborará un plan anual de despregadura da administración dixital, que terá por obxectivo definir o marco de actuación de acordo coa estratexia de administración dixital definida no modelo de administración dixital.

2. O Comité estratéxico determinará o contido mínimo do plan e os indicadores comúns que debe incluír a planificación anual en relación coas actuacións que se realizan no ámbito das persoas, os procesos, os datos e a tecnoloxía, así como a identificación das necesidades transversais.

3. Os centros e unidades administrativas xestoras comunicarán a súa planificación ao Comité estratéxico.

4. Os centros e unidades administrativas xestoras informarán, de acordo co procedemento definido no apartado anterior, dos servizos dixitais que non se incluíron na planificación anual.

5. O Comité estratéxico informará sobre o plan de despregadura dos apartados anteriores, no caso de que non se adecúe aos criterios corporativos, técnicos e organizativos establecidos polo Concello da Coruña no seu conxunto.

6. Os servizos elaborarán un informe anual que avalíe o impacto da posta en funcionamento dos servizos dixitais e proporán, se procede, as melloras dos seus respectivos servizos para incrementar a súa eficiencia e eficacia.

7. As planificacións e os informes de avaliación elevaranse ao Comité estratéxico para que elabore un plan anual de desenvolvemento da administración dixital.

Capítulo 4: Rede de apoio á administración dixital

Artigo 22: Oficinas de atención presencial

1. As oficinas de atención presencial asistirán ás persoas no acceso electrónico aos procedementos e trámites administrativos, en relación coa normativa vixente en materia de procedemento administrativo común e noutras normas sectoriais.

2. A atención cidadá presencial fundaméntase nun sistema de relación e de comunicación coas persoas integral, corporativo e multidepartamental.

3. A Administración da entidade local publicará na sede electrónica as oficinas de atención presencial que asumirán as funcións de asistencia en materia de rexistro.

4. As oficinas de atención presencial deberán comprobar a identidade das persoas que interveñen nun procedemento administrativo, mediante os datos que constan no seu documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente que corresponda.

5. A creación, modificación e supresión das oficinas de asistencia en materia de rexistro corresponde ao titular do órgano competente en materia de atención cidadá.

Artigo 23: Tipoloxía das oficinas de atención presencial

No ámbito da Administración da entidade local, as oficinas de atención presencial clasifícanse, en función das súas capacidades e do tipo de servizos que prestan, nas seguintes categorías:

a) Oficinas de atención cidadá que asumen as funcións das oficinas de asistencia en materia de rexistro, de acordo coa normativa en materia de procedemento administrativo.

b) Puntos especializados de apoio para a realización de trámites en determinadas materias, que prestan labores auxiliares de rexistro e dixitalización.

Artigo 24: Funcións das oficinas de atención presencial

1. As funcións das oficinas de atención cidadá que asumen as funcións das oficinas de asistencia en materia de rexistro son:

a) Facilitar información sobre os servizos e trámites da entidade local e doutras administracións públicas.

b) Recibir a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións que as persoas interesadas dirixan aos órganos de calquera administración, e entregar o correspondente recibo que acredite a data e hora da devandita presentación.

c) Facilitar ás persoas interesadas o código de identificación do órgano, centro ou unidade administrativa ao que dirixen as súas solicitudes, comunicacións e escritos.

d) Dixitalizar e expedir copias auténticas dos documentos presentados presencialmente polas persoas interesadas para incorporalas no expediente administrativo electrónico.

e) Enviar as solicitudes, os escritos e as comunicacións aos órganos competentes da entidade local e doutras administracións públicas.

f)Outorgar apoderamentos apud acta a quen teña a condición de persoa interesada nun procedemento administrativo e compareza persoalmente.

g) Inscribir a representación das persoas que o soliciten no rexistro electrónico de representación da entidade local.

h) Realizar notificacións por comparecencia espontánea da persoa interesada ou do seu representante cando compareza e solicite a comunicación e/ou a notificación persoal nese momento.

i) Asistir, no uso de medios electrónicos, ás persoas interesadas non obrigadas a relacionarse electronicamente que así o soliciten, especialmente con respecto á identificación e sinatura electrónica no seu nome e á presentación de solicitudes a través do rexistro electrónico xeral.

j) Poñer á disposición das persoas interesadas os modelos de presentación de solicitudes individuais e os formularios de presentación masiva de solicitudes.

k) Calquera outra función que se lles atribúa legalmente ou regulamentariamente.

2. As funcións dos puntos especializados de apoio para a realización de trámites en determinadas materias, que prestan labores auxiliares de rexistro e dixitalización, son, con carácter xeral, as seguintes:

a) Facilitar información sobre os servizos e trámites da entidade local e doutras administracións públicas relacionados con esa materia determinada e, na medida das súas posibilidades, con outras materias propias da xestión municipal.

b) Recibir solicitudes, escritos e comunicacións que as persoas interesadas dirixan a eses órganos especializados por razón desa materia, e entregar o correspondente recibo que acredite a data e hora da devandita presentación.

c) Facilitar ás persoas interesadas o código de identificación do órgano, centro ou unidade administrativa de carácter sectorial á que dirixen as súas solicitudes, comunicacións e escritos.

d) Dixitalizar os documentos presentados presencialmente polas persoas interesadas para incorporalos ao expediente administrativo electrónico correspondente.

e) Enviar as solicitudes, escritos e comunicacións ao órgano competente por razón desa materia determinada.

f)Poñer á disposición das persoas interesadas os modelos de presentación de solicitudes individuais e formularios de presentación masiva de solicitudes relacionados con esa materia específica.

g) Aquelas outras que sexan autorizadas polo titular do órgano competente na materia.

Artigo 25: Gobernanza da atención cidadá presencial

1. O órgano competente en materia de atención cidadá proporcionará as directrices funcionais para cada tipoloxía de oficinas e fixará os horarios de atención ao público, sen prexuízo das funcións dos órganos ou entidades correspondentes en relación coas oficinas adscritas a eles.

2. A relación de oficinas de atención cidadá, coa súa xeolocalización, así como os días e horarios de atención ao público, farase pública a través da sede electrónica corporativa. O órgano competente en materia de atención cidadá garante a súa continua actualización.

3. Os suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza, co apoio e a coordinación do órgano competente en materia de atención cidadá, deben promover a progresiva adaptación de todas as oficinas de atención cidadá presencial, de acordo cos principios reitores do modelo de atención cidadá presencial.

4. Os suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza, para os efectos de garantir a integridade e adecuación da información que se facilita á cidadanía sobre o Catálogo de procesos e procedementos da Administración da entidade local, deben informar ás oficinas de atención cidadá que actúen con funcións de asistencia en materia de rexistro, de forma continua e permanente, sobre calquera cambio deste Catálogo e, no seu caso, introducilo nos sistemas de información habilitados para o efecto.

Título II: Concello dixital

Capítulo 1: Goberno dos datos

Sección Primeira: Organización do goberno dos datos

Artigo 26: Modelo de goberno dos datos

1. A entidade local propón un modelo de goberno dos datos que supón un sistema para a toma de decisións e responsabilidades para procesos relacionados coa información, executados de acordo cuns modelos previamente acordados, que describen quen pode tomar accións, con que datos e en que marco temporal.

2. O modelo de goberno dos datos basearase nos seguintes criterios:

a) Os datos son o activo dixital máis importante, compartido polos suxeitos do artigo 2.1 da presente ordenanza, polo que debe maximizarse a súa reutilización.

b) O modelo é común e adáptase ás necesidades específicas de cada caso, coa participación corresponsable de todas as unidades implicadas desde que se capturan, procesan e almacenan ata que se arquivan ou eliminan. O modelo determina as responsabilidades necesarias para unha xestión eficaz dos datos e define e asigna os roles de cada unidade dentro da estrutura orgánica.

c) O modelo inclúe todos os datos fundamentais e todos os datos das áreas de xestión sectoriais no ámbito da administración dixital, axustándose ás necesidades de cada área e das persoas correspondentes, segundo o principio de proporcionalidade.

d) A xestión baseada en datos fundaméntase en estándares que garanten a homoxeneidade semántica e sintáctica dos datos.

e) Os datos comunican a información de maneira clara e concisa, proporcionando información significativa para facilitar unha toma de decisións.

f)O modelo debe facer efectivo o criterio de dato único a través da colaboración entre os órganos e sistemas custodios dun mesmo dato e a identificación unívoca da fonte máis fiable, se procede, en orixe.

g) O modelo debe garantir a seguridade dos datos, xestionando a súa alta, modificación, consulta, portabilidade, e supresión de maneira segura, e con trazabilidade, así como a súa autenticidade, integridade, confidencialidade, privacidade e dispoñibilidade.

3. O órgano competente da entidade local, a proposta do Comité estratéxico, aprobará o modelo de goberno dos datos e garantirá que as persoas responsables de despregalo participen tamén na súa elaboración.

4. O modelo de goberno dos datos establécese cos principios e requirimentos previstos no

marco da normativa vixente en materia de protección de datos, transparencia e acceso á información pública, estatística, e garante a interoperabilidade e explotación destes.

5. Os suxeitos do artigo 2.1 da presente ordenanza, con respecto ao modelo de goberno dos datos:

a) Garanten o seu cumprimento de acordo cos criterios e elementos que o definen.

b) Garanten que as persoas teñan acceso a coñecer que datos seus ten a Administración e o uso que fai deles.

c) Promoven a mellora das actuacións administrativas baseada no uso de tecnoloxías avanzadas de xestión e tratamento dos datos.

d) Fomentan o uso dos datos para prestar ás persoas servizos proactivos e personalizados.

Artigo 27: Contido mínimo do modelo de goberno dos datos

1. O modelo de goberno dos datos ten o contido mínimo seguinte:

a) Roles e responsabilidades das persoas e organismos que interveñen no modelo de xestión dos datos.

b) Calidade dos datos.

c) Ciclo de vida dos datos.

d) Modelado e arquitectura dos datos.

e) Seguridade.

f) Metadatos.

g) Catálogo de datos.

h) Analítica de datos.

i) Explotación de datos.

j) Sistemas de avaliación e seguimento do modelo do goberno dos datos.

2. Corresponde ao Comité estratéxico do Concello propoñer a aprobación do "Modelo de goberno dos datos do Concello da Coruña" establecido neste artigo, que garante a participación dos departamentos responsables na súa despregadura.

Sección segunda: Intercambio, interoperabilidade e acceso aos datos e documentos

Artigo 28: Intercambio de datos e documentos dixitais

1. Os datos e documentos dos que dispoñen os suxeitos indicados no artigo 2.1 da presente

ordenanza son utilizados a efectos de dar cumprimento ás actuacións previstas nesta ordenanza, sen prexuízo de perseguir o interese xeral e respectar o conxunto de dereitos e garantías das persoas.

2. O intercambio de datos e documentos entre os suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza co resto de administracións públicas realízase mediante os sistemas e plataformas establecidas con esta finalidade e outros sistemas de interconexión de bases de datos distribuídas que permitan o rexistro da información, de acordo coa normativa vixente en materia de ciberseguridade e protección de datos de carácter persoal. O Comité estratéxico determina as condicións e garantías para executar este intercambio.

3. O Comité estratéxico facilita a cooperación necesaria para garantir o acceso aos datos ao órgano estatístico do Concello, a fin de que poida facer uso da información administrativa con finalidades estatísticas, de acordo coa normativa vixente nesta materia.

Artigo 29: Intercambio de datos e documentos en contornas pechadas

1. O Comité estratéxico determina as condicións e garantías do intercambio de datos en contornas pechadas de comunicación entre os suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza.

2. No caso do intercambio entre os suxeitos do artigo 2.1 co resto do sector público galego, as súas condicións e garantías estableceranse por convenio, atendendo ás garantías previstas no apartado 2 do artigo 22 desta ordenanza.

3. A comunicación de datos nestas contornas considérase válida a efectos de identificación e autenticación de emisores e receptores.

Artigo 30: Catálogo de datos e documentos interoperables

1. O Catálogo de datos e documentos interoperables conforma a relación actualizada de datos e documentos en poder dos suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza e doutras administracións e institucións públicas que se poden obter mediante os servizos e plataformas habilitadas que garanten a seguridade, integridade, dispoñibilidade e protección dos datos de carácter persoal. Os datos e documentos que constan neste Catálogo pódense consultar a efectos de facer efectivos os dereitos das persoas establecidos na normativa de procedemento administrativo común, concretamente, o dereito a non achegar documentos que elaborase calquera administración e o dereito da persoa interesada a non achegar documentos que xa achegase a calquera administración.

2. As persoas poderán consultar o Catálogo na sede electrónica do Concello da Coruña.

3. A oferta do Catálogo de datos e documentos interoperables do Concello da Coruña integrarase no Catálogo de datos da Comunidade Autónoma de Galicia para impulsar e desenvolver a interoperabilidade das administracións públicas galegas a efectos de poñer o contido á disposición doutras administracións públicas, institucións e organismos nos termos

e nas condicións legalmente esixibles.

4. O Comité estratéxico é o órgano responsable de xestionar e manter o Catálogo de datos e documentos interoperables dos suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza.

Artigo 31: Sistemas de datos abertos

Os sistemas de intercambio de datos entre as diferentes administracións públicas ou entre os suxeitos indicados no artigo 2.1 desta ordenanza deben prever, no seu caso, a interconexión con outros sistemas de datos abertos, de acordo coas condicións que especifique o órgano competente en materia de transparencia e datos abertos, así como a normativa vixente na devandita materia.

Artigo 32: Plataformas de interoperabilidade

1. O Comité estratéxico, mediante o servizo responsable das solucións tecnolóxicas, pon á disposición dos suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza as plataformas de intermediación e o apoio necesarios para prestar servizos de interoperabilidade.

2. A entidade local garante que os servizos de interoperabilidade con outras administracións e institucións públicas se presten a través de plataformas tecnolóxicas previstas para estas funcións.

3. O intercambio de datos mediante plataformas de interoperabilidade garante a seguridade da información que se transmite, proporcionando as medidas adecuadas para garantir a autenticidade, confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e trazabilidade adecuadas á natureza desta, e de acordo coa normativa e, no seu caso, coas condicións aplicables ao intercambio.

Artigo 33: Guía de interoperabilidade

Corresponde ao Comité estratéxico crear a Guía de Interoperabilidade, que deberá ser aprobada pola Alcaldía ou concelleiro/a na que delegue e que ten por obxecto determinar o procedemento para requirir datos e documentos e incorporalos ao Catálogo de datos e documentos electrónicos, e fixar directrices corporativas en materia de interoperabilidade.

Artigo 34: Acceso das persoas aos datos

1. Os suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza impulsarán, por defecto, a apertura de todos os datos que obran no seu poder como consecuencia da súa actividade ou do exercicio das súas funcións, incluídas as que lle fornecen outros suxeitos obrigados por calquera normativa, e facilitarán todos os mecanismos para garantir o acceso das persoas a estes datos, de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos e coa de transparencia e dereito de acceso. Constitúen excepción do anterior os datos cuxa publicidade quede prohibida de acordo co ordenamento xurídico vixente.

2. O acceso das persoas aos seus datos realízase mediante os sistemas que cada administración poña a disposición e, así mesmo, mediante os servizos de interoperabilidade que permitan acceder a eles. Tamén se permite o acceso aos datos mediante outros servizos, incluídos os cartafoles ou espazos privados ou o punto de acceso xeral das administracións públicas, cando estea prevista a interconexión dos devanditos servizos.

Sección terceira: Procesos e servizos dixitais

Artigo 35: Catálogo corporativo de procesos e procedementos

O Concello da Coruña disporá do Catálogo de procesos e procedementos como sistema corporativo de información para xestionar, racionalizar e normalizar, de maneira sistematizada, a información asociada a procesos e servizos. O Catálogo conterá os datos e a información asociada aos procesos e servizos que son competencia dos suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza, tanto os externos, que teñan como destinatarios as persoas ou outras administracións, como os internos, que estean dirixidos á propia organización.

Artigo 36: Xestión do Catálogo corporativo de procesos e procedementos

1. Os suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza deben incorporar ao Catálogo corporativo de procesos e procedementos toda a información asociada aos procesos e servizos previstos no artigo 36 e garantir o seu mantemento.

2. O Comité estratéxico será o órgano encargado de xestionar e manter o Catálogo corporativo de procesos e procedementos.

Sección cuarta: Xestión arquivística dos datos dos activos dixitais

Artigo 37: Datos e activos dixitais

1. A efectos da presente ordenanza, e de acordo coa definición de documento que establece a normativa vixente, o activo dixital é o dato ou a información obtida ou xerada no desenvolvemento das funcións e competencias dos suxeitos indicados no artigo 2.1 da presente ordenanza que require ser documentado e conservado durante un período de tempo determinado. En concreto, son activos dixitais os ficheiros de datos, de imaxes, de son, de texto e multimedia, así como calquera tipo de dato ou de representación de información, entre os cales se atopan os documentos administrativos.

2. Os activos dixitais xéranse, se xestionan ou se conservan nos sistemas de xestión de datos, nos sistemas de xestión de documentos e nos diferentes portais corporativos dos que dispón a entidade local, de acordo coa normativa vixente en materia de xestión documental e arquivo.

Artigo 38: Finalidade e ámbito da xestión arquivística dos datos e dos activos municipais

1. A xestión arquivística dos datos e dos activos dixitais ten como finalidade asegurar a creación, a captura e a xestión dunha información auténtica, fiable, empregable e íntegra que permita o desenvolvemento das actividades e competencias propias dos suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza.

2. A xestión arquivística dos datos e dos activos dixitais abarca os documentos públicos dixitais e os datos contidos nos sistemas de información corporativos e noutros activos dixitais.

3. A xestión arquivística dos datos e dos activos dixitais da entidade local garante a súa conservación durante o tempo que sexa necesario para a finalidade para a que foi xerada ou incorporada á xestión documental.

Artigo 39: Actividades e fases da xestión arquivística dos datos e dos activos municipais

A xestión arquivística dos datos e dos activos dixitais prevé unha avaliación da información dixital, que inclúe a análise e valoración da información, previa ás seguintes fases:

a) A xestión arquivística dos datos e dos activos dixitais prevé unha avaliación da información dixital, que inclúe a análise e valoración da información, previa ás seguintes fases:

b) Fase activa, que se estende desde a creación da información dixital ata a finalización da tramitación ou asunto que se xestiona. O tempo de tramitación determínase en cada caso pola natureza do procedemento ou do asunto de que se trate.

c) Fase semiactiva ou histórica, que se inicia a partir da finalización do expediente e se mantén mentres os documentos ou os datos conserven o valor probatorio das accións, dereitos e deberes da administración ou das persoas.

d) Fase inactiva ou histórica, que fai referencia á conservación da información dixital que foi ditaminada de conservación permanente e a destrución do resto de información de acordo coa normativa vixente nesta materia, na fase posterior á fase de vixencia.

Artigo 40: Xestión arquivística dos datos e dos activos dixitais nos sistemas de información municipais

Os sistemas de información dos que fagan uso os suxeitos indicados no artigo 2.1 da presente ordenanza garantirán as políticas de xestión arquivística dos datos e dos activos dixitais.

Capítulo 2: Servizos dixitais

Artigo 41: Principios xerais na creación dos servizos dixitais

Os suxeitos indicados no artigo 2.1 desta ordenanza impulsan a creación de novos servizos dixitais de acordo cos principios establecidos no artigo 5 desta ordenanza e de acordo coa

evolución e mellora permanente na prestación dos servizos públicos, aproveitando todo o potencial da innovación e da tecnoloxía, creando valor público e poñendo a experiencia das persoas no centro do deseño do servizo. Así mesmo, impulsan a prestación de servizos dixitais tendo en conta os procedementos asociados a un servizo público, co fin de facilitar ás persoas unha tramitación unificada dos servizos.

Artigo 42: Deseño dos servizos dixitais

1. O deseño dun servizo dixital baséase nos principios xerais e criterios de actuación establecidos nesta ordenanza e na innovación na prestación dos servizos públicos.

2. No deseño de calquera servizo dixital deben terse en conta os seguintes criterios e elementos:

a) A aplicación dos principios da administración dixital dos artigos 5 e 6 desta ordenanza, tendo en conta a omnicanalidade e a accesibilidade das persoas aos servizos públicos.

b) A posibilidade de prestación proactiva e personalizada do servizo.

c) A identificación das canles de asistencia no uso dos servizos públicos.

d) A habilitación, se procede, de mecanismos de participación cidadá que permitan a cocreación de servizos.

e) O uso dunha linguaxe sinxela e comprensible para todas as persoas.

f) A habilitación de sistemas de seguimento e avaliación que se baseen na análise da experiencia das persoas e na eficiencia e eficacia da prestación dos servizos dixitais.

g) O reaproveitamento e o impulso dos sistemas dixitais corporativos e transversais ao conxunto de departamentos.

h) A innovación e o impulso de novas tecnoloxías e novos servizos tecnolóxicos para o desenvolvemento dos servizos públicos.

i) A identificación e habilitación de trámites automatizados que reduzan os tempos de atención e de proceso.

j) A coordinación de procedementos de varios servizos e doutras administracións que permita a redución de interaccións e a simplificación dos trámites das persoas ante as administracións.

k) Os mecanismos de identificación de melloras na prestación do servizo público.

Artigo 43: Guía de servizos dixitais

A Guía de servizos dixitais aprobarase polo Comité estratéxico e ten por obxecto establecer a metodoloxía para identificar, deseñar, implantar, manter e avaliar os servizos dixitais,

dirixida aos suxeitos do artigo 2.1 da presente ordenanza.

Artigo 44: Acceso das persoas aos servizos dixitais

1. Os suxeitos do artigo 2.1 da presente ordenanza garanten o acceso das persoas aos servizos dixitais para que os usen nas relacións coas administracións públicas. Os servizos que se poñan á disposición das persoas ofrécense mediante a sede electrónica do Concello, así como os diferentes portais e servizos corporativos. Así mesmo, os suxeitos indicados no apartado 1 do artigo 2 da presente ordenanza, atendendo ás particularidades da prestación de servizos, poden habilitar outras canles de acceso das persoas aos servizos dixitais, sen prexuízo do que establece o Título III desta ordenanza en canto á sede electrónica do Concello.

2. Os servizos dixitais desenvólvense preferentemente mediante as plataformas de administración dixital corporativa, ferramentas flexibles que evolucionan en base ás necesidades detectadas e ás innovacións tecnolóxicas dispoñibles. En calquera caso, garántese a omnicanalidade e visualización corporativa do Concello.

Artigo 45: Prestación de servizos proactivos e personalizados

1. A efectos desta ordenanza, enténdese por servizo proactivo e personalizado o servizo dixital que ten como finalidade informar ás persoas, de maneira preditiva e anticipada, sobre os servizos públicos aos cales poden acceder. Os servizos proactivos e personalizados prestaranse en base á información obtida e elaborada polos suxeitos relacionados no artigo 2.1 desta ordenanza, garantindo a protección de datos persoais e o conxunto dos dereitos e das liberdades que lle son propios, especialmente con respecto ao principio de transparencia e á definición das garantías adecuadas ao deseño dos servizos.

2. O Comité estratéxico disporá dun rexistro dixital ou sistema equivalente que recollerá e centralizará os datos relativos aos consentimentos das persoas que son suxeitos de prestación dos servizos proactivos e personalizados e garantirá a consulta a todos os suxeitos do artigo 2.1 da presente ordenanza.

O rexistro ou sistema de consentimentos será accesible ás persoas titulares dos datos ou ao seu representante e permitirá a revogación ou modificación do consentimento en calquera momento.

3. Os servizos dixitais que prevén a prestación de servizos proactivos e personalizados deberán incorporar, se procede, o consentimento das persoas á consulta dos seus datos para a prestación dos servizos proactivos e personalizados por parte dos suxeitos relacionados no artigo 2.1 da presente ordenanza.

4. Os formularios ou sistemas de recollida de datos para o seu tratamento deberán incorporar a posibilidade de emitir, se procede, o consentimento explícito das persoas interesadas para a finalidade que se trate, de acordo coa normativa vixente en materia de

protección de datos.

Artigo 46: Catálogo de solucións corporativas

A entidade local, responsable das solucións tecnolóxicas corporativas, elabora un catálogo de plataformas, solucións e módulos corporativos transversais que se poñen a disposición para a posta en funcionamento dos servizos dixitais.

Artigo 47: Aprobación das solucións tecnolóxicas corporativas e non corporativas

1. Os suxeitos do artigo 2.1 deben utilizar as solucións tecnolóxicas corporativas para o desenvolvemento dos servizos dixitais.

2. Nos supostos nos que, por imposibilidade técnica ou funcional, sexa necesario o uso de solucións tecnolóxicas non corporativas, o Comité estratéxico deberá establecer as garantías que deben cumprir estas solucións, previo informe da persoa titular do órgano competente en materia de solucións tecnolóxicas da entidade local

Capítulo 3: Ciberseguridade na administración municipal

Artigo 48: Ciberseguridade no ámbito da administración dixital

1. A entidade local disporá dun modelo de ciberseguridade que soporte a seguridade dos activos tecnolóxicos, dos servizos dixitais, da información almacenada neles, así como a protección das persoas usuarias dos sistemas, para xerar así unha cultura da ciberseguridade.

Este modelo deberá garantir a dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, trazabilidade e autenticidade da información.

2. A ciberseguridade é unha responsabilidade compartida entre os suxeitos indicados no artigo 2.1 desta ordenanza, os órganos competentes que se encargan da súa protección, as persoas usuarias, e as empresas ou entidades que prestan servizos a todos os anteriores.

3. O modelo de ciberseguridade estrutúrase ao redor dos seguintes eixos:

a) A gobernanza e estrutura organizativa.

b) A xestión do risco.

c) O cumprimento normativo proactivo.

d) A cultura da ciberseguridade.

e) O control e a verificación.

4. O modelo de ciberseguridade do Concello da Coruña desenvólvese na Política de seguridade da información e protección de datos, que inclúe os seguintes elementos:

a) O establecemento dun modelo de gobernanza que determina unha estrutura organizativa interna e transversal, na que se identifican os organismos e as entidades, e se desenvolven os roles, funcións e responsabilidades de cada un.

b) A xestión da ciberseguridade baséase no goberno dos riscos mediante a clasificación da información en función da súa natureza, relevancia e impacto, tendo en conta as infraestruturas tecnolóxicas, os sistemas de información, e os servizos das tecnoloxías da información e a comunicación que a tratan.

c) A definición das medidas de protección técnicas e organizativas que sexan necesarias.

d) A aplicación das directrices e normas técnicas emitidas dentro do marco normativo de seguridade da información, en relación co uso das tecnoloxías da información e da xestión da ciberseguridade.

e) A aplicación das directrices e normas técnicas emitidas dentro do marco normativo de seguridade da información, en relación co uso das tecnoloxías da información e da xestión da ciberseguridade.

f)A planificación e realización de accións de formación e de concienciación dos/das usuarios/as en materia de ciberseguridade.

g) A implantación e a despregadura de servizos tecnolóxicos e procedementos técnicos para identificar, previr, corrixir, responder, controlar e mitigar os riscos, e facer fronte aos incidentes que poidan suceder.

Artigo 49: Instrumentos para a aplicación do modelo de ciberseguridade

1. De acordo coa normativa que regula o ámbito da ciberseguridade, a aplicación do modelo de ciberseguridade baséase, como mínimo, nos seguintes instrumentos:

a) A Política de seguridade da información e protección de datos do Concello da Coruña, que é o instrumento estratéxico no cal se definen os principios que han de rexer a ciberseguridade, a normativa aplicable, e o seu modelo organizativo de goberno e xestión.

b) A estrutura organizativa de ciberseguridade e protección de datos, que é o instrumento que determina a estrutura e modelo organizativo no ámbito da seguridade para cada unidade, e con capacidade responsable das accións de control e execución que sexan necesarias para definir e garantir o nivel que se determinou.

c) O Plan estratéxico de ciberseguridade, que é o documento que contén a estratexia a seguir en materia de ciberseguridade dentro do seu ámbito de actuación.

d) O Marco normativo de seguridade da información, que é o instrumento que especifica as directrices e normas técnicas de seguridade que se deben cumprir, coa finalidade de garantir unha protección eficaz e, en particular, ante o cibercrime e os ciberataques.

e) O marco normativo relativo á protección de datos de carácter persoal, que é o instrumento que determina unha metodoloxía para analizar, de xeito homoxéneo e obxectivo, o nivel de risco das actividades de tratamento de datos persoais, coa finalidade de definir as medidas de seguridade aplicables.

2. O Concello da Coruña, como organismo ou entidade pública competente en materia de ciberseguridade impulsa, xestiona, revisa e, se procede, aproba periodicamente a vixencia e adecuación destes instrumentos. En materia de política de seguridade, establécese o Centro de Seguridade da Información como instrumento de coordinación e apoio.

Título III: A sede electrónica

Artigo 50: Sede electrónica

1. A sede electrónica é a dirección electrónica dispoñible para a cidadanía a través de redes de telecomunicacións. A sede electrónica será única para todos os órganos deste Concello, podendo incluír na mesma, ás súas entidades e organismos públicos dependentes, así como ás sociedades locais e capital integramente público, así como as mixtas del dependentes. A titularidade da sede electrónica correspóndelle ao Concello da Coruña. A infraestrutura tecnolóxica que soporta a sede electrónica xeral, así como a operatividade e mantemento dos servizos aos que se dá acceso a través da mesma, serán competencia da Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior, ou da unidade administrativa que a substitúa ou á que se lle atribúan as súas funcións.

2. Serán responsables de comunicar a renovación e actualización dos contidos e dos servizos postos á disposición da cidadanía na sede electrónica os titulares dos órganos administrativos que teñan encomendadas as funcións respectivas e, no seu caso, os titulares das entidades que se incorporen á sede.

3. A sede electrónica está suxeita aos principios de transparencia, publicidade, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

Artigo 51: Adaptación da sede electrónica

1. A sede electrónica adaptarase mediante resolución ou acordo do órgano competente, que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, e disporá do seguinte contido mínimo:

a) Ámbito de aplicación da sede, que será como mínimo o do Concello da Coruña, podendo incluír, así mesmo, aos seus entes, organismos e sociedades dependentes.

b) Identificación da dirección electrónica de referencia da sede.

c) Identificación do seu titular, así como do órgano ou órganos encargados da xestión e administración da sede electrónica e dos servizos postos á disposición da cidadanía na mesma.

d) Identificación das canles de acceso aos servizos dispoñibles na sede, con expresión, no seu caso, dos teléfonos e oficinas a través dos cales tamén se pode acceder aos mesmos.

e) Medios dispoñibles para a formulación de suxestións e queixas.

f)Calquera outra circunstancia que se considere conveniente para a correcta identificación da sede e a súa fiabilidade.

2. Poderanse crear unha ou varias sedes electrónicas derivadas, ou subsedes, da sede electrónica principal. As sedes electrónicas derivadas resultarán accesibles desde a dirección electrónica da sede principal, sen prexuízo de que sexa posible o acceso electrónico directo.

As sedes electrónicas derivadas deberán cumprir os mesmos requisitos que as sedes electrónicas principais, salvo no relativo á publicación da resolución ou acordo pola que se crea, que se realizará a través da sede da que dependan.

3. Tamén se poderán crear sedes compartidas mediante convenio de colaboración con outras administracións públicas, debéndose publicar neste caso, no boletín oficial correspondente en atención ao ámbito territorial dos asinantes. Os convenios de colaboración poderán, así mesmo, determinar a incorporación a unha sede preexistente.

Artigo 52: Características da sede electrónica

1. Realizaranse a través da sede electrónica todas as actuacións, procedementos e servizos que requiran a autenticación da entidade local, doutras administracións públicas ou da cidadanía por medios electrónicos. Así mesmo, poderanse realizar aquelas actuacións, procedementos e servizos que así se decida polo órgano competente por razóns de eficacia e calidade na prestación de servizos, incluíndo aqueles servizos prestados por contratistas e concesionarios, nos termos establecidos nos correspondentes documentos contractuais.

2. Garántese a integridade, veracidade e actualización da información e os servizos aos que poida accederse a través da mesma.

3. A publicación na sede electrónica de informacións, servizos e transaccións respectará os principios de accesibilidade e uso de acordo coas normas establecidas respecto diso, estándares abertos e, no seu caso, aqueles outros que sexan de uso xeneralizado pola cidadanía.

4. A sede electrónica disporá de sistemas que permitan o establecemento de comunicacións seguras sempre que sexan precisas.

5. As sedes electrónicas farán uso para identificarse e garantir unha comunicación segura das mesmas, de certificados recoñecidos ou cualificados de autenticación de sitio web ou medio equivalente.

6. Os servizos na sede electrónica estarán operativos as 24 horas do día, todos os días do

ano. Cando por razóns técnicas se prevexa que a sede electrónica ou algún dos seus servizos deba ser interrompido, anunciarase á cidadanía coa maior antelación que sexa posible, indicando todos os medios de consulta alternativos que serán postos á súa disposición.

7. A sede electrónica da entidade local réxese pola data e hora oficiais en España.

Artigo 53: Condicións de identificación da sede electrónica e seguridade das súas comunicacións

1. As direccións electrónicas da entidade local que teñan a condición de sede electrónica deberán facelo constar de forma visible e inequívoca.

2. A sede electrónica terá accesible o seu instrumento de creación directamente ou mediante ligazón á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

3. Os sistemas de información que soporten as sedes electrónicas deberán garantir a confidencialidade, dispoñibilidade, integridade, trazabilidade e autenticidade das informacións que manexan, de conformidade co Esquema Nacional de Interoperabilidade, e co Esquema Nacional de Seguridade.

Artigo 54: Contido da sede electrónica

1. Toda a sede electrónica disporá do seguinte contido mínimo:

a) Identificación da sede, especificando a dirección electrónica de referencia.

b) Identificación do órgano ou órganos titulares e dos responsables da súa xestión e administración.

c) Resolución ou acordo de creación da sede e, no seu caso, das subsedes derivadas.

d) Ámbito subxectivo da sede e, no seu caso, das subsedes derivadas.

e) Relación dos servizos dispoñibles na sede electrónica.

f) Información necesaria para a correcta utilización da sede incluíndo o mapa da sede electrónica ou información equivalente con especificación da estrutura de navegación e as distintas seccións dispoñibles, así como a relacionada coa propiedade intelectual.

g) Servizos de asesoramento electrónico e telefónico ás persoas usuarias para a correcta utilización da sede.

h) Sistema de verificación dos certificados da sede, que estará accesible de forma directa e gratuíta.

i) Relación de sistemas de sinatura electrónica que sexan admitidos ou utilizados na sede.

j) Información relacionada coa protección de datos de carácter persoal, incluíndo unha

ligazón coa sede electrónica da Axencia Española de Protección de Datos e co Rexistro do Delegado de Protección de Datos.

k) Listaxe actualizada dos códigos de identificación vixentes de órganos, centros ou unidades administrativas da entidade local e dos seus entes dependentes.

l) Relación actualizada de oficinas nas que se prestará asistencia para a presentación electrónica de documentos, con directorio xeográfico que permita á persoa interesado identificar a Oficina de asistencia en materia de rexistros máis próxima ao seu domicilio.

m) Indicación da data e da hora oficial.

2. A sede electrónica terá, no seu caso, á disposición da cidadanía:

a) Punto de acceso xeral electrónico da entidade local e das súas entidades e organismos vinculados ou dependentes.

b) Relación dos medios presenciais, telefónicos e electrónicos que a cidadanía pode utilizar no exercicio do seu dereito para comunicarse coa entidade local.

c) Ligazón para a formulación de suxestións e queixas ante os órganos que en cada caso resulten competentes.

d) Modelos de solicitudes.

e) Resolución, acordo ou disposición de creación do rexistro electrónico xeral.

f) Relación actualizada de trámites que poden iniciarse no rexistro electrónico xeral.

g) Relación de días que se consideran inhábiles a efectos do cómputo de prazos nos rexistros electrónicos.

h) Identificación de incidencias técnicas que determinen ampliación de prazos.

i) Taboleiro de anuncios ou edictos electrónico (taboleiro edictal) da entidade local e dos seus entes dependentes, indicando o carácter substitutivo ou complementario da publicación electrónica.

j) Acceso á publicación de boletíns e diarios oficiais.

k) Servizo de notificacións electrónicas.

l) Sistemas de identificación e sinatura dos interesados.

m) Relación dos selos electrónicos dos órganos ou organismos públicos incluídos na sede electrónica, especificando as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden, así como as medidas para a súa verificación.

n) Relación de códigos seguros de verificación utilizados pola entidade local e os seus entes dependentes, permitindo a comprobación da autenticidade e integridade dos documentos así xerados ou autenticados.

o) Servizo de apoderamento "apud acta" efectuado por comparecencia electrónica.

p) Rexistro electrónico de apoderamentos.

q) Rexistro de funcionarios/as habilitados/as para a asistencia ás persoas interesadas no uso de medios electrónicos e para a expedición de copias auténticas.

r)Portal de transparencia da entidade local e dos seus entes dependentes ou, na súa falta, información obxecto de publicidade activa, de conformidade coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa de desenvolvemento.

s) Perfil do contratante.

t)Carta de servizos electrónicos, no seu caso.

u) Outros contidos, informacións ou servizos que, legal ou regulamentariamente, sexan esixibles.

v) Outros contidos, informacións ou servizos que se engadan polo órgano titular responsable da sede.

3. Non será necesario recoller nas subsedes a información dos servizos que se refiren nos apartados anteriores cando xa figuren na sede da que derivan.

4. As sedes electrónicas desta entidade local posibilitarán, en todo caso, o acceso aos seus contidos e servizos na lingua galega. Constitúen excepción a isto os contidos correspondentes a ligazóns ou vínculos relativos a outras administracións ou entidades públicas ou privadas, sempre que estas non teñan a obriga de ofrecelos en ambos os dous idiomas.

Artigo 55: Regras especiais de responsabilidade

1. A creación da sede electrónica implicará a responsabilidade do titular respecto da integridade, veracidade e actualización da información e dos servizos aos que poida accederse a través da mesma. O titular da sede electrónica que conteña unha ligazón ou vínculo a outra cuxa responsabilidade corresponda a distinto órgano ou administración pública non será responsable da integridade, veracidade nin actualización desta última.

A sede establecerá os medios necesarios para que a cidadanía coñeza se a información ou servizo ao que accede corresponde á propia sede ou a un punto de acceso que non ten o carácter de sede ou a un terceiro.

2. Os órganos ou organismos públicos titulares das sedes electrónicas responderán, en todo caso, polos seus contidos propios e solidariamente polos contidos comúns.

3. En ningún caso, se derivarán consecuencias desfavorables para a cidadanía, en particular, respecto do cómputo de prazos, cando se produzan incidencias no funcionamento da sede electrónica, sempre que estas poidan ser acreditadas.

4. Estableceranse sistemas de seguimento e detección de incidencias no funcionamento da sede electrónica, así como protocolos a aplicar nos casos de detección das devanditas incidencias, que en todo caso incluirán que a cidadanía poida ser informada de modo conveniente e en tempo real das mesmas. Tamén se establecerán sistemas de auditoría dos servizos da sede electrónica, incorporando indicadores públicos de funcionamento, uso e evolución.

5. Así mesmo, a entidade local adoptará as medidas de seguridade necesarias co obxecto de garantir a integridade, dispoñibilidade e confidencialidade esixidas pola normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

Título IV: Identificación e sinatura electrónica

Capítulo 1: Identificación e sinatura electrónica das persoas interesadas

Artigo 56: Regras xerais relativas á identificación electrónica

1. Os interesados poderán identificarse de forma electrónica ante a entidade local empregando calquera sistema que conte cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade de forma suficiente, en atención ao nivel de seguridade esixido para a actuación de que se trate, nos termos establecidos pola lexislación aplicable e, en particular, polo Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

2. Para estes efectos, serán admitidos os sistemas de identificación electrónica aceptados pola Administración Xeral do Estado, de acordo co disposto no artigo 9.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nas mesmas condicións previstas no parágrafo anterior.

3. En particular, serán admitidos os sistemas seguintes:

a) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na “Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación”. Para estes efectos, enténdense comprendidos entre os citados certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados os de persoa xurídica e de entidade sen personalidade xurídica.

b) Sistemas de clave concertada e calquera outro sistema que as administracións públicas consideren válido.

c) Calquera outro sistema que se determine pola lexislación vixente aplicable.

4. A entidade local poderá expedir e xestionar o seu propio sistema de claves concertadas, mediante decreto da Alcaldía ou do/da concelleiro/a na que delegue, no que se regularán os termos e condicións para o seu uso, debendo dar cumprimento, en función do nivel de seguridade que garanta, ao establecido no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, e no Regulamento (UE) nº 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior (Regulamento eIDAS).

5. O órgano competente da entidade local aprobará o documento de Política de identificación e sinatura electrónica ao obxecto de establecer o conxunto de criterios e as condicións xerais aplicables á sinatura electrónica para a súa validación e o seu uso na relación electrónica da entidade local coa cidadanía, entre os órganos e entidades do Concello e con outras administracións públicas.

6. A entidade local deberá dar publicidade na súa sede electrónica dos sistemas de identificación electrónica admitidos.

Artigo 57: Regras xerais relativas á sinatura ou selo electrónico

1. As persoas interesadas poderán empregar para asinar de forma electrónica calquera dos sistemas establecidos no artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Cando, en aplicación das normas contidas no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, a entidade local deba esixir á persoa interesada o uso dunha sinatura ou selo electrónico avanzado, dunha sinatura ou selo electrónico avanzado baseado en certificado cualificado, ou dunha sinatura ou selo electrónico cualificado, non se poderá empregar un sistema de identificación electrónica para esta función.

3. Neste caso, de tratarse dunha actuación transfronteiriza, admitirase aos interesados establecidos nos restantes estados membro da Unión Europea o uso dun sistema de sinatura ou selo electrónico avanzado, de sinatura ou selo electrónico avanzado baseado en certificado cualificado, ou de sinatura ou selo electrónico cualificado, exclusivamente nos formatos definidos na Decisión de Execución (UE) 2015/1506 da Comisión, do 8 de setembro de 2015, pola que se establecen as especificacións relativas aos formatos das sinaturas electrónicas avanzadas e os selos avanzados que deben recoñecer os organismos do sector público de conformidade cos artigos 27, apartado 5, e 37, apartado 5, do Regulamento (UE) nº 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior.

Os formatos anteriormente indicados tamén poderán ser empregados, en todo caso, polas persoas interesadas establecidas en España.

4. A entidade local non esixirá o uso dun sistema de sinatura ou selo electrónico cun nivel de garantía superior á sinatura ou selo electrónico cualificado.

5. Cando se empregue un sistema de identificación, para asinar, que non permita acreditar a integridade e inalterabilidade do documento, a entidade local deberá establecer, na súa Política de identificación e sinatura electrónica, os mecanismos técnicos que garantan estes aspectos.

6. A entidade local determinará os requisitos técnicos e de seguridade que garantan a vinculación entre o documento e a identidade da persoa asinante no uso da sinatura biométrica no documento de Política de identificación e sinatura electrónica, así como os soportes tecnolóxicos e supostos nos que poderá ser utilizada polo persoal público municipal no exercicio das súas funcións e pola cidadanía.

7. A entidade local dará publicidade na súa sede electrónica dos sistemas de sinatura electrónica admitidos para cada unha das actuacións e da "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación".

Artigo 58: Sistemas de identificación e sinatura electrónica das persoas físicas

1. As persoas físicas poderán empregar, para identificarse e asinar electronicamente, o sistema de claves concertadas Cl@ve, da Administración Xeral do Estado, nas súas tres modalidades de uso: cl@ve ocasional (cl@ve PIN), cl@ve permanente e cl@ve sinatura. O uso destes sistemas de identificación e sinatura rexerase polo que dispoña o órgano titular da súa expedición e xestión, así como pola Política de identificación e sinatura electrónica da entidade local.

2. As persoas físicas tamén poderán empregar sistemas de identificación e de sinatura electrónica avanzada baseados en certificado electrónico cualificado, ou de sinatura electrónica cualificada, de acordo co previsto no Regulamento (UE) nº 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e pola que se derroga a Directiva 1999/93/CE, expedidos por prestadores cualificados.

3. A entidade local admitirá, adicionalmente, os sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados expedidos a persoas físicas representantes de persoas xurídicas ou entidades sen personalidade xurídica, cando os mesmos sexan conformes co establecido no Anexo II da Política de sinatura electrónica e certificados da Administración Xeral do Estado, aprobada de acordo co establecido no artigo 18 do Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da administración electrónica.

Neste caso, a representación quedará plenamente acreditada, para os efectos legais

oportunos.

4. A entidade local poderá establecer mecanismos de sinatura electrónica manuscrita para o seu uso, en relacións presenciais, polas persoas físicas. Os devanditos mecanismos deberán garantir, en todo caso, a confidencialidade dos datos de representación da sinatura, así como a non reutilización dos mesmos por parte da entidade local ou de terceiras persoas, e a integridade e inalterabilidade dos datos asinados.

Artigo 59: Sistemas de identificación e sinatura electrónica das persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica

1. As persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica poderán empregar sistemas de identificación e de selo electrónico avanzado baseados en certificado electrónico cualificado, ou de selo electrónico cualificado, de acordo co previsto no Regulamento (UE) nº 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e pola que se derroga a Directiva 1999/93/CE, expedidos por prestadores cualificados.

2. A admisión do selo electrónico suxéitase ás seguintes condicións:

a) O uso do selo electrónico implica que a actuación se atribuirá directamente á persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica, sen que deba acreditarse a representación.

b) O selo electrónico non se poderá suxeitar a límites, dentro do conxunto de trámites para os que sexa admitido.

c) O uso do selo electrónico será alternativo ao uso do sistema de sinatura electrónica da persoa física representante, podendo empregarse ambos os sistemas, de forma indistinta, a elección do interesado.

3. O uso do selo electrónico só poderá ser admitido naquelas actuacións onde sexa suficiente a garantía da corrección da orixe dos datos e da integridade dos mesmos.

Artigo 60: Normas comúns aos artigos anteriores

1. Co fin de favorecer a interoperabilidade e posibilitar a verificación automática da sinatura electrónica dos documentos electrónicos autenticados con sistemas que non se basean en certificados cualificados, a entidade local poderá superpoñer o seu propio selo electrónico avanzado baseado en certificado electrónico cualificado neses documentos, para posteriormente remitilos ou poñelos á disposición doutros órganos, organismos públicos, entidades de dereito público ou administracións públicas.

Capítulo 2: Identificación e sinatura electrónica da entidade local

Artigo 61: Sistemas de identificación e sinatura electrónica para a actuación

administrativa automatizada da entidade local

1. A entidade local poderase identificar e asinar electronicamente de forma automatizada empregando sistemas de selo electrónico avanzado baseados en certificado electrónico cualificado, ou de selo electrónico cualificado, de conformidade co previsto no Regulamento eIDAS, en atención ao nivel de seguridade esixido para a actuación de que se trate, nos termos establecidos pola lexislación aplicable e, en particular, polo Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

2. Os certificados cualificados de selo electrónico da entidade local deberán ser expedidos preferentemente aos órganos do mesmo, para o exercicio por estes das súas competencias legalmente establecidas, sen prexuízo da posibilidade de que o Concello tamén dispoña dun certificado cualificado de selo electrónico ao seu nome.

3. Os certificados cualificados de selo electrónico expedidos a órganos administrativos incluirán, en todo caso, os datos de identificación persoal das persoas titulares dos devanditos órganos, con excepción do número do DNI ou equivalente, que non será obrigatorio.

Por razóns de seguridade pública os sistemas de sinatura electrónica poderán referirse só ao número de identificación profesional do/a empregado/a público/a e/ou pseudónimo.

4. A entidade local deberá ofrecer publicidade na súa sede electrónica dos certificados cualificados de selo electrónico dos que dispoña en cada momento.

5. A entidade local tamén poderá empregar, para asinar de forma automatizada, sistemas de código seguro de verificación, expedidos preferentemente aos seus órganos para o exercicio por estes das súas competencias legalmente establecidas, sen prexuízo da posibilidade de que o Concello tamén dispoña dun sistema de código seguro de verificación ao seu nome.

6. O sistema de código seguro de verificación xeral da entidade local poderase empregar para garantir a autenticidade das copias en soporte papel de documentos electrónicos. En todo caso, o código seguro de verificación deberá ofrecer as garantías técnicas suficientes en atención ao nivel de seguridade esixido para a actuación de que se trate, nos termos establecidos pola lexislación aplicable.

7. O código seguro de verificación deberá ofrecer as seguintes garantías mínimas, que se publicarán na sede electrónica da entidade local:

a) O carácter único do código xerado para cada documento, así como a súa vinculación co seu emisor.

b) Unha seguridade criptográfica equivalente a un sistema de selo electrónico avanzado baseado en certificado cualificado.

c) O acceso ao documento autenticado mediante o código, a través da sede electrónica e, no seu caso, arquivo electrónico que o conteña, durante todo o prazo no que o devandito

documento deba producir efectos legais. O devandito acceso será inmediato e gratuíto para as persoas.

8. Entenderase identificada a entidade local, respecto da información que se publique como propia no seu portal institucional, sempre que no mesmo teña a consideración legal de sede electrónica.

Artigo 62: Sistemas de identificación e sinatura electrónica do persoal ao servizo da entidade local

1. O persoal ao servizo da entidade local poderá empregar sistemas de identificación e de sinatura electrónica avanzada baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados, de conformidade co previsto no Regulamento eIDAS, en atención ao nivel de seguridade esixido para a actuación de que se trate, nos termos establecidos pola lexislación aplicable.

2. Estes certificados deberán ser facilitados pola entidade local ao seu persoal, sen prexuízo da posibilidade de autorizar, no documento de Política de identificación e sinatura electrónica, o uso voluntario de certificados cualificados estritamente persoais dos que dispoñan as ditas persoas no exercicio das súas competencias e funcións.

3. Os certificados poderán incluír informacións adicionais para a identificación do órgano, unidade, cargo ou posto de traballo da persoa, de forma proporcionada e respectando os límites establecidos pola lexislación de transparencia e protección de datos persoais.

4. Poderanse facilitar certificados de empregado/a público/a con número de identificación profesional naqueles casos en que resulten aplicables límites á identificación das persoas asinantes de documentos, derivados da lexislación vixente. O pseudónimo se instrumentará mediante o emprego do número de identificación profesional ou equivalente.

5. A entidade local poderá expedir e xestionar o seu propio sistema de claves concertadas para o seu persoal público e, regulará os termos e condicións para o seu uso. Así mesmo, a entidade local poderá adherirse a sistemas de identificación e sinatura baseados en claves concertadas ofrecidos por outras administracións públicas, sempre que o seu nivel de seguridade resulte suficiente, conforme ao disposto pola normativa de aplicación.

Capítulo 3: Funcionarios con habilitación para a identificación e sinatura electrónica

Artigo 63: Requisitos xerais para o outorgamento da habilitación

Poderá outorgarse habilitación aos/ás funcionarios/as de carreira e interinos/as que se atopen en situación de servizo activo, que disporán dun certificado electrónico de empregado/a público/a.

Artigo 64: Rexistro de funcionarios/as habilitados/as

1. A entidade local disporá dun Rexistro de funcionarios/as habilitados/as para a identificación e sinatura electrónica das persoas interesadas non incluídas nos apartados 2 e 3 do artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, que así o soliciten, e regulará o seu funcionamento.

2. O ámbito de actuación dos/as funcionarios/as rexistrados/as no rexistro é a administración da entidade local, entendida como o Concello da Coruña e os organismos públicos vinculados ou dependentes do mesmo.

3. A habilitación estenderase a aqueles trámites e actuacións por medios electrónicos que, no ámbito fixado no apartado 2, precisen unha autenticación fidedigna da persoa interesada, e que son susceptibles de ser levados a cabo por funcionarios/as habilitados/as.

4. Os/as funcionarios/as habilitados/as só poderán identificar e autenticar a persoas interesadas, que actúen en nome propio ou como representante, sendo responsabilidade das unidades xestoras dos procedementos que se inicien por este medio a verificación da validez e extensión da representación mediante consulta ao Rexistro electrónico de apoderamentos ou a solicitude á persoa interesada da acreditación.

5. O Rexistro de funcionarios/as habilitados/as será plenamente interoperable e deberá estar interconectado cos das restantes administracións públicas, para os efectos de comprobar a validez da habilitación.

Artigo 65: Funcionamento do Rexistro de funcionarios/as habilitados/as

1. As inscricións, modificacións e cancelacións no Rexistro de funcionarios/as habilitados/as para realizar determinados trámites corresponderán ao órgano que designe a persoa titular da área do Goberno competente en materia de atención á cidadanía.

2. Unha vez anotada no rexistro a inscrición, modificación ou cancelación das habilitacións, estas deberán ser efectivas no prazo máximo de 48 horas.

3. A habilitación outorgarase por tempo indefinido salvo que se indique especificamente a data de fin.

4. Producida a anotación da habilitación da funcionaria ou do funcionario, a persoa titular do órgano competente para a inscrición do apartado 1 expedirá unha credencial na que se fará constar a identificación persoal e administrativa da funcionaria ou do funcionario, os trámites aos que alcanza a súa habilitación, a data de inicio da mesma e, no seu caso, a súa data de fin. A dita credencial continuará vixente en tanto non se habilite á persoa titular para novos procedementos ou trámites, non se modifiquen ou declaren finalizados os anteriormente relacionados, ou non se produza un cambio da unidade responsable do trámite ou do posto ou do centro de adscrición da funcionaria ou do funcionario que supoña modificación nas súas competencias ou funcións.

5. O órgano que realice a habilitación poderá consultar a base de datos do Rexistro de persoal unicamente a efectos da comprobación dos datos da situación administrativa e do destino dos/das funcionarios/as con habilitación. Se se detectan cambios nalgunha das circunstancias baixo as cales se realizou a habilitación, desde o Rexistro de persoal informarase ao Rexistro de funcionarios/as con habilitación para que a suspenda e o poña en coñecemento do órgano que realizou a inscrición.

Artigo 66: Contido do Rexistro de funcionarios/as habilitados/as

No Rexistro faranse constar os seguintes datos dos/das funcionarios/as habilitados/as:

a) Documento nacional de identidade, NIE ou pasaporte.

b) Nome e apelidos do/da funcionario/a habilitado/a.

c) Órgano ou organismo de adscrición.

d) Posto de traballo que desempeña, con indicación da súa denominación e código.

e) Data de alta no rexistro.

f)Data de outorgamento da habilitación para cada trámite ou procedemento.

g) Trámites para os que se ten autorizada a habilitación.

h) Data de baixa no rexistro.

Artigo 67: Actuacións dos/as funcionarios/as habilitados/as

1. Os/as funcionarios/as habilitados/as ofrecerán ás persoas interesadas información, asistencia xeral no uso dos medios electrónicos e asistencia específica para a realización de trámites electrónicos da entidade local para os que se lles outorgou a habilitación.

2. As súas funcións consistirán en:

a) Identificar de forma fidedigna á persoa interesada.

b) Prestar apoio na tramitación da obtención da sinatura electrónica.

c) Cumprimentar e presentar as solicitudes para o Rexistro electrónico xeral ou trámites nos sistemas electrónicos municipais.

d) Recoller a documentación e incorporala ao sistema de Rexistro electrónico xeral ou aplicación de tramitación.

e) Recoller e incorporar a solicitude ou trámite da autorización expresa da persoa interesada para a utilización deste servizo.

f)Entregar a documentación acreditativa da realización da presentación da solicitude ou

realización do trámite.

g) Expedir copias auténticas dos documentos públicos administrativos ou privados incorporados a un expediente administrativo da entidade local aos que teña dereito de acceso.

h) Practicar notificacións, cando a persoa interesada ou o seu representante comparezan de forma espontánea na oficina e soliciten a comunicación ou notificación persoal nese momento.

i) Tramitar o apoderamento «apud acta» mediante comparecencia persoal por quen ostente a condición de persoa interesada ou polos seus representantes nun procedemento administrativo.

j) Tramitar no Rexistro electrónico xeral de apoderamentos a inscrición, revogación, prórroga ou denuncia de poderes de representante de persoa non obrigada.

k) E calquera outra que poida establecer a normativa aplicable.

3. Para a realización destas funcións os/as funcionarios/as habilitados/as utilizarán o certificado electrónico de persoal ao servizo da administración pública facilitado pola entidade local.

Artigo 68: Responsabilidades dos/das funcionarios/as habilitados/as

Os/as funcionarios/as habilitados/as non terán responsabilidade en canto ao contido da documentación achegada polas persoas interesadas, da veracidade do que estas declaren ou de asegurarse de que se cumpren os requisitos esixidos en cada unha das solicitudes, trámites ou procedementos, sendo estas funcións propias das unidades competentes para a tramitación e resolución dos respectivos expedientes.

Artigo 69: Identificación e consentimento expreso da persoa interesada

1. A persoa interesada mostrará para a súa identificación o DNI en vigor ou documento identificativo equivalente e, cando sexa de procedencia estranxeira, amosará o NIE, o documento de identificación que forneza efectos equivalentes no seu país de orixe ou o pasaporte.

2. A persoa interesada deberá consentir expresamente a súa identificación polo/a funcionario/a habilitado/a para cada actuación administrativa por medios electrónicos que lle sexa requirida. Para iso, deberá manifestar expresamente o seu consentimento e asinar un documento ao efecto.

3. O modelo de autorización ao/á funcionario/a habilitado/a estará dispoñible na sede electrónica da entidade local e nos centros ou dependencias nos que se poida exercitar o dereito por parte das persoas interesadas.

4. O/a funcionario/a habilitado/a entregará á persoa interesada toda a documentación

acreditativa do trámite realizado, incluída unha copia do documento de consentimento expreso cumprimentado e asinado.

Artigo 70: Habilitación dos/as funcionarios/as das Oficinas de asistencia en materia de rexistro e das Oficinas de atención á cidadanía

1. Con carácter xeral, todos/as os/as funcionarios/as habilitados/as nas Oficinas de asistencia en materia de rexistro e nas Oficinas de atención á cidadanía, terán habilitación para a identificación e acreditación das persoas interesadas, a presentación de solicitudes no rexistro, a expedición de copias auténticas e a realización de trámites electrónicos que requiran identificación e sinatura electrónica da persoa solicitante aos que fai referencia o artigo 69.2.

2. Tamén poderán ter habilitación os/as funcionarios/as destinados/as nas oficinas de atención á cidadanía de carácter especializado, tales como oficinas de atención en materia de tributos, consumo, sancións de tráfico, vivenda, urbanismo, educación, mocidade, servizos sociais, medio ambiente, mobilidade, policía, cultura, empadroamento e demais que se determinen.

3. Para a habilitación noutras oficinas ou dependencias, deberase solicitar expresamente á área competente en materia de rexistro xeral, xustificando a necesidade, con descrición dos medios de atención que se poñan á disposición da cidadanía, que deberán axustarse, tanto en canto a medios persoais e tecnolóxicos como a protocolos de actuación, ao establecido por esta área. A solicitude incluirá unha descrición dos trámites e identificación dos/as funcionarios/as para habilitar. Nestes casos, será competencia da unidade solicitante manter actualizada a relación de funcionarios/as habilitados/as.

Artigo 71: Publicidade de trámites e actuacións

Todos os trámites e actuacións publicados na sede electrónica da entidade local poderán realizarse por funcionarios/as habilitados/as. Na devandita sede electrónica publicaranse, así mesmo, os centros ou dependencias nos que se poida exercitar o dereito por parte das persoas interesadas.

Título V: Rexistro electrónico, comunicacións e notificacións da Administración municipal

Capítulo 1: Rexistro electrónico

Artigo 72: Rexistro electrónico xeral da entidade local

1. O Concello da Coruña dispón dun Rexistro electrónico xeral. Os organismos públicos vinculados ou dependentes poderán dispoñer do seu propio rexistro electrónico plenamente interoperable e interconectado co Rexistro xeral do Concello da Coruña.

2. O acceso ao Rexistro electrónico xeral realizarase a través da sede electrónica do

Concello da Coruña e, será necesario identificarse previamente mediante algúns dos medios aceptados polo Concello da Coruña e previstos no Título IV.

3. O Rexistro electrónico xeral funcionará como un portal que facilitará o acceso aos rexistros electrónicos de cada organismo e indicará a data e hora oficial, que será a mesma que figure na sede electrónica do Concello da Coruña, así como a relación dos días declarados como inhábiles para o Concello da Coruña e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes. Neste rexistro poderanse presentar documentos todos os días do ano durante as 24 horas.

4. As disposicións de creación dos rexistros electrónicos publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e o seu texto íntegro deberá estar dispoñible para consulta na sede electrónica de acceso ao rexistro. En todo caso, as disposicións de creación de rexistros electrónicos especificarán o órgano ou unidade responsable da súa xestión. Na sede electrónica de acceso a cada rexistro figurará a relación actualizada de trámites que poden iniciarse no mesmo.

5. O Rexistro electrónico xeral do Concello da Coruña, e os rexistros electrónicos das súas entidades e organismos vinculados ou dependentes, permitirán a interoperabilidade cos rexistros de todas e cada unha das administracións públicas, de modo que se garanta a transmisión telemática dos asentos rexistrais e dos documentos que se presenten en calquera dos rexistros, cumprindo as medidas de seguridade previstas na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

6. O Rexistro electrónico xeral será complementado polas Oficinas de asistencia en materia de rexistro.

Artigo 73: Funcionamento

1. No Rexistro electrónico xeral farase o correspondente asento de todo documento que sexa presentado ou que se reciba en calquera órgano administrativo do Concello da Coruña e dos demais suxeitos enumerados no artigo 2.1. Tamén se poderán anotar no mesmo, a saída dos documentos oficiais dirixidos a outros órganos das administracións públicas, dos seus organismos ou entidades vinculadas ou particulares. No ámbito da contratación pública, o Concello da Coruña fará uso das ferramentas autonómicas e/ou da Administración Xeral do Estado.

2. Os asentos anotaranse respectando a orde temporal de recepción ou saída dos documentos, e indicarán a data do día en que se produzan. Concluído o trámite de rexistro, os documentos serán cursados sen dilación ás súas destinatarias ou destinatarios e ás unidades administrativas correspondentes desde a Oficina de asistencia en materia de rexistro na que se recibiran.

3. O Rexistro electrónico xeral do Concello da Coruña e os rexistros electrónicos das súas entidades e organismos vinculados ou dependentes garantirán a constancia, sempre que sexa necesario para o procedemento concreto, de:

a) Un número ou código de rexistro individualizado.

b) A natureza do asento.

c) A data e hora da súa presentación.

d) A identificación da persoa interesada. Recolleranse o seu nome e apelidos, DNI, NIF, NIE, pasaporte ou equivalente, dirección postal e, no seu caso electrónica. No caso de persoas xurídicas, denominación social, NIF, domicilio social e, no seu caso, dirección electrónica.

e) A identificación da persoa que actúa como representante, no seu caso, e/o do/a funcionario/a habilitado/a.

f)O órgano administrativo remitente, se procede.

g) A identificación do órgano ao que se dirixe o documento electrónico.

h) A referencia do procedemento co que se relaciona, se procede.

4. O Rexistro electrónico xeral emitirá automaticamente, polo mesmo medio, un recibo consistente nunha copia autenticada do documento electrónico de que se trate, así como un recibo acreditativo doutros documentos que, no seu caso, o acompañen, que garanta a integridade e o non repudio dos mesmos, proporcionando ás persoas interesadas os elementos probatorios plenos do feito da presentación e do contido da documentación presentada, susceptibles de utilización posterior independente.

5. O contido do recibo será o seguinte:

a) O contido do escrito, comunicación ou solicitude presentada mediante o asento no Rexistro electrónico xeral, sendo admisible para estes efectos a reprodución literal dos datos introducidos no formulario de presentación.

b) A data e hora de presentación que determinará o inicio do cómputo de prazos.

c) O número ou identificador do asento no Rexistro electrónico xeral.

d) A enumeración e a denominación dos documentos que, no seu caso, se acompañen e se acheguen xunto co documento presentado, seguida da pegada electrónica de cada un deles que actuará como recibo acreditativo dos mesmos coa finalidade de garantir a integridade e o non rexeitamento dos mesmos.

e) O código de identificación de órgano ao que se dirixe o escrito, comunicación ou solicitude presentada.

6. Non se terán por presentados no Rexistro electrónico xeral aqueles documentos e información para os que a normativa estableza outra forma de presentación, de acordo co

indicado no artigo 37.4 do RD 203/21.

7. Poderanse rexeitar documentos electrónicos que conteñan código malicioso ou susceptible de afectar á seguridade do sistema. Neste caso, informarase diso á persoa remitente do documento, con indicación dos motivos do rexeitamento, así como, cando iso fose posible, dos medios de corrección de tales deficiencias, e dirección na que poida presentarse. Cando a persoa interesada o solicite, remitiráselle xustificación do intento de presentación, que incluirá as circunstancias do seu rexeitamento.

8. En ningún caso se derivarán consecuencias desfavorables para a cidadanía, en particular respecto do cómputo de prazos, cando se produzan incidencias no funcionamento do Rexistro electrónico xeral, sempre que estas poidan ser acreditadas, de conformidade co establecido no Título III desta ordenanza.

Artigo 74: Formatos dos documentos que admite o Rexistro electrónico xeral

O Rexistro electrónico xeral da entidade local admite os seguintes formatos de documentos:

a) Os formularios establecidos para cada procedemento de acordo coa listaxe de trámites da sede electrónica, dirixidos a calquera dos suxeitos indicados no apartado 1 do artigo 2 da presente ordenanza.

b) O formulario xenérico que se pon a disposición na sede electrónica da entidade local, fóra de que se establezan formularios específicos de uso obrigatorio para as persoas interesadas, de acordo co indicado no artigo 37.4 do RD 203/21. O formulario xenérico debe identificar o órgano ou ente destinatario, ou os datos que permitan identificalo.

c) A documentación ou os datos que se acheguen posteriormente á solicitude de inicio dun procedemento ou os documentos que se presenten dirixidos a calquera administración pública, de acordo coa normativa en materia de procedemento administrativo común.

d) Os documentos electrónicos ou os datos emitidos polos órganos competentes e dirixidos a outros órganos ou persoas interesadas. Os documentos que se presentan en papel rexístranse mediante unha copia auténtica.

Artigo 75: Cómputo de prazos

1. O Rexistro electrónico xeral rexerase pola data e hora oficial española correspondente á península, que figurará visible na sede electrónica xeral e que contará coas medidas de seguridade suficientes para garantir a súa integridade de acordo co establecido no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

2. O Concello publicará na súa sede electrónica de acceso ao rexistro electrónico o calendario de días inhábiles, que será o único calendario que se aplicará a efectos de cómputo de prazos nos rexistros electrónicos. Así mesmo, publicaranse os días e o horario no que permanecerán abertas as Oficinas de asistencia en materia de rexistro garantindo así o dereito

das persoas interesadas a ser asistidas no uso dos medios electrónicos.

3. Para os efectos do cómputo de prazos fixado en días hábiles, e no que se refire ao cumprimento de prazos polas persoas interesadas, a presentación nun día inhábil entenderase realizada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte, agás que unha norma permita expresamente a recepción en día inhábil. Os documentos consideraranse presentados pola orde de hora efectiva na que foron presentados no día inhábil. Os documentos presentados no día inhábil reputaranse anteriores, segundo a mesma orde, aos que o fosen o primeiro día hábil posterior.

4. O inicio do cómputo dos prazos que haxa de cumprir a entidade local e os seus organismos dependentes ou vinculados virá determinado pola data e hora de presentación no rexistro electrónico xeral da entidade local.

5. Considéranse días inhábiles, a efectos do Rexistro electrónico xeral do Concello da Coruña, os establecidos como días festivos no calendario oficial de festas laborais da Comunidade Autónoma de Galicia e de festividades locais do municipio coruñés. Este calendario publicarase na sede electrónica xeral.

6. Cando unha incidencia técnica imprevista ou unha actuación planificada necesaria de mantemento técnico imposibilitase o funcionamento ordinario do sistema ou da aplicación que corresponda ao rexistro electrónico, o Concello da Coruña e os seus organismos dependentes ou vinculados poderán determinar unha ampliación dos prazos non vencidos, debendo publicar na sede electrónica tanto a incidencia técnica acontecida ou o aviso previo de non dispoñibilidade planificada así como a ampliación concreta do prazo non vencido.

Artigo 76: Oficinas de asistencia en materia de rexistro

1. Nas oficinas de asistencia en materia de rexistro poderase recibir información e orientación acerca dos procedementos, trámites e documentación necesarios para formular solicitudes e acceder aos servizos públicos. Ademais, nestas oficinas as persoas poderán presentar as solicitudes, escritos e comunicacións que vaian dirixidos ás administracións públicas.

2. A sede electrónica do Concello da Coruña publicará e manterá actualizada en todo momento a relación das oficinas de asistencia en materia de rexistro, o seu horario, así como o acceso á relación de persoas da función pública habilitadas para a asistencia no uso dos medios electrónicos ás persoas físicas interesadas.

3. As oficinas de asistencia en materia de rexistro teñen natureza de órgano administrativo de acordo co disposto no artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4. A creación, modificación ou suspensión das oficinas de asistencia en materia de rexistro efectuarase mediante decreto da persoa titular da Alcaldía ou do/da concelleiro/a no/na que delegue e deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 77: Funcións das oficinas de asistencia en materia de rexistro

1. As oficinas de asistencia en materia de rexistro realizarán as seguintes funcións:

a) A recepción e a dixitalización das solicitudes, escritos e comunicacións, así como dos documentos que as acompañen, dirixidos a calquera órgano administrativo, organismo público ou entidade vinculada ou dependente destes, sen prexuízo daqueles supostos nos que a norma determine a custodia pola Administración dos documentos presentados ou resulte obrigatoria a presentación de obxectos ou de documentos nun soporte específico non susceptibles de dixitalización.

b) A conservación de documentos presentados pola persoa interesada en soporte papel que, por calquera circunstancia, non lle poidan ser devoltos no momento da súa presentación, sendo conservados á súa disposición durante seis meses para que poida recollelos, segundo indica o RDL 203/2021.

c) A expedición de recibos que acrediten a data e hora da presentación de solicitudes, comunicacións e escritos.

d) A anotación de asentos de entrada e, no seu caso, saída das solicitudes, escritos e comunicacións.

e) A remisión de solicitudes, comunicacións e escritos aos órganos, servizos ou unidades destinatarias.

f) A emisión de dilixencias de constatación das solicitudes, comunicacións e escritos que se presentaron.

g) O ofrecemento á cidadanía da información e orientación acerca dos procedementos, trámites e documentación necesarios para formular solicitudes e acceder aos servizos públicos municipais.

h) A asistencia no uso de medios electrónicos ás persoas interesadas non incluídas no artigo 14.2 e 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, que así o soliciten. Así mesmo, as oficinas de asistencia en materia de rexistro dotaranse dos medios informáticos adecuados, para o seu uso polos suxeitos obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas.

i) A asistencia á persoa interesada por un/unha funcionario/a con habilitación para a identificación e sinatura electrónica, e para a presentación de solicitudes a través do Rexistro electrónico xeral do Concello da Coruña.

j) A tramitación do apoderamento «apud acta» mediante comparecencia persoal ou electrónica nas oficinas de asistencia en materia de rexistro.

k) A inscrición, revogación, prórroga ou denuncia de poderes no Rexistro electrónico xeral

de apoderamentos a través de funcionarios/as habilitados/as.

l) A expedición de copias auténticas electrónicas dos documentos públicos administrativos ou privados.

m) A realización de notificacións con ocasión da comparecencia espontánea da persoa interesada ou do seu representante nas oficinas de asistencia en materia de rexistro cando solicite a comunicación ou notificación persoal nese momento.

n) A entrega ás persoas interesadas do código de identificación do órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixen as solicitudes.

o) A entrega de información sobre protección de datos correspondente ao tratamento dos datos persoais das persoas interesadas.

2. Os/as funcionarios/as con habilitación das oficinas de asistencia en materia de rexistro deberán verificar, en todo caso, a identidade das persoas interesadas no procedemento administrativo, mediante a comprobación do seu nome e apelidos ou denominación ou razón social, segundo corresponda, que consten no DNI ou documento identificativo equivalente.

Artigo 78: Responsabilidade

1. O Concello da Coruña non responderá do uso fraudulento que as persoas usuarias do sistema poidan levar a cabo dos servizos electrónicos prestados en xeral e mediante o uso dos servizos do Rexistro electrónico xeral, en particular. Para estes efectos, as ditas persoas usuarias asumen con carácter exclusivo a responsabilidade da custodia dos elementos necesarios para a súa autenticación no acceso aos servizos electrónicos do Concello da Coruña, o establecemento da conexión precisa e a utilización, no seu caso, da sinatura electrónica, así como as consecuencias que puidesen derivarse do uso indebido, incorrecto, neglixente, fraudulento ou delituoso dos mesmos. Igualmente, será responsabilidade da usuaria ou usuario a adecuada custodia e manexo dos ficheiros que lle sexan devoltos polo Rexistro electrónico xeral como acuse de recibo.

2. No caso de presentación de documentos ou dispositivos electrónicos que conteñan calquera tipo de código malicioso susceptible de afectar á seguridade do sistema, ademais de terse por non presentados de acordo co establecido no apartado 7 do artigo 76, no caso de probarse a intencionalidade dolosa na súa achega, poderá dar lugar á esixencia das correspondentes responsabilidades civís ou penais no seu caso, así como á esixencia das indemnizacións por danos e prexuízos que sexan procedentes.

3. Non se derivarán consecuencias desfavorables para a cidadanía respecto do cómputo de prazos cando se produzan incidencias no funcionamento do Rexistro electrónico xeral.

Capítulo 2: Representación dixital

Artigo 79: Rexistro electrónico de representación da Administración da entidade local

1. A Administración da entidade local disporá dun Rexistro electrónico de representación no que se inscribirán as representacións de persoas físicas e de persoas xurídicas para que poidan actuar ante a Administración da entidade local e ante aquelas administracións que se incorporaron ao rexistro.

2. Os suxeitos do apartado 1 do artigo 2 desta ordenanza inscribirán os apoderamentos de carácter xeral outorgados apud acta, presencialmente ou electronicamente, para actuar ante a Administración mediante o sistema de representación electrónica da Administración da entidade local. Ademais, serán os encargados de dar de alta, modificar e dar de baixa os asentos neste rexistro.

3. O Rexistro electrónico de representación da Administración da entidade local garantirá a interoperabilidade, interconexión, compatibilidade informática e transmisión telemática cos rexistros de representación doutras administracións públicas. A interoperabilidade inclúe a consulta dos apoderamentos rexistrados no Rexistro Mercantil, no Rexistro da Propiedade, nos protocolos notariais e no Rexistro de apoderamento das AA PP.

4. Os rexistros xerais de apoderamentos non impedirán a existencia de rexistros particulares en cada organismo onde se inscriban os poderes outorgados para a realización de trámites específicos no mesmo. Estes rexistros particulares garanten a interoperabilidade, interconexión, compatibilidade informática e transmisión telemática co Rexistro de representación da Administración da entidade local e co resto de rexistros de representación.

5. Os suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza poden acceder á información das representacións do Rexistro electrónico de representación da Administración da entidade local.

Artigo 80: Acceso das persoas ao sistema de representación dixital

O Rexistro electrónico de representación da Administración da entidade local é accesible desde a sede electrónica, na que se indican os trámites e as actuacións incorporados ao rexistro que poden ser obxecto de apoderamento. As persoas acceden e realizan a tramitación da representación no rexistro mediante os sistemas de identificación e sinatura dispoñibles na sede electrónica.

Artigo 81: Categorías de apoderamentos do Rexistro electrónico de representación

1. O apoderamento que se inscriba debe incluírse nalgunha das seguintes categorías:

a) Apoderamento xeral para que a persoa apoderada poida actuar en nome da persoa poderdante en calquera actuación administrativa ante calquera administración.

b) Apoderamento para que a persoa apoderada poida actuar en nome da persoa poderdante en calquera actuación administrativa ante unha administración ou un organismo concreto.

c) Apoderamento para que a persoa apoderada poida actuar en nome da persoa poderdante

unicamente para efectuar determinados trámites ou familia de trámites especificados no poder.

d) Habilitacións para a autorización na realización de determinadas transaccións, por parte de persoas físicas ou xurídicas.

2. Por resolución do Comité estratéxico pódense establecer outras categorías de representación ou apoderamento, a petición dos suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza.

3. Os apoderamentos rexistrados no Rexistro electrónico de representación da Administración da entidade local só teñen efectos para os trámites, actuacións ou categorías aos que faga expresamente referencia o apoderamento outorgado e que consten no formulario normalizado.

Artigo 82: Validez da inscrición de representación

1. Os apoderamentos rexistrados teñen unha validez máxima de cinco anos a contar desde a data da inscrición. En todo caso, en calquera momento antes da finalización do devandito prazo, a persoa poderdante poderá revogar ou prorrogar o poder. As prórrogas outorgadas pola persoa poderdante ao rexistro terán unha validez determinada máxima de cinco anos a contar desde a data da inscrición.

2. As solicitudes de inscrición do poder, de revogación, de prórroga ou de denuncia do mesmo poderán dirixirse a calquera rexistro, debendo quedar inscrita esta circunstancia no rexistro da administración ou do organismo ante o que teña efectos o poder e terá efectos desde a data na que se produza a dita inscrición.

3. No caso de que a unidade xestora dun trámite ou procedemento valore que a representación rexistrada non dispón da capacidade xurídica necesaria para o trámite pretendido, pode requirirlle á persoa interesada a presentación de información adicional.

Capítulo 3: Comunicacións

Artigo 83: A comunicación electrónica

1. A cidadanía poderá elixir, en todo momento, o método de comunicarse coa entidade local, xa sexa a través de medios electrónicos ou presenciais, agás naqueles casos nos que unha norma con rango de lei estableza ou infira a utilización dun medio electrónico. A opción de comunicarse por uns ou outros medios non vincula ao/á cidadán/á, o/a cal poderá, en calquera momento, optar por un medio distinto do inicialmente elixido.

2. O Concello da Coruña informará daqueles medios electrónicos ao alcance da cidadanía para o exercicio do dereito a comunicarse con el na sede electrónica xeral e mediante os correspondentes acordos que se publicarán no Boletín Oficial da Provincia.

3. A Administración municipal utilizará medios electrónicos nas súas comunicacións coa

cidadanía sempre que así o solicitaran ou o consentiran expresamente. A solicitude poderá, en todo caso, emitirse e solicitarse por medios electrónicos.

4. Presumiranse válidas as comunicacións a través de medios electrónicos sempre que exista constancia da transmisión e recepción das mesmas, das súas datas e do seu contido íntegro, sempre que se identifique de forma fidedigna á persoa remitente e á persoa ou órgano destinatario/a das mesmas.

5. A entidade local garantirá a seguridade e integridade das comunicacións realizadas por medios electrónicos, establecendo as medidas apropiadas en función do carácter dos datos obxecto daquelas. A Política de identificación e sinatura electrónica do Concello determinará a forma na que deben emitirse os requirimentos de seguridade destes documentos.

6. O contido e a función destes documentos, así como os posibles persoais ou modelos actualizados, determinaranse, de forma individualizada, para cada procedemento administrativo.

7. A Administración municipal implantará a utilización de medios electrónicos nas comunicacións entre os seus órganos e con outras administracións públicas, agás que existan causas técnicas xustificadas que impidan a súa utilización. As condicións que rexerán estas comunicacións determinaranse entre a Administración municipal e as administracións públicas participantes.

8. A Administración municipal potenciará o uso de declaracións responsables e comunicacións previas ou posteriores ao comezo dunha actividade ou o exercicio dun dereito, a fin de simplificar as cargas administrativas que recaen na cidadanía e nas empresas.

Capítulo 4: Notificacións

Artigo 84: A notificación electrónica

1. O órgano que dite as resolucións e actos administrativos notificará ás persoas interesadas cuxos dereitos e intereses sexan afectados por aqueles, mediante comparecencia na sede electrónica do Concello da Coruña ou a través da Dirección Electrónica Habilitada (DEH) e, en todo caso, cando a persoa interesada resulte obrigada a recibilas por esta vía, de conformidade e nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A entidade local tamén fará uso de ferramentas autonómicas e/ou nacionais de notificación electrónica para a realización destas notificacións.

A notificación por comparecencia consiste no acceso da persoa interesada, ou do seu representante debidamente identificado, ao contido da actuación administrativa correspondente, mediante a sede electrónica do Concello da Coruña.

Artigo 85: Prazo para a notificación

1. Toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de dez días a partir da data en que o acto fose ditado, e deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de se pon fin ou non á vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial, o órgano ante o que se teñan que presentar e o prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

2. Ademais, deberán cumprirse os preceptos indicados no artigo 3.2 do RD 203/2021 en canto á posibilidade de cambiar a notificación en papel pola electrónica e viceversa nas persoas non obrigadas a relacionarse de forma electrónica coas administracións públicas.

Artigo 86: Dispositivo electrónico e/o dirección de correo electrónico de aviso para a notificación

1. A persoa interesada ou o/a seu/súa representante poderá identificar un dispositivo electrónico, para recibir avisos relativos á práctica de notificacións, con independencia da forma de practicalas. Ademais, a falta de práctica deste aviso non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

2. A entidade local determinará os dispositivos electrónicos que admite como válidos para facer efectivo o aviso regulado no presente artigo.

3. Para iso, a persoa interesada ou o/a seu/súa representante deberá identificarse, empregando o sistema admitido para o efecto pola entidade local e cumprimentar os datos correspondentes.

4. A persoa interesada ou o/a seu/súa representante serán os únicos responsables de manter a devandita información actualizada.

Artigo 87: Expedición e práctica electrónica da notificación

1. A notificación sempre será elaborada por medios escritos e en soporte electrónico orixinal, incorporando os metadatos e outros contidos previstos na lexislación en materia de procedemento administrativo común, e se levará a cabo conforme ao previsto nos seguintes apartados.

2. Admítense como formas válidas de notificación a notificación electrónica por comparecencia na Sede electrónica do Concello da Coruña, a notificación a través da Dirección Electrónica Habilitada (DEH) e a notificación coa asistencia de funcionario/a habilitado/a cando a persoa interesada ou o/a seu/súa representante comparezan de forma espontánea na oficina e soliciten a comunicación ou notificación persoal nese momento.

3. A notificación porase, en todo caso, á disposición da persoa interesada ou do/da seu/súa representante na sede electrónica do Concello da Coruña a través do cartafol cidadán, cando se refira a expedientes abertos, asentos rexistrais ou datos en poder da administración, ou da

Oficina virtual do/da contribuínte, cando se refira a trámites e xestións relacionados cos tributos xestionados pola entidade local, debendo remitirse en ambos os casos aviso ao dispositivo electrónico e/ou á dirección de correo electrónico sinaladas pola persoa interesada ou polo/a seu/súa representante.

4. Para que a comparecencia electrónica permita a práctica da notificación, o sistema empregado deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Deberá quedar acreditación da identificación da persoa que accede á notificación, de acordo co que dispoña o Concello da Coruña nos termos previstos nesta ordenanza.

b) Deberá informarse de forma claramente identificable de que o acceso da persoa interesada ao contido terá o carácter de notificación para os efectos legais oportunos.

c) Deberá quedar constancia do acceso da persoa interesada ou do/da seu/súa representante ao contido da notificación, con indicación da data e a hora en que se produce.

d) A notificación por comparecencia na sede electrónica debe xerar e poñer á disposición da persoa interesada un acuse de recibo que permita xustificar o acceso á notificación. O acuse conterá, como mínimo, a identificación do acto notificado e da persoa destinataria, a data e hora na que se produce a posta a disposición e a data e hora do acceso ao seu contido, do rexeitamento ou a data na que a notificación se considera rexeitada por transcorrer o prazo legalmente establecido.

5. Adicionalmente, cando así o solicitara voluntariamente a persoa interesada ou o/a seu/súa representante, ou os mesmos se atopen legal ou regulamentariamente obrigados a recibir as notificacións por medios electrónicos, a entidade local poderá tamén poñer a dita notificación á disposición da persoa interesado/a ou do seu/súa representante nunha dirección electrónica habilitada, nas condicións previstas na súa normativa reguladora.

Artigo 88: Práctica da notificación en soporte papel

1. O Concello da Coruña deberá proceder á práctica da notificación en soporte papel nos casos previstos na normativa aplicable ao procedemento de que se trate, podendo para iso empregar os mecanismos establecidos na lexislación de servizos postais, realizar a entrega directa por un/unha empregado/a público/a ao seu servizo ou por comparecencia espontánea da persoa interesada ou do/da seu/súa representante nas dependencias do Concello da Coruña ou en calquera outro lugar habilitado ao efecto.

2. Todas as notificacións que se practiquen en papel deberán ser postas á disposición da persoa interesada na sede electrónica do Concello da Coruña a través do cartafol cidadán, para que poida acceder ao contido das mesmas de forma voluntaria.

3. Deberase proceder á creación automatizada dunha copia auténtica en papel da

notificación posta a disposición na sede electrónica, empregando para iso o código seguro de verificación.

4. A notificación mediante servizo postal realizarase conforme ao que estableza a normativa vixente en cada momento.

5. Da notificación en papel mediante comparecencia espontánea persoal ou entrega directa por empregada pública ou empregado público deberá xerarse unha constancia escrita, inclusive en soporte electrónico, da recepción da notificación por parte da persoa interesada ou do/da seu/súa representante.

Artigo 89: Publicación de anuncios de notificación infrutuosa

1. Cando as persoas interesadas nun procedemento sexan descoñecidas, se ignore o lugar da notificación ou ben, tentada esta, non fose posible practicala nos termos establecidos nos artigos anteriores, a notificación farase mediante a publicación dun anuncio no Taboleiro edictal único e/ou no boletín oficial correspondente. Para estes efectos, poderanse publicar anuncios individuais ou de comparecencia para ser notificado, en forma agregada. No seu caso, e de contarse con dirección de correo electrónico, practicarase tamén o aviso previsto no artigo 90.

2. Cando o Concello da Coruña ou os seus organismos públicos vinculados reciban anuncios de notificación en taboleiro remitidos por outras administracións públicas e polas entidades referidas no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a dita publicación limitarase ao taboleiro de edictos electrónico da entidade local.

Artigo 90: Protección de datos e outros límites aplicables á notificación

1. O Concello da Coruña deberá adoptar as medidas necesarias para a protección dos datos persoais que consten nas resolucións e actos administrativos, cando teñan por destinataria a máis dunha persoa interesada, así como aplicar, no seu caso, outros límites previstos na lexislación vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

2. As ditas medidas poderán incluír, entre outras, a utilización de iniciais, a transcrición para a certificación parcial de acordos e resolucións, no seu caso, xerada automaticamente mediante o uso de metadatos, ou o uso de anexos excluídos de certificación e posterior notificación.

3. En todo caso, deberase indicar a circunstancia de existir limitacións de acceso aos devanditos datos, nos termos previstos pola lexislación vixente sobre protección de datos.

Capítulo 5: Acceso á información polos membros da corporación municipal

Artigo 91: Procedemento de acceso

Para os casos nos que os membros da corporación municipal desexen acceder a informacións e documentos electrónicos preexistentes que non estean xa publicados, o procedemento de solicitude dos mesmos será, fundamentalmente, o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O procedemento resúmese nos seguintes pasos:

a) O/a concelleiro/a do grupo político correspondente deberá presentar a través do rexistro municipal, de forma presencial ou electrónica, unha solicitude na que fará constar a información que solicita, dirixida á Alcaldía.

b) Desde a Alcaldía solicitarase un informe sobre a autorización ou denegación do acceso ao servizo, área ou unidade que posúa a información reclamada, que deberá emitirse no prazo máximo de dez días.

c) A Alcaldía emitirá unha resolución autorizando ou denegando o acceso, e daralle traslado da mesma ao grupo político correspondente mediante notificación electrónica, a cal complementará co envío dun correo electrónico adicional no que engadirá como arquivo adxunto a autorización asinada pola persoa titular da Alcaldía, de conformidade co previsto no artigo 120 do Regulamento Orgánico Municipal ou precepto que o substitúa .

d) A documentación de expedientes aos que teñan dereito de acceso directo as persoas que sexan membros corporativos, en virtude do establecido tanto no Regulamento Orgánico Municipal como nas normas sobre réxime local poderá serlles remitida de forma electrónica.

Capítulo 6: Normas comúns

Artigo 92: Plan de comunicación corporativo

A entidade local aprobará un Plan de comunicación corporativo, que regulará a comunicación interna e externa, procurando o establecemento das canles adecuadas para o seu mellor funcionamento.

Artigo 93: Responsabilidades pola utilización da información

En todo caso, a utilización de calquera información municipal á que se teña acceso por calquera medio, electrónico ou non, para finalidades diferentes das que motiven a súa entrega, publicación ou posta a disposición, dará lugar a responsabilidades disciplinarias, as cales se esixirán conforme á lexislación que resulte de aplicación, en aras á salvagarda do sistema. Tamén será de aplicación o Código de conduta e principios éticos do Concello da Coruña, tomado do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Título VI: O procedemento administrativo electrónico

Capítulo 1: A tramitación dos procedementos administrativos electrónicos

Artigo 94: Iniciación dos procedementos por medios electrónicos

1. Os procedementos administrativos poderán ser iniciados a instancia de parte mediante a presentación no Rexistro electrónico xeral da entidade local dun documento de iniciación, que poderá ser unha solicitude, comunicación ou declaración responsable. Para ese efecto, o Concello da Coruña porá ao dispor dos interesados os modelos normalizados de solicitude relativos aos distintos procedementos que se definirán no Catálogo de procesos e procedementos electrónicos do Concello da Coruña e, para os demais casos, un formulario de carácter xenérico denominado solicitude xeral.

2. A solicitude deberase asinar cunha sinatura electrónica segundo o recollido na presente ordenanza no capítulo de Identificación e Sinatura e sempre que se cumpra co previsto no artigo 9.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Artigo 95: Instrución dos procedementos por medios electrónicos

1. Os programas, as aplicacións e os sistemas de información que en cada caso se utilicen para a realización por medios electrónicos dos trámites administrativos deberán garantir o control dos prazos, a constancia da data, a hora e a identificación das persoas responsables das actuacións, o exercicio da competencia por parte do órgano recoñecido como competente en cada caso, ademais do respecto á orde de tramitación dos expedientes.

2. O Concello da Coruña garantirá que os actos administrativos, as resolucións ditadas e as comunicacións coa cidadanía realizadas por medios electrónicos cumpran os requisitos de seguridade, integridade e conservación previstos nas leis 39/2015 e 40/2015 do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público, así como os previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Regulamento Europeo de Protección de Datos (Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016).

3. Así mesmo, garantirase que os dereitos de audiencia ás persoas interesadas e de información pública á cidadanía se poidan exercer a través de medios electrónicos, cando cumpra.

Artigo 96: Información ás persoas interesadas

1. As persoas interesadas, previa identificación, e salvo que a normativa aplicable estableza restricións, poderán obter información do estado de tramitación dos procedementos administrativos nos que formen parte, tanto de forma presencial como a través dun servizo habilitado para tal propósito publicado na sede electrónica xeral, e segundo o establecido nos apartados seguintes do presente artigo.

2. Nos procedementos administrativos xestionados na súa totalidade electronicamente, as

persoas interesadas poderán obter información sobre os actos de trámite realizados no curso da tramitación do procedemento, con indicación do seu contido e da data na que foron ditados.

3. Para aqueles procedementos non xestionados electronicamente na súa totalidade, o Concello da Coruña habilitará servizos electrónicos de información do estado da tramitación que comprendan, polo menos, a fase na que se atopa o procedemento e o órgano ou unidade responsable do mesmo.

4. En todo caso, a entidade local poderá remitir ás persoas interesadas avisos sobre o estado da tramitación a través dos medios de comunicación previstos no artigo 87 e seguintes desta ordenanza.

Artigo 97: Terminación dos procedementos por medios electrónicos

1. O procedemento electrónico terminará por resolución que poña fin ao mesmo, por desistencia ou renuncia do interesado, por declaración de caducidade do expediente ou por acordos, pactos, convenios ou contratos entre a Administración municipal e os interesados, con pleno respecto ao establecido no Capítulo V de Finalización do procedemento da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. En todo caso, a entidade local garantirá a identidade dos órganos competentes dos actos ou resolucións que poñan fin a un procedemento electrónico, que irán acompañados da sinatura electrónica recoñecida do devandito órgano de acordo co establecido no Título IV de Identificación e sinatura da presente ordenanza.

Artigo 98: O expediente electrónico

1. O expediente electrónico é o conxunto de documentos electrónicos correspondentes a un procedemento administrativo, sexa cal for o tipo de información que conteñan.

2. A remisión de expedientes poderá substituírse para todos os efectos pola posta á disposición do expediente electrónico, tendo a persoa interesada dereito a obter copia do mesmo en formato dixital.

3. A estrutura e o formato do expediente electrónico, así como as especificacións dos servizos de remisión e posta a disposición, corresponderase co establecido no Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade, así como na Resolución do 19 de xullo de 2011 pola que se aproba a Norma técnica de interoperabilidade de expediente electrónico.

Artigo 99: Dixitalización dos documentos en soporte papel

Para os efectos desta ordenanza enténdese por dixitalización o proceso de conversión dun documento de soporte papel a unha representación dixital mediante un conxunto de

dispositivos, programas informáticos e procedementos de maneira que a copia resultante teña as mesmas garantías de autenticidade, integridade e dispoñibilidade que o documento orixinal, de acordo co Esquema Nacional de Interoperabilidade e as súas normas técnicas de desenvolvemento. As dixitalizacións que se realizan coa finalidade de incorporar os documentos en papel a un expediente administrativo confórmanse mediante un código seguro de verificación ou o selo electrónico do órgano que realiza a dixitalización.

Artigo 100: Dixitalización vinculada ás oficinas de atención presencial

1. Cando as persoas presenten documentos con carácter de copia ou orixinal en soporte papel coa finalidade de que sexan incorporados a un expediente administrativo, a oficina de atención presencial responsable da tramitación debe dixitalizalos de acordo co artigo 114 desta ordenanza.

2. O documento resultante do proceso de dixitalización ten a consideración de copia auténtica, unicamente para os efectos de incorporación ao expediente administrativo e ten o mesmo valor que o documento presentado.

3. No caso de que as copias electrónicas dixitalizadas deban entregarse en soporte papel ás persoas interesadas, debe expedirse unha copia auténtica do documento electrónico dixitalizado, que, en todo caso, debe incorporar un código seguro de verificación que permita ás persoas interesadas comprobar a súa autenticidade a través do acceso ao servizo de verificación da sede electrónica da entidade local.

4. As oficinas de atención presencial deben eliminar, unha vez efectuada a dixitalización, os documentos en soporte papel que se achegaran nestas oficinas de acordo co artigo 114 desta ordenanza. No caso de que a persoa interesada manifeste, de maneira expresa, a vontade de conservación e recuperación dos documentos orixinais que presentase, as oficinas de atención cidadá deben informarlle do prazo e do procedemento para recuperar os documentos.

Artigo 101: Dixitalización dos expedientes finalizados

Os expedientes finalizados en papel dixitalízanse de acordo co proceso establecido no Esquema Nacional de Interoperabilidade e nas súas normas técnicas de desenvolvemento.

Artigo 102: Eliminación dos documentos en soporte papel dixitalizados

1. Os documentos con carácter de orixinais en soporte papel que fosen dixitalizados de acordo co que prevé esta ordenanza deben destruírse se cumpren un dos seguintes requirimentos:

a) Que estea establecido o período de conservación desta documentación nunha táboa de acceso e avaliación documental ou nun acordo da Comisión Nacional de Acceso, Avaliación e Selección Documental.

b) Que se dispoña dun xestor documental, ou dun sistema de información integrado á solución corporativa de xestión documental e arquivo no que depositar os documentos dixitalizados.

c) Que se incorporen directamente os documentos dixitalizados e os correspondentes expedientes á solución de arquivo electrónico corporativo da entidade local.

2. O prazo para destruír os documentos que constan no apartado anterior é, con carácter xeral, de tres meses desde a súa dixitalización, agás que o órgano responsable da xestión documental e arquivística estableza outro prazo.

3. Os documentos que pertencen a series que foron ditaminadas de conservación permanente por unha táboa de acceso e avaliación documental ou por un acordo do Consello de Avaliación Documental de Galicia, creado no Decreto 15/2016, do 14 de xaneiro (DOG núm. 34 do 19 de febreiro de 2016), pódense destruír coa condición de obter previamente autorización do Consello de Avaliación Documental de Galicia.

Artigo 103: Externalización do proceso de dixitalización

Os documentos cuxo proceso de dixitalización se externalizara deben asinarse con selo do órgano mediante unha actuación automatizada. As condicións de contratación deben prever a maneira na que a persoa contratista faga entrega das imaxes para que o órgano competente poida asinalas mediante unha actuación automatizada nun proceso masivo.

Artigo 104: Envío de información dixital nas comunicacións internas

1. O envío interno de expedientes, documentos ou agrupacións documentais dos suxeitos do apartado 1 do artigo 2 desta ordenanza levaranse a cabo, preferentemente e con carácter xeral, mediante o acceso do órgano receptor ao sistema de información no que se atopa o obxecto do envío ou aos espazos habilitados para compartilos.

2. A indexación e foliación do expediente realízase, no seu caso, mediante as ferramentas e plataformas corporativas habilitadas para esta función.

Artigo 105: Envío do expediente administrativo ás persoas interesadas

O sistema de envío do expediente administrativo ás persoas interesadas é a posta á disposición do expediente, ou da parte deste que proceda, na sede electrónica ou no espazo personalizado da sede electrónica da entidade local. O expediente administrativo ponse a disposición nun prazo máximo de cinco días a contar desde a data da solicitude, a menos que por causas xustificadas sexa necesario ampliar o devandito prazo. Son causas xustificadas a imposibilidade material de levar a cabo a dixitalización no prazo previsto debido á volumetría do expediente, a incidencia técnica nos servizos dixitais que dan apoio a este proceso, ou a imposibilidade técnica cando o expediente inclúa actuacións que, polo seu formato, non sexan susceptibles de dixitalización mediante o sistema corporativo

establecido.

Artigo 106: Sistema de xestión documental

1. O sistema de xestión documental corporativo da entidade local garante o cumprimento da Política de xestión documental e arquivo.

2. Os sistemas de información e aplicacións de xestión deben utilizar preferentemente as ferramentas de xestión documental corporativas. En caso de utilizar solucións non corporativas, estas deben garantir, en todo caso, o cumprimento das políticas de xestión documental ao longo da fase de tramitación e deben ser aprobadas de acordo co apartado 2 do artigo 50 desta ordenanza.

Artigo 107: Arquivo dixital único

1. Os expedientes administrativos finalizados deben ser transferidos ao arquivo electrónico corporativo da entidade local, no que deben conservarse durante o período de vixencia asignado de acordo coas táboas de acceso e avaliación documental.

2. O arquivo dixital único garante a implantación das Políticas de xestión documental corporativas, especialmente a trazabilidade do acceso aos expedientes e documentos, o reselado, no seu caso, de sinaturas, o control das eliminacións de documentos e o mantemento dos formatos.

3. O arquivo dixital único debe cumprir os estándares de seguridade e de dispoñibilidade de servizo que estableza a Administración da entidade local.

4. Os suxeitos do apartado 1 do artigo 2 desta ordenanza deben facer uso do arquivo dixital único corporativo da entidade local, a menos que, por imposibilidade técnica ou funcional, sexa procedente o uso doutro servizo, de acordo co apartado 2 do artigo 50 desta ordenanza.

Artigo 108: Compromiso co principio de eficiencia administrativa: análise, simplificación e mellora previa

1. En aplicación do principio de eficiencia dunha boa regulación, o Concello realizará un proceso de innovación sobre a súa actividade administrativa co obxectivo de xerar valor público, que conterá os seguintes vectores: análise de valor, xeración de ideas, redeseño, optimización, simplificación, apertura e eliminación de cargas administrativas. Este proceso realizarase con carácter previo á utilización e incorporación de aplicacións e sistemas de información á actividade administrativa da entidade local.

2. O proceso de innovación mencionado realizarase sobre os seguintes ámbitos administrativos e de organización:

a) Ámbito procedemental.

b) Ámbito regulamentario.

c) Ámbito organizativo.

Artigo 109: Da innovación e da simplificación no ámbito procedemental

1. O Concello reducirá as cargas á cidadanía eliminando como necesarios para a iniciación dos seus procedementos administrativos os seguintes documentos salvo que, con carácter excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario:

a) A copia do documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente.

b) Calquera certificado ou documento acreditativo do cumprimento duns requisitos que deba ser emitido pola propia entidade local.

c) Calquera documento que fose previamente elaborado e/ou emitido por calquera outra administración pública, cuxa obtención estea dispoñible a través das plataformas de intermediación de datos, tanto da Administración Xeral do Estado como da Xunta de Galicia.

d) Calquera dato ou documento que non sexa esixido pola normativa reguladora aplicable.

e) Datos ou documentos que fosen achegados anteriormente pola persoa interesada a calquera administración pública, sempre que esta os poña a disposición a través de plataformas de intermediación e a persoa interesada indique en que momento e ante que órgano administrativo presentou eses datos ou documentos. Neste suposto, presúmese a autorización para a consulta, agás que conste a súa oposición expresa á reutilización ou unha lei especial esixa o seu consentimento expreso.

Así mesmo, co obxectivo de reducir a carga administrativa á cidadanía:

a) Reducirá a frecuencia nas obrigas de solicitude e iniciación de procedementos administrativos.

b) Dará preferencia ao uso de declaracións responsables e comunicacións previas, así como ás renovacións automáticas de autorizacións e licenzas previamente outorgadas.

c) Procurará a mellora continua e a innovación para a redución de prazos e tempos de resposta previstos nas normas.

2. O Concello revisará e analizará periodicamente, de acordo co apartado anterior, o conxunto de procedementos administrativos que poidan verse afectados ante a aparición de novos servizos nas plataformas de intermediación de datos do sector público que permitan maiores reducións de carga. En calquera caso, as persoas interesadas poderán deixar de achegar documentos esixidos que poidan obterse pola entidade local a través das plataformas de intermediación transcorrido o prazo dun mes desde que estean operativos os mencionados servizos intermediados.

3. O Concello analizará a viabilidade e optará pola tramitación simplificada do procedemento administrativo común alí onde sexa posible, mantendo actualizada na súa sede

electrónica a relación daqueles procedementos administrativos aos que se aplicará este modelo de tramitación simplificada, sen menoscabo do dereito do interesado á súa oposición expresa e preferencia pola tramitación ordinaria.

Artigo 110: Da innovación e simplificación no ámbito organizativo

1. O Concello aplicará os principios de innovación e simplificación no ámbito organizativo que coadxuvan á eficiencia e orientación á cidadanía, dando preferencia a criterios e innovacións como:

a) Un réxime de delegacións entre os órganos de goberno orientado á eficiencia nos procesos de toma de decisións, evitando as delegacións en órganos colexiados daqueles asuntos cuxa decisión poida adoptarse por un órgano unipersoal.

b) A constitución de oficinas de atención á cidadanía cun alto nivel de servizo que poidan incluír as respostas inmediatas e a tramitación proactiva no mesmo momento da atención.

c) Os modelos organizativos baseados en procesos e transversalidade que incentiven a creatividade e o talento nos seus equipos de traballo.

d) O uso de técnicas de análise do valor engadido sobre os fluxos de actividades administrativas para identificar, potenciar e optimizar aquelas unidades organizativas que engaden valor á cidadanía ou á entidade local na súa procura de eficacia e eficiencia pública e para eliminar o resto de unidades superfluas desde a perspectiva da devandita análise.

Título VII: Arquivo Electrónico

Artigo 111: Arquivo electrónico de documentos

1. O Arquivo electrónico da entidade local inclúe o sistema de xestión documental. Está formado por todos os expedientes electrónicos, documentos e compoñentes de control que permiten a actuación administrativa do Concello, desde a súa creación e tramitación ata a súa conservación, de acordo co período de vixencia asignado de acordo coas táboas de acceso e avaliación documental.

2. O Arquivo electrónico é un arquivo único, de uso común e obrigatorio para todas as dependencias do Concello da Coruña, podendo adherirse o resto de órganos do sector público municipal. As solucións adoptadas polos órganos do sector público municipal que non se adhiran ao municipal deben permitir ao Arquivo electrónico do Concello dispoñer dos expedientes e documentos electrónicos a fin de garantir a súa preservación e o seu acceso.

3. O modelo de xestión de documentos electrónicos é a ferramenta que unifica e normaliza a xestión dos documentos e expedientes electrónicos e está baseado na Política de xestión documental e arquivo da entidade local. Baséase na análise documental do procedemento, previo á incorporación dos documentos e expedientes ao Arquivo electrónico. Esta análise

clasifica os tipos documentais incluídos nos expedientes, así como as súas características principais.

4. O modelo de xestión de documentos electrónicos é a ferramenta que unifica e normaliza a xestión dos documentos e expedientes electrónicos e está baseado na Política de xestión documental e arquivo da entidade local. Baséase na análise documental do procedemento, previo á incorporación dos documentos e expedientes ao Arquivo electrónico. Esta análise clasifica os tipos documentais incluídos nos expedientes, así como as súas características principais.

5. Como norma xeral, todos os documentos utilizados nas actuacións administrativas almacenaranse por medios electrónicos. Con todo, almacenaranse no seu soporte orixinal os documentos en soporte físico que non sexa posible incorporar ao expediente electrónico mediante copia electrónica auténtica, nos termos legalmente previstos, e acreditarase e xustificará esta situación de excepcionalidade.

Artigo 112: Formatos e soportes para a conservación

1. Os documentos electrónicos que conteñan actos administrativos que afecten a dereitos ou intereses dos particulares deberán conservarse en soportes dixitais, xa sexa no mesmo formato a partir do que se orixinou o documento ou noutro calquera que asegure a identidade e a integridade da información necesaria para reproducilo. Sendo, en calquera caso, sempre preferente a conservación no seu formato orixinal, incluíndo a sinatura electrónica e metadatos.

2. Os documentos electrónicos correspondentes a procedementos finalizados deberán conservarse nun formato que permita garantir a autenticidade, integridade e conservación do documento, así como a súa consulta con independencia do tempo transcorrido desde a súa emisión, podendo para iso procederse ao cambio do seu formato orixinal ao formato de conservación, mediante a produción da correspondente copia electrónica auténtica.

3. Con todo, o establecido nos apartados anteriores, os documentos electrónicos deberanse conservar preferentemente no seu formato orixinal, incluíndo a súa sinatura electrónica e metadatos, mentres persista o seu valor probatorio.

4. O Concello da Coruña arbitrará os procedementos necesarios para o traslado de datos a outros formatos e soportes que garantan o acceso desde diferentes aplicacións.

Artigo 113: Garantías e medidas de seguridade dos arquivos electrónicos

1. Os medios ou soportes en que se almacenen documentos deberán contar con medidas de seguridade, de acordo co previsto no Esquema Nacional de Seguridade, que garantan a dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, trazabilidade, e autenticidade dos documentos.

2. En particular, o Arquivo electrónico garantirá a identificación das persoas usuarias e o control de accesos, o cumprimento das garantías previstas na lexislación de protección de datos, ademais da recuperación e conservación a longo prazo dos documentos electrónicos producidos polas administracións públicas que así o requiran, de acordo coas especificacións sobre o ciclo de vida dos servizos e sistemas utilizados.

3. O Concello da Coruña comprométese a garantir unha correcta protección e tratamento dos datos achegados pola cidadanía. O Concello adoptará as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, de acordo co previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Regulamento Europeo de Protección de Datos (Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016).

4. O modelo de xestión de documentos establecerá, en coordinación coa Política de seguridade da información e protección de datos, e coas disposicións e artigos do Real Decreto 311/2022, as medidas de seguridade aplicables ao Arquivo electrónico.

Artigo 114: Suxeición á normativa reguladora da xestión dos arquivos

1. Os proxectos que necesiten crear documentos ou expedientes electrónicos deben cumprir as directrices establecidas no modelo de xestión de documentos electrónicos correspondentes a procedementos finalizados. Ademais, será compatible cos sistemas e redes de arquivos, de acordo coa lexislación vixente, e respectará a repartición de responsabilidades sobre a custodia ou traspaso correspondente.

2. O Arquivo electrónico único será compatible coa continuidade do arquivo histórico, de acordo coa normativa estatal e autonómica correspondente.

3. A eliminación de documentos electrónicos deberá autorizarse conforme á normativa aplicable.

4. As disposicións do Regulamento do sistema integral de xestión documental e arquivo do Concello da Coruña aplicaranse tamén aos documentos en soporte electrónico.

Artigo 115: Acceso aos arquivos electrónicos

1. O acceso da cidadanía aos arquivos electrónicos rexerase polo establecido na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. O Concello da Coruña fará uso de solucións da Comunidade autónoma e/ou da Administración Xeral do Estado para a xestión de documentos e expedientes electrónicos, segundo o establecido na disposición adicional quinta.

2. O acceso doutras administracións públicas aos documentos e arquivos electrónicos regulados na presente ordenanza cando a persoa solicitante exercite o seu dereito a non achegar documentos xa achegados anteriormente ao Concello da Coruña e aos seus

organismos públicos vinculados, realizarase con plena suxeición aos límites previstos na lexislación reguladora do dereito de acceso á información pública, e sempre que a documentación non fose eliminada conforme ao previsto na normativa reguladora.

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira: Funcións do Comité estratéxico

As funcións do Comité estratéxico serán asumidas polo Comité de Seguridade da Información salvo que, por resolución da Alcaldía, se decida a súa constitución e asignación de funcións de forma independente.

Disposición adicional segunda: Xestión do Catálogo corporativo de procesos e procedementos

1. De acordo co artigo 37, relativo á xestión do Catálogo corporativo de procesos e procedementos, establécese na presente disposición que un contido obrigatorio da Sede electrónica corporativa é o Catálogo de procesos e procedementos. A información que debe aparecer para cada un deles é a seguinte:

- Nome.
- Información básica, en formato comprensible e útil para a cidadanía.
- Normativa de aplicación.
- Os formularios de solicitude e anexos asociados, no seu caso.

2. A incorporación de novos procedementos e trámites administrativos á sede electrónica deberase realizar segundo o protocolo que estableza o Comité estratéxico.

3. A información e difusión actualizada dos procedementos e trámites administrativos susceptibles de tramitación e comunicación electrónica producirase a través da sede electrónica, sen prexuízo dos medios de publicidade complementarios que resulten preceptivos ou que se estimen convenientes.

Disposición adicional terceira: Procedementos e trámites en curso

A presente ordenanza non será de aplicación aos procedementos iniciados con anterioridade á data da súa entrada en vigor.

Disposición adicional cuarta: Procedementos e trámites actuais

Os trámites e procedementos accesibles actualmente por vía electrónica, xa sexa a través da Sede electrónica ou a través doutras canles telemáticas, deberán incluírse no Catálogo previsto nesta ordenanza desde o momento da súa entrada en vigor. Neste sentido, a sede electrónica do Concello da Coruña deberá permitir, desde o momento da súa implantación,

a realización das actuacións previstas nos trámites e procedementos incluídos no Catálogo mencionado.

Disposición adicional quinta: Uso de ferramentas autonómicas ou nacionais

A entidade local fará uso de solucións da Comunidade autónoma e/ou da Administración Xeral do Estado sempre que sexa posible e constitúa unha simplificación e mellora na eficiencia dos procesos.

Disposición adicional sexta: Obriga de relación electrónica

De acordo co artigo 16 desta ordenanza, enténdese que son obrigatorias nos seguintes supostos as relacións por medios electrónicos para determinados colectivos de persoas físicas que pola súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos, quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios, sempre que así o establezan as bases das respectivas convocatorias ou dos procedementos administrativos:

- Axudas.
- Subvencións.
- Bolsas.
- Procesos selectivos e de provisión.
- Autorizacións e licenzas.
- Procesos de inscrición en determinadas actividades.
- Pagos de determinadas taxas.

Disposición adicional sétima: Esquema Nacional de Seguridade

O desenvolvemento dunha cultura de seguridade servirá para establecer as bases da protección, tanto da información confidencial, como da cidadanía, empregados/as públicos/as e empresas e institucións colaboradoras, e permitirá o control e a xestión dos riscos tecnolóxicos inherentes á implantación efectiva dun servizo de administración electrónico plural e accesible.

O desenvolvemento desta cultura sustentarase nas disposicións e artigos do Esquema Nacional de Seguridade (Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade), no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas medidas previstas fronte a danos accidentais ou deliberados que poidan afectar á

dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, trazabilidade e autenticidade da información tratada, ou os servizos prestados na sede electrónica, establecidas no documento de Política de seguridade da información e protección de datos do Concello da Coruña, política nacida ao amparo do artigo 12 do Esquema Nacional de Seguridade.

Disposición adicional oitava: Mapa de intercambio de datos

1. A entidade local debe aprobar un mapa de intercambio de datos co obxectivo de facilitar a localización e o acceso aos datos e a información elaborada polos suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza que sexan necesarios para os efectos previstos nesta ordenanza.

2. O mapa de intercambio de datos debe conter, polo menos, a información do organismo público ou entidade titular dos datos e documentos, e as condicións, protocolos e criterios funcionais ou técnicos para acceder dixitalmente a estes datos. O sistema que dea apoio ao Mapa de intercambio de datos debe ser interoperable con catálogos de natureza análoga doutras administracións públicas.

Disposición adicional novena: Rexistro de consentimentos

O Comité estratéxico creará un rexistro de consentimentos, que recollerá os datos relativos ao consentimento das persoas ás que se prestan os servizos proactivos e personalizados, establecido no artigo 47 desta ordenanza.

Disposición adicional décima: Autorización ao persoal das oficinas de atención cidadá con funcións de asistencia en materia de rexistro para que poida acceder ao espazo privado das persoas

O persoal das oficinas de atención cidadá con funcións de asistencia en materia de rexistro poderá acceder ao contido do espazo privado da persoa interesada, co seu consentimento previo e, se procede, recibir as notificacións correspondentes.

Disposición adicional undécima: Facturación electrónica

Exclúese da obriga por parte dos/das empresarios/as individuais e autónomos/as a presentación de facturas a través da sede electrónica de todas aquelas facturas cuxo importe sexa inferior a 5.000 euros.

Disposición adicional duodécima: Incidencias técnicas

De acordo co artigo 76, naqueles supostos nos que se produza unha incidencia técnica que imposibilite o correcto funcionamento do rexistro electrónico, o servizo de Informática publicará un informe técnico na Sede electrónica e/ou no BOP comunicando a incidencia. O/os servizo/s que vexa/n afectados os seus prazos ou considere/n que necesita ampliar os mesmos, debido á proximidade do vencemento destes, ditará unha resolución igualmente publicada na canle que proceda para ese efecto.

Disposición derrogatoria única

Cando entre en vigor a presente ordenanza, quedará derrogada a Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello da Coruña, aprobada de forma definitiva no pleno celebrado o 6 de outubro de 2014 e publicada no BOP número 199 do 17 de outubro de 2014, así como calquera outra disposición municipal en materia de administración dixital e electrónica que se opoña ao establecido neste texto.

Disposicións finais

Disposición final primeira: Desenvolvemento e execución da ordenanza

Atribúese á persoa titular da Alcaldía, ou ben á persoa titular da concellaría na que delegue a Alcaldía, a aprobación daquelas instrucións e directrices que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta ordenanza no ámbito da Administración municipal, dándolle difusión ás mesmas a través da sede electrónica e dos medios que se estimen oportunos para garantir o seu coñecemento.

Disposición final segunda: Fase inicial de implantación da ordenanza

Na fase inicial de implantación desta ordenanza funcionarán como oficinas de asistencia en materia de rexistro as oficinas dos rexistros municipais situados no Palacio de María Pita, no Ágora, no Fórum Metropolitano e no edificio económico-tributario emprazado na rúa da Franxa, sen prexuízo de incorporar no futuro outras dependencias a ese listado.

Funcionarán, así mesmo, como puntos especializados de apoio para a realización de trámites en determinadas materias, que prestan labores auxiliares de rexistro e dixitalización, os rexistros que operan na actualidade como sectoriais ou especializados nunha materia determinada, como é o caso do habilitado especificamente para actuacións e xestións urbanísticas.

Durante a fase de implantación desta ordenanza, o Concello da Coruña habilitará os medios e mecanismos necesarios para facilitar o acceso electrónico e as relacións por medios electrónicos coa Administración daquelas persoas, empresas, entidades e persoal municipal que elixan esa forma de comunicación ou ben que estean obrigados a usar esa canle en virtude da aplicación desta ordenanza e que acrediten dificultades para a dispoñibilidade dos recursos necesarios.

Disposición final terceira: Variacións nas denominacións da ordenanza

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, o Concello poderá realizar as seguintes variacións nas denominacións recollidas na ordenanza, que en ningún caso comportarán a obriga de modificar a mesma:

-O cambio na denominación de centros, organismos e unidades responsables derivadas de reordenacións organizativas incluirán unha mención expresa a que centro, organismo ou

unidade substitúen dos previstos nesta ordenanza, o cal será obxecto de difusión a través da sede electrónica.

Disposición final cuarta: Establecemento de novos procedementos e trámites

A partir da entrada en vigor desta ordenanza, calquera posta en marcha que se efectúe de novos procedementos e trámites administrativos, ou modificación dos existentes, deberá prever a posibilidade da súa tramitación por medios telemáticos e axustarase ás condicións e aos requisitos previstos nesta ordenanza.

Disposición final quinta: Implantación e posta en marcha dos sistemas

A sede electrónica, o rexistro electrónico, o taboleiro de edictos electrónico e demais sistemas e instrumentos da entidade local que se mencionan na presente ordenanza implantaranse e entrarán en funcionamento cando se aproben as disposicións que desenvolvan as súas previsións, en función das dispoñibilidades de medios tecnolóxicos necesarios para o efecto, nun prazo non superior a dous anos.

Disposición final sexta: Entrada en vigor dos dereitos e deberes recoñecidos na ordenanza

Os dereitos e deberes recollidos nesta ordenanza, en relación coa totalidade dos procedementos e actuacións de competencia municipal, poderán ser exercidos, no caso de que precisen dun desenvolvemento específico, cando se aproben as disposicións oportunas e cando a entidade local teña xa en marcha os sistemas e as tecnoloxías pertinentes en cada caso.

Disposición final sétima: Entrada en vigor

De conformidade co disposto nos artigos 56.1, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 1 de abril, reguladora das bases do réxime local, a publicación e entrada en vigor desta ordenanza producirase da seguinte forma:

-O acordo de aprobación definitiva da presente ordenanza comunicarase desde o Concello á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia, en virtude do artigo 65.2, que establece a obriga das entidades locais de remitir ás administración mencionadas copia ou extracto dos actos e acordos que adopten.

-De conformidade co artigo 70.2, as ordenanzas, así como os acordos correspondentes ás mesmas cuxa aprobación definitiva sexa competencia dos entes locais, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2. A ordenanza reguladora da administración dixital no Concello da Coruña, tras a súa aprobación definitiva e envío do acordo ás administracións estatal e autonómica, publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Portal municipal de transparencia, entrando en vigor ao día seguinte da publicación do texto definitivo no BOP.

Intervencións

Presidencia

Neste punto ten a palabra en primeiro lugar o voceiro do Goberno municipal e despois haberá unha quenda de cinco minutos por cada concelleira non adscrita ou Grupo Municipal.

Señor Lage, dámoslle a benvida a este pleno. Aproveito, en nome da Corporación, para felicitalo pola súa recente paternidade, así como aproveito para felicitar á Corporación 2019-2023 porque coido que debe ser a máis prolífica da Democracia grazas ás desinteresadas contribucións ó incremento da natalidade do señor Lema, a señora Veira, a señora Sobral ós que se une agora o señor Lage. Parece que a bancada da esquerda contribúe ó incremento desa pirámide poboacional.

Non se ría, señor Deus, podemos contar o seu neto como membro tamén desta corporación a efectos estatísticos, só sexa por levar o título orgullosamente.

Aínda lles quedan tres meses, xa saben o que hai que facer.

Señor Lage, o seu turno.

Señor Lage Tuñas

Bo día a todas e a todos. Moitas grazas, señora alcaldesa, grazas a tódolos membros da Corporación.

Traemos hoxe aquí, a Pleno, a aprobación inicial da Ordenanza de administración dixital. Este concello deu un paso adiante moi relevante o 6 de outubro do 2014 coa aprobación da Ordenanza reguladora da administración electrónica. Hai que recoñecer que as

Intervenciones

Presidencia

En este punto tiene la palabra en primer lugar el portavoz del Gobierno municipal y después habrá un turno de cinco minutos por cada concejala no adscrita o Grupo Municipal.

Señor Lage, le damos la bienvenida a este pleno. Aprovecho, en nombre de la Corporación, para felicitarlo por su reciente paternidad, así como aprovecho para felicitar a la Corporación 2019-2023 porque creo que debe ser la más prolífica de la Democracia gracias a las desinteresadas contribuciones al incremento de la natalidad del señor Lema, la señora Veira, la señora Sobral a los que se une ahora el señor Lage. Parece que la bancada de la izquierda contribuye al incremento de esa pirámide poblacional.

No se ría, señor Deus, podemos contar a su nieto como miembro también de esta corporación a efectos estadísticos, solo sea por llevar el título orgullosamente.

Aún les quedan tres meses, ya saben lo que hay que hacer.

Señor Lage, su turno.

Señor Lage Tuñas

Buenos días a todas y a todos. Muchas gracias, señora alcaldesa, gracias a todos los miembros de la Corporación.

Traemos hoy aquí, a Pleno, la aprobación inicial de la Ordenanza de administración digital. Este ayuntamiento dio un paso adelante muy relevante el 6 de octubre de 2014 con la aprobación de la Ordenanza reguladora de la administración electrónica. Hay que reconocer que las

administracións públicas non aplicaron todas o mesmo ritmo que a sociedade respecto das novas ferramentas dixitais. Eu, o de novas, creo que xa se pode suprimir porque algunhas que eran novas, pois xa van quedando vellas, non?. Ferramentas dixitais que foron xurdindo neste século e que serven, ou deberían de servir, para facilitar a vida ás persoas. O paso dado no 2014 permitiu traballar nesa dirección dunha necesaria actualización abrindo para as persoas unha nova forma de relacionarse coa Administración na que durante o actual mandato temos afondado dun xeito significativo.

administraciones públicas no aplicaron todas el mismo ritmo que la sociedad respecto a las nuevas herramientas digitales. Yo, lo de nuevas, creo que ya se puede suprimir porque algunas que eran nuevas, pues ya se van quedando viejas, ¿no?. Herramientas digitales que fueron surgiendo en este siglo y que sirven, o deberían servir, para facilitar la vida a las personas. El paso dado en 2014 permitió trabajar en esa dirección de una necesaria actualización abriendo para las personas una nueva forma de relacionarse con la Administración en la que durante el actual mandato hemos ahondado de una manera significativa.

Hoxe é posible realizar ata 85 trámites a través da nosa sede electrónica, o cal ten suposto un cambio moi relevante nas relacións da Administración coa cidadanía e tamén —por que non decilo— moi marcado polo que sucedeu neste mandato, que como todos recordamos é unha pandemia que desde logo, pois supón un antes e un despois en moitas cousas tamén nas relacións entre a cidadanía e unha administración. Hoxe é posible tamén aboar o bus mediante o uso dunha aplicación móbil. Hoxe é posible que un reciba un certificado de empadronamento dirixíndose ó Concello cunha simple comunicación, un simple correo electrónico. Cuestións todas do día a día que se foron resolvendo ó longo destos casi catro anos e ese paso que damos hoxe, pois é un necesario acompañamento dunha ordenación e dunha regulación, non? Hoxe damos un paso marcando unha necesaria folla de ruta para dar un mellor servizo á sociedade.

Hoy es posible realizar hasta 85 trámites a través de nuestra sede electrónica, lo cual ha supuesto un cambio muy relevante en las relaciones de la Administración con la ciudadanía y también —por que no decirlo— muy marcado por lo que sucedió en este mandato, que como todos recordamos es una pandemia que desde luego, pues supone un antes y un después en muchas cosas también en las relaciones entre la ciudadanía y una administración. Hoy es posible también abonar el bus mediante el uso de una aplicación móvil. Hoy es posible que uno reciba un certificado de empadronamiento dirigiéndose al Ayuntamiento con una simple comunicación, un simple correo electrónico. Cuestiones todas del día a día que se fueron resolviendo a lo largo de estos casi cuatro años y ese paso que damos hoy, pues es un necesario acompañamiento de una ordenación y de una regulación, ¿no? Hoy damos un paso marcando una necesaria hoja de ruta para dar un mejor servicio a la sociedad.

Esta ordenanza reguladora da administración dixital comeza a súa andadura o 5 de outubro do ano pasado. Por que comeza o 5 de outubro do ano

Esta ordenanza reguladora de la administración digital comienza su andadura el 5 de octubre del año pasado. ¿Por qué comienza el 5 de octubre del año

pasado? Bueno, pois cun período de consulta pública previa e hoxe vén a aprobación inicial. É dicir, houbo un tempo onde poido haber aportacións por parte de calquera cidadán e iso tamén inclúe, pois a toda a sociedade civil organizada e tamén as propias organizacións políticas.

pasado? Bueno, pues con un período de consulta pública previa y hoy viene la aprobación inicial. Es decir, hubo un tiempo donde pudo haber aportaciones por parte de cualquier ciudadano y eso también incluye, pues a toda la sociedad civil organizada y también a las propias organizaciones políticas.

Esta nova ordenanza nace cunha premisa clara, a de simplificar os trámites ós cidadáns facendo máis fácil a súa relación coa Administración. Malia o seu nome, a Ordenanza non pretende impor un sistema de relación dixital único coa Administración, senón que se ven o contido da propia Ordenanza, o que regula é precisamente, digamos que nun sentido contrario, no de darlle cobertura a todas aquelas persoas que pola causa que sexa teñen dificultades ou non empregan os medios dixitais para a realización dos seus trámites.

Esta nueva ordenanza nace con una premisa clara, la de simplificar los trámites a los ciudadanos haciendo más fácil su relación con la Administración. A pesar de su nombre, la Ordenanza no pretende imponer un sistema de relación digital único con la Administración, sino que si ven el contenido de la propia Ordenanza, lo que regula es precisamente, digamos que en un sentido contrario, en el de darle cobertura a todas aquellas personas que por la causa que sea tienen dificultades o no emplean los medios digitales para la realización de sus trámites.

Non é un tema menor. Nun mundo no que a dixitalización avanza a un ritmo que deixa atrás a moitos dos que non teñen acceso a ela, as administracións debemos salvagardar os dereitos de quen non ten a capacidade, os medios ou os coñecementos para empregar estas ferramentas.

No es un tema menor. En un mundo en el que la digitalización avanza a un ritmo que deja atrás a muchos de los que no tienen acceso a ella, las administraciones debemos salvaguardar los derechos de quien no tiene la capacidad, los medios o los conocimientos para emplear estas herramientas.

A Ordenanza que hoxe presentamos ten un obxectivo claro, ten obxectivos claros: diminuír o tempo de resolución de trámites, simplificar e automatizar os procedementos e incrementar a interoperabilidade, que supón nin máis, nin menos, que evitarlle ós cidadáns a realización de trámites redundantes e a aportación de documentos innecesarios.

La Ordenanza que hoy presentamos tiene un objetivo claro, tiene objetivos claros: disminuir el tiempo de resolución de trámites, simplificar y automatizar los procedimientos e incrementar la interoperabilidad, que supone ni más, ni menos, que evitarle a los ciudadanos la realización de trámites redundantes y la aportación de documentos innecesarios.

E aquí quero determe, seguramente con algo que alguén pode considerar moi anecdótico, pero que tirando da propia experiencia persoal como usuario, dende

Y aquí quiero detenerme, seguramente con algo que alguien puede considerar muy anecdótico, pero que tirando de la propia experiencia personal como

moi cativo sempre me chamou algo moitísimo a atención, que nunha administración houbera sempre que presentar os mesmos documentos 20, 30, 40, 50, 80 veces. Eu sempre me preguntaba cando non era maior de idade por que había que aportar o documento nacional de identidade, o libro de familia, o certificado de... E se facía para moitísimas cousas, cando a propia administración xa tiña eses documentos. Bueno, pois pode parecer, en fin, unha anécdota menor. Eu creo que afecta á meirande parte da cidadanía e eu creo que moitísimos nos temos sempre feito esa pregunta: por que hai que facer sempre a fotocopia de, entregar sempre o mesmo documento se xa llo levei fai tres meses para isto ou se xa llo levei fai seis meses para esto. Bueno, o funcionario ou funcionaria facía o seu traballo e rexíase polas normas e polas instrucións que desenvolven as tarefas dunha administración. O cometido que temos os responsables políticos é facer que iso deixe de ser unha realidade e quede, pois na anécdota, a historia. É dicir, que poidamos pasar a contalo como aquelo que pasaba antes.

usuario, desde muy niño siempre me llamó algo muchísimo la atención, que en una administración hubiera siempre que presentar los mismos documentos 20, 30, 40, 50, 80 veces. Yo siempre me preguntaba cuando no era mayor de edad por qué había que aportar el documento nacional de identidad, el libro de familia, el certificado de... Y se hacía para muchísimas cosas, cuando la propia administración ya tenía esos documentos. Bueno, pues puede parecer, en fin, una anécdota menor. Yo creo que afecta a la mayor parte de la ciudadanía y yo creo que muchísimos nos hemos siempre hecho esa pregunta: por qué hay que hacer siempre la fotocopia de, entregar siempre el mismo documento si ya se lo llevé hace tres meses para esto o si ya se lo llevé hace seis meses para esto. Bueno, el funcionario o funcionaria hacía su trabajo y se regía por las normas y por las instrucciones que desarrollan las tareas de una administración. El cometido que tenemos los responsables políticos es hacer que eso deje de ser una realidad y quede, pues en la anécdota, la historia. Es decir, que podamos pasar a contarlo como aquello que pasaba antes.

Por desgraza segue pasando, polo tanto, o que podemos facer dende o Concello da Coruña é dar pasos para que iso se evite e, bueno, pois forme parte xa da historia, non? Que sentido ten hoxe en día que as administracións sigan a solicitarlle a fotocopia do DNI cando a persoa que se presenta leva un orixinal que ademais pode ser electrónico e se pode facer unha comprobación claramente? Que sentido ten que se obrigue os cidadáns a presentar copias de documentos que xa obran en poder da propia administración ou que esta pode ter acceso aínda que sexan doutra administración? Que sentido ten que se lle volva a solicitar a un cidadán un documento que xa se lle pedira con

Por desgracia sigue pasando, por lo tanto, lo que podemos hacer desde el Ayuntamiento de A Coruña es dar pasos para que eso se evite y, bueno, pues forme parte ya de la historia, ¿no? ¿Qué sentido tiene hoy en día que las administraciones sigan solicitándole la fotocopia del DNI cuando la persona que se presenta lleva un original que además puede ser electrónico y se puede hacer una comprobación claramente? ¿Qué sentido tiene que se obligue los ciudadanos a presentar copias de documentos que ya obran en poder de la propia administración o que esta puede tener acceso aunque sean de otra administración? ¿Qué sentido tiene que se le vuelva a solicitar a un ciudadano un

anterioridade.

Ás dez horas e trinta e catro minutos sae do Salón de Sesións o señor Martínez Durán.

Bueno, pois todo isto deberá desaparecer cando se desenvolva esta ordenanza que presentamos hoxe, que nace baixo unhas premisas moi concretas, sendo a primeira delas a de ofrecer un mellor servizo á cidadanía, a simplificación administrativa, o impulso dos medios dixitais, a transparencia.

A participación e eficiencia son tamén premisas desta norma que debe de servir para aforrar tempos ós administrados, mais tamén para reducir o uso do papel e a axilización dos procesos internos. Como explicaba ó inicio, trátase de ofrecer mellores ferramentas dixitais para facerlle a vida máis sinxela ós cidadáns, mais tamén para blindar coa normativa aquelas persoas que pola razón que sexa non fan uso desas ferramentas, substancialmente —non nos enganemos— substancialmente por unha fenda dixital existente e real que seguramente non se pode enmarcar cuantificando en cuestións biolóxicas, pero que a ninguén se lle escapa que tamén teñen moito que ver o tempo no que cada un se desenvolveu, se educou ou simplemente naceu, non?

Neste sentido, o Concello contará cunha rede de puntos de atención persoal que se porá en marcha inicialmente en María Pita, Ágora, Fórum e Franxa. Estos catro puntos serán catro puntos da rede de atención persoal que terá o Concello e que ó longo do mes de abril, ó longo do mes que vén, poderán poñerse en marcha. A idea é estendelo máis adiante a outros servizos. É dicir, que o conxunto da Administración municipal poida

documento que ya se le había pedido con anterioridad?

A las diez horas y treinta y cuatro minutos sale del Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.

Bueno, pues todo esto deberá desaparecer cuando se desarrolle esta ordenanza que presentamos hoy, que nace bajo unas premisas muy concretas, siendo la primera de ellas la de ofrecer un mejor servicio a la ciudadanía, la simplificación administrativa, el impulso de los medios digitales, la transparencia.

La participación y eficiencia son también premisas de esta norma que debe servir para ahorrar tiempos a los administrados, pero también para reducir el uso del papel y la agilización de los procesos internos. Como explicaba al inicio, se trata de ofrecer mejores herramientas digitales para hacerle la vida más sencilla a los ciudadanos, pero también para blindar con la normativa aquellas personas que por la razón que sea no hacen uso de esas herramientas, sustancialmente —no nos engañemos— sustancialmente por una brecha digital existente y real que seguramente no se puede enmarcar cuantificando en cuestiones biológicas, pero que a nadie se le escapa que también tienen mucho que ver el tiempo en el que cada uno se desarrolló, se educó o simplemente nació, ¿no?

En este sentido, el Ayuntamiento contará con una red de puntos de atención personal que se pondrá en marcha inicialmente en María Pita, Ágora, Fórum y Franja. Estos cuatro puntos serán cuatro puntos de la red de atención personal que tendrá el Ayuntamiento y que a lo largo del mes de abril, a lo largo del mes que viene, podrán ponerse en marcha. La idea es extenderlo más adelante a otros servicios. Es decir, que el

atender co, digamos, co modelo que se implante nesta rede de puntos de atención persoal, Rexistro de María Pita, Ágora, Fórum e a Franxa, para dar o mellor servicio que poidamos á cidadanía. Estos puntos de atención persoal serán atendidos por funcionarios habilitados que non só informarán os que así o soliciten, senón que poderán axudarlle ás persoas a completar os trámites a aquelas persoas que así o requiran porque non saiban como facer eses trámites.

conjunto de la Administración municipal pueda atender con el, digamos, con el modelo que se implante en esta red de puntos de atención personal, Registro de María Pita, Ágora, Fórum y la Franja, para dar el mejor servicio que podamos a la ciudadanía. Estos puntos de atención personal serán atendidos por funcionarios habilitados que no solo informarán a los que así lo soliciten, sino que podrán ayudar a las personas a completar los trámites a aquellas personas que así lo requieran porque no sepan cómo hacer esos trámites.

Ás dez horas e trinta e seis minutos entra no Salón de Sesións o señor Martínez Durán.

A las diez horas y treinta y seis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.

As ferramentas dixitais son e serán cada día máis importantes na nosa sociedade, non obstante, a diferencia do que acontece noutros sectores, nós temos a obriga como administración pública de acompañar tamén a aqueles que non teñen acceso ó mundo dixital, facendo que poidan beneficiarse das súas ventaxas. Por iso esta rede de puntos de atención persoal, o que abre é un carril, unha porta de entrada á Administración sen barreiras de ningún tipo. A cita previa facilita a organización do traballo, facilita a organización do traballo tamén de funcionarios e funcionarias, facilita que os servizos poidan organizarse mellor e facilita que os cidadáns podan coñecer unha franxa horaria de referencia para non ter que estar facendo colas ou para poder planificar a súa vida, incluso durante o periplo laboral no que teñen ó mellor un tempo moi acotado para poder desprazarse e facer unha xestión, e está ben, pero ó mesmo tempo, con esta rede de puntos de atención persoal o que perseguimos é que o acceso á información, poder facer trámites e se poida resolver tamén por parte daqueles que non teñen destrezas

Las herramientas digitales son y serán cada día más importantes en nuestra sociedad, no obstante, a diferencia de lo que acontece en otros sectores, nosotros tenemos el deber como administración pública de acompañar también a aquellos que no tienen acceso al mundo digital, haciendo que puedan beneficiarse de sus ventajas. Por eso esta red de puntos de atención personal, lo que abre es un carril, una puerta de entrada a la Administración sin barreras de ningún tipo. La cita previa facilita la organización del trabajo, facilita la organización del trabajo también de funcionarios y funcionarias, facilita que los servicios puedan organizarse mejor y facilita que los ciudadanos puedan conocer una franja horaria de referencia para no tener que estar haciendo colas o para poder planificar su vida, incluso durante el periplo laboral en el que tienen a lo mejor un tiempo muy acotado para poder desplazarse y hacer una gestión, y está bien, pero al mismo tiempo, con esta red de puntos de atención personal lo que perseguimos es que el acceso a la información, poder hacer trámites y se pueda resolver también por parte de

dixitais, que teñen dificultades ou que de forma imprevista necesitan facer un trámite, porque ás veces sucede e non todo se pode planificar e non todo pode facerse de maneira cuadriculada. É dicir, eu recoñezo que me gusta o orde e a planificación, a veces non o consigo, pero a veces xurden situacións e para iso a Administración ten que estar ó servizo do cidadán, o que non pode ser é que a Administración sexa unha barreira para o cidadán.

aquellos que no tienen destrezas digitales, que tienen dificultades o que de forma imprevista necesitan hacer un trámite, porque a veces sucede y no todo se puede planificar y no todo puede hacerse de manera cuadriculada. Es decir, yo reconozco que me gusta el orden y la planificación, a veces no lo consigo, pero a veces surgen situaciones y para eso la Administración tiene que estar al servicio del ciudadano, lo que no puede ser es que la Administración sea una barrera para el ciudadano.

Dicía que o acceso á información, o seguimento dos expedientes, a presentación de documentos e a realización de trámites, deben ser máis rápidos a partir desta ordenanza e deben de requirir menos adicación por parte dos cidadáns. No fondo trátase de algo moi simple e que non podemos perder nunca de vista: estamos aquí para servir os cidadáns e non para poñerlle trabas ou problemas. Isto non é só un desexo, é unha ferramenta normativa e polo tanto con esta ordenanza non se acaba nada, é o comezo dun camiño para que o que poñemos nun papel se poida desenvolver e executar. Que significa? Que non se pasa de cero a cen, non se pasa de cero a cen, pero algún día había que facelo e, polo tanto, creo que isto atreveríame a dicir que é difícil que algún grupo político non concorde con isto. Creo que é un desexo compartido, creo que ninguén pretende outro tipo de situacións e polo tanto, bueno, creo que estamos diante dun paso relevante.

Decía que el acceso a la información, el seguimiento de los expedientes, la presentación de documentos y la realización de trámites, deben ser más rápidos a partir de esta ordenanza y deben requerir menos dedicación por parte de los ciudadanos. En el fondo se trata de algo muy simple y que no podemos perder nunca de vista: estamos aquí para servir a los ciudadanos y no para ponerle trabas o problemas. Esto no es solo un deseo, es una herramienta normativa y por lo tanto con esta ordenanza no se acaba nada, es el comienzo de un camino para que lo que ponemos en un papel se pueda desarrollar y ejecutar. ¿Qué significa? Que no se pasa de cero a cien, no se pasa de cero a cien, pero algún día había que hacerlo y, por lo tanto, creo que esto me atrevería a decir que es difícil que algún grupo político no concuerde con esto. Creo que es un deseo compartido, creo que nadie pretende otro tipo de situaciones y por lo tanto, bueno, creo que estamos delante de un paso relevante.

É unha aprobación inicial, aínda que houbo tempo na consulta pública, todos os aspectos que poda haber de mellora, loxicamente o Goberno municipal está aberto a recibir propostas que melloren esta ordenanza.

Es una aprobación inicial, aunque hubo tiempo en la consulta pública, todos los aspectos que pueda haber de mejora, lógicamente el Gobierno municipal está abierto a recibir propuestas que mejoren esta ordenanza.

Nada máis e moitas grazas.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage.

Iniciamos o debate. Señora Faraldo, ten a palabra, cinco minutos.

Perdón, señora Soneira, ten a palabra.

Señora Soneira Lema

Gracias, señora alcaldesa.

Bos días a todos os membros da Corporación municipal, funcionarios que están hoxe aquí, medios de comunicación, veciños e veciñas que están na tribúa e veciños e veciñas que nos siguen por *streaming.*

O Concello debe ter sempre como obxectivo principal o servizo cidadán e a mellora da súa calidade de vida. Pois ben, se trata hoxe de aprobar a Ordenanza reguladora da administración dixital que é unha iniciativa dirixida a ese fin, é dicir, a mellorar os servizos ofrecidos á cidadanía, ás empresas e ás demais institucións públicas e privadas desde a Administración municipal. Coido que esta ordenanza despois de incluír as cuestións técnicas propostas pola Secretaría no informe, cumpre cos preceptos legais e coa súa aplicación espero que mellore amplamente a relación telemática, axilizando a interoperabilidade e o intercambio de datos de maneira eficiente e segura.

Por tanto, o meu voto vai a ser favorable.

Presidencia

Moitas grazas, señora Soneira.

Agora si, señora Faraldo.

Presidencia

Muchas gracias, señor Lage.

Iniciamos el debate. Señora Faraldo, tiene la palabra, cinco minutos.

Perdón, señora Soneira, tiene la palabra.

Señora Soneira Lema

Gracias, señora alcaldesa.

Buenos días a todos los miembros de la Corporación municipal, funcionarios que están hoy aquí, medios de comunicación, vecinos y vecinas que están en la tribuna y vecinos y vecinas que nos siguen en directo.

El Ayuntamiento debe tener siempre como objetivo principal el servicio ciudadano y la mejora de su calidad de vida. Pues bien, se trata hoy de aprobar la Ordenanza reguladora de la administración digital que es una iniciativa dirigida la ese fin, es decir, a mejorar los servicios ofrecidos a la ciudadanía, a las empresas y a las demás instituciones públicas y privadas desde la Administración municipal. Creo que esta ordenanza después de incluir las cuestiones técnicas propuestas por la Secretaría en el informe, cumple con los preceptos legales y con su aplicación espero que mejore ampliamente la relación telemática, agilizando la interoperabilidad y el intercambio de datos de manera eficiente y segura.

Por tanto, mi voto va a ser favorable.

Presidencia

Muchas gracias, señora Soneira.

Ahora sí, señora Faraldo.

Señora Faraldo Calvo

Bo día, alcaldesa, concelleiros e concelleiras, persoal traballador do Concello, prensa, veciñanza xa sexa en directo ou por *streaming.*

Señor Lage, únome ós parabéns da alcaldesa e sei que de toda a Corporación por esa nova vida.

Falaremos hoxe tamén dos apoios ás mobilizacións sobre o 8M, pero quero tamén sinalar aquí hoxe unha concentración que coida precisamente a vida e que terá lugar mañán, unha concentración, ás 8 da tarde no Obelisco promovida por Mundo sen vidas pedindo... perdón, Mundo sen Guerras, pedindo o fin da guerra pola vía diplomática esgotando ata a extenuación as vías de diálogo e de negociación. Non quero deixar de lembralo e de invitar a todo o mundo a asistencia a esa concentración.

Ás dez horas e trinta e nove minutos sae do Salón de Sesións a señora Soneira Lema.

Eu quero darlle as grazas porque non teñen unha posición frontal frente á Ordenanza e, polo tanto, creo que imos a avanzar substancialmente no que nos trae hoxe aquí neste punto. Creo que é importante. É importante que lle fagamos máis fácil a vida ós cidadáns, que é para o que estamos. Polo tanto, a Ordenanza é un bo punto de partida e eu creo que a rede de catro puntos de atención personalizada con funcionarios habilitados para axudarlle á xente a facer

magnífica, eso también, pero también de todos los concejales y concejalas porque quiere decir que fuimos capaces de ponernos de acuerdo en muchas cosas.

Bueno, a lo mejor, claro, les parece poco, digamos, propio de estas fechas en las que bueno, pues creen que hay que digamos destacar las diferencias. Puedo entenderlo. La señora Gallego marcó los 88 días, y tal. Bueno, siempre marca un poco la diferencia, tengo que decírselo, señora Gallego. Sabe que además se lo dije el otro día: no la voy a alabar porque seguramente con eso lo que hago es perjudicarla, pero en cualquiera caso... Sí, la señora Gallego lo sabe porque yo llegué a leer que había..., vamos, que los concejales venían al Pleno y votaban sin leer la documentación, y yo dije: no sé, a lo mejor le puede pasar a alguien. Creo que nadie lo hace, ¿eh?, le dije, pero si tengo claro algo es que Rosa Gallego lee los expedientes y los trámites. No vota nada sin leerlo. ***(Se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención).*** *Entonces, después la verdad es que pensaba: bueno, a ver si le estoy perjudicando porque a veces en política, por desgracia, cuando se reconoce que la gente tiene cierta capacidad y competencia, pues a alguna gente no le gusta. Se pueden tener diferencias y reconocer las capacidades de las personas.*

Yo quiero darle las gracias porque no tienen una posición frontal frente a la Ordenanza y, por lo tanto, creo que vamos a avanzar sustancialmente en lo que nos trae hoy aquí en este punto. Creo que es importante. Es importante que le hagamos más fácil a vida a los ciudadanos, que es para lo que estamos. Por lo tanto, la Ordenanza es un buen punto de partida y yo creo que la red de cuatro puntos de atención personalizada con funcionarios habilitados para ayudar a la gente a hacer

os trámites vai ser un salto cualitativo, vai ser un salto cualitativo. Polo tanto, darlle as gracias e compartir que estemos na mesma posición.

Dito isto **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)**, a señora alcaldesa comprometeu que íbamos a presentar un orzamento e o presentaremos, señor Jorquera. O que pasa é que vostede ten que poñerse de acordo consigo mesmo porque dixo, vostede dixo neste mesmo salón de plenos... si, si, si o dixo. Dixo que... O dixo, que o discuteu despois cos da Marea, ou non se acorda que o discutiu, que uns querían presupuesto e outros non? A ver se agora resulta que eu... Home, é certo que ó mellor estou así un pouco desentrenado, e tal, pero si que o dixo, señor Jorquera.

Presidencia

Desentrenado non está, que vai mal de tempo. Remate a intervención, por favor.

Señor Lage Tuñas

Bueno, pois señor Jorquera, haberá proposta de orzamento, pero están todos xogando ó gato e ó rato. Veñen a falar dos días que quedan para as eleccións e hai vida máis alá das eleccións e do 28 de maio. Queden tranquilos todos e todas.

Presidencia

Moitas grazas.

Procedemos á votación deste punto para cuxa aprobación se require maioría simple do Pleno.

Votación do asunto número dous

los trámites va a ser un salto cualitativo, va a ser un salto cualitativo. Por lo tanto, darle las gracias y compartir que estemos en la misma posición.

Dicho esto ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)****, la señora alcaldesa comprometió que íbamos a presentar un presupuesto y lo presentaremos, señor Jorquera. Lo que pasa es que usted tiene que ponerse de acuerdo consigo mismo porque dijo, usted dijo en este mismo salón de plenos... sí, sí, sí lo dijo. Dijo que... Lo dijo, que lo discutió después con los de la Marea, ¿o no se acuerda que lo discutió, que unos querían presupuesto y otros no? A ver si ahora resulta que yo... Hombre, es cierto que a lo mejor estoy así un poco desentrenado, y tal, pero sí que lo dijo, señor Jorquera.*

Presidencia

Desentrenado no está, que va mal de tiempo. Finalice la intervención, por favor.

Señor Lage Tuñas

Bueno, pues señor Jorquera, habrá propuesta de presupuesto, pero están todos jugando al gato y al ratón. Vienen a hablar de los días que quedan para las elecciones y hay vida más allá de las elecciones y del 28 de mayo. Quédense tranquilos todos y todas.

Presidencia

Muchas gracias.

Procedemos a la votación de este punto para cuya aprobación se requiere mayoría simple del Pleno.

Votación del asunto número dos

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número dous relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 abstencións).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto)

Presidencia

Grazas. Queda aprobado.

Acordo

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da administración dixital no Concello da Coruña cuxo texto se une como anexo.

Segundo.- Publicar o texto aprobado no taboleiro de edictos municipal e no Boletín Oficial da Provincia a efectos do seu sometemento ao trámite de información pública e audiencia ás persoas interesadas polo prazo de 30 días para a posible presentación de reclamacións e suxestións.

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número dos relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 abstenciones).

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto)

Presidencia

Gracias. Queda aprobado.

Acuerdo

Primero.- Aprobar inicialmente la Ordenanza reguladora de la administración digital en el Concello de A Coruña cuyo texto se une como anexo.

Segundo.- Publicar el texto aprobado en el tablón de edictos municipal y en el Boletín Oficial de la Provincia a efectos de su sometimiento al trámite de información pública y audiencia a las personas interesadas por el plazo de 30 días para la posible presentación de reclamaciones y sugerencias.

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN DIXITAL NO CONCELLO DA CORUÑA

ÍNDICE

Preámbulo

Título I: Preliminar

Capítulo 1: Disposicións Xerais

Artigo 1: Obxecto

Artigo 2: Ámbito de aplicación subxectivo

Artigo 3: Ámbito de aplicación obxectivo

Artigo 4: Finalidades

Artigo 5: Principios xerais da administración dixital

Artigo 6: Principios organizativos da administración dixital

Artigo 7: Principios de difusión da información administrativa dixital

Artigo 8: Principios de acceso dixital da cidadanía ao procedemento administrativo

Artigo 9: Principios de promoción da cooperación interadministrativa en materia de administración dixital

Capítulo 2: Dereitos e deberes da cidadanía en relación coa administración dixital

Sección primeira: Dereitos e deberes da cidadanía

Artigo 10: Dereitos da cidadanía no ámbito da administración dixital

Artigo 11: Deberes da cidadanía no ámbito da administración dixital

Artigo 12: Sistema de garantía dos dereitos e deberes

Sección segunda: Dereito das persoas interesadas a non achegar documentos

Artigo 13: Lexitimación para a consulta de datos e documentos

Artigo 14: Valor probatorio das consultas

Sección terceira: Obriga de relación electrónica

Artigo 15: Obriga de relacionarse electronicamente coa administración da entidade local

Artigo 16: Obriga das persoas físicas a relacionarse electronicamente

Capítulo 3: Gobernanza da administración dixital

Artigo 17: Comité estratéxico

Artigo 18: Implantación da administración dixital

Artigo 19: Participación das persoas na administración dixital

Artigo 20: Administración dixital e persoal público

Artigo 21: Planificación da despregadura e avaliación da administración dixital

Capítulo 4: Rede de apoio á administración dixital

Artigo 22: Oficinas de atención presencial

Artigo 23: Tipoloxía das oficinas de atención presencial

Artigo 24: Funcións das oficinas de atención presencial

Artigo 25: Gobernanza da atención cidadá presencial

Título II: Concello dixital

Capítulo 1: Goberno dos datos

Sección Primeira: Organización do goberno dos datos

Artigo 26: Modelo de goberno dos datos

Artigo 27: Contido mínimo do modelo de goberno dos datos

Sección segunda: Intercambio, interoperabilidade e acceso aos datos e documentos

Artigo 28: Intercambio de datos e documentos dixitais

Artigo 29: Intercambio de datos e documentos en contornas pechadas

Artigo 30: Catálogo de datos e documentos interoperables

Artigo 31: Sistemas de datos abertos

Artigo 32: Plataformas de interoperabilidade

Artigo 33: Guía de interoperabilidade

Artigo 34: Acceso das persoas aos datos

Sección terceira: Procesos e servizos dixitais

Artigo 35: Catálogo corporativo de procesos e procedementos

Artigo 36: Xestión do Catálogo corporativo de procesos e procedementos

Sección cuarta: Xestión arquivística dos datos dos activos dixitais

Artigo 37: Datos e activos dixitais

Artigo 38: Finalidade e ámbito da xestión arquivística dos datos e dos activos municipais

Artigo 39: Actividades e fases da xestión arquivística dos datos e dos activos municipais

Artigo 40: Xestión arquivística dos datos e dos activos dixitais nos sistemas de información municipais

Capítulo 2: Servizos dixitais

Artigo 41: Principios xerais na creación dos servizos dixitais

Artigo 42: Deseño dos servizos dixitais

Artigo 43: Guía de servizos dixitais

Artigo 44: Acceso das persoas aos servizos dixitais

Artigo 45: Prestación de servizos proactivos e personalizados

Artigo 46: Catálogo de solucións corporativas

Artigo 47: Aprobación das solucións tecnolóxicas corporativas e non corporativas

Capítulo 3: Ciberseguridade na administración municipal

Artigo 48: Ciberseguridade no ámbito da administración dixital

Artigo 49: Instrumentos para a aplicación do modelo de ciberseguridade

Título III: A sede electrónica

Artigo 50: Sede electrónica

Artigo 51: Adaptación da sede electrónica

Artigo 52: Características da sede electrónica

Artigo 53: Condicións de identificación da sede electrónica e seguridade das súas comunicacións

Artigo 54: Contido da sede electrónica

Artigo 55: Regras especiais de responsabilidade

Título IV: Identificación e sinatura electrónica

Capítulo 1: Identificación e sinatura electrónica das persoas interesadas

Artigo 56: Regras xerais relativas á identificación electrónica

Artigo 57: Regras xerais relativas á sinatura ou selo electrónico

Artigo 58: Sistemas de identificación e sinatura electrónica das persoas físicas

Artigo 59: Sistemas de identificación e sinatura electrónica das persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica

Artigo 60: Normas comúns aos artigos anteriores

Capítulo 2: Identificación e sinatura electrónica da entidade local

Artigo 61: Sistemas de identificación e sinatura electrónica para a actuación administrativa automatizada da entidade local

Artigo 62: Sistemas de identificación e sinatura electrónica do persoal ao servizo da entidade local

Capítulo 3: Funcionarios con habilitación para a identificación e sinatura electrónica

Artigo 63: Requisitos xerais para o outorgamento da habilitación

Artigo 64: Rexistro de funcionarios habilitados

Artigo 65: Funcionamento do Rexistro de funcionarios habilitados

Artigo 66: Contido do Rexistro de funcionarios habilitados

Artigo 67: Actuacións dos funcionarios habilitados

Artigo 68: Responsabilidades dos funcionarios habilitados

Artigo 69: Identificación e consentimento expreso da persoa interesada

Artigo 70: Habilitación dos funcionarios das oficinas de asistencia en materia de rexistro e das oficinas de atención á cidadanía

Artigo 71: Publicidade de trámites e actuacións

Título V: Rexistro electrónico, comunicacións e notificacións da administración municipal

Capítulo 1: Rexistro electrónico

Artigo 72: Rexistro electrónico xeral da entidade local

Artigo 73: Funcionamento

Artigo 74: Formatos dos documentos que admite o Rexistro electrónico xeral

Artigo 75: Cómputo de prazos

Artigo 76: Oficinas de asistencia en materia de rexistro

Artigo 77: Funcións das oficinas de asistencia en materia de rexistro

Artigo 78: Responsabilidade

Capítulo 2: Representación dixital

Artigo 79: Rexistro electrónico de representación da administración da entidade local

Artigo 80: Acceso das persoas ao sistema de representación dixital

Artigo 81: Categorías de apoderamentos do Rexistro electrónico de representación

Artigo 82: Validez da inscrición de representación

Capítulo 3: Comunicacións

Artigo 83: A comunicación electrónica

Capítulo 4: Notificacións

Artigo 84: A notificación electrónica

Artigo 85: Prazo para a notificación

Artigo 86: Dispositivo electrónico e/o dirección de correo electrónico de aviso para a notificación

Artigo 87: Expedición e práctica electrónica da notificación

Artigo 88: Práctica da notificación en soporte papel

Artigo 89: Publicación de anuncios de notificación infrutuosa

Artigo 90: Protección de datos e outros límites aplicables á notificación

Capítulo 5: Acceso á información polos membros da corporación

Artigo 91: Procedemento de acceso

Capítulo 6: Normas comúns

Artigo 92: Plan de comunicación corporativo

Artigo 93: Responsabilidades pola utilización da información

Título VI: O procedemento administrativo electrónico

Capítulo 1: A tramitación dos procedementos administrativos electrónicos

Artigo 94: Iniciación dos procedementos por medios electrónicos

Artigo 95: Instrución dos procedementos por medios electrónicos

Artigo 96: Información aos interesados

Artigo 97: Terminación dos procedementos por medios electrónicos

Artigo 98: O expediente electrónico

Artigo 99: Dixitalización dos documentos en soporte papel

Artigo 100: Dixitalización vinculada ás oficinas de atención presencial

Artigo 101: Dixitalización dos expedientes finalizados

Artigo 102: Eliminación dos documentos en soporte papel dixitalizados

Artigo 103: Externalización do proceso de dixitalización

Artigo 104: Envío de información dixital nas comunicacións internas

Artigo 105: Envío do expediente administrativo ás persoas interesadas

Artigo 106: Sistema de xestión documental

Artigo 107: Arquivo dixital único

Artigo 108: Compromiso co principio de eficiencia administrativa: análise, simplificación e mellora previa

Artigo 109: Da innovación e a simplificación no ámbito procedemental

Artigo 110: Da innovación e a simplificación no ámbito organizativo

Título VII: Arquivo electrónico

Artigo 111: Arquivo electrónico de documentos

Artigo 112: Formatos e soportes para a conservación

Artigo 113: Garantías e medidas de seguridade dos arquivos electrónicos

Artigo 114: Suxeición á normativa reguladora da xestión dos arquivos

Artigo 115: Acceso aos arquivos electrónicos

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira: Funcións do Comité estratéxico

Disposición adicional segunda: Xestión do Catálogo corporativo de procesos e procedementos

Disposición adicional terceira: Procedementos e trámites en curso

Disposición adicional cuarta: Procedementos e trámites actuais

Disposición adicional quinta: Uso de ferramentas autonómicas ou nacionais

Disposición adicional sexta: Obriga á relación electrónica

Disposición adicional sétima: Esquema Nacional de Seguridade

Disposición adicional oitava: Mapa de intercambio de datos

Disposición adicional novena: Rexistro de consentimentos

Disposición adicional décima: Autorización ao persoal das oficinas de atención cidadá con funcións de asistencia en materia de rexistro para que poida acceder ao espazo privado das persoas

Disposición adicional undécima: Facturación electrónica

Disposición adicional duodécima: Incidencias técnicas

Disposición derrogatoria única

Disposicións finais

Disposición final primeira: Desenvolvemento e execución da ordenanza

Disposición final segunda: Fase inicial de implantación da ordenanza

Disposición final terceira: Variacións nas denominacións da ordenanza

Disposición final cuarta: Regulación de novos procedementos e trámites

Disposición final quinta: Implantación e posta en marcha dos sistemas

Disposición final sexta: Entrada en vigor dos dereitos e deberes recoñecidos na ordenanza

Disposición final sétima: Entrada en vigor

Preámbulo

O Concello da Coruña, consciente dos profundos cambios que se están a producir a nivel tecnolóxico, que teñen un impacto directo sobre a vida cotiá das persoas, promove a presente Ordenanza de administración dixital co fin, non só de regular, senón tamén de mellorar os servizos ofrecidos á cidadanía, ás empresas e ás institucións públicas.

Estes cambios representan unha gran oportunidade para incorporar novas formas de goberno baseadas na implantación de conceptos que, ata o momento, eran moi comúns no sector privado, pero que resulta evidente e necesaria a súa incorporación á administración pública. Son os conceptos de Design Thinking e metodoloxías áxiles para o desenvolvemento e control dos servizos ofrecidos á cidadanía, actuando como medio a través do cal o Concello da Coruña asegure que os servizos públicos incorporan de maneira progresiva as novas tecnoloxías e o seu potencial á cultura da cidade.

Neste sentido, o 6 de outubro de 2014, esta Administración municipal foi pioneira na creación dunha base reguladora para o impulso da sociedade dixital e do coñecemento, co fin de incrementar a confianza dixital da cidadanía, mediante a aprobación definitiva en pleno da Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello da Coruña.

Nos últimos anos, esta ordenanza logrou despregar un conxunto de servizos á cidadanía canalizados a través de medios electrónicos, e permitiu ao Concello achegarse ás persoas a través destes medios, pero os avances alcanzados no eido tecnolóxico ofrecen novas posibilidades que permiten crear un modelo máis áxil, sistemático e seguro, que excede as capacidades da ordenanza de 2014.

Este proceso de modernización experimentado durante os últimos anos afectou ao resto das administracións públicas, que tamén están máis preparadas para a relación telemática e que despregaron sistemas e plataformas de interoperabilidade e intercambio de datos de maneira eficiente e segura.

As leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, así como o Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, consolidaron todos estes cambios nun novo modelo de xestión pública que se apoia fundamentalmente na simplificación administrativa e na xeneralización do soporte electrónico.

Desde o punto de vista da cidadanía, recoñécense unha serie de dereitos das persoas, entre os que destaca o de elixir a canle a través da cal se relacionan coa administración, canle que obrigatoriamente deberá ser a electrónica para o caso das persoas xurídicas e para determinadas persoas físicas.

A simplificación administrativa, outro dos principios inspiradores da reforma legal, plásmase fundamentalmente na posibilidade de presentar unha declaración responsable,

ademais do dereito a non presentar ningún documento que se orixine en calquera administración pública. Sen dúbida, tamén supón unha simplificación a xeneralización, na medida do posible, do uso dos sistemas de identificación electrónica para as relacións entre a administración e a cidadanía, relegando a necesidade de sinatura aos supostos estritamente taxados pola lei.

Desde o punto de vista da Administración municipal, débense implantar os mecanismos necesarios para facer efectivos eses dereitos. A nivel interno, o procedemento debe ser integramente electrónico: o rexistro é electrónico e único, se rexistrarán documentos orixinais electrónicos e copias auténticas de orixinais en papel. O expediente, que se impulsará de oficio e por medios electrónicos, é un índice electrónico que se compón de documentos electrónicos, tales como probas, informes e ditames, tramitados e asinados de forma electrónica.

O arquivo, que se regula na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; e no Esquema Nacional de Interoperabilidade, tamén será único e suporá o almacenamento por medios electrónicos, seguro e confidencial, de todos os documentos administrativos que se xeren. Coa intención de preservar o patrimonio documental do sector público municipal, e en aras de cumprir as obrigas de transparencia e difusión do patrimonio, establécese o Arquivo electrónico único municipal, integrado cos sistemas de preservación e difusión que establezan a Administración xeral do Estado e a Administración autonómica.

Desde o punto de vista da tramitación dos devanditos expedientes, a clave é a electrónica, debendo estar todo o persoal público municipal con responsabilidade na tramitación dun procedemento en posesión dun certificado de sinatura, ben para asinar, en sentido estrito, ben para tramitar ou remitir información. Xunto coa sinatura electrónica asociada directamente á persoa, destaca a xeneralización da actuación administrativa automatizada, a través de selos de entidade, de órgano e de tempo, esencialmente.

Estes cambios normativos constitúen unha oportunidade para o Concello da Coruña non só para conseguir que os medios electrónicos se convertan na canle habitual para relacionarse coa cidadanía, senón tamén para aproveitalos e lograr un modelo máis proactivo e eficiente no que a Administración se adiante ás necesidades da súa cidadanía e das empresas.

Conceptos como Intelixencia Artificial, Big Data, Cloud computing (computación na nube), Blockchain ou Robotic Process Automation (robotización) son disciplinas que marcarán o camiño das administracións públicas durante os próximos anos, e neste sentido, o Concello da Coruña non se quere quedar atrás, quere estar na vangarda.

En definitiva, unha administración cada vez máis próxima á cidadanía require conxugar un conxunto de esforzos e sinerxías orientados ao logro da eficacia, á eficiencia na asignación de recursos, ao impulso da transparencia e á axilización dos procedementos administrativos; a potenciar o acceso electrónico e a garantir o coñecemento dos dereitos da cidadanía, así

como os mecanismos para o seguimento e a reclamación destes dereitos. Todo iso nun marco xeral caracterizado pola calidade, a mellora continua, o impulso da participación da cidadanía nos asuntos públicos e a incorporación de tecnoloxías emerxentes no sector público municipal.

A administración dixital pasará a cobrar unha relevancia notable coa entrada en vigor desta ordenanza. Pero, simultaneamente á implantación desta iniciativa, o Concello da Coruña reforzará de forma intensa a atención presencial e telefónica, e a relación directa, cara a cara, con aquelas persoas e entidades que non están obrigadas a relacionarse de maneira electrónica e que, por diferentes razóns, elixen as canles non virtuais. Esta entidade local comprométese a seguir reforzando o servizo de atención telefónica 010, así como a atención presencial, combinando a cita previa coa modalidade de asistencia sen cita, unha vez superada xa a conxuntura máis dramática da pandemia da Covid-19.

Por este motivo, a presente Ordenanza de administración dixital figura como un dos elementos tractores definidos polo Concello da Coruña, cuxa finalidade é configurar unha contorna tecnolóxica municipal que presenta múltiples obxectivos:

• Diminución dos tempos de resolución de trámites.

• Simplificación e automatización de procedementos e procesos a través de tecnoloxías emerxentes.

• Homoxeneización e normalización de actuacións administrativas.

• Incremento da interoperabilidade da entidade local con outras administracións públicas, a nivel local, autonómico, nacional e europeo.

En canto á súa estrutura, a ordenanza estrutúrase en sete títulos, ademais das disposicións adicionais e finais.

O Título I aborda unha serie de disposicións xerais nas que se regulan o obxecto e o ámbito de aplicación da ordenanza, se desenvolven unha serie de principios que han de informar e contribuír á adecuada implantación no ámbito local do procedemento administrativo electrónico e a administración dixital. A continuación, regúlanse unha serie de dereitos e deberes da cidadanía, así como a gobernanza na estratexia e o liderado na despregadura da administración dixital. No marco deste modelo de gobernanza, o liderado corresponde ao Comité estratéxico. Ademais, defínense os elementos estruturais para ofrecer soporte e apoio na despregadura e no mantemento da administración dixital.

O Título II regula unha estratexia para o goberno dos datos, que inclúe os instrumentos para a súa despregadura e o modelo de goberno destes. Así mesmo, prevé o deseño e a modificación dos servizos dixitais corporativos, o intercambio de datos e a incorporación de servizos proactivos e personalizados, elementos clave na administración do futuro. Por último, establécese un modelo de ciberseguridade co fin de garantir unha protección eficaz,

en particular, ante o cibercrime e os ciberataques.

O Título III ten por obxecto regular a sede electrónica no ámbito local, desenvolvendo as súas características e o seu contido mínimo, así como cuestións relativas á seguridade e á responsabilidade da sede.

Pola súa banda, o Título IV regula a identificación e a sinatura electrónica, tanto das persoas e das empresas, usuarios/as e solicitantes externos dos servizos electrónicos, como dos/das empregados/as públicos/as, así como outros certificados da actuación administrativa automatizada. Desde o punto de vista técnico trátase do título quizá máis complexo da norma, debendo adaptarse, en todo caso, tanto ás leis de réxime xurídico e procedemento administrativo común, como ao Regulamento (UE) n.º 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior (eIDAS).

En primeiro lugar, o Concello debe facer efectiva a obriga legal de que a relación de selos electrónicos utilizados por cada administración pública, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden, sexa pública e accesible por medios electrónicos. En canto á sinatura das persoas interesadas, establécese que os diferentes sistemas de identificación electrónica que se admitan deberán atoparse aliñados co establecido, para cada sistema de información, polo ENS.

Polo que se refire aos sistemas de clave concertada e calquera outro sistema que as administracións públicas consideren válido, nos termos e condicións que se establezan, admítese, previa a correspondente adhesión, o uso dos sistemas de identificación incorporados a Cl@ve, que serían Cl@ve Permanente, Cl@ve PIN e Cl@ve Sinatura (o certificado DNI-e con clave centralizada expedido pola Dirección Xeral da Policía); e tamén, previo o correspondente procedemento, calquera outro sistema de identificación, público ou privado, que garanta o cumprimento do ENS e do eIDAS, en función do nivel de seguridade.

Destaca, así mesmo, a obriga do Concello da Coruña de contar cun rexistro que permita deixar constancia das funcionarias e dos funcionarios con habilitación para a identificación e autenticación das persoas interesadas, polo que se regula o seu funcionamento. Neste contexto, o Concello da Coruña establecerá unha política de sinatura dos termos e condicións para a validez dos distintos sistemas de identificación, e impulsará a homoxeneización e estandarización da práctica da sinatura electrónica polo persoal municipal.

O Título V nace coa motivación de crear e regular o funcionamento do Rexistro electrónico xeral da entidade local e os seus organismos vinculados ou dependentes, así como o papel que xogan as oficinas de asistencia en materia de rexistro no seu servizo de axuda á cidadanía. Adicionalmente, regularase o cómputo de prazos no rexistro e a achega de documentos por parte da cidadanía ao procedemento administrativo baixo unha perspectiva clara de eliminación de burocracia e redución de cargas administrativas á sociedade. En materia de representación, inclúense novos medios para acreditala no ámbito do Concello da

Coruña, como son o apoderamento «apud acta», presencial ou electrónico, e a acreditación da súa inscrición no rexistro electrónico de apoderamentos.

Especial incidencia adquiren os aspectos encargados da regulación da notificación electrónica, que será preferente, como unha das maiores garantías do procedemento para a cidadanía, e un dos principais retos aos que se enfrontan as entidades locais na implantación da administración dixital, carentes dunha regulación propia nesta materia.

O Titulo VI ten por obxecto incorporar as claves na tramitación do procedemento partindo da simplificación administrativa, nas súas diferentes vertentes, como eixo sobre o que ha de virar o funcionamento da administración pública.

No Título VII regúlanse as directrices xerais do ámbito da xestión documental, no que se detalla o modelo que segue o Concello da Coruña na xestión de documentos e expedientes electrónicos e o sistema de arquivo que garante a súa correcta xestión e conservación a longo prazo.

Finalmente, as disposicións adicionais e finais reúnen varias normas complementarias a fin de permitir a adaptación da organización e dos procesos do Concello da Coruña ás obrigas establecidas na presente ordenanza.

Título I: Preliminar

Capítulo 1: Disposicións xerais

Artigo 1: Obxecto

1. A presente ordenanza ten por obxecto o desenvolvemento do procedemento administrativo común para a xestión administrativa da entidade local, cuxa tramitación se realizará, en todo caso, por medios electrónicos, en aplicación das leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; e do Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

2. Para ese efecto, a presente ordenanza regula as condicións e os efectos xurídicos da utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa, nas relacións entre a entidade local e o resto de entidades integrantes do sector público, así como nas relacións coa cidadanía a fin de garantir os seus dereitos e, en especial, a regulación das condicións e dos efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos na tramitación dos procedementos administrativos.

3. Así mesmo, esta ordenanza regula a utilización dos medios electrónicos no ámbito do sector público municipal da cidade da Coruña co obxectivo de facilitar a consecución máis eficaz dos principios de simplificación, transparencia, proximidade e servizo efectivo á

cidadanía, a tramitación do procedemento administrativo e a participación cidadá a través destes medios.

4. Ademais, esta ordenanza ten como finalidades:

a) Ampliar os principios xerais para o desenvolvemento da administración dixital, así como a participación a través de medios electrónicos.

b) Incorporar aos procedementos administrativos as melloras que achegan o uso de medios electrónicos e as novas tecnoloxías.

c) Mellorar a eficacia e eficiencia da actuación administrativa dos/das empregados/as públicos/as, así como na súa relación coa cidadanía.

d) Establecer un modelo de xestión pública baseado no uso eficiente dos datos e os medios tecnolóxicos do sector público municipal, coa vocación de reducir as cargas administrativas que pesan sobre as persoas e as empresas.

Artigo 2: Ámbito de aplicación subxectivo

1. Esta ordenanza será de aplicación ás seguintes entidades que, de aquí en adiante, serán denominadas conxuntamente como entidade local:

a) Os órganos do Concello da Coruña e as súas unidades dependentes.

b) Os organismos autónomos, entidades públicas empresariais, así como calquera organismo público e entidade de dereito público vinculada ou dependente do Concello da Coruña.

c) As sociedades mercantís e outras entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes do Concello da Coruña, cando exerzan potestades administrativas e naqueles contidos desta ordenanza que especificamente se refiran ás mesmas.

2. Así mesmo, será de obrigada aplicación aos suxeitos adxudicatarios de contratos municipais, así como aos operadores de encargos, encomendas, convenios, acordos de colaboración e cooperación ou outras figuras semellantes, nas súas relacións coa entidade local e cos/coas usuarios/as, no marco da prestación deses servizos públicos.

3. Esta ordenanza será igualmente aplicable á cidadanía, entendendo por tal ás persoas físicas, persoas xurídicas e demais entidades e colectivos que teñan capacidade de obrar ante as administracións públicas, cando utilicen medios electrónicos nas súas relacións coa entidade local. Tamén se aplicará aos/ás empregados/as municipais, para os trámites e actuacións que realicen, na súa condición de empregados/as públicos/as, coas administracións públicas.

Artigo 3: Ámbito de aplicación obxectivo

1. Esta ordenanza será de aplicación ás actuacións nas que participe a entidade local a través de medios electrónicos, e concretamente ás seguintes:

a) As relacións coa cidadanía que teñan un carácter xurídico administrativo.

b) A consulta por parte da cidadanía da información pública administrativa e dos datos administrativos que estean en poder da entidade local.

c) A realización dos trámites e procedementos administrativos accesibles por vía electrónica, de conformidade co que prevé esta ordenanza.

d) O tratamento da información obtida pola entidade local no exercicio das súas potestades.

2. Os principios xerais contidos nesta ordenanza son aplicables, así mesmo, ás comunicacións da cidadanía non sometidas ás normas do procedemento administrativo e, de maneira especial, á comunicación de avisos e de incidencias, á realización de preguntas aos órganos locais e ás peticións e outras formas de participación, mentres non sexan obxecto dunha regulación específica.

3. A presente ordenanza tamén regula o acceso da cidadanía aos servizos electrónicos municipais a través dun sistema de atención omnicanal que pon á disposición da cidadanía:

a) Información de procedementos e trámites municipais.

b) Medios para a tramitación electrónica e asistencia na utilización destes.

c) Información referente á súa relación xurídica co sector público municipal, tales como os expedientes, os trámites, o rexistro e as notificacións que lles afectan.

O sistema omnicanal incluirá, ademais, como mínimo, os seguintes medios:

a) O Punto de acceso xeral electrónico aos distintos órganos do Concello e aos seus entes vinculados ou dependentes, dispoñibles para a cidadanía a través da sede electrónica e a páxina municipal.

b) As canles de tramitación electrónica necesarias, de acordo coas particularidades de cada procedemento administrativo, accesibles desde a sede electrónica.

c) As oficinas de atención en materia de rexistro, que poñen á disposición da cidadanía, de forma libre e gratuíta, os medios e instrumentos necesarios para exercer os dereitos recoñecidos na presente ordenanza, sobre os que o persoal destas oficinas ofrece asistencia e orientación.

d) Os servizos de atención telefónica que, atendendo aos criterios de seguridade e protección de datos e ás posibilidades técnicas, facilitan á cidadanía o acceso ás informacións e aos servizos electrónicos aos que se refiren os apartados anteriores.

Artigo 4: Finalidades

As previsións que se perseguen coa presente ordenanza teñen por finalidade:

a) Ordenar a despregadura da administración dixital na entidade local, co obxectivo de alcanzar a máxima eficiencia e madurez dixital no ámbito das relacións internas e externas.

b) Establecer un marco do goberno do dato como elemento estrutural sobre o que sentar as bases da administración dixital futura, que permita incorporar técnicas e tecnoloxías emerxentes.

c) Establecer as normas do procedemento administrativo, no ámbito da administración dixital, que derivan das particularidades da organización da administración da entidade local, que permitan ofrecer servizos proactivos á cidadanía.

Artigo 5: Principios xerais da administración dixital

1. Co obxectivo de implantar a administración dixital de forma eficiente, a entidade local disporá dunha Plataforma de servizos dixitais para o deseño dos servizos públicos baseada nos seguintes preceptos:

a.Axilidade na tramitación

Permitirá á entidade local adaptarse ante novos retos normativos, tecnolóxicos, económicos e sociais, centrándose no valor engadido público.

b. Uso das tecnoloxías emerxentes

Dotará á entidade local da capacidade para incorporar novas tecnoloxías que, ata o momento, non foran utilizadas e que permitirán mellorar os servizos ofrecidos á cidadanía.

c.Capacidade de personalización

Será unha solución altamente personalizable, en constante evolución, formada por un conxunto de módulos que funcionarán de forma coordinada e aliñada coa normativa técnica e xurídica e integradas plenamente co resto dos sistemas municipais.

d. Propiedade do código fonte

A entidade local será propietaria da plataforma, así como de todos os desenvolvementos que se fagan sobre a mesma, reducindo así a dependencia de solucións propietarias.

e.Solución responsive

A entidade local garantirá a posta á disposición da cidadanía e do persoal municipal dunha solución web que facilitará a súa usabilidade e permitirá a súa utilización en diferentes dispositivos, móbil, tablet e computador.

f. Interoperabilidade

A plataforma garantirá a integración e interoperabilidade cos distintos niveis de administración existentes na entidade local e con outras plataformas ou software doutras administracións autonómicas ou estatais.

2. A entidade local deberá respectar, na súa organización, na súa actuación e nas súas relacións co resto de entidades do sector público e coa cidadanía, os principios xerais previstos no artigo 3 da Lei 40/2015, do 2 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

3. Así mesmo, a fin de reforzar, desenvolver e pormenorizar a nivel local a implantación do procedemento administrativo electrónico, deberán actuar conforme aos principios que se enumeran nos artigos seguintes.

Artigo 6: Principios organizativos da administración dixital

1. Principio de servizo á cidadanía

Que obriga a impulsar o acceso electrónico á información, aos trámites e aos procedementos administrativos, para posibilitar a consecución máis eficaz dos principios constitucionais de transparencia administrativa, proximidade e servizo á cidadanía.

2. Principio de simplificación administrativa

Co fin de lograr a simplificación e integración de procesos, procedementos e trámites administrativos a través da eliminación de trámites ou actuacións non relevantes, o redeseño de procesos e procedementos e a mellora no servizo ofrecido á cidadanía, apostando pola administración automatizada a través de tecnoloxías emerxentes.

3. Principio de impulso dos medios dixitais

Que obriga a impulsar a utilización de medios dixitais no conxunto de actividades do Concello e, en concreto, nas relacións coa cidadanía, a través dos medios persoais e materiais dispoñibles, así como as medidas necesarias para que sexan efectivos. Para acadar ese efecto, poderán establecerse incentivos para fomentar a utilización dos medios electrónicos entre a cidadanía.

4. Principio de neutralidade tecnolóxica

Este principio garante a realización das actuacións reguladas nesta ordenanza, con independencia dos instrumentos tecnolóxicos utilizados, de maneira que sexan a mesma evolución tecnolóxica e a adopción das tecnoloxías dentro da sociedade as que determinen a utilización dos medios electrónicos que, en cada momento, sexan máis convenientes. Por esta razón, a entidade local debe promover o uso de software de código aberto, así como a reutilización e aproveitamento dos seus datos, velando en todo momento pola adecuación ao uso social da tecnoloxía.

5. Principio de interoperabilidade

Que garante a adopción dos estándares de interoperabilidade e que velará, respectando criterios de seguridade, adecuación técnica e economía de medios, por que os sistemas de información utilizados sexan compatibles e se recoñezan cos da cidadanía e cos das outras administracións.

6. Principio de confidencialidade, seguridade e protección de datos

Que garante a protección da confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e seguridade dos datos da cidadanía, de conformidade cos termos definidos na normativa vixente sobre protección de datos, e nas outras normas relativas á protección da confidencialidade dos datos. Serán obxecto de especial protección os datos persoais da cidadanía contidos na información que usen en común os diferentes órganos e departamentos da organización. Ademais, aprobouse pola Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña a Política de seguridade da información e protección de datos, e se aprobarán cantas normas técnicas, procedementos, e normativas de seguridade sexan precisas para o seu bo desenvolvemento, e de acordo co Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

7. Principio de transparencia

Que obriga a facilitar a máxima difusión, publicidade e transparencia da información que conste nos seus arquivos e das actuacións administrativas, de conformidade coa lexislación sobre transparencia do sector público e co resto do ordenamento xurídico, así como cos principios establecidos na presente ordenanza.

8. Principio de eficacia, eficiencia e economía

Estes principios presidirán a implantación dos medios dixitais que, en particular, se realizarán segundo os seguintes criterios:

- O impacto e a utilización por parte da cidadanía dos servizos municipais afectados.
- Os colectivos de poboación aos que se dirixe.
- As melloras alcanzables para a prestación do servizo.
- A integración dos sistemas de relación coa cidadanía, co resto da organización municipal e cos seus sistemas de información.
- O nivel de esforzo técnico, organizativo e económico requirido.
- A madurez e dispoñibilidade das tecnoloxías.

9. Principio de cooperación

Cuxo obxectivo é mellorar o servizo á cidadanía e a eficiencia na xestión, establecendo convenios e acordos cos colexios profesionais, asociacións e outras entidades, a nivel local, provincial, autonómico e nacional, para facilitar a relación dos seus asociados e clientes coa Administración.

10. Principio de participación

Que obriga a promover o uso dos medios electrónicos no exercicio dos dereitos de participación, en especial o dereito de petición, os dereitos de audiencia e información pública, a iniciativa cidadá, as consultas e a presentación de queixas, reclamacións e suxestións, así como o debate público e a expresión de ideas e opinións, a través de diferentes tipos de instrumentos propios dos medios electrónicos, respectando en calquera caso os principios de boa fe e de utilización responsable.

Artigo 7: Principios de difusión da información administrativa dixital

1. Principio de accesibilidade e usabilidade

Que garante:

 O uso de sistemas sinxelos que permitan obter información de interese cidadán, de maneira rápida, segura e comprensible.

 O uso de criterios unificados na investigación e visualización da información que permitan unha mellor difusión informativa, seguindo os criterios e os estándares internacionais e europeos de accesibilidade e tratamento documental.

 A comprensión dos actos e documentos administrativos utilizando, na medida do posible, unha linguaxe fácil e culturalmente accesible de modo que os devanditos documentos queden intelectualmente ao alcance da maioría das persoas.

 A posta á disposición da cidadanía con discapacidade ou con dificultades especiais dos medios necesarios para que poidan acceder á información administrativa a través de medios electrónicos, seguindo os criterios e estándares xeralmente recoñecidos.

2. Principio de exactitude da información que publique a entidade local

Que garante, no acceso á información de forma electrónica, a obtención de documentos co contido idéntico, veraz, exacto e fiel ao equivalente en soporte papel ou no soporte en que se emitiu o documento orixinal. A dispoñibilidade da información en forma electrónica non debe impedir ou dificultar a atención personalizada nas oficinas públicas ou por outros medios tradicionais.

3. Principio de actualización

Que garante a actualización da información administrativa que sexa accesible por canles dixitais. Nas publicacións electrónicas constarán as datas de actualización.

4. Principio de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

Que obriga a aproveitar a tecnoloxía dispoñible en cada momento para garantir os dereitos inherentes á protección dos datos persoais, garantindo as medidas de seguridade que impidan calquera trazabilidade persoal, e o uso dos mesmos para outros fins non amparados pola finalidade ou o consentimento dado.

5. Principio de consulta aberta dos recursos de información de acceso universal e aberto

Que garante:

 O acceso á información administrativa que, de conformidade coa lexislación vixente, sexa de acceso xeral, sen esixir ningún tipo de identificación previa.

 A gratuidade da información que, de acordo coa lexislación vixente, sexa considerada información pública e xeral, sen prexuízo do previsto nas ordenanzas fiscais.

Artigo 8: Principios de acceso dixital da cidadanía ao procedemento administrativo

1. Principio de legalidade

Que asegura o mantemento da integridade das garantías xurídicas da cidadanía establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Principio de non discriminación por razón do uso de medios dixitais

De acordo co disposto no artigo 2 do Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, as ferramentas e dispositivos que deban ser utilizados para a comunicación por medios electrónicos, así como as súas características técnicas, serán non discriminatorios, estarán dispoñibles de forma xeral e serán compatibles cos produtos informáticos de uso xeral. Tamén se garantirá a accesibilidade, entendida como o conxunto de principios técnicos que se deben respectar ao deseñar, construír, manter e actualizar os servizos electrónicos para garantir a igualdade e a non discriminación no acceso das persoas usuarias, en particular das persoas con discapacidade e das persoas maiores.

3. Principio de trazabilidade dos procedementos e documentos administrativos

Que obriga a levar a cabo as accións necesarias para establecer sistemas e procedementos adecuados e comprensibles de trazabilidade, que permitan á cidadanía coñecer en todo momento, e a través de medios dixitais, as informacións relativas ao estado da tramitación e ao historial dos procedementos e documentos administrativos, sen prexuízo da aplicación dos medios técnicos necesarios para garantir a intimidade e a protección dos datos persoais das persoas afectadas.

4. Principio de intermodalidade de medios

As aplicacións e os sistemas de información garantirán que as persoas interesadas que non estean obrigadas a utilizar os medios dixitais poidan cambiar a canle a través da cal se relacionan coa entidade local asegurando a integridade e a seguridade xurídica do conxunto do procedemento. En ningún caso, a opción das persoas interesadas de usar ou non os medios dixitais ou de cambiar de canle durante a tramitación dun procedemento administrativo implicará restricións ou discriminacións no acceso dixital á información municipal.

5. Principio de proporcionalidade

Que garante:

 Que só se esixirán as garantías e medidas de seguridade adecuadas á natureza e ás circunstancias dos diferentes trámites e actuacións.

 Que unicamente se requirirá á cidadanía os datos que sexan estritamente necesarios en consideración á finalidade para a que se soliciten, aproveitando e reutilizando toda aquela información e documentación que obre en poder da organización, co obxectivo de simplificar a carga documental a abordar pola cidadanía nestes casos.

Artigo 9: Principios de promoción da cooperación interadministrativa en materia de administración dixital

1. Principio de cooperación e de colaboración interadministrativas

O obxectivo neste caso é mellorar o servizo á cidadanía e a eficiencia na xestión dos recursos públicos, promovendo a sinatura de convenios e acordos co resto das administracións públicas a fin de desenvolver as previsións incluídas nesta ordenanza, en particular, e entre outros, os que teñan por obxecto a fixación de estándares técnicos e o establecemento de mecanismos para intercambiar e compartir información, datos, procesos e aplicacións, sempre de maneira interoperable.

Ademais, para dar cumprimento a este principio, a entidade local:

 Porá á disposición da comunidade e, en particular, das entidades locais e do resto das administracións públicas, as súas aplicacións de administración dixital.

 Publicará os acordos e os convenios que asine con outras administracións públicas.

2. Principios de acceso e dispoñibilidade limitada

Que implica o deber de facilitar o acceso das restantes administracións públicas aos datos das persoas interesadas dos que dispoña a entidade local, e que estean en soporte electrónico, especificando as condicións, os protocolos e os criterios funcionais ou técnicos necesarios para acceder aos datos mencionados coas máximas garantías de seguridade, confidencialidade e integridade.

A dispoñibilidade dos datos mencionados no apartado anterior limitarase estritamente aos

que as administracións públicas requiran, no exercicio das súas funcións, para a tramitación e a resolución dos procedementos que sexan da súa competencia.

Capítulo 2: Dereitos e deberes da cidadanía en relación coa administración dixital

Sección primeira: Dereitos e deberes da cidadanía

Artigo 10: Dereitos da cidadanía no ámbito da administración dixital

No marco da presente ordenanza, recoñécense á cidadanía os dereitos enunciados no artigo 13 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais dereitos recoñecidos noutras normas e, en especial, os que se enumeran a continuación:

 Dereito ao acceso e utilización dos medios e servizos dixitais da Administración, con independencia das ferramentas tecnolóxicas empregadas, en condicións de seguridade técnica e xurídica.

 Dereito ao acceso a recibir información pública de calidade, accesible, actualizada e comprensible a través dos medios dixitais.

 Dereito a coñecer as modalidades, os soportes ou formatos nos que a información está dispoñible, así como o formato en que se conserva a mesma.

 Dereito a recibir información relativa á identificación do órgano ou unidade responsable da información sobre a que se exerce o dereito de acceso.

 Dereito a dispoñer, sempre que sexa posible, da información pública en formato aberto e lexible por máquina, de forma conxunta cos seus metadatos e co maior grao de precisión e desagregación que sexa posible, co obxectivo da súa reutilización, comercial ou non, nos termos previstos na normativa vixente sobre reutilización da información do sector público.

 Dereito a recibir información e asesoramento sobre os aspectos técnicos e xurídicos do uso dos medios electrónicos e as condicións de funcionamento, acceso e reutilización da información e dos servizos dixitais.

 Dereito a acceder á súa información, e a coñecer o uso que fixo o persoal municipal que tivese acceso, nos termos previstos na normativa sobre transparencia e protección de datos.

 Dereito á confidencialidade e protección dos seus datos persoais e no resto dos dereitos que lle concede a normativa de protección de datos, en especial o dereito a que a información persoal entregada non poida ser destinada a ningunha outra finalidade.

 Dereito á privacidade e á seguridade das súas comunicacións coa entidade local e das comunicacións que poida facer a entidade local nas que consten os datos do/da cidadán/cidadá.

 Dereito á conservación en formato electrónico por parte da entidade local dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente de tal forma que a cidadanía non teña que achegar ningún documento que xa achegara previamente, que xa fora emitido por outra administración pública ou que xa se presentara previamente noutra administración pública, en función do desenvolvemento do marco de interoperabilidade que levase a cabo a administración emisora ou depositaria, e sempre que os documentos non se eliminaran de acordo cos criterios de conservación da documentación pública.

 Dereito a obter apoio e auxilio técnico da administración do Concello da Coruña para o acceso e utilización da administración dixital, removendo as disfuncións da fenda dixital.

Artigo 11: Deberes da cidadanía no ámbito da administración dixital

No marco da utilización dos medios electrónicos na actividade administrativa e nas súas relacións coa entidade local, e para garantir o bo funcionamento e xestión da información, comunicacións, procesos e aplicacións da administración dixital, a actuación da cidadanía estará presidida polos deberes establecidos na lexislación estatal e autonómica aplicable e, en especial, polos seguintes:

 Deber de actuar de boa fe, evitando o abuso no acceso á información e no uso dos servizos e procedementos da administración.

 Deber de facilitar información veraz, completa e actualizada, adecuada ás finalidades para as que se solicita.

 Deber de custodiar aqueles elementos identificativos persoais e intransferibles utilizados nas relacións administrativas por medios electrónicos coa entidade local.

 Deber de respectar o dereito á privacidade, confidencialidade, seguridade e o resto dos dereitos en materia de protección de datos.

Artigo 12: Sistema de garantía dos dereitos e deberes

1. A entidade local debe incluír, tanto na sede electrónica como no Punto de acceso xeral, así como nas diferentes canles de tramitación creadas para ese efecto, un aviso legal no que se comuniquen as condicións de funcionamento.

2. O aviso legal informará ás persoas usuarias sobre a dispoñibilidade, accesibilidade e calidade da información e dos servizos, tales como a política de protección de datos persoais, política de cookies, responsabilidade pola información e servizos prestados, condicións para a reutilización da información difundida e propiedade intelectual aplicable.

3. O aviso legal debe quedar redactado nunha linguaxe facilmente intelixible.

4. As persoas usuarias dos portais e das aplicacións e ferramentas dixitais poderán presentar queixas e suxestións en relación co seu funcionamento a través das canles telemáticas

previstas para ese efecto, ou ben dirixirse á Oficina de asistencia en materia de rexistro.

Sección segunda: Dereito das persoas interesadas a non achegar documentos

Artigo 13: Lexitimación para a consulta de datos e documentos

1. A entidade local garante, de acordo coa normativa en materia de procedemento administrativo común, o dereito das persoas interesadas a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración municipal ou que xa foran elaborados por calquera outra Administración. O Concello poderá consultar ou recadar os ditos documentos, salvo que a persoa interesada se opoña a iso.

2. De acordo coa lexislación básica, non caberá a oposición cando a achega do documento sexa esixida no marco do exercicio das potestades sancionadoras ou de inspección.

Artigo 14: Valor probatorio das consultas

1. As consultas que se realicen mediante as plataformas postas a disposición polo Concello deben garantir valor probatorio para os efectos previstos no procedemento administrativo común.

2. Os documentos electrónicos transmitidos en contornas pechadas de comunicacións entre administracións públicas, órganos, organismos públicos e entidades de dereito público deben considerarse válidos para os efectos de autenticación e identificación dos emisores e receptores nas condicións do artigo 30 desta ordenanza.

Sección terceira: Obriga de relación electrónica

Artigo 15: Obriga de relacionarse de forma electrónica coa administración da entidade local

Están obrigados a relacionarse por medios electrónicos para efectuar calquera trámite dun procedemento os suxeitos do artigo 2 desta ordenanza, así como os suxeitos que se determinen na normativa de procedemento administrativo e noutras normas sectoriais que de maneira expresa determinen esta obriga.

Artigo 16: Obriga das persoas físicas a relacionarse de forma electrónica

1. Con carácter xeral, teñen a obriga de relacionarse por medios electrónicos coa Administración da entidade local, os/as empresarios/as individuais ou autónomos/as no marco das actuacións que realicen na súa condición de empresario/a individual ou autónomo/a. Non obstante, en caso de necesidade, poderán ser asistidos polos/as funcionarios/as habilitados/as nas oficinas de asistencia en materia de rexistro.

2. En aplicación da Disposición adicional sexta desta ordenanza e sempre ao abeiro da normativa legal habilitante, establécese que, por causas obxectivas xustificadas, determinados colectivos de persoas físicas e para determinados procedementos ou servizos

dixitais, estean obrigados a relacionarse por medios electrónicos cos suxeitos previstos no artigo 2.1 desta ordenanza, sempre que por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados teñan garantidos o acceso e a dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

Capítulo 3: Gobernanza da administración dixital

Artigo 17: Comité estratéxico

1. Corresponde ao Comité estratéxico o liderado estratéxico, e o impulso, as propostas de aprobación e coordinación das políticas públicas transversais en materia de administración dixital dos suxeitos relacionados no artigo 2.1 da presente ordenanza, de acordo coa disposición normativa de creación deste órgano.

2. A creación, as funcións e a composición son as que se establece na norma de creación deste comité e se realizará por decreto da persoa titular da Alcaldía ou concelleiro/a na que delegue.

3. Corresponde ao Comité estratéxico validar as diferentes propostas que se elaboren en materia de administración dixital e elevar as ditas propostas á Xunta de Goberno Local para que as aprobe.

Artigo 18: Implantación da administración dixital

1. Os suxeitos do artigo 2.1 deben garantir a execución das políticas dixitais establecidas polo Concello da Coruña, así como a despregadura, o impulso e o funcionamento da administración dixital.

2. Corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña, a proposta do Comité estratéxico, establecer un modelo organizativo que prevexa a planificación, seguimento, avaliación e participación na definición dos sistemas de información corporativos transversais e a disposición dos recursos necesarios para facer efectivo a despregadura e o mantemento da administración dixital.

3. O modelo organizativo determinará a coordinación do ámbito organizativo, xurídico, da xestión dos datos, da xestión documental, da protección de datos de carácter persoal e das tecnoloxías da información.

Artigo 19: Participación das persoas na administración dixital

1. Os suxeitos indicados no artigo 2.1 da presente ordenanza facilitan e garanten a concorrencia das persoas en todo o ciclo de deseño, desenvolvemento, implantación e avaliación de calquera servizo público, seguindo os principios de goberno aberto.

2. Corresponde ao servizo en materia de participación cidadá a coordinación e o apoio nos instrumentos de participación cidadá que se habiliten para ese efecto, como é o caso do Portal

de participación.

Artigo 20: Administración dixital e persoal público

1. Os suxeitos do artigo 2.1 da presente ordenanza deben dispoñer, nos seus cadros de persoal, dos perfís profesionais do ámbito tecnolóxico adecuados e necesarios para facer efectiva a administración dixital. Para iso, realizaranse os procesos de valoración de postos, selección e provisión necesarios.

2. As competencias profesionais derivadas da administración dixital de carácter transversal deben incorporarse, en función do perfil profesional, nos procesos de selección e provisión de acordo coa normativa aplicable.

3. O Comité estratéxico propoñerá a aprobación de un plan de capacitación dos/das empregados/as públicos/as que permita que todos os postos de traballo adquiran as competencias profesionais de carácter transversal derivadas da administración dixital, cumprindo en todo caso os trámites previstos en materia de negociación colectiva na lexislación estatal e autonómica que resulte de aplicación. Este plan debe garantir os mecanismos de revisión, actualización, seguimento e avaliación.

4. Os suxeitos do artigo 2.1 da presente ordenanza garantirán a participación do persoal público municipal no deseño dos servizos dixitais, incorporando mecanismos para compartir e xestionar o coñecemento e o fomento de solucións innovadoras.

Artigo 21: Planificación da despregadura e avaliación da administración dixital

1. O Comité estratéxico elaborará un plan anual de despregadura da administración dixital, que terá por obxectivo definir o marco de actuación de acordo coa estratexia de administración dixital definida no modelo de administración dixital.

2. O Comité estratéxico determinará o contido mínimo do plan e os indicadores comúns que debe incluír a planificación anual en relación coas actuacións que se realizan no ámbito das persoas, os procesos, os datos e a tecnoloxía, así como a identificación das necesidades transversais.

3. Os centros e unidades administrativas xestoras comunicarán a súa planificación ao Comité estratéxico.

4. Os centros e unidades administrativas xestoras informarán, de acordo co procedemento definido no apartado anterior, dos servizos dixitais que non se incluíron na planificación anual.

5. O Comité estratéxico informará sobre o plan de despregadura dos apartados anteriores, no caso de que non se adecúe aos criterios corporativos, técnicos e organizativos establecidos polo Concello da Coruña no seu conxunto.

6. Os servizos elaborarán un informe anual que avalíe o impacto da posta en funcionamento dos servizos dixitais e proporán, se procede, as melloras dos seus respectivos servizos para incrementar a súa eficiencia e eficacia.

7. As planificacións e os informes de avaliación elevaranse ao Comité estratéxico para que elabore un plan anual de desenvolvemento da administración dixital.

Capítulo 4: Rede de apoio á administración dixital

Artigo 22: Oficinas de atención presencial

1. As oficinas de atención presencial asistirán ás persoas no acceso electrónico aos procedementos e trámites administrativos, en relación coa normativa vixente en materia de procedemento administrativo común e noutras normas sectoriais.

2. A atención cidadá presencial fundaméntase nun sistema de relación e de comunicación coas persoas integral, corporativo e multidepartamental.

3. A Administración da entidade local publicará na sede electrónica as oficinas de atención presencial que asumirán as funcións de asistencia en materia de rexistro.

4. As oficinas de atención presencial deberán comprobar a identidade das persoas que interveñen nun procedemento administrativo, mediante os datos que constan no seu documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente que corresponda.

5. A creación, modificación e supresión das oficinas de asistencia en materia de rexistro corresponde ao titular do órgano competente en materia de atención cidadá.

Artigo 23: Tipoloxía das oficinas de atención presencial

No ámbito da Administración da entidade local, as oficinas de atención presencial clasifícanse, en función das súas capacidades e do tipo de servizos que prestan, nas seguintes categorías:

a) Oficinas de atención cidadá que asumen as funcións das oficinas de asistencia en materia de rexistro, de acordo coa normativa en materia de procedemento administrativo.

b) Puntos especializados de apoio para a realización de trámites en determinadas materias, que prestan labores auxiliares de rexistro e dixitalización.

Artigo 24: Funcións das oficinas de atención presencial

1. As funcións das oficinas de atención cidadá que asumen as funcións das oficinas de asistencia en materia de rexistro son:

a) Facilitar información sobre os servizos e trámites da entidade local e doutras administracións públicas.

b) Recibir a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións que as persoas interesadas dirixan aos órganos de calquera administración, e entregar o correspondente recibo que acredite a data e hora da devandita presentación.

c) Facilitar ás persoas interesadas o código de identificación do órgano, centro ou unidade administrativa ao que dirixen as súas solicitudes, comunicacións e escritos.

d) Dixitalizar e expedir copias auténticas dos documentos presentados presencialmente polas persoas interesadas para incorporalas no expediente administrativo electrónico.

e) Enviar as solicitudes, os escritos e as comunicacións aos órganos competentes da entidade local e doutras administracións públicas.

f) Outorgar apoderamentos apud acta a quen teña a condición de persoa interesada nun procedemento administrativo e compareza persoalmente.

g) Inscribir a representación das persoas que o soliciten no rexistro electrónico de representación da entidade local.

h) Realizar notificacións por comparecencia espontánea da persoa interesada ou do seu representante cando compareza e solicite a comunicación e/ou a notificación persoal nese momento.

i) Asistir, no uso de medios electrónicos, ás persoas interesadas non obrigadas a relacionarse electronicamente que así o soliciten, especialmente con respecto á identificación e sinatura electrónica no seu nome e á presentación de solicitudes a través do rexistro electrónico xeral.

j) Poñer á disposición das persoas interesadas os modelos de presentación de solicitudes individuais e os formularios de presentación masiva de solicitudes.

k) Calquera outra función que se lles atribúa legalmente ou regulamentariamente.

2. As funcións dos puntos especializados de apoio para a realización de trámites en determinadas materias, que prestan labores auxiliares de rexistro e dixitalización, son, con carácter xeral, as seguintes:

a) Facilitar información sobre os servizos e trámites da entidade local e doutras administracións públicas relacionados con esa materia determinada e, na medida das súas posibilidades, con outras materias propias da xestión municipal.

b) Recibir solicitudes, escritos e comunicacións que as persoas interesadas dirixan a eses órganos especializados por razón desa materia, e entregar o correspondente recibo que acredite a data e hora da devandita presentación.

c) Facilitar ás persoas interesadas o código de identificación do órgano, centro ou unidade administrativa de carácter sectorial á que dirixen as súas solicitudes, comunicacións e escritos.

d) Dixitalizar os documentos presentados presencialmente polas persoas interesadas para incorporalos ao expediente administrativo electrónico correspondente.

e) Enviar as solicitudes, escritos e comunicacións ao órgano competente por razón desa materia determinada.

f)Poñer á disposición das persoas interesadas os modelos de presentación de solicitudes individuais e formularios de presentación masiva de solicitudes relacionados con esa materia específica.

g) Aquelas outras que sexan autorizadas polo titular do órgano competente na materia.

Artigo 25: Gobernanza da atención cidadá presencial

1. O órgano competente en materia de atención cidadá proporcionará as directrices funcionais para cada tipoloxía de oficinas e fixará os horarios de atención ao público, sen prexuízo das funcións dos órganos ou entidades correspondentes en relación coas oficinas adscritas a eles.

2. A relación de oficinas de atención cidadá, coa súa xeolocalización, así como os días e horarios de atención ao público, farase pública a través da sede electrónica corporativa. O órgano competente en materia de atención cidadá garante a súa continua actualización.

3. Os suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza, co apoio e a coordinación do órgano competente en materia de atención cidadá, deben promover a progresiva adaptación de todas as oficinas de atención cidadá presencial, de acordo cos principios reitores do modelo de atención cidadá presencial.

4. Os suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza, para os efectos de garantir a integridade e adecuación da información que se facilita á cidadanía sobre o Catálogo de procesos e procedementos da Administración da entidade local, deben informar ás oficinas de atención cidadá que actúen con funcións de asistencia en materia de rexistro, de forma continua e permanente, sobre calquera cambio deste Catálogo e, no seu caso, introducilo nos sistemas de información habilitados para o efecto.

Título II: Concello dixital

Capítulo 1: Goberno dos datos

Sección Primeira: Organización do goberno dos datos

Artigo 26: Modelo de goberno dos datos

1. A entidade local propón un modelo de goberno dos datos que supón un sistema para a toma de decisións e responsabilidades para procesos relacionados coa información, executados de acordo cuns modelos previamente acordados, que describen quen pode tomar accións, con que datos e en que marco temporal.

2. O modelo de goberno dos datos basearase nos seguintes criterios:

a) Os datos son o activo dixital máis importante, compartido polos suxeitos do artigo 2.1 da presente ordenanza, polo que debe maximizarse a súa reutilización.

b) O modelo é común e adáptase ás necesidades específicas de cada caso, coa participación corresponsable de todas as unidades implicadas desde que se capturan, procesan e almacenan ata que se arquivan ou eliminan. O modelo determina as responsabilidades necesarias para unha xestión eficaz dos datos e define e asigna os roles de cada unidade dentro da estrutura orgánica.

c) O modelo inclúe todos os datos fundamentais e todos os datos das áreas de xestión sectoriais no ámbito da administración dixital, axustándose ás necesidades de cada área e das persoas correspondentes, segundo o principio de proporcionalidade.

d) A xestión baseada en datos fundaméntase en estándares que garanten a homoxeneidade semántica e sintáctica dos datos.

e) Os datos comunican a información de maneira clara e concisa, proporcionando información significativa para facilitar unha toma de decisións.

f)O modelo debe facer efectivo o criterio de dato único a través da colaboración entre os órganos e sistemas custodios dun mesmo dato e a identificación unívoca da fonte máis fiable, se procede, en orixe.

g) O modelo debe garantir a seguridade dos datos, xestionando a súa alta, modificación, consulta, portabilidade, e supresión de maneira segura, e con trazabilidade, así como a súa autenticidade, integridade, confidencialidade, privacidade e dispoñibilidade.

3. O órgano competente da entidade local, a proposta do Comité estratéxico, aprobará o modelo de goberno dos datos e garantirá que as persoas responsables de despregalo participen tamén na súa elaboración.

4. O modelo de goberno dos datos establécese cos principios e requirimentos previstos no marco da normativa vixente en materia de protección de datos, transparencia e acceso á información pública, estatística, e garante a interoperabilidade e explotación destes.

5. Os suxeitos do artigo 2.1 da presente ordenanza, con respecto ao modelo de goberno dos datos:

a) Garanten o seu cumprimento de acordo cos criterios e elementos que o definen.

b) Garanten que as persoas teñan acceso a coñecer que datos seus ten a Administración e o uso que fai deles.

c) Promoven a mellora das actuacións administrativas baseada no uso de tecnoloxías avanzadas de xestión e tratamento dos datos.

d) Fomentan o uso dos datos para prestar ás persoas servizos proactivos e personalizados.

Artigo 27: Contido mínimo do modelo de goberno dos datos

1. O modelo de goberno dos datos ten o contido mínimo seguinte:

a) Roles e responsabilidades das persoas e organismos que interveñen no modelo de xestión dos datos.

b) Calidade dos datos.

c) Ciclo de vida dos datos.

d) Modelado e arquitectura dos datos.

e) Seguridade.

f) Metadatos.

g) Catálogo de datos.

h) Analítica de datos.

i) Explotación de datos.

j) Sistemas de avaliación e seguimento do modelo do goberno dos datos.

2. Corresponde ao Comité estratéxico do Concello propoñer a aprobación do "Modelo de goberno dos datos do Concello da Coruña" establecido neste artigo, que garante a participación dos departamentos responsables na súa despregadura.

Sección segunda: Intercambio, interoperabilidade e acceso aos datos e documentos

Artigo 28: Intercambio de datos e documentos dixitais

1. Os datos e documentos dos que dispoñen os suxeitos indicados no artigo 2.1 da presente ordenanza son utilizados a efectos de dar cumprimento ás actuacións previstas nesta ordenanza, sen prexuízo de perseguir o interese xeral e respectar o conxunto de dereitos e garantías das persoas.

2. O intercambio de datos e documentos entre os suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza co resto de administracións públicas realízase mediante os sistemas e plataformas establecidas con esta finalidade e outros sistemas de interconexión de bases de datos distribuídas que permitan o rexistro da información, de acordo coa normativa vixente en materia de ciberseguridade e protección de datos de carácter persoal. O Comité estratéxico determina as condicións e garantías para executar este intercambio.

3. O Comité estratéxico facilita a cooperación necesaria para garantir o acceso aos datos ao

órgano estatístico do Concello, a fin de que poida facer uso da información administrativa con finalidades estatísticas, de acordo coa normativa vixente nesta materia.

Artigo 29: Intercambio de datos e documentos en contornas pechadas

1. O Comité estratéxico determina as condicións e garantías do intercambio de datos en contornas pechadas de comunicación entre os suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza.

2. No caso do intercambio entre os suxeitos do artigo 2.1 co resto do sector público galego, as súas condicións e garantías estableceranse por convenio, atendendo ás garantías previstas no apartado 2 do artigo 22 desta ordenanza.

3. A comunicación de datos nestas contornas considérase válida a efectos de identificación e autenticación de emisores e receptores.

Artigo 30: Catálogo de datos e documentos interoperables

1. O Catálogo de datos e documentos interoperables conforma a relación actualizada de datos e documentos en poder dos suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza e doutras administracións e institucións públicas que se poden obter mediante os servizos e plataformas habilitadas que garanten a seguridade, integridade, dispoñibilidade e protección dos datos de carácter persoal. Os datos e documentos que constan neste Catálogo pódense consultar a efectos de facer efectivos os dereitos das persoas establecidos na normativa de procedemento administrativo común, concretamente, o dereito a non achegar documentos que elaborase calquera administración e o dereito da persoa interesada a non achegar documentos que xa achegase a calquera administración.

2. As persoas poderán consultar o Catálogo na sede electrónica do Concello da Coruña.

3. A oferta do Catálogo de datos e documentos interoperables do Concello da Coruña integrarase no Catálogo de datos da Comunidade Autónoma de Galicia para impulsar e desenvolver a interoperabilidade das administracións públicas galegas a efectos de poñer o contido á disposición doutras administracións públicas, institucións e organismos nos termos e nas condicións legalmente esixibles.

4. O Comité estratéxico é o órgano responsable de xestionar e manter o Catálogo de datos e documentos interoperables dos suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza.

Artigo 31: Sistemas de datos abertos

Os sistemas de intercambio de datos entre as diferentes administracións públicas ou entre os suxeitos indicados no artigo 2.1 desta ordenanza deben prever, no seu caso, a interconexión con outros sistemas de datos abertos, de acordo coas condicións que especifique o órgano competente en materia de transparencia e datos abertos, así como a normativa vixente na devandita materia.

Artigo 32: Plataformas de interoperabilidade

1. O Comité estratéxico, mediante o servizo responsable das solucións tecnolóxicas, pon á disposición dos suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza as plataformas de intermediación e o apoio necesarios para prestar servizos de interoperabilidade.

2. A entidade local garante que os servizos de interoperabilidade con outras administracións e institucións públicas se presten a través de plataformas tecnolóxicas previstas para estas funcións.

3. O intercambio de datos mediante plataformas de interoperabilidade garante a seguridade da información que se transmite, proporcionando as medidas adecuadas para garantir a autenticidade, confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e trazabilidade adecuadas á natureza desta, e de acordo coa normativa e, no seu caso, coas condicións aplicables ao intercambio.

Artigo 33: Guía de interoperabilidade

Corresponde ao Comité estratéxico crear a Guía de Interoperabilidade, que deberá ser aprobada pola Alcaldía ou concelleiro/a na que delegue e que ten por obxecto determinar o procedemento para requirir datos e documentos e incorporalos ao Catálogo de datos e documentos electrónicos, e fixar directrices corporativas en materia de interoperabilidade.

Artigo 34: Acceso das persoas aos datos

1. Os suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza impulsarán, por defecto, a apertura de todos os datos que obran no seu poder como consecuencia da súa actividade ou do exercicio das súas funcións, incluídas as que lle fornecen outros suxeitos obrigados por calquera normativa, e facilitarán todos os mecanismos para garantir o acceso das persoas a estes datos, de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos e coa de transparencia e dereito de acceso. Constitúen excepción do anterior os datos cuxa publicidade quede prohibida de acordo co ordenamento xurídico vixente.

2. O acceso das persoas aos seus datos realízase mediante os sistemas que cada administración poña a disposición e, así mesmo, mediante os servizos de interoperabilidade que permitan acceder a eles. Tamén se permite o acceso aos datos mediante outros servizos, incluídos os cartafoles ou espazos privados ou o punto de acceso xeral das administracións públicas, cando estea prevista a interconexión dos devanditos servizos.

Sección terceira: Procesos e servizos dixitais

Artigo 35: Catálogo corporativo de procesos e procedementos

O Concello da Coruña disporá do Catálogo de procesos e procedementos como sistema corporativo de información para xestionar, racionalizar e normalizar, de maneira sistematizada, a información asociada a procesos e servizos. O Catálogo conterá os datos e

a información asociada aos procesos e servizos que son competencia dos suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza, tanto os externos, que teñan como destinatarios as persoas ou outras administracións, como os internos, que estean dirixidos á propia organización.

Artigo 36: Xestión do Catálogo corporativo de procesos e procedementos

1. Os suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza deben incorporar ao Catálogo corporativo de procesos e procedementos toda a información asociada aos procesos e servizos previstos no artigo 36 e garantir o seu mantemento.

2. O Comité estratéxico será o órgano encargado de xestionar e manter o Catálogo corporativo de procesos e procedementos.

Sección cuarta: Xestión arquivística dos datos dos activos dixitais

Artigo 37: Datos e activos dixitais

1. A efectos da presente ordenanza, e de acordo coa definición de documento que establece a normativa vixente, o activo dixital é o dato ou a información obtida ou xerada no desenvolvemento das funcións e competencias dos suxeitos indicados no artigo 2.1 da presente ordenanza que require ser documentado e conservado durante un período de tempo determinado. En concreto, son activos dixitais os ficheiros de datos, de imaxes, de son, de texto e multimedia, así como calquera tipo de dato ou de representación de información, entre os cales se atopan os documentos administrativos.

2. Os activos dixitais xéranse, se xestionan ou se conservan nos sistemas de xestión de datos, nos sistemas de xestión de documentos e nos diferentes portais corporativos dos que dispón a entidade local, de acordo coa normativa vixente en materia de xestión documental e arquivo.

Artigo 38: Finalidade e ámbito da xestión arquivística dos datos e dos activos municipais

1. A xestión arquivística dos datos e dos activos dixitais ten como finalidade asegurar a creación, a captura e a xestión dunha información auténtica, fiable, empregable e íntegra que permita o desenvolvemento das actividades e competencias propias dos suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza.

2. A xestión arquivística dos datos e dos activos dixitais abarca os documentos públicos dixitais e os datos contidos nos sistemas de información corporativos e noutros activos dixitais.

3. A xestión arquivística dos datos e dos activos dixitais da entidade local garante a súa conservación durante o tempo que sexa necesario para a finalidade para a que foi xerada ou incorporada á xestión documental.

Artigo 39: Actividades e fases da xestión arquivística dos datos e dos activos municipais

A xestión arquivística dos datos e dos activos dixitais prevé unha avaliación da información dixital, que inclúe a análise e valoración da información, previa ás seguintes fases:

a) A xestión arquivística dos datos e dos activos dixitais prevé unha avaliación da información dixital, que inclúe a análise e valoración da información, previa ás seguintes fases:

b) Fase activa, que se estende desde a creación da información dixital ata a finalización da tramitación ou asunto que se xestiona. O tempo de tramitación determínase en cada caso pola natureza do procedemento ou do asunto de que se trate.

c) Fase semiactiva ou histórica, que se inicia a partir da finalización do expediente e se mantén mentres os documentos ou os datos conserven o valor probatorio das accións, dereitos e deberes da administración ou das persoas.

d) Fase inactiva ou histórica, que fai referencia á conservación da información dixital que foi ditaminada de conservación permanente e a destrución do resto de información de acordo coa normativa vixente nesta materia, na fase posterior á fase de vixencia.

Artigo 40: Xestión arquivística dos datos e dos activos dixitais nos sistemas de información municipais

Os sistemas de información dos que fagan uso os suxeitos indicados no artigo 2.1 da presente ordenanza garantirán as políticas de xestión arquivística dos datos e dos activos dixitais.

Capítulo 2: Servizos dixitais

Artigo 41: Principios xerais na creación dos servizos dixitais

Os suxeitos indicados no artigo 2.1 desta ordenanza impulsan a creación de novos servizos dixitais de acordo cos principios establecidos no artigo 5 desta ordenanza e de acordo coa evolución e mellora permanente na prestación dos servizos públicos, aproveitando todo o potencial da innovación e da tecnoloxía, creando valor público e poñendo a experiencia das persoas no centro do deseño do servizo. Así mesmo, impulsan a prestación de servizos dixitais tendo en conta os procedementos asociados a un servizo público, co fin de facilitar ás persoas unha tramitación unificada dos servizos.

Artigo 42: Deseño dos servizos dixitais

1. O deseño dun servizo dixital baséase nos principios xerais e criterios de actuación establecidos nesta ordenanza e na innovación na prestación dos servizos públicos.

2. No deseño de calquera servizo dixital deben terse en conta os seguintes criterios e elementos:

a) A aplicación dos principios da administración dixital dos artigos 5 e 6 desta ordenanza, tendo en conta a omnicanalidade e a accesibilidade das persoas aos servizos públicos.

b) A posibilidade de prestación proactiva e personalizada do servizo.

c) A identificación das canles de asistencia no uso dos servizos públicos.

d) A habilitación, se procede, de mecanismos de participación cidadá que permitan a cocreación de servizos.

e) O uso dunha linguaxe sinxela e comprensible para todas as persoas.

f) A habilitación de sistemas de seguimento e avaliación que se baseen na análise da experiencia das persoas e na eficiencia e eficacia da prestación dos servizos dixitais.

g) O reaproveitamento e o impulso dos sistemas dixitais corporativos e transversais ao conxunto de departamentos.

h) A innovación e o impulso de novas tecnoloxías e novos servizos tecnolóxicos para o desenvolvemento dos servizos públicos.

i) A identificación e habilitación de trámites automatizados que reduzan os tempos de atención e de proceso.

j) A coordinación de procedementos de varios servizos e doutras administracións que permita a redución de interaccións e a simplificación dos trámites das persoas ante as administracións.

k) Os mecanismos de identificación de melloras na prestación do servizo público.

Artigo 43: Guía de servizos dixitais

A Guía de servizos dixitais aprobarase polo Comité estratéxico e ten por obxecto establecer a metodoloxía para identificar, deseñar, implantar, manter e avaliar os servizos dixitais, dirixida aos suxeitos do artigo 2.1 da presente ordenanza.

Artigo 44: Acceso das persoas aos servizos dixitais

1. Os suxeitos do artigo 2.1 da presente ordenanza garanten o acceso das persoas aos servizos dixitais para que os usen nas relacións coas administracións públicas. Os servizos que se poñan á disposición das persoas ofrécense mediante a sede electrónica do Concello, así como os diferentes portais e servizos corporativos. Así mesmo, os suxeitos indicados no apartado 1 do artigo 2 da presente ordenanza, atendendo ás particularidades da prestación de servizos, poden habilitar outras canles de acceso das persoas aos servizos dixitais, sen prexuízo do que establece o Título III desta ordenanza en canto á sede electrónica do Concello.

2. Os servizos dixitais desenvólvense preferentemente mediante as plataformas de administración dixital corporativa, ferramentas flexibles que evolucionan en base ás necesidades detectadas e ás innovacións tecnolóxicas dispoñibles. En calquera caso, garántese a omnicanalidade e visualización corporativa do Concello.

Artigo 45: Prestación de servizos proactivos e personalizados

1. A efectos desta ordenanza, enténdese por servizo proactivo e personalizado o servizo dixital que ten como finalidade informar ás persoas, de maneira preditiva e anticipada, sobre os servizos públicos aos cales poden acceder. Os servizos proactivos e personalizados prestaranse en base á información obtida e elaborada polos suxeitos relacionados no artigo 2.1 desta ordenanza, garantindo a protección de datos persoais e o conxunto dos dereitos e das liberdades que lle son propios, especialmente con respecto ao principio de transparencia e á definición das garantías adecuadas ao deseño dos servizos.

2. O Comité estratéxico disporá dun rexistro dixital ou sistema equivalente que recollerá e centralizará os datos relativos aos consentimentos das persoas que son suxeitos de prestación dos servizos proactivos e personalizados e garantirá a consulta a todos os suxeitos do artigo 2.1 da presente ordenanza.

O rexistro ou sistema de consentimentos será accesible ás persoas titulares dos datos ou ao seu representante e permitirá a revogación ou modificación do consentimento en calquera momento.

3. Os servizos dixitais que prevén a prestación de servizos proactivos e personalizados deberán incorporar, se procede, o consentimento das persoas á consulta dos seus datos para a prestación dos servizos proactivos e personalizados por parte dos suxeitos relacionados no artigo 2.1 da presente ordenanza.

4. Os formularios ou sistemas de recollida de datos para o seu tratamento deberán incorporar a posibilidade de emitir, se procede, o consentimento explícito das persoas interesadas para a finalidade que se trate, de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos.

Artigo 46: Catálogo de solucións corporativas

A entidade local, responsable das solucións tecnolóxicas corporativas, elabora un catálogo de plataformas, solucións e módulos corporativos transversais que se poñen a disposición para a posta en funcionamento dos servizos dixitais.

Artigo 47: Aprobación das solucións tecnolóxicas corporativas e non corporativas

1. Os suxeitos do artigo 2.1 deben utilizar as solucións tecnolóxicas corporativas para o desenvolvemento dos servizos dixitais.

2. Nos supostos nos que, por imposibilidade técnica ou funcional, sexa necesario o uso de

solucións tecnolóxicas non corporativas, o Comité estratéxico deberá establecer as garantías que deben cumprir estas solucións, previo informe da persoa titular do órgano competente en materia de solucións tecnolóxicas da entidade local

Capítulo 3: Ciberseguridade na administración municipal

Artigo 48: Ciberseguridade no ámbito da administración dixital

1. A entidade local disporá dun modelo de ciberseguridade que soporte a seguridade dos activos tecnolóxicos, dos servizos dixitais, da información almacenada neles, así como a protección das persoas usuarias dos sistemas, para xerar así unha cultura da ciberseguridade.

Este modelo deberá garantir a dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, trazabilidade e autenticidade da información.

2. A ciberseguridade é unha responsabilidade compartida entre os suxeitos indicados no artigo 2.1 desta ordenanza, os órganos competentes que se encargan da súa protección, as persoas usuarias, e as empresas ou entidades que prestan servizos a todos os anteriores.

3. O modelo de ciberseguridade estrutúrase ao redor dos seguintes eixos:

a) A gobernanza e estrutura organizativa.

b) A xestión do risco.

c) O cumprimento normativo proactivo.

d) A cultura da ciberseguridade.

e) O control e a verificación.

4. O modelo de ciberseguridade do Concello da Coruña desenvólvese na Política de seguridade da información e protección de datos, que inclúe os seguintes elementos:

a) O establecemento dun modelo de gobernanza que determina unha estrutura organizativa interna e transversal, na que se identifican os organismos e as entidades, e se desenvolven os roles, funcións e responsabilidades de cada un.

b) A xestión da ciberseguridade baséase no goberno dos riscos mediante a clasificación da información en función da súa natureza, relevancia e impacto, tendo en conta as infraestruturas tecnolóxicas, os sistemas de información, e os servizos das tecnoloxías da información e a comunicación que a tratan.

c) A definición das medidas de protección técnicas e organizativas que sexan necesarias.

d) A aplicación das directrices e normas técnicas emitidas dentro do marco normativo de seguridade da información, en relación co uso das tecnoloxías da información e da xestión da ciberseguridade.

e) A aplicación das directrices e normas técnicas emitidas dentro do marco normativo de seguridade da información, en relación co uso das tecnoloxías da información e da xestión da ciberseguridade.

f)A planificación e realización de accións de formación e de concienciación dos/das usuarios/as en materia de ciberseguridade.

g) A implantación e a despregadura de servizos tecnolóxicos e procedementos técnicos para identificar, previr, corrixir, responder, controlar e mitigar os riscos, e facer fronte aos incidentes que poidan suceder.

Artigo 49: Instrumentos para a aplicación do modelo de ciberseguridade

1. De acordo coa normativa que regula o ámbito da ciberseguridade, a aplicación do modelo de ciberseguridade baséase, como mínimo, nos seguintes instrumentos:

a) A Política de seguridade da información e protección de datos do Concello da Coruña, que é o instrumento estratéxico no cal se definen os principios que han de rexer a ciberseguridade, a normativa aplicable, e o seu modelo organizativo de goberno e xestión.

b) A estrutura organizativa de ciberseguridade e protección de datos, que é o instrumento que determina a estrutura e modelo organizativo no ámbito da seguridade para cada unidade, e con capacidade responsable das accións de control e execución que sexan necesarias para definir e garantir o nivel que se determinou.

c) O Plan estratéxico de ciberseguridade, que é o documento que contén a estratexia a seguir en materia de ciberseguridade dentro do seu ámbito de actuación.

d) O Marco normativo de seguridade da información, que é o instrumento que especifica as directrices e normas técnicas de seguridade que se deben cumprir, coa finalidade de garantir unha protección eficaz e, en particular, ante o cibercrime e os ciberataques.

e) O marco normativo relativo á protección de datos de carácter persoal, que é o instrumento que determina unha metodoloxía para analizar, de xeito homoxéneo e obxectivo, o nivel de risco das actividades de tratamento de datos persoais, coa finalidade de definir as medidas de seguridade aplicables.

2. O Concello da Coruña, como organismo ou entidade pública competente en materia de ciberseguridade impulsa, xestiona, revisa e, se procede, aproba periodicamente a vixencia e adecuación destes instrumentos. En materia de política de seguridade, establécese o Centro de Seguridade da Información como instrumento de coordinación e apoio.

Título III: A sede electrónica

Artigo 50: Sede electrónica

1. A sede electrónica é a dirección electrónica dispoñible para a cidadanía a través de redes

de telecomunicacións. A sede electrónica será única para todos os órganos deste Concello, podendo incluír na mesma, ás súas entidades e organismos públicos dependentes, así como ás sociedades locais e capital integramente público, así como as mixtas del dependentes. A titularidade da sede electrónica correspóndelle ao Concello da Coruña. A infraestrutura tecnolóxica que soporta a sede electrónica xeral, así como a operatividade e mantemento dos servizos aos que se dá acceso a través da mesma, serán competencia da Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior, ou da unidade administrativa que a substitúa ou á que se lle atribúan as súas funcións.

2. Serán responsables de comunicar a renovación e actualización dos contidos e dos servizos postos á disposición da cidadanía na sede electrónica os titulares dos órganos administrativos que teñan encomendadas as funcións respectivas e, no seu caso, os titulares das entidades que se incorporen á sede.

3. A sede electrónica está suxeita aos principios de transparencia, publicidade, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

Artigo 51: Adaptación da sede electrónica

1. A sede electrónica adaptarase mediante resolución ou acordo do órgano competente, que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, e disporá do seguinte contido mínimo:

a) Ámbito de aplicación da sede, que será como mínimo o do Concello da Coruña, podendo incluír, así mesmo, aos seus entes, organismos e sociedades dependentes.

b) Identificación da dirección electrónica de referencia da sede.

c) Identificación do seu titular, así como do órgano ou órganos encargados da xestión e administración da sede electrónica e dos servizos postos á disposición da cidadanía na mesma.

d) Identificación das canles de acceso aos servizos dispoñibles na sede, con expresión, no seu caso, dos teléfonos e oficinas a través dos cales tamén se pode acceder aos mesmos.

e) Medios dispoñibles para a formulación de suxestións e queixas.

f)Calquera outra circunstancia que se considere conveniente para a correcta identificación da sede e a súa fiabilidade.

2. Poderanse crear unha ou varias sedes electrónicas derivadas, ou subsedes, da sede electrónica principal. As sedes electrónicas derivadas resultarán accesibles desde a dirección electrónica da sede principal, sen prexuízo de que sexa posible o acceso electrónico directo.

As sedes electrónicas derivadas deberán cumprir os mesmos requisitos que as sedes electrónicas principais, salvo no relativo á publicación da resolución ou acordo pola que se

crea, que se realizará a través da sede da que dependan.

3. Tamén se poderán crear sedes compartidas mediante convenio de colaboración con outras administracións públicas, debéndose publicar neste caso, no boletín oficial correspondente en atención ao ámbito territorial dos asinantes. Os convenios de colaboración poderán, así mesmo, determinar a incorporación a unha sede preexistente.

Artigo 52: Características da sede electrónica

1. Realizaranse a través da sede electrónica todas as actuacións, procedementos e servizos que requiran a autenticación da entidade local, doutras administracións públicas ou da cidadanía por medios electrónicos. Así mesmo, poderanse realizar aquelas actuacións, procedementos e servizos que así se decida polo órgano competente por razóns de eficacia e calidade na prestación de servizos, incluíndo aqueles servizos prestados por contratistas e concesionarios, nos termos establecidos nos correspondentes documentos contractuais.

2. Garántese a integridade, veracidade e actualización da información e os servizos aos que poida accederse a través da mesma.

3. A publicación na sede electrónica de informacións, servizos e transaccións respectará os principios de accesibilidade e uso de acordo coas normas establecidas respecto diso, estándares abertos e, no seu caso, aqueles outros que sexan de uso xeneralizado pola cidadanía.

4. A sede electrónica disporá de sistemas que permitan o establecemento de comunicacións seguras sempre que sexan precisas.

5. As sedes electrónicas farán uso para identificarse e garantir unha comunicación segura das mesmas, de certificados recoñecidos ou cualificados de autenticación de sitio web ou medio equivalente.

O Rexistro electrónico de representación da Administración da entidade local é accesible desde a sede electrónica, na que se indican os trámites e as actuacións incorporados ao rexistro que poden ser obxecto de apoderamento. As persoas acceden e realizan a tramitación da representación no rexistro mediante os sistemas de identificación e sinatura dispoñibles na sede electrónica.

Artigo 81: Categorías de apoderamentos do Rexistro electrónico de representación

1. O apoderamento que se inscriba debe incluírse nalgunha das seguintes categorías:

a) Apoderamento xeral para que a persoa apoderada poida actuar en nome da persoa poderdante en calquera actuación administrativa ante calquera administración.

b) Apoderamento para que a persoa apoderada poida actuar en nome da persoa poderdante en calquera actuación administrativa ante unha administración ou un organismo concreto.

c) Apoderamento para que a persoa apoderada poida actuar en nome da persoa poderdante unicamente para efectuar determinados trámites ou familia de trámites especificados no poder.

d) Habilitacións para a autorización na realización de determinadas transaccións, por parte de persoas físicas ou xurídicas.

2. Por resolución do Comité estratéxico pódense establecer outras categorías de representación ou apoderamento, a petición dos suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza.

3. Os apoderamentos rexistrados no Rexistro electrónico de representación da Administración da entidade local só teñen efectos para os trámites, actuacións ou categorías

aos que faga expresamente referencia o apoderamento outorgado e que consten no formulario normalizado.

Artigo 82: Validez da inscrición de representación

1. Os apoderamentos rexistrados teñen unha validez máxima de cinco anos a contar desde a data da inscrición. En todo caso, en calquera momento antes da finalización do devandito prazo, a persoa poderdante poderá revogar ou prorrogar o poder. As prórrogas outorgadas pola persoa poderdante ao rexistro terán unha validez determinada máxima de cinco anos a contar desde a data da inscrición.

2. As solicitudes de inscrición do poder, de revogación, de prórroga ou de denuncia do mesmo poderán dirixirse a calquera rexistro, debendo quedar inscrita esta circunstancia no rexistro da administración ou do organismo ante o que teña efectos o poder e terá efectos desde a data na que se produza a dita inscrición.

3. No caso de que a unidade xestora dun trámite ou procedemento valore que a representación rexistrada non dispón da capacidade xurídica necesaria para o trámite pretendido, pode requirirlle á persoa interesada a presentación de información adicional.

Capítulo 3: Comunicacións

Artigo 83: A comunicación electrónica

1. A cidadanía poderá elixir, en todo momento, o método de comunicarse coa entidade local, xa sexa a través de medios electrónicos ou presenciais, agás naqueles casos nos que unha norma con rango de lei estableza ou infira a utilización dun medio electrónico. A opción de comunicarse por uns ou outros medios non vincula ao/á cidadán/á, o/a cal poderá, en calquera momento, optar por un medio distinto do inicialmente elixido.

2. O Concello da Coruña informará daqueles medios electrónicos ao alcance da cidadanía para o exercicio do dereito a comunicarse con el na sede electrónica xeral e mediante os correspondentes acordos que se publicarán no Boletín Oficial da Provincia.

3. A Administración municipal utilizará medios electrónicos nas súas comunicacións coa cidadanía sempre que así o solicitaran ou o consentiran expresamente. A solicitude poderá, en todo caso, emitirse e solicitarse por medios electrónicos.

4. Presumiranse válidas as comunicacións a través de medios electrónicos sempre que exista constancia da transmisión e recepción das mesmas, das súas datas e do seu contido íntegro, sempre que se identifique de forma fidedigna á persoa remitente e á persoa ou órgano destinatario/a das mesmas.

5. A entidade local garantirá a seguridade e integridade das comunicacións realizadas por medios electrónicos, establecendo as medidas apropiadas en función do carácter dos datos obxecto daquelas. A Política de identificación e sinatura electrónica do Concello determinará

a forma na que deben emitirse os requirimentos de seguridade destes documentos.

6. O contido e a función destes documentos, así como os posibles persoais ou modelos actualizados, determinaranse, de forma individualizada, para cada procedemento administrativo.

7. A Administración municipal implantará a utilización de medios electrónicos nas comunicacións entre os seus órganos e con outras administracións públicas, agás que existan causas técnicas xustificadas que impidan a súa utilización. As condicións que rexerán estas comunicacións determinaranse entre a Administración municipal e as administracións públicas participantes.

8. A Administración municipal potenciará o uso de declaracións responsables e comunicacións previas ou posteriores ao comezo dunha actividade ou o exercicio dun dereito, a fin de simplificar as cargas administrativas que recaen na cidadanía e nas empresas.

Capítulo 4: Notificacións

Artigo 84: A notificación electrónica

1. O órgano que dite as resolucións e actos administrativos notificará ás persoas interesadas cuxos dereitos e intereses sexan afectados por aqueles, mediante comparecencia na sede electrónica do Concello da Coruña ou a través da Dirección Electrónica Habilitada (DEH) e, en todo caso, cando a persoa interesada resulte obrigada a recibilas por esta vía, de conformidade e nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A entidade local tamén fará uso de ferramentas autonómicas e/ou nacionais de notificación electrónica para a realización destas notificacións.

A notificación por comparecencia consiste no acceso da persoa interesada, ou do seu representante debidamente identificado, ao contido da actuación administrativa correspondente, mediante a sede electrónica do Concello da Coruña.

Artigo 85: Prazo para a notificación

1. Toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de dez días a partir da data en que o acto fose ditado, e deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de se pon fin ou non á vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial, o órgano ante o que se teñan que presentar e o prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

2. Ademais, deberán cumprirse os preceptos indicados no artigo 3.2 do RD 203/2021 en canto á posibilidade de cambiar a notificación en papel pola electrónica e viceversa nas persoas non obrigadas a relacionarse de forma electrónica coas administracións públicas.

Artigo 86: Dispositivo electrónico e/o dirección de correo electrónico de aviso para a notificación

1. A persoa interesada ou o/a seu/súa representante poderá identificar un dispositivo electrónico, para recibir avisos relativos á práctica de notificacións, con independencia da forma de practicalas. Ademais, a falta de práctica deste aviso non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

2. A entidade local determinará os dispositivos electrónicos que admite como válidos para facer efectivo o aviso regulado no presente artigo.

3. Para iso, a persoa interesada ou o/a seu/súa representante deberá identificarse, empregando o sistema admitido para o efecto pola entidade local e cumprimentar os datos correspondentes.

4. A persoa interesada ou o/a seu/súa representante serán os únicos responsables de manter a devandita información actualizada.

Artigo 87: Expedición e práctica electrónica da notificación

1. A notificación sempre será elaborada por medios escritos e en soporte electrónico orixinal, incorporando os metadatos e outros contidos previstos na lexislación en materia de procedemento administrativo común, e se levará a cabo conforme ao previsto nos seguintes apartados.

2. Admítense como formas válidas de notificación a notificación electrónica por comparecencia na Sede electrónica do Concello da Coruña, a notificación a través da Dirección Electrónica Habilitada (DEH) e a notificación coa asistencia de funcionario/a habilitado/a cando a persoa interesada ou o/a seu/súa representante comparezan de forma espontánea na oficina e soliciten a comunicación ou notificación persoal nese momento.

3. A notificación porase, en todo caso, á disposición da persoa interesada ou do/da seu/súa representante na sede electrónica do Concello da Coruña a través do cartafol cidadán, cando se refira a expedientes abertos, asentos rexistrais ou datos en poder da administración, ou da Oficina virtual do/da contribuínte, cando se refira a trámites e xestións relacionados cos tributos xestionados pola entidade local, debendo remitirse en ambos os casos aviso ao dispositivo electrónico e/ou á dirección de correo electrónico sinaladas pola persoa interesada ou polo/a seu/súa representante.

4. Para que a comparecencia electrónica permita a práctica da notificación, o sistema empregado deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Deberá quedar acreditación da identificación da persoa que accede á notificación, de acordo co que dispoña o Concello da Coruña nos termos previstos nesta ordenanza.

b) Deberá informarse de forma claramente identificable de que o acceso da persoa

interesada ao contido terá o carácter de notificación para os efectos legais oportunos.

c) Deberá quedar constancia do acceso da persoa interesada ou do/da seu/súa representante ao contido da notificación, con indicación da data e a hora en que se produce.

d) A notificación por comparecencia na sede electrónica debe xerar e poñer á disposición da persoa interesada un acuse de recibo que permita xustificar o acceso á notificación. O acuse conterá, como mínimo, a identificación do acto notificado e da persoa destinataria, a data e hora na que se produce a posta a disposición e a data e hora do acceso ao seu contido, do rexeitamento ou a data na que a notificación se considera rexeitada por transcorrer o prazo legalmente establecido.

5. Adicionalmente, cando así o solicitara voluntariamente a persoa interesada ou o/a seu/súa representante, ou os mesmos se atopen legal ou regulamentariamente obrigados a recibir as notificacións por medios electrónicos, a entidade local poderá tamén poñer a dita notificación á disposición da persoa interesado/a ou do seu/súa representante nunha dirección electrónica habilitada, nas condicións previstas na súa normativa reguladora.

Artigo 88: Práctica da notificación en soporte papel

1. O Concello da Coruña deberá proceder á práctica da notificación en soporte papel nos casos previstos na normativa aplicable ao procedemento de que se trate, podendo para iso empregar os mecanismos establecidos na lexislación de servizos postais, realizar a entrega directa por un/unha empregado/a público/a ao seu servizo ou por comparecencia espontánea da persoa interesada ou do/da seu/súa representante nas dependencias do Concello da Coruña ou en calquera outro lugar habilitado ao efecto.

2. Todas as notificacións que se practiquen en papel deberán ser postas á disposición da persoa interesada na sede electrónica do Concello da Coruña a través do cartafol cidadán, para que poida acceder ao contido das mesmas de forma voluntaria.

3. Deberase proceder á creación automatizada dunha copia auténtica en papel da notificación posta a disposición na sede electrónica, empregando para iso o código seguro de verificación.

4. A notificación mediante servizo postal realizarase conforme ao que estableza a normativa vixente en cada momento.

5. Da notificación en papel mediante comparecencia espontánea persoal ou entrega directa por empregada pública ou empregado público deberá xerarse unha constancia escrita, inclusive en soporte electrónico, da recepción da notificación por parte da persoa interesada ou do/da seu/súa representante.

Artigo 89: Publicación de anuncios de notificación infrutuosa

1. Cando as persoas interesadas nun procedemento sexan descoñecidas, se ignore o lugar da notificación ou ben, tentada esta, non fose posible practicala nos termos establecidos nos artigos anteriores, a notificación farase mediante a publicación dun anuncio no Taboleiro edictal único e/ou no boletín oficial correspondente. Para estes efectos, poderanse publicar anuncios individuais ou de comparecencia para ser notificado, en forma agregada. No seu caso, e de contarse con dirección de correo electrónico, practicarase tamén o aviso previsto no artigo 90.

2. Cando o Concello da Coruña ou os seus organismos públicos vinculados reciban anuncios de notificación en taboleiro remitidos por outras administracións públicas e polas entidades referidas no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a dita publicación limitarase ao taboleiro de edictos electrónico da entidade local.

Artigo 90: Protección de datos e outros límites aplicables á notificación

1. O Concello da Coruña deberá adoptar as medidas necesarias para a protección dos datos persoais que consten nas resolucións e actos administrativos, cando teñan por destinataria a máis dunha persoa interesada, así como aplicar, no seu caso, outros límites previstos na lexislación vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

2. As ditas medidas poderán incluír, entre outras, a utilización de iniciais, a transcrición para a certificación parcial de acordos e resolucións, no seu caso, xerada automaticamente mediante o uso de metadatos, ou o uso de anexos excluídos de certificación e posterior notificación.

3. En todo caso, deberase indicar a circunstancia de existir limitacións de acceso aos devanditos datos, nos termos previstos pola lexislación vixente sobre protección de datos.

Capítulo 5: Acceso á información polos membros da corporación municipal

Artigo 91: Procedemento de acceso

Para os casos nos que os membros da corporación municipal desexen acceder a informacións e documentos electrónicos preexistentes que non estean xa publicados, o procedemento de solicitude dos mesmos será, fundamentalmente, o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O procedemento resúmese nos seguintes pasos:

a) O/a concelleiro/a do grupo político correspondente deberá presentar a través do rexistro municipal, de forma presencial ou electrónica, unha solicitude na que fará constar a información que solicita, dirixida á Alcaldía.

b) Desde a Alcaldía solicitarase un informe sobre a autorización ou denegación do acceso ao servizo, área ou unidade que posúa a información reclamada, que deberá emitirse no prazo máximo de dez días.

c) A Alcaldía emitirá unha resolución autorizando ou denegando o acceso, e daralle traslado da mesma ao grupo político correspondente mediante notificación electrónica, a cal complementará co envío dun correo electrónico adicional no que engadirá como arquivo adxunto a autorización asinada pola persoa titular da Alcaldía, de conformidade co previsto no artigo 120 do Regulamento Orgánico Municipal ou precepto que o substitúa .

d) A documentación de expedientes aos que teñan dereito de acceso directo as persoas que sexan membros corporativos, en virtude do establecido tanto no Regulamento Orgánico Municipal como nas normas sobre réxime local poderá serlles remitida de forma electrónica.

Capítulo 6: Normas comúns

Artigo 92: Plan de comunicación corporativo

A entidade local aprobará un Plan de comunicación corporativo, que regulará a comunicación interna e externa, procurando o establecemento das canles adecuadas para o seu mellor funcionamento.

Artigo 93: Responsabilidades pola utilización da información

En todo caso, a utilización de calquera información municipal á que se teña acceso por calquera medio, electrónico ou non, para finalidades diferentes das que motiven a súa entrega, publicación ou posta a disposición, dará lugar a responsabilidades disciplinarias, as cales se esixirán conforme á lexislación que resulte de aplicación, en aras á salvagarda do sistema. Tamén será de aplicación o Código de conduta e principios éticos do Concello da Coruña, tomado do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Título VI: O procedemento administrativo electrónico

Capítulo 1: A tramitación dos procedementos administrativos electrónicos

Artigo 94: Iniciación dos procedementos por medios electrónicos

1. Os procedementos administrativos poderán ser iniciados a instancia de parte mediante a presentación no Rexistro electrónico xeral da entidade local dun documento de iniciación, que poderá ser unha solicitude, comunicación ou declaración responsable. Para ese efecto, o Concello da Coruña porá ao dispor dos interesados os modelos normalizados de solicitude relativos aos distintos procedementos que se definirán no Catálogo de procesos e procedementos electrónicos do Concello da Coruña e, para os demais casos, un formulario de carácter xenérico denominado solicitude xeral.

2. A solicitude deberase asinar cunha sinatura electrónica segundo o recollido na presente ordenanza no capítulo de Identificación e Sinatura e sempre que se cumpra co previsto no artigo 9.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Artigo 95: Instrución dos procedementos por medios electrónicos

1. Os programas, as aplicacións e os sistemas de información que en cada caso se utilicen para a realización por medios electrónicos dos trámites administrativos deberán garantir o control dos prazos, a constancia da data, a hora e a identificación das persoas responsables das actuacións, o exercicio da competencia por parte do órgano recoñecido como competente en cada caso, ademais do respecto á orde de tramitación dos expedientes.

2. O Concello da Coruña garantirá que os actos administrativos, as resolucións ditadas e as comunicacións coa cidadanía realizadas por medios electrónicos cumpran os requisitos de seguridade, integridade e conservación previstos nas leis 39/2015 e 40/2015 do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público, así como os previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Regulamento Europeo de Protección de Datos (Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016).

3. Así mesmo, garantirase que os dereitos de audiencia ás persoas interesadas e de información pública á cidadanía se poidan exercer a través de medios electrónicos, cando cumpra.

Artigo 96: Información ás persoas interesadas

1. As persoas interesadas, previa identificación, e salvo que a normativa aplicable estableza restricións, poderán obter información do estado de tramitación dos procedementos administrativos nos que formen parte, tanto de forma presencial como a través dun servizo habilitado para tal propósito publicado na sede electrónica xeral, e segundo o establecido nos apartados seguintes do presente artigo.

2. Nos procedementos administrativos xestionados na súa totalidade electronicamente, as persoas interesadas poderán obter información sobre os actos de trámite realizados no curso da tramitación do procedemento, con indicación do seu contido e da data na que foron ditados.

3. Para aqueles procedementos non xestionados electronicamente na súa totalidade, o Concello da Coruña habilitará servizos electrónicos de información do estado da tramitación que comprendan, polo menos, a fase na que se atopa o procedemento e o órgano ou unidade responsable do mesmo.

4. En todo caso, a entidade local poderá remitir ás persoas interesadas avisos sobre o estado da tramitación a través dos medios de comunicación previstos no artigo 87 e seguintes desta ordenanza.

Artigo 97: Terminación dos procedementos por medios electrónicos

1. O procedemento electrónico terminará por resolución que poña fin ao mesmo, por desistencia ou renuncia do interesado, por declaración de caducidade do expediente ou por acordos, pactos, convenios ou contratos entre a Administración municipal e os interesados, con pleno respecto ao establecido no Capítulo V de Finalización do procedemento da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. En todo caso, a entidade local garantirá a identidade dos órganos competentes dos actos ou resolucións que poñan fin a un procedemento electrónico, que irán acompañados da sinatura electrónica recoñecida do devandito órgano de acordo co establecido no Título IV de Identificación e sinatura da presente ordenanza.

Artigo 98: O expediente electrónico

1. O expediente electrónico é o conxunto de documentos electrónicos correspondentes a un procedemento administrativo, sexa cal for o tipo de información que conteñan.

2. A remisión de expedientes poderá substituírse para todos os efectos pola posta á disposición do expediente electrónico, tendo a persoa interesada dereito a obter copia do mesmo en formato dixital.

3. A estrutura e o formato do expediente electrónico, así como as especificacións dos servizos de remisión e posta a disposición, corresponderase co establecido no Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade, así como na Resolución do 19 de xullo de 2011 pola que se aproba a Norma técnica de interoperabilidade de expediente electrónico.

Artigo 99: Dixitalización dos documentos en soporte papel

Para os efectos desta ordenanza enténdese por dixitalización o proceso de conversión dun documento de soporte papel a unha representación dixital mediante un conxunto de dispositivos, programas informáticos e procedementos de maneira que a copia resultante teña as mesmas garantías de autenticidade, integridade e dispoñibilidade que o documento orixinal, de acordo co Esquema Nacional de Interoperabilidade e as súas normas técnicas de desenvolvemento. As dixitalizacións que se realizan coa finalidade de incorporar os documentos en papel a un expediente administrativo confórmanse mediante un código seguro de verificación ou o selo electrónico do órgano que realiza a dixitalización.

Artigo 100: Dixitalización vinculada ás oficinas de atención presencial

1. Cando as persoas presenten documentos con carácter de copia ou orixinal en soporte papel coa finalidade de que sexan incorporados a un expediente administrativo, a oficina de atención presencial responsable da tramitación debe dixitalizalos de acordo co artigo 114

desta ordenanza.

2. O documento resultante do proceso de dixitalización ten a consideración de copia auténtica, unicamente para os efectos de incorporación ao expediente administrativo e ten o mesmo valor que o documento presentado.

3. No caso de que as copias electrónicas dixitalizadas deban entregarse en soporte papel ás persoas interesadas, debe expedirse unha copia auténtica do documento electrónico dixitalizado, que, en todo caso, debe incorporar un código seguro de verificación que permita ás persoas interesadas comprobar a súa autenticidade a través do acceso ao servizo de verificación da sede electrónica da entidade local.

4. As oficinas de atención presencial deben eliminar, unha vez efectuada a dixitalización, os documentos en soporte papel que se achegaran nestas oficinas de acordo co artigo 114 desta ordenanza. No caso de que a persoa interesada manifeste, de maneira expresa, a vontade de conservación e recuperación dos documentos orixinais que presentase, as oficinas de atención cidadá deben informarlle do prazo e do procedemento para recuperar os documentos.

Artigo 101: Dixitalización dos expedientes finalizados

Os expedientes finalizados en papel dixitalízanse de acordo co proceso establecido no Esquema Nacional de Interoperabilidade e nas súas normas técnicas de desenvolvemento.

Artigo 102: Eliminación dos documentos en soporte papel dixitalizados

1. Os documentos con carácter de orixinais en soporte papel que fosen dixitalizados de acordo co que prevé esta ordenanza deben destruírse se cumpren un dos seguintes requirimentos:

a) Que estea establecido o período de conservación desta documentación nunha táboa de acceso e avaliación documental ou nun acordo da Comisión Nacional de Acceso, Avaliación e Selección Documental.

b) Que se dispoña dun xestor documental, ou dun sistema de información integrado á solución corporativa de xestión documental e arquivo no que depositar os documentos dixitalizados.

c) Que se incorporen directamente os documentos dixitalizados e os correspondentes expedientes á solución de arquivo electrónico corporativo da entidade local.

2. O prazo para destruír os documentos que constan no apartado anterior é, con carácter xeral, de tres meses desde a súa dixitalización, agás que o órgano responsable da xestión documental e arquivística estableza outro prazo.

3. Os documentos que pertencen a series que foron ditaminadas de conservación

permanente por unha táboa de acceso e avaliación documental ou por un acordo do Consello de Avaliación Documental de Galicia, creado no Decreto 15/2016, do 14 de xaneiro (DOG núm. 34 do 19 de febreiro de 2016), pódense destruír coa condición de obter previamente autorización do Consello de Avaliación Documental de Galicia.

Artigo 103: Externalización do proceso de dixitalización

Os documentos cuxo proceso de dixitalización se externalizara deben asinarse con selo do órgano mediante unha actuación automatizada. As condicións de contratación deben prever a maneira na que a persoa contratista faga entrega das imaxes para que o órgano competente poida asinalas mediante unha actuación automatizada nun proceso masivo.

Artigo 104: Envío de información dixital nas comunicacións internas

1. O envío interno de expedientes, documentos ou agrupacións documentais dos suxeitos do apartado 1 do artigo 2 desta ordenanza levaranse a cabo, preferentemente e con carácter xeral, mediante o acceso do órgano receptor ao sistema de información no que se atopa o obxecto do envío ou aos espazos habilitados para compartilos.

2. A indexación e foliación do expediente realízase, no seu caso, mediante as ferramentas e plataformas corporativas habilitadas para esta función.

Artigo 105: Envío do expediente administrativo ás persoas interesadas

O sistema de envío do expediente administrativo ás persoas interesadas é a posta á disposición do expediente, ou da parte deste que proceda, na sede electrónica ou no espazo personalizado da sede electrónica da entidade local. O expediente administrativo ponse a disposición nun prazo máximo de cinco días a contar desde a data da solicitude, a menos que por causas xustificadas sexa necesario ampliar o devandito prazo. Son causas xustificadas a imposibilidade material de levar a cabo a dixitalización no prazo previsto debido á volumetría do expediente, a incidencia técnica nos servizos dixitais que dan apoio a este proceso, ou a imposibilidade técnica cando o expediente inclúa actuacións que, polo seu formato, non sexan susceptibles de dixitalización mediante o sistema corporativo establecido.

Artigo 106: Sistema de xestión documental

1. O sistema de xestión documental corporativo da entidade local garante o cumprimento da Política de xestión documental e arquivo.

2. Os sistemas de información e aplicacións de xestión deben utilizar preferentemente as ferramentas de xestión documental corporativas. En caso de utilizar solucións non corporativas, estas deben garantir, en todo caso, o cumprimento das políticas de xestión documental ao longo da fase de tramitación e deben ser aprobadas de acordo co apartado 2 do artigo 50 desta ordenanza.

Artigo 107: Arquivo dixital único

1. Os expedientes administrativos finalizados deben ser transferidos ao arquivo electrónico corporativo da entidade local, no que deben conservarse durante o período de vixencia asignado de acordo coas táboas de acceso e avaliación documental.

2. O arquivo dixital único garante a implantación das Políticas de xestión documental corporativas, especialmente a trazabilidade do acceso aos expedientes e documentos, o reselado, no seu caso, de sinaturas, o control das eliminacións de documentos e o mantemento dos formatos.

3. O arquivo dixital único debe cumprir os estándares de seguridade e de dispoñibilidade de servizo que estableza a Administración da entidade local.

4. Os suxeitos do apartado 1 do artigo 2 desta ordenanza deben facer uso do arquivo dixital único corporativo da entidade local, a menos que, por imposibilidade técnica ou funcional, sexa procedente o uso doutro servizo, de acordo co apartado 2 do artigo 50 desta ordenanza.

Artigo 108: Compromiso co principio de eficiencia administrativa: análise, simplificación e mellora previa

1. En aplicación do principio de eficiencia dunha boa regulación, o Concello realizará un proceso de innovación sobre a súa actividade administrativa co obxectivo de xerar valor público, que conterá os seguintes vectores: análise de valor, xeración de ideas, redeseño, optimización, simplificación, apertura e eliminación de cargas administrativas. Este proceso realizarase con carácter previo á utilización e incorporación de aplicacións e sistemas de información á actividade administrativa da entidade local.

2. O proceso de innovación mencionado realizarase sobre os seguintes ámbitos administrativos e de organización:

a) Ámbito procedemental.

b) Ámbito regulamentario.

c) Ámbito organizativo.

Artigo 109: Da innovación e da simplificación no ámbito procedemental

1. O Concello reducirá as cargas á cidadanía eliminando como necesarios para a iniciación dos seus procedementos administrativos os seguintes documentos salvo que, con carácter excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario:

a) A copia do documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente.

b) Calquera certificado ou documento acreditativo do cumprimento duns requisitos que deba ser emitido pola propia entidade local.

c) Calquera documento que fose previamente elaborado e/ou emitido por calquera outra administración pública, cuxa obtención estea dispoñible a través das plataformas de intermediación de datos, tanto da Administración Xeral do Estado como da Xunta de Galicia.

d) Calquera dato ou documento que non sexa esixido pola normativa reguladora aplicable.

e) Datos ou documentos que fosen achegados anteriormente pola persoa interesada a calquera administración pública, sempre que esta os poña a disposición a través de plataformas de intermediación e a persoa interesada indique en que momento e ante que órgano administrativo presentou eses datos ou documentos. Neste suposto, presúmese a autorización para a consulta, agás que conste a súa oposición expresa á reutilización ou unha lei especial esixa o seu consentimento expreso.

Así mesmo, co obxectivo de reducir a carga administrativa á cidadanía:

a) Reducirá a frecuencia nas obrigas de solicitude e iniciación de procedementos administrativos.

b) Dará preferencia ao uso de declaracións responsables e comunicacións previas, así como ás renovacións automáticas de autorizacións e licenzas previamente outorgadas.

c) Procurará a mellora continua e a innovación para a redución de prazos e tempos de resposta previstos nas normas.

2. O Concello revisará e analizará periodicamente, de acordo co apartado anterior, o conxunto de procedementos administrativos que poidan verse afectados ante a aparición de novos servizos nas plataformas de intermediación de datos do sector público que permitan maiores reducións de carga. En calquera caso, as persoas interesadas poderán deixar de achegar documentos esixidos que poidan obterse pola entidade local a través das plataformas de intermediación transcorrido o prazo dun mes desde que estean operativos os mencionados servizos intermediados.

3. O Concello analizará a viabilidade e optará pola tramitación simplificada do procedemento administrativo común alí onde sexa posible, mantendo actualizada na súa sede electrónica a relación daqueles procedementos administrativos aos que se aplicará este modelo de tramitación simplificada, sen menoscabo do dereito do interesado á súa oposición expresa e preferencia pola tramitación ordinaria.

Artigo 110: Da innovación e simplificación no ámbito organizativo

1. O Concello aplicará os principios de innovación e simplificación no ámbito organizativo que coadxuvan á eficiencia e orientación á cidadanía, dando preferencia a criterios e innovacións como:

a) Un réxime de delegacións entre os órganos de goberno orientado á eficiencia nos procesos de toma de decisións, evitando as delegacións en órganos colexiados daqueles

asuntos cuxa decisión poida adoptarse por un órgano unipersoal.

b) A constitución de oficinas de atención á cidadanía cun alto nivel de servizo que poidan incluír as respostas inmediatas e a tramitación proactiva no mesmo momento da atención.

c) Os modelos organizativos baseados en procesos e transversalidade que incentiven a creatividade e o talento nos seus equipos de traballo.

d) O uso de técnicas de análise do valor engadido sobre os fluxos de actividades administrativas para identificar, potenciar e optimizar aquelas unidades organizativas que engaden valor á cidadanía ou á entidade local na súa procura de eficacia e eficiencia pública e para eliminar o resto de unidades superfluas desde a perspectiva da devandita análise.

Título VII: Arquivo Electrónico

Artigo 111: Arquivo electrónico de documentos

1. O Arquivo electrónico da entidade local inclúe o sistema de xestión documental. Está formado por todos os expedientes electrónicos, documentos e compoñentes de control que permiten a actuación administrativa do Concello, desde a súa creación e tramitación ata a súa conservación, de acordo co período de vixencia asignado de acordo coas táboas de acceso e avaliación documental.

2. O Arquivo electrónico é un arquivo único, de uso común e obrigatorio para todas as dependencias do Concello da Coruña, podendo adherirse o resto de órganos do sector público municipal. As solucións adoptadas polos órganos do sector público municipal que non se adhiran ao municipal deben permitir ao Arquivo electrónico do Concello dispoñer dos expedientes e documentos electrónicos a fin de garantir a súa preservación e o seu acceso.

3. O modelo de xestión de documentos electrónicos é a ferramenta que unifica e normaliza a xestión dos documentos e expedientes electrónicos e está baseado na Política de xestión documental e arquivo da entidade local. Baséase na análise documental do procedemento, previo á incorporación dos documentos e expedientes ao Arquivo electrónico. Esta análise clasifica os tipos documentais incluídos nos expedientes, así como as súas características principais.

4. O modelo de xestión de documentos electrónicos é a ferramenta que unifica e normaliza a xestión dos documentos e expedientes electrónicos e está baseado na Política de xestión documental e arquivo da entidade local. Baséase na análise documental do procedemento, previo á incorporación dos documentos e expedientes ao Arquivo electrónico. Esta análise clasifica os tipos documentais incluídos nos expedientes, así como as súas características principais.

5. Como norma xeral, todos os documentos utilizados nas actuacións administrativas

almacenaranse por medios electrónicos. Con todo, almacenaranse no seu soporte orixinal os documentos en soporte físico que non sexa posible incorporar ao expediente electrónico mediante copia electrónica auténtica, nos termos legalmente previstos, e acreditarase e xustificará esta situación de excepcionalidade.

Artigo 112: Formatos e soportes para a conservación

1. Os documentos electrónicos que conteñan actos administrativos que afecten a dereitos ou intereses dos particulares deberán conservarse en soportes dixitais, xa sexa no mesmo formato a partir do que se orixinou o documento ou noutro calquera que asegure a identidade e a integridade da información necesaria para reproducilo. Sendo, en calquera caso, sempre preferente a conservación no seu formato orixinal, incluíndo a sinatura electrónica e metadatos.

2. Os documentos electrónicos correspondentes a procedementos finalizados deberán conservarse nun formato que permita garantir a autenticidade, integridade e conservación do documento, así como a súa consulta con independencia do tempo transcorrido desde a súa emisión, podendo para iso procederse ao cambio do seu formato orixinal ao formato de conservación, mediante a produción da correspondente copia electrónica auténtica.

3. Con todo, o establecido nos apartados anteriores, os documentos electrónicos deberanse conservar preferentemente no seu formato orixinal, incluíndo a súa sinatura electrónica e metadatos, mentres persista o seu valor probatorio.

4. O Concello da Coruña arbitrará os procedementos necesarios para o traslado de datos a outros formatos e soportes que garantan o acceso desde diferentes aplicacións.

Artigo 113: Garantías e medidas de seguridade dos arquivos electrónicos

1. Os medios ou soportes en que se almacenen documentos deberán contar con medidas de seguridade, de acordo co previsto no Esquema Nacional de Seguridade, que garantan a dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, trazabilidade, e autenticidade dos documentos.

2. En particular, o Arquivo electrónico garantirá a identificación das persoas usuarias e o control de accesos, o cumprimento das garantías previstas na lexislación de protección de datos, ademais da recuperación e conservación a longo prazo dos documentos electrónicos producidos polas administracións públicas que así o requiran, de acordo coas especificacións sobre o ciclo de vida dos servizos e sistemas utilizados.

3. O Concello da Coruña comprométese a garantir unha correcta protección e tratamento dos datos achegados pola cidadanía. O Concello adoptará as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, de acordo co previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Regulamento Europeo de Protección de Datos (Regulamento (UE) 2016/679

do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016).

4. O modelo de xestión de documentos establecerá, en coordinación coa Política de seguridade da información e protección de datos, e coas disposicións e artigos do Real Decreto 311/2022, as medidas de seguridade aplicables ao Arquivo electrónico.

Artigo 114: Suxeición á normativa reguladora da xestión dos arquivos

1. Os proxectos que necesiten crear documentos ou expedientes electrónicos deben cumprir as directrices establecidas no modelo de xestión de documentos electrónicos correspondentes a procedementos finalizados. Ademais, será compatible cos sistemas e redes de arquivos, de acordo coa lexislación vixente, e respectará a repartición de responsabilidades sobre a custodia ou traspaso correspondente.

2. O Arquivo electrónico único será compatible coa continuidade do arquivo histórico, de acordo coa normativa estatal e autonómica correspondente.

3. A eliminación de documentos electrónicos deberá autorizarse conforme á normativa aplicable.

4. As disposicións do Regulamento do sistema integral de xestión documental e arquivo do Concello da Coruña aplicaranse tamén aos documentos en soporte electrónico.

Artigo 115: Acceso aos arquivos electrónicos

1. O acceso da cidadanía aos arquivos electrónicos rexerase polo establecido na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. O Concello da Coruña fará uso de solucións da Comunidade autónoma e/ou da Administración Xeral do Estado para a xestión de documentos e expedientes electrónicos, segundo o establecido na disposición adicional quinta.

2. O acceso doutras administracións públicas aos documentos e arquivos electrónicos regulados na presente ordenanza cando a persoa solicitante exercite o seu dereito a non achegar documentos xa achegados anteriormente ao Concello da Coruña e aos seus organismos públicos vinculados, realizarase con plena suxeición aos límites previstos na lexislación reguladora do dereito de acceso á información pública, e sempre que a documentación non fose eliminada conforme ao previsto na normativa reguladora.

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira: Funcións do Comité estratéxico

As funcións do Comité estratéxico serán asumidas polo Comité de Seguridade da Información salvo que, por resolución da Alcaldía, se decida a súa constitución e asignación de funcións de forma independente.

Disposición adicional segunda: Xestión do Catálogo corporativo de procesos e

procedementos

1. De acordo co artigo 37, relativo á xestión do Catálogo corporativo de procesos e procedementos, establécese na presente disposición que un contido obrigatorio da Sede electrónica corporativa é o Catálogo de procesos e procedementos. A información que debe aparecer para cada un deles é a seguinte:

- Nome.
- Información básica, en formato comprensible e útil para a cidadanía.
- Normativa de aplicación.
- Os formularios de solicitude e anexos asociados, no seu caso.

2. A incorporación de novos procedementos e trámites administrativos á sede electrónica deberase realizar segundo o protocolo que estableza o Comité estratéxico.

3. A información e difusión actualizada dos procedementos e trámites administrativos susceptibles de tramitación e comunicación electrónica producirase a través da sede electrónica, sen prexuízo dos medios de publicidade complementarios que resulten preceptivos ou que se estimen convenientes.

Disposición adicional terceira: Procedementos e trámites en curso

A presente ordenanza non será de aplicación aos procedementos iniciados con anterioridade á data da súa entrada en vigor.

Disposición adicional cuarta: Procedementos e trámites actuais

Os trámites e procedementos accesibles actualmente por vía electrónica, xa sexa a través da Sede electrónica ou a través doutras canles telemáticas, deberán incluírse no Catálogo previsto nesta ordenanza desde o momento da súa entrada en vigor. Neste sentido, a sede electrónica do Concello da Coruña deberá permitir, desde o momento da súa implantación, a realización das actuacións previstas nos trámites e procedementos incluídos no Catálogo mencionado.

Disposición adicional quinta: Uso de ferramentas autonómicas ou nacionais

A entidade local fará uso de solucións da Comunidade autónoma e/ou da Administración Xeral do Estado sempre que sexa posible e constitúa unha simplificación e mellora na eficiencia dos procesos.

Disposición adicional sexta: Obriga de relación electrónica

De acordo co artigo 16 desta ordenanza, enténdese que son obrigatorias nos seguintes supostos as relacións por medios electrónicos para determinados colectivos de persoas

físicas que pola súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos, quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios, sempre que así o establezan as bases das respectivas convocatorias ou dos procedementos administrativos:

- Axudas.
- Subvencións.
- Bolsas.
- Procesos selectivos e de provisión.
- Autorizacións e licenzas.
- Procesos de inscrición en determinadas actividades.
- Pagos de determinadas taxas.

Disposición adicional sétima: Esquema Nacional de Seguridade

O desenvolvemento dunha cultura de seguridade servirá para establecer as bases da protección, tanto da información confidencial, como da cidadanía, empregados/as públicos/as e empresas e institucións colaboradoras, e permitirá o control e a xestión dos riscos tecnolóxicos inherentes á implantación efectiva dun servizo de administración electrónico plural e accesible.

O desenvolvemento desta cultura sustentarase nas disposicións e artigos do Esquema Nacional de Seguridade (Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade), no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas medidas previstas fronte a danos accidentais ou deliberados que poidan afectar á dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, trazabilidade e autenticidade da información tratada, ou os servizos prestados na sede electrónica, establecidas no documento de Política de seguridade da información e protección de datos do Concello da Coruña, política nacida ao amparo do artigo 12 do Esquema Nacional de Seguridade.

Disposición adicional oitava: Mapa de intercambio de datos

1. A entidade local debe aprobar un mapa de intercambio de datos co obxectivo de facilitar a localización e o acceso aos datos e a información elaborada polos suxeitos do artigo 2.1 desta ordenanza que sexan necesarios para os efectos previstos nesta ordenanza.

2. O mapa de intercambio de datos debe conter, polo menos, a información do organismo público ou entidade titular dos datos e documentos, e as condicións, protocolos e criterios

funcionais ou técnicos para acceder dixitalmente a estes datos. O sistema que dea apoio ao Mapa de intercambio de datos debe ser interoperable con catálogos de natureza análoga doutras administracións públicas.

Disposición adicional novena: Rexistro de consentimentos

O Comité estratéxico creará un rexistro de consentimentos, que recollerá os datos relativos ao consentimento das persoas ás que se prestan os servizos proactivos e personalizados, establecido no artigo 47 desta ordenanza.

Disposición adicional décima: Autorización ao persoal das oficinas de atención cidadá con funcións de asistencia en materia de rexistro para que poida acceder ao espazo privado das persoas

O persoal das oficinas de atención cidadá con funcións de asistencia en materia de rexistro poderá acceder ao contido do espazo privado da persoa interesada, co seu consentimento previo e, se procede, recibir as notificacións correspondentes.

Disposición adicional undécima: Facturación electrónica

Exclúese da obriga por parte dos/das empresarios/as individuais e autónomos/as a presentación de facturas a través da sede electrónica de todas aquelas facturas cuxo importe sexa inferior a 5.000 euros.

Disposición adicional duodécima: Incidencias técnicas

De acordo co artigo 76, naqueles supostos nos que se produza unha incidencia técnica que imposibilite o correcto funcionamento do rexistro electrónico, o servizo de Informática publicará un informe técnico na Sede electrónica e/ou no BOP comunicando a incidencia. O/os servizo/s que vexa/n afectados os seus prazos ou considere/n que necesita ampliar os mesmos, debido á proximidade do vencemento destes, ditará unha resolución igualmente publicada na canle que proceda para ese efecto.

Disposición derrogatoria única

Cando entre en vigor a presente ordenanza, quedará derrogada a Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello da Coruña, aprobada de forma definitiva no pleno celebrado o 6 de outubro de 2014 e publicada no BOP número 199 do 17 de outubro de 2014, así como calquera outra disposición municipal en materia de administración dixital e electrónica que se opoña ao establecido neste texto.

Disposicións finais

Disposición final primeira: Desenvolvemento e execución da ordenanza

Atribúese á persoa titular da Alcaldía, ou ben á persoa titular da concellaría na que delegue a Alcaldía, a aprobación daquelas instrucións e directrices que sexan necesarias para o

desenvolvemento e execución desta ordenanza no ámbito da Administración municipal, dándolle difusión ás mesmas a través da sede electrónica e dos medios que se estimen oportunos para garantir o seu coñecemento.

Disposición final segunda: Fase inicial de implantación da ordenanza

Na fase inicial de implantación desta ordenanza funcionarán como oficinas de asistencia en materia de rexistro as oficinas dos rexistros municipais situados no Palacio de María Pita, no Ágora, no Fórum Metropolitano e no edificio económico-tributario emprazado na rúa da Franxa, sen prexuízo de incorporar no futuro outras dependencias a ese listado.

Funcionarán, así mesmo, como puntos especializados de apoio para a realización de trámites en determinadas materias, que prestan labores auxiliares de rexistro e dixitalización, os rexistros que operan na actualidade como sectoriais ou especializados nunha materia determinada, como é o caso do habilitado especificamente para actuacións e xestións urbanísticas.

Durante a fase de implantación desta ordenanza, o Concello da Coruña habilitará os medios e mecanismos necesarios para facilitar o acceso electrónico e as relacións por medios electrónicos coa Administración daquelas persoas, empresas, entidades e persoal municipal que elixan esa forma de comunicación ou ben que estean obrigados a usar esa canle en virtude da aplicación desta ordenanza e que acrediten dificultades para a dispoñibilidade dos recursos necesarios.

Disposición final terceira: Variacións nas denominacións da ordenanza

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, o Concello poderá realizar as seguintes variacións nas denominacións recollidas na ordenanza, que en ningún caso comportarán a obriga de modificar a mesma:

-O cambio na denominación de centros, organismos e unidades responsables derivadas de reordenacións organizativas incluirán unha mención expresa a que centro, organismo ou unidade substitúen dos previstos nesta ordenanza, o cal será obxecto de difusión a través da sede electrónica.

Disposición final cuarta: Establecemento de novos procedementos e trámites

I. Estimar la alegación presentada contra la redacción del Artículo 2º, párrafo segundo, añadiendo el texto "junto con el resto de museos de la ciudad dependientes del Ayuntamiento."

II. Desestimar as alegacións presentadas contra o Artigo 3º no que respecta á maioría precisa para aprobar ditames, informes e plans. Non se pode regular unha aprobación por maioría absoluta porque crearía un órgano moi ríxido, o que sería contrario ao normal funcionamento dun órgano consultivo.

II. Desestimar las alegaciones presentadas contra el Artículo 3º en el que respecta a la mayoría precisa para aprobar dictámenes, informes y planes. No se puede regular una aprobación por mayoría absoluta porque crearía un órgano muy rígido, lo que sería contrario al normal funcionamiento de un órgano consultivo.

III. Desestimar a alegación pola que se pretende que o Consello sexa un órgano que reciba información sobre a execución orzamentaria e que ademais participe na elaboración do proxecto de orzamentos da Área de Cultura. Trátase dun órgano consultivo e de participación, non de control.

III. Desestimar la alegación por la que se pretende que el Consejo sea un órgano que reciba información sobre la ejecución presupuestaria y que además participe en la elaboración del proyecto de presupuestos del área de Cultura. Se trata de un órgano consultivo y de participación, no de control.

IV. Estimar a inclusións das seguintes finalidades, dentro do Artigo 3º:

IV. Estimar las inclusiones de las siguientes finalidades, dentro del Artículo 3º:

o) Crear unha páxina web CMC onde se envorque todo o relacionado co Consello e a cultura da cidade.

o) Crear una página web CMC donde se vuelque todo lo relacionado con el Consejo y la cultura de la ciudad.

p) Promover a creación e permanente actualización dun ficheiro, revisado e actualizado anualmente, de espazos culturais públicos e privados da cidade, así como de creadores, entidades e institucións culturais públicas e privadas coas que conta a cidade. Este ficheiro será accesible a través da web do CMC.

p) Promover la creación y permanente actualización de un fichero, revisado y actualizado anualmente, de espacios culturales públicos y privados de la ciudad, así como de creadores, entidades e instituciones culturales públicas y privadas con las que cuenta la ciudad. Este fichero será accesible a través de la web del CMC.

q) Establecer criterios de acceso aos recursos culturais do concello poñendo ao dispor dos cidadáns, artistas e institucións unhas normas claras e transparente no que se refire a uso de salas de exposición, salas de concertos, teatros, auditorios ou calquera outro tipo de espazo ou recurso susceptible de uso cultural que sexa de competencia municipal.

q) Establecer criterios de acceso a los recursos culturales del ayuntamiento poniendo a disposición de los ciudadanos, artistas e instituciones unas normas claras y transparente en el que se refiere a uso de salas de exposición, salas de conciertos, teatros, auditorios o cualquier otro tipo de espacio o recurso susceptible de uso cultural que sea de competencia municipal.

V. Desestimar a petición de cambio de redacción do Artigo 4º en canto á Vicepresidencia. Non parece adecuado limitar a Vicepresidencia a persoas representantes do sector cultural. Debe ser o Pleno do Consello o que decida.

V. Desestimar la petición de cambio de redacción del Artículo 4º en cuanto a la Vicepresidencia. No parece adecuado limitar la Vicepresidencia a personas representantes del sector cultural. Debe ser el Pleno del Consejo el que lo decida.

VI. Desestimar a petición de cambio de redacción do Artigo 4º en canto a que o número dos vogais, concelleiros e concelleiras, debe ser proporcional á representación de cada grupo político no Pleno do Concello, por dar lugar a un número excesivo de representantes.

VI. Desestimar la petición de cambio de redacción del Artículo 4º en cuanto a que el número de los vocales, concejales y concejalas, debe ser proporcional a la representación de cada grupo político en el Pleno del Ayuntamiento, por dar lugar a un número excesivo de representantes.

VII. Estimar a petición de incorporar aos seguintes vogais:

VII. Estimar la petición de incorporar a los siguientes vocales:

- Unha persoa representante da Fundación Luís Seoane.

- Una persona representante de la Fundación Luís Seoane.

- Unha persoa representante do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses.

- Una persona representante del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses.

- Unha persoa representante da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

- Una persona representante de la Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario.

- Unha persoa representante da Real Academia Galega da Lingua.

-Unha persoa representante da Academia Galega do Audiovisual.

VIII. Desestimar a alegación presentada contra o Artigo 4º en canto á inscrición das persoas interesadas en participar no Consello.

IX. Desestimar as peticións en canto á incorporación de prazos no Artigo 5º.

X. Estimar a alegación en canto á periodicidade das sesións ordinarias, que pasan a ser semestrais. (Artigo 11º). Desestimar a petición de sesións extraordinarias por un terzo dos membros do Consello.

XI. Estimar a alegación contra o Artigo 19º relativa á composición da Comisión Permanente, no sentido de que se inclúe o texto "A Presidencia ou persoa na que se delegue" e se inclúe como punto 7. "Unha representación proporcional de todos os grupos políticos presentes no Pleno Municipal."

XII. Desestimar as alegacións presentadas co fin de introducir unha disposición adicional terceira e cuarta por non ser necesarias por imperativo legal e por estar xa regulado a duración do Consello no propio Regulamento.

CUARTO.- Corrixir os seguintes erros detectados no Regulamento inicialmente aprobado:

I. No Artigo 7º,a) onde di:

"Dirimir os debates co voto de calidade"

- Una persona representante de la Real Academia Gallega de la Lengua.

-Una persona representante de la Academia Gallega del Audiovisual.

VIII. Desestimar la alegación presentada contra el Artículo 4º en cuanto a la inscripción de las personas interesadas en participar en el Consejo.

IX. Desestimar las peticiones en cuanto a la incorporación de plazos en el Artículo 5º.

X. Estimar la alegación en cuanto a la periodicidad de las sesiones ordinarias, que pasan a ser semestrales. (Artículo 11º). Desestimar la petición de sesiones extraordinarias por un tercio de los miembros del Consejo.

XI. Estimar la alegación contra el Artículo 19º relativa a la composición de la Comisión Permanente, en el sentido de que se incluye el texto "La Presidencia o persona en la que se delegue" y se incluye como punto 7. "Una representación proporcional de todos los grupos políticos presentes en el Pleno Municipal."

XII. Desestimar las alegaciones presentadas con el fin de introducir una disposición adicional tercera y cuarta por no ser necesarias por imperativo legal y por estar ya regulada la duración del Consejo en el propio Reglamento.

CUARTO. - Corregir los siguientes errores detectados en el Reglamento inicialmente aprobado:

I. En el Artículo 7º, a) donde dice:

"Dirimir los debates con el voto de calidad"

Debe dicir:

"Dirixir os debates e dirimir os empates co voto de calidade."

II. No Artigo 12. Orde do día e convocatoria das sesións, onde di:

"A convocatoria das sesións ordinarias ou extraordinarias coa correspondente orde do día, e xunto coa documentación correspondente relativa aos asuntos que se van tratar, deberá comunicárselle ás persoas integrantes do Pleno cunha antelación mínima de quince (15) días hábiles, agás que se trate de sesións extraordinarias que se comunicarán cunha antelación de cando menos 48 horas."

Debe dicir:

"A convocatoria das sesións ordinarias ou extraordinarias coa correspondente orde do día, e xunto coa documentación correspondente relativa aos asuntos que se van tratar, deberá comunicárselle ás persoas integrantes do Pleno cunha antelación mínima de dez (10) días hábiles, agás que se trate de sesións extraordinarias e urxentes que se comunicarán cunha antelación de cando menos dous (2) días hábiles."

E onde di:

"Non se aceptarán asuntos para incluír na orde do día se non se presentan con unha antelación mínima de 5 días hábiles á data en que deba celebrarse o Pleno."

Debe dicir:

"Non se aceptarán asuntos para incluír na orde do día se non se presentan con unha antelación mínima de 5 días hábiles

Debe decir:

"Dirigir los debates y dirimir los empates con el voto de calidad."

II. En el Artículo 12. Orden del día y convocatoria de las sesiones, donde dice:

"La convocatoria de las sesiones ordinarias o extraordinarias con la correspondiente orden del día, y junto con la documentación correspondiente relativa a los asuntos que se van a tratar, deberá comunicársele a las personas integrantes del Pleno con una antelación mínima de quince (15) días hábiles, excepto que se trate de sesiones extraordinarias que se comunicarán con una antelación de cuando menos 48 horas."

Debe decir:

"La convocatoria de las sesiones ordinarias o extraordinarias con la correspondiente orden del día, y junto con la documentación correspondiente relativa a los asuntos que se van a tratar, deberá comunicársele a las personas integrantes del Pleno con una antelación mínima de diez (10) días hábiles, excepto que se trate de sesiones extraordinarias y urgentes que se comunicarán con una antelación de cuando menos dos (2) días hábiles."

Y donde dice:

"No se aceptarán asuntos para incluir en el orden del día si no se presentan con una antelación mínima de 5 días hábiles a la fecha en que deba celebrarse el Pleno."

Debe decir:

"No se aceptarán asuntos para incluir en el orden del día si no se presentan con una antelación mínima de 5 días hábiles a la

á data en que deba cursarse a convocatoria do Pleno e cada membro do Pleno poderá solicitar ata un máximo de dous asuntos por cada sesión.”	*fecha en que deba cursarse la convocatoria del Pleno y cada miembro del Pleno podrá solicitar hasta un máximo de dos asuntos por cada sesión.”*
QUINTO.- Aprobar definitivamente o Regulamento Orgánico que recolle as normas de constitución e funcionamento do Consello Municipal da Cultura da cidade da Coruña, de acordo co procedemento legalmente establecido e logo de estudar as alegacións que se conteñen nos puntos anteriores.	*QUINTO. - Aprobar definitivamente el Reglamento Orgánico que recoge las normas de constitución y funcionamiento del Consejo Municipal de la Cultura de la ciudad de A Coruña, de acuerdo con el procedimiento legalmente establecido y después de estudiar las alegaciones que se contienen en los puntos anteriores.*
O resultado das alegacións estimadas será incorporado ao texto do Regulamento para a súa publicación completa no BOP da Coruña.	*El resultado de las alegaciones estimadas será incorporado al texto del Reglamento para su publicación completa en el BOP de A Coruña.*

ANEXO

REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONSELLO MUNICIPAL DA CULTURA DA CIDADE DA CORUÑA (Texto ditaminado en comisión Informativa de 27 de febreiro de 2023 para a súa aprobación definitiva polo Pleno, incorporando o sinalado no informe de Secretaría Xeral)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello da Coruña ten como finalidade fomentar a maior participación posible da cidadanía na vida política, social, económica, cultural e deportiva, xa sexa por si mesma ou por medio de representantes. O dereito á participación está recollido na Constitución Española de 1978.

A cidadanía debe poder comunicarlles directamente aos seus gobernantes cales son as súas necesidades e inquedanzas. Só desta forma se conseguirá satisfacer as necesidades xerais. É imprescindible que as persoas poidan formar parte do proceso de toma de decisións.

No caso concreto dos municipios, o dereito de participación é máis factible por tratarse dunha administración cunha relación máis próxima á cidadanía.

Os coruñeses e coruñesas deben poder participar da xestión municipal, de tal forma que poidan axudar a construír o futuro da súa cidade. Para isto, a participación debe ser transversal e afectar ao maior número posible de políticas públicas levadas a cabo polo Goberno municipal. Neste sentido pronúnciase o artigo 2 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM).

O dereito á participación pódese facer efectivo a través de varios mecanismos. Un deles é a creación de consellos de participación cidadá de carácter sectorial ligados a servizos ou actividades concretas.

A principal ferramenta utilizada polo Concello da Coruña para lograr a participación da cidadanía nas decisións políticas do municipio foi a aprobación dun Regulamento Orgánico de Participación

Cidadá, aprobado polo Pleno o 2 de novembro de 2004 (BOP do 13.12.2004). Este regulamento ten por obxectivo establecer os procedementos e órganos que fagan efectiva a participación dos veciños e veciñas da Coruña na vida pública local.

Con base nese regulamento, ao longo do tempo, o Concello da Coruña creou diferentes órganos de participación da cidadanía.

Preténdese agora avanzar mais aló, coa posta en marcha deste tipo de órganos, mediante a creación dun Consello Municipal da Cultura da cidade da Coruña que lles dará voz ás persoas que se encontran dentro do tecido cultural da cidade.

O Consello Municipal da Cultura (CMC) créase como un órgano colexiado de participación cidadá sectorial no ámbito cultural e con carácter consultivo. Está concibido como un espazo para asesorar, informar, debater, estudar, propoñer e traballar en rede, e ten como obxectivo achegarlles as políticas culturais municipais ás entidades culturais da cidade, colectivos, veciñanza, institucións e demais persoas ou organismos que se vexan afectadas dalgunha forma polas políticas públicas culturais.

O Consello Municipal da Cultura da cidade da Coruña é un órgano de participación do tecido cultural coruñés que pretende servir de espazo de encontro, relación e consenso sectorial.

Canaliza a implicación de todos os seus membros e coñece as súas demandas e intereses, co fin de lograr a universalización do dereito da cidadanía ao acceso á Cultura e as instalacións culturais xestionadas polo Concello da Coruña.

Coa creación deste Consello, preténdese situar a Cultura como eixe transversal e vertebrador da sociedade.

É preciso que as Administracións Públicas centren os seus esforzos no apoio á creación e á produción propias, na formación e participación de todos os axentes produtores e receptores e no intercambio con outras realidades culturais.

Co Consello Municipal da Cultura, preténdese afondar na xestión democrática, participativa, activa e creativa dos programas culturais desenvolvidos polo Concello da Coruña.

Trátase de impulsar unha Cultura na que a veciñanza da Coruña se poida recoñecer, ao tempo que olla cara a diversidade de pobos, nacións e linguas do mundo, de xeito aberto e cun carácter de universalidade.

Coa creación do Consello, ábrense novas canles que vinculan a Cultura coa sociedade do coñecemento e dáselle un maior protagonismo á cidadanía, emisora maioritaria dos contidos e mensaxes culturais.

O Consello Municipal da Cultural reflicte na súa composición a pluralidade de axentes que interveñen na política cultural municipal e permite o diálogo e cooperación entre cada unha das partes.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Obxecto das normas

Estas normas teñen por obxecto regular a creación, composición, competencias e réxime de funcionamento do Consello Municipal da Cultura da Cidade da Coruña.

O Consello créase ao abeiro do establecido no artigo 3 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello da Coruña, aprobado polo Pleno o día 2 de novembro de 2004 (BOP da Coruña do 13.12.2004).

TÍTULO PRIMEIRO.- O CONSELLO MUNICIPAL DA CULTURA

Artigo 2. Natureza xurídica

O Consello Municipal da Cultura (CMC) é un órgano consultivo e de seguimento, sen personalidade xurídica propia, colexiado, de participación cidadá sectorial no ámbito da Cultura.

O CMC, dentro da súa potestade de auto organización, permite a participación do tecido cultural da cidade da Coruña nas políticas públicas municipais que se adopten polo Concello da Coruña en materia de Cultura, Bibliotecas e Museos Científicos, así como nas relacionadas coas anteriores dentro do ámbito cultural, xunto co resto de museos da cidade dependentes do concello.

Os ditames e informes emitidos na sede deste órgano servirán de impulso na toma de decisións do Goberno Municipal en materia de políticas públicas culturais.

Artigo 3. Obxectivos, valores e competencias do Consello Municipal da Cultura

O Consello Municipal da Cultura, como órgano de participación sectorial, serve de canle de participación das persoas e entidades, de natureza pública ou privada, con presencia na vida cultural da Cidade da Coruña.

Ademais da emisión dos informes e ditames que procedan, canaliza as propostas de actuación e inquedanzas en materia cultural e achégallas ao Concello da Coruña a través da concellaría delegada en materia de cultura ou, no seu caso, da Área de Cultura.

O Consello asesora e informa ao Goberno e a Administración municipal en materia cultural sempre e cando se lle solicite expresamente a elaboración dun ditame sobre algunha materia en concreto. Non obstante o anterior, o Consello, por iniciativa propia, e previo acordo dos seus órganos, poderá trasladar ao Goberno e Administración municipal informes ou propostas de actuación referidas ao seu ámbito

. Deste xeito, o Consello contribúe a trasladar a opinión do tecido cultural da cidade co fin de mellorar a xestión cultural e xerar debates e coñecemento sobre a Cultura na cidade.

O CMC, na súa organización e funcionamento, atende sempre os seguintes valores e principios:

a. A igualdade das persoas e a aplicación do axeitado tratamento de igualdade de xénero e das diversidades afectivo sexuais

b. A defensa da transparencia, información e bo goberno das entidades culturais.

c. A aposta por unha Cultura transversal e vertebradora da sociedade.

d. O apoio á creación e produción propias, á formación e participación de todos os axentes produtores

e receptores e ao intercambio con outras realidades culturais.

e. A pretensión de afondar na xestión democrática, participativa, activa e creativa dos programas culturais municipais.

f. O carácter de universalidade da Cultura, integradora da diversidade de pobos, nacións e linguas do mundo.

g. O fomento e promoción da lingua e cultura galegas.

O CMC terá as seguintes competencias:

a) Elaborar ditames sobre aqueles asuntos que sexan sometidos á súa consideración. Os seus ditames terán carácter consultivo e, polo tanto, non serán vinculantes para a Administración, corporación ou Goberno municipal. Non obstante, si se terán en conta á hora da toma de decisións, tendo polo tanto o Consello un carácter non só consultivo senón de impulso das políticas públicas municipais en materia de cultura.

b) Emitir informes, a iniciativa propia ou da Administración, Corporación ou Goberno municipal, en relación coa política cultural municipal.

c) Participar no seguimento e avaliación dos programas e planos de actuación en materia de Cultura, a nivel de proposición ou de seguimento.

d) Promover a participación cidadá a través das entidades culturais da cidade, canalizando as demandas do sector.

e) Contribuír a fomentar a vida asociativa no ámbito cultural.

f) Colaborar coa concellaría delegada ou, no seu caso, a Área de Cultura, de Museos Científicos e Bibliotecas, cando así se lle solicite, como instrumento de planificación estratéxica da cultura na cidade.

g) Realizar propostas que contribúan a mellorar os servizos culturais municipais.

h) Analizar, debater e valorar, e, no seu caso, ditaminar, os documentos, propostas e iniciativas que sometan á súa consideración.

i) Propoñer iniciativas, plans e programas de actuación municipal propios do seu ámbito de actuación para sometelas á consideración da concellaría delegada ou, no seu caso, a Área de Cultura, de Museos Científicos e Bibliotecas.

j) Realizar as consultas que considere oportunas relativas á actividade cultural da cidade, así como trasladarlle para informe ou ditame ao Pleno do CMC aquelas cuestións que lle solicite expresamente a Corporación municipal, a alcaldía, concellaría delegada ou, no seu caso, a Área de Cultura, de Museos Científicos e Bibliotecas.

k) Propoñer os ámbitos, seccións, franxas de idade e territorios nos que se considera prioritaria a intervención municipal en materia de cultura.

l) Propoñer mecanismos de coordinación entre todos os axentes que conflúen na vida cultural co

sector educativo da cidade.

m) Contribuír á transparencia das políticas públicas municipais a nivel cultural.

n) As demais competencias e funcións que lle encomende o Concello da Coruña e que teñan que ver coa natureza xurídica do propio Consello.

o) Crear unha páxina web CMC onde se envorque todo o relacionado co Consello e a cultura da cidade.

p) Promover a creación e permanente actualización dun ficheiro, revisado e actualizado anualmente, de espazos culturais públicos e privados da cidade, así como de creadores, entidades e institucións culturais públicas e privadas coas que conta a cidade. Este ficheiro será accesible a través da web do CMC.

q) Establecer criterios de acceso aos recursos culturais do concello poñendo ao dispor dos cidadáns, artistas e institucións unhas normas claras e transparente no que se refire a uso de salas de exposición, salas de concertos, teatros, auditorios ou calquera outro tipo de espazo ou recurso susceptible de uso cultural que sexa de competencia municipal.

Artigo 4. Composición do Consello Municipal da Cultura

O Consello Municipal da Cultura está composto por:

Presidencia: está presidido pola persoa titular da Alcaldía da cidade da Coruña, que poderá delegar as súas funcións.

Vicepresidencia: estará formada por unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito cultural da cidade da Coruña. Esta persoa será elixida polo Pleno do Consello Municipal de Cultura.

Vogais:

- Unha concelleira ou concelleiro en representación de cada un dos grupos municipais presentes no Pleno do Concello.

- O director ou directora da área do Concello da Coruña que teña asignadas as competencias en materia de Cultura, Museos Científicos e Bibliotecas.

- Un membro do Consello Reitor do Instituto Municipal Coruña Espectáculos, nomeado pola Presidencia.

- Unha persoa representante do Consorcio de Turismo e Congresos da cidade da Coruña.

- Unha persoa representante do Consorcio de Promoción da Música da cidade da Coruña.

- Unha persoa representante da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

- Unha persoa representante da Universidade da Coruña.

- Unha persoa representante da Deputación da Coruña

- Unha persoa representante da Fundación EMALCSA.

- Unha persoa representante da Fundación Luís Seoane

- Unha persoa representante do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses

- Unha persoa representante da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

- Unha persoa representante da Escola de Arte Superior de Diseño Pablo Picasso.

- Unha persoa representante do Conservatorio Superior de Música da Coruña.

- Unha persoa representante do Conservatorio Profesional de Danza da Coruña.

- Unha persoa representante do Arquivo de Reino de Galicia.

- Unha persoa representante da Real Academia Galega da Lingua.

- Unha persoa representante da Academia Galega do Audiovisual.

- Unha/un representante por cada unha das fundacións e das asociacións culturais actuantes na cidade da Coruña, en especial, das asociacións de artistas e creadores, das artes escénicas (teatro, danza, ópera, circo, monicreques, festivais, encontros); das artes plásticas e visuais (pintura, escultura, ilustración, gravados, belas artes en xeral, pero tamén fotografía, arte dixital, performance ou vídeo instalacións); do sector audiovisual e multimedia; do patrimonio cultural; de arquivos e bibliotecas; de libros e prensa (edición, distribución e artes gráficas, etc.); da música e industria fonográfica, así como de calquera outro sector relacionado coa actividade cultural, que teñan o seu domicilio social na Coruña e estean inscritas como tales nos Rexistros legais correspondentes, o que deberá quedar acreditado conforme ó disposto no artigo seguinte.

- Representantes de empresas privadas relacionadas coa xestión cultural; entidades culturais con domicilio fiscal de fora do término municipal sempre e cando acrediten a súa actividades estable na cidade; colexios profesionais de ámbito galego; escolas de artes escénicas ou asociacións veciñais coruñesas.

- A inscrición ao CMC realizarase por petición expresa das entidades interesadas.

- Cinco persoas de recoñecido prestixio no eido da Cultura, que serán nomeadas pola Presidencia logo de ver as candidaturas propostas e intentando conseguir a representación de todos os ámbitos da cultura.

- Unha persoa representante do asociacionismo veciñal proposta pola Federación de Asociacións Veciñais da cidade.

- Ata un máximo de dous membros, a designar pola alcaldía, entre persoas de recoñecida e acreditada experiencia e prestixio no labor cultural e/ou asociativo coruñés.

Ademais, poderán estar presentes no CMC, algunha das persoas responsables dos diferentes servizos municipais relacionados coa Cultura, nos termos previstos no Artigo 24. En concreto:

- A xefatura do Servizo Municipal de Cultura

- A xefatura do Servizo Municipal de Bibliotecas

- A xefatura do Servizo Municipal de Museos Científicos

- A dirección das Casas Museo

- A dirección do Coliseum

- A dirección do Teatro Rosalía de Castro

- A dirección do Fórum Metropolitano

- A dirección do Ágora

- A dirección do Teatro Colón

- Unha persoa responsable do Arquivo Histórico Municipal

- Unha persoa responsable da Banda Municipal de Música

- Unha persoa responsable da Orquestra Sinfónica de Galicia

- Unha persoa responsable da Escola Municipal de Música

O Consello contará ademais cunha Secretaría. A Secretaría exercerase por unha persoa funcionaria do Servizo Municipal de Cultura, do Servizo Municipal de Bibliotecas ou do Servizo Municipal de Museos Científicos, designada pola concellería-delegada de Cultura. A persoa secretaria terá voz pero non voto.

As persoas que forman parte do CMC, no exercicio das súas funcións, actuarán con plena autonomía e independencia.

As entidades que formen parte do Consello designarán as persoas que as representen, así como as persoas que deban suplilas en caso de ausencia, vacante, enfermidade ou por outra causa xustificada.

As asistencias ao Consello Municipal da Cultura, así como a calquera dos seus órganos, non darán dereito a percibir ningún tipo de retribución ou dieta e faranse con carácter totalmente altruísta.

Artigo 5. Constitución do Consello

Para constituír o CMC, a persoa titular da Alcaldía enviaralle unha invitación a cada unha das entidades que poden formar parte do mesmo co fin de que comuniquen, se así o consideran oportuno, qué persoa terá a condición de vogal durante o mandato do CMC, así como a súa suplente.

A Secretaría do CMC comprobará que as persoas cumpren cos requisitos necesarios para ostentar a condición de vogal, e daralle traslado á Comisión Permanente e, se non houber, á Presidencia.

Logo de recibir todas as aceptacións para formar parte do CMC, a Secretaría elaborará unha listaxe coas persoas que forman parte do dito Consello, tanto as titulares como as suplentes.

A duración do mandato dos membros do CMC coincidirá co propio da Corporación, podendo ser reelixidos, así como ser substituídos antes da súa finalización polo grupo, institución, entidade ou asociación que os tivera proposto.

Procurarase a composición paritaria de xénero das persoas membros do Consello.”

Artigo 6. Órganos de funcionamento do Consello Municipal da Cultura

Para o seu funcionamento, o CMC estará formado polos seguintes órganos:

a) Presidencia

b) Vicepresidencia

c) Pleno

d) Comisión Permanente

e) Comisións específicas ou grupos de traballo

f) Secretaría

TÍTULO SEGUNDO.- A PRESIDENCIA E A VICEPRESIDENCIA

Artigo 7. A Presidencia do Consello Municipal da Cultura

A Presidencia correspóndelle á persoa titular da Alcaldía da cidade da Coruña. A Presidencia poderá delegar as súas funcións.

A Presidencia, asistida pola Secretaría, dirixe o CMC e asume a súa representación.

Correspóndelle á Presidencia convocar as sesións, fixar a orde do día e presidir as sesións do Pleno e da Comisión Permanente.

Tamén lle corresponde á Presidencia:

a. Dirixir os debates e dirimir os empates co voto de calidade..

b. A representación do Consello Municipal da Cultura.

c. Visar as actas e comunicar os acordos ou ditames, así como ordenar a súa publicación na páxina web de Cultura.

d. Realizar as xestións e tarefas necesarias para o bo desenvolvemento e funcionamento do Consello.

e. Resolver, logo de oír a Comisión Permanente, as dúbidas que se suscitaren sobre a aplicación das presentes normas específicas de funcionamento do Consello.

f. Garantir a participación cidadá.

g. Promover a coordinación entre o CMC e o Goberno Municipal e os órganos de xestión do Concello, co obxectivo de intercambiar información e, se se estimar necesario, propor medidas de actuación conxuntas.

h. Velar por que se cumpran os obxectivos propios do Consello e que se adecúen as súas actuacións á normativa vixente.

i. Por proposta do Pleno ou da Comisión Permanente, convidar a participar as persoas titulares doutras concellarías, ao persoal técnico, as institucións ou entidades expertas nun tema concreto que foren obxecto de estudo ou cuxa opinión se quixer consultar.

j. Solicitar a información e documentación complementaria necesaria sobre os asuntos tratados na orde do día, así como a asistencia técnica municipal ou de carácter externo que considere necesaria e oportuna para garantir o bo funcionamento do Consello.

k.Desempeñar cantas funcións foren inherentes á súa condición de presidenta ou presidente.

l. No seu caso, designar a persoas de recoñecido prestixio do sector cultural, ás que fai referencia o artigo 4º.

Artigo 8. A Vicepresidencia

O Consello Municipal da Cultura terá unha Vicepresidencia.

A Vicepresidencia será elixida polo Pleno do Consello Municipal da Cultura de entre as persoas que o integran.

O nomeamento e a destitución da Vicepresidencia, ao longo da vixencia do CMC, deberá ser debidamente motivado.

A Vicepresidencia encargarase de colaborar coa Presidencia no desenvolvemento das funcións que ten asignadas.

A Vicepresidencia, ademais, servirá de canle de comunicación entre a comunidade cultural coruñesa e o Concello da Coruña.

TÍTULO TERCEIRO.- O PLENO

Artigo 9. Composición

O Pleno é o órgano máximo do Consello Municipal da Cultura. Integran o Pleno do CMC:

1.A persoa titular da Presidencia.

2.A Vicepresidencia.

3.A Secretaría.

4.As e os vogais sinalados no artigo 4.

Incentivarase que haxa unha representación paritaria de homes e mulleres no Pleno do CMC.

Como convidados pola Presidencia, ou solicitadas por maioría do Pleno ou da Comisión Permanente, poderán participar nas sesións, con voz pero sen voto, persoal técnico municipal ou persoas asesoras que desempeñen as súas funcións na Concellaría, ou, no seu caso, na Área de Cultura, Museos Científicos e Bibliotecas. Poderá participar, así mesmo, persoal funcionario de calquera outra área, sempre cando se considerara oportuno, para os temas que se van tratar nas sesións do Pleno. Estas persoas terán voz pero non voto.

Poderá asistir ao Pleno calquera outra persoa ou entidade que sexa invitada pola persoa titular da Alcaldía cando o estime conveniente por tratarse de persoas ou entidades con coñecemento ou recoñecido prestixio sobre unha materia que vaia ser obxecto de debate e análise. Estas persoas terán voz pero non voto.

Artigo 10. Funcións

No Pleno debateranse os problemas, proxectos, e demais cuestións de interese para o desenvolvemento da xestión cultural municipal, que lle sexan sometidos a consulta por parte da concellaría ou, no seu caso, da Área de Cultura.

Supón, polo tanto, unha canle de achega de propostas e suxestións que recollerá a Comisión Permanente do Consello Municipal da Cultura para a súa análise de viabilidade e presentación á concellaría ou, no seu caso, a Área de Cultura, Museos Científicos e Bibliotecas do Concello da Coruña.

Correspóndenlle ao Pleno as funcións seguintes:

a) A elección da Vicepresidencia.

b) Aprobar as súas normas internas de funcionamento en exercicio da súa potestade de autoorganización.

c) Aprobar os ditames e informes que procedan, conforme ás competencias atribuídas no art. 3 deste Regulamento

d) Aprobar o informe-Memoria anual, que deberá adxuntarse á Memoria corporativa da área municipal correspondente.

e) Informar e asesorar á concellaría ou, no seu caso, á Área de Cultura, Museos Científicos e Bibliotecas en relación aos temas da súa competencia, xa sexa de oficio ou a petición da Alcaldía, da concellaría ou, no seu caso, da Área

f) Propoñer ao Goberno Municipal a realización de programas, campañas e actividades culturais de interese municipal.

g) Elixir ás persoas que forman parte da Comisión permanente aos q fai referencia o art 19.5.

h) No seu caso, designar a persoas de recoñecido prestixio do sector cultural para formar parte das comisión específicas ou grupos de traballo, sen que sexa preciso que estas persoas formen parte do Pleno co Consello.

i) Acordar a separación de membros do consello , conforme ao previsto no art 5.3 e) deste Regulamento.

j) Calquera outra función que lle sexa asignada polo Concello da Coruña en materia consultiva ou de participación e que teña que ver co ámbito cultural.

k) Elaboración dun informe anual sobre a programación cultural con propostas de mellora para o ano seguinte

Artigo 11. Clases de sesións

a) Ordinarias: semestralmente. No primeiro Pleno de constitución do CMC estableceranse as mensualidades nas que quedarán marcadas no calendario as sesións ordinaria semestrais.

b) Extraordinarias: serán convocadas pola Presidencia, xa sexa a iniciativa propia, por solicitude da Comisión Permanente ou a iniciativa dun mínimo da cuarta parte dos membros do CMC.

Artigo 12. Orde do día e convocatoria das sesións

A convocatoria das sesións ordinarias ou extraordinarias coa correspondente orde do día, e xunto coa documentación correspondente relativa aos asuntos que se van tratar, deberá comunicárselle ás persoas integrantes do Pleno cunha antelación mínima de dez (10) días hábiles , agás que se trate de sesións extraordinarias e urxentes que se comunicarán cunha antelación de dous (2) días hábiles.

Dentro do prazo mínimo dos dez días anteriores ao prazo previsto de convocatoria das sesións ordinarias, as e os vogais do CMC, así como a comisión Permanente, poderán remitirlle á Presidencia proposta de inclusión de asuntos na orde do día.

As convocatorias cursaranse preferentemente mediante correo electrónico ou outro medio electrónico aos enderezos que cada persoa membro do Pleno declarase como indicados para recibir comunicacións. No caso de que non fose posible, cursaranse conforme á normativa en vigor sobre procedemento administrativo.

A documentación correspondente a cada sesión deberá achegarse xunto coa orde do día, e poderá estar dispoñible na páxina en liña municipal, debendo estar garantido o acceso aos membros do Consello e a súa seguridade.

As e os vogais do CMC, así como a Comisión Permanente , poderán remitirlle á Presidencia propostas de asuntos urxentes que, non estando incluídos para debate e, no seu caso, acordo do Pleno na sesión correspondente, respecto da dita incorporación na orde do día.

Non se aceptarán asuntos para incluír na orde do día se non se presentan con unha antelación mínima de 5 días hábiles á data en que deba cursarse a convocatoria do Pleno e cada membro do Pleno poderá solicitar ata un máximo de dous asuntos por cada sesión.

Artigo 13. Quórum

Entenderase validamente constituído o Pleno cando estean presentes, en primeira convocatoria, a maioría absoluta dos integrantes. No caso de que non se alcance ese quórum, entenderase validamente constituído en segunda convocatoria, media hora despois, coas persoas asistentes.

En todo caso, para que estea validamente constituído, e para os efectos de teren lugar as sesións, as deliberacións e adoptárense os acordos, requirirase a presenza da Presidencia ou da persoa na que delegue, da Vicepresidencia e da Secretaría.

Artigo 14. Asuntos non incluídos na orde do día

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos da sesión, a Presidencia, por iniciativa propia ou por petición de calquera das persoas vogais, poderá someter a votación que se inclúa na orde do día

calquera outro asunto de carácter urxente. A súa inclusión decidirase por maioría absoluta das persoas presentes do Pleno que teñan voto.

Artigo 15. Desenvolvemento do debate

No desenvolvemento das sesións procurarase crear as condicións para que poidan estar presentes todos os puntos de vista e existiren condicións para expresarse todas as opinións e propostas. O obxectivo non será sempre lograr o consenso pero si deberán buscarse amplos acordos, expresións e propostas elaboradas de forma colectiva que inclúan, se as houber, as diversas opinións.

Artigo 16. Procedemento do voto

O voto será persoal e non delegable, e exercerase pola persoa vogal titular ou pola súa suplente, se a tivera.

O voto será público e poderá ser favorable, contrario ou de abstención.

Os acordos ou propostas expresados mediante o voto adoptaranse por maioría simple das persoas presentes con dereito a voto.

No caso de que o resultado da votación sexa de empate, farase unha nova votación. Se persiste o empate decidirá o sentido do voto da Presidencia.

Artigo 17. Actas

A Secretaría redactará acta de cada sesión na que se especificarán as persoas asistentes, os principais aspectos das deliberacións e os acordos adoptados.

O borrador da acta da sesión remitiráselles ás e aos vogais do Consello, se fose posible, no prazo de 20 días que se contarán a partir daquel no que tivese lugar.

As actas aprobaranse na seguinte sesión. Con todo, a Secretaría poderá emitir unha certificación sobre acordos específicos que se adoptaron, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

As actas definitivas serán públicas, publicarase na páxina en liña da concellaría con competencias en materia cultural e estarán a disposición de quen as requira.

Artigo 18. Dereitos e deberes das persoas integrantes do Pleno As persoas integrantes do Pleno terán os seguintes dereitos:

- Realizar propostas para que sexan incluídas na orde do día.

- Participar nos debates das sesións, facer propostas e formular rogos e preguntas.

- Exercer o seu dereito ao voto e formular, no seu caso, voto particular expresando os seus motivos.

- Formar parte de calquera dos grupos de traballo que constitúa a Comisión.

- Solicitar, a través da Secretaría técnica, certificacións de acordos das sesións dos órganos do Consello.

- Desenvolver cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de integrante do Consello.

As ditas persoas terán, ademais, os seguintes deberes:

- Cumprir as normas de funcionamento do CMC e os acordos adoptados polos seus órganos de goberno.

- Non ter conductas ou realizar actividades ou manifestacións contrarias aos principios e obxectivos do CMC.

- Manter unha relación continuada coas asociacións ou entidades ás que representan sobre os temas que se vaian tratar ou que se trataron no CMC.

- Asistir, a través do seus representantes, con regularidade ás reunións que teñan lugar e procurar evitar a sucesión de persoas substitutas, xustificando a falta de asistencia previamente.

- Comunicar calquera cambio nos datos e dirección de contacto.

- Absterse cando os asuntos que se traten afecten a intereses particulares da entidade.

- Gardar a confidencialidade precisa cando a natureza do asunto o requira.

TÍTULO CUARTO.- A COMISIÓN PERMANENTE E OS GRUPOS DE TRABALLO

CAPÍTULO I.- A COMISIÓN PERMANENTE

Artigo 19. Composición

A Comisión Permanente é o órgano encargado da xestión ordinaria do CMC e de asumir a súa dirección cando o Pleno non estea reunido.

Estará integrada por:

1.A Presidencia ou persoa na que delegue.

2.A Vicepresidencia.

3.A Secretaría do CMC, con voz pero sen voto.

4.A persoa titular da concellería ou da dirección de área de Cultura, Museos Científicos e Bibliotecas.

5.Ata un máximo de 7 vogais que serán elixidos polo Pleno do propio Consello por proposta de calquera dos seus vogais e de entre os seus membros.

6.En calquera caso, poderán asistir ás sesións da Comisión Permanente unha/un representante de cada Grupo político municipal da Corporación, con voz e sen voto.

7.Unha representación proporcional de todos os grupos políticos presentes no Pleno Municipal.

A Presidencia poderá convidar a asistir ás sesións da Comisión Permanente a:

- Persoal técnico do Servizo Municipal de Cultura, ou doutro servizo cando a materia a tratar sexa competencia da súa área.

- Persoal eventual que preste servizos no Concello da Coruña, no exercicio das súas funcións de asesoramento especial.

Artigo 20. Funcións

A Comisión Permanente é o órgano colexiado encargado de velar polo bo funcionamento do CMC. As súas funcións principais son:

a) Presentarlle ao Pleno para que sexan aprobados a proposta de programa e o calendario anual de actividades e a memoria de actividade ou o resumo das súas actas ao final de cada exercicio.

b) Solicitar a inclusión de puntos a tratar na orde do día de cada sesión plenaria do

CMC.

c) Propoñer a realización de grupos de traballo.

d) Informar ao Pleno dos acordos adoptados pola Comisión permanente ou polos grupos de traballo.

e) Realizar a comunicación bidireccional entre o Pleno e os grupos de traballo.

f) Solicitar a convocatoria de sesións plenarias extraordinarias.

g) Emitir os informes que lle solicite o Pleno do CMC e propoñerlle a este cantas medidas e resolucións estime convenientes.

h) Estudar e tramitar con carácter excepcional todas aquelas cuestións que, pola súa urxencia, non poidan esperar ao seguinte Pleno, no que se deberá dar conta do actuado.

i) Comunicarlle á concellaría ou, no seu caso, á Área de Cultura as demandas, suxestións, reclamacións e demais asuntos que sexan presentados por entidades ou persoas do ámbito cultural da cidade.

j) Todas aquelas funcións que lle atribúa o Pleno do CMC ou que non estean expresamente atribuídas a outro órgano do Consello.

Artigo 21. Funcionamento

A Comisión Permanente convocarase pola Presidencia, que será quen determine a orde do día dos asuntos que se deben tratar nela.

A Comisión Permanente quedará validamente constituída cando concorra a Presidencia ou a persoa na que delegue, e a Secretaría e cando menos a metade dos seus integrantes en primeira convocatoria. En segunda convocatoria, media hora despois, entenderase validamente constituída coas persoas asistentes.

A Presidencia, por iniciativa propia ou a proposta dalgúns dos seus membros, poderán convidar a participar nas xuntanzas outras persoas ou entidades relacionadas co tema que se vai tratar na Comisión.

As sesións da Comisión Permanente serán:

a) Ordinarias: tres veces no ano.

b) Extraordinarias: cando así o decida a Presidencia, por iniciativa propia ou a solicitude dun terzo dos seus integrantes.

As convocatorias para as sesións ordinarias realizaranse cunha antelación de dez (10) días hábiles. As sesións extraordinarias convocaranse con dous (2) días hábiles de antelación.

Os acordos adoptaranse por maioría simple, aínda que se procurará o consenso. En caso de empate decidirá o sentido do voto da Presidencia.

CAPÍTULO II.- AS COMISIÓNS ESPECÍFICAS OU GRUPOS DE TRABALLO

Artigo 22. Comisións específicas ou grupos de traballo

As comisións específicas ou grupos de traballo son órganos do CMC para estudar e traballar sobre asuntos concretos, que teñen como función elaborar informes e propostas e realizar aquelas actividades que se consideren convenientes para os fins asignados en materia cultural.

Serán constituídos pola Comisión Permanente entre asuntos que xurdan das deliberacións do Pleno ou da propia Comisión. Tamén se poderán crear comisións específicas ou grupos de traballo por petición expresa da Presidencia.

As comisións específicas ou grupos de traballo estarán integradas por vogais do CMC. De entre eses vogais designarase unha Presidencia e unha secretaría.

Poderán formar parte das comisións específicas ou grupos de traballo, ademais das designadas de acordo co parágrafo anterior, outras persoas de recoñecido prestixio no ámbito cultural que sexan designadas expresamente pola Presidencia ou polo Pleno do Consello.

Cando a Comisión Permanente o considere necesario, formarán parte dela tamén a Presidencia e a Secretaría do CMC.

O número de persoas que deben formar parte dun grupo de traballo non poderá ser inferior a cinco nin superior a dez, incluídas as persoas que exercen de Presidencia e Secretaría.

En todas as comisións específicas ou grupos de traballo poderá participar unha persoa funcionaria do Concello da Coruña que se nomee pola persoa titular da Alcaldía ou pola persoa titular da concellaría con competencias en materia cultural.

Tanto a persoa titular da concellaría con competencias en materia cultural como quen sexa titular da dirección da mesma área, poderán asistir aos grupos de traballo que así o desexen, tendo voz e voto nos ditos grupos.

Para a constitución dun grupo de traballo, deberá asistir a maioría absoluta das persoas que forman parte do mesmo en primeira convocatoria. De non alcanzar ese quórum, a sesión quedará aprazada. En todo caso, deberán asistir as persoas nomeadas como Presidencia e Secretaría.

Os acordos que deba adoptar cada comisión específica ou grupo de traballo para a súa elevación posterior á Comisión permanente ou ao Pleno deben ser aprobados por maioría simple. En caso de

empate na votación decidirá o sentido do voto da Presidencia.

TÍTULO QUINTO.- A SECRETARÍA E OUTROS ÓRGANOS DE APOIO

Artigo 23. A Secretaría

A Secretaría do Consello Municipal da Cultura, así como dos diferentes órganos de funcionamento, exercerase por unha persoa funcionaria do Servizo Municipal de Cultura, do Servizo Municipal de Bibliotecas ou do Servizo Municipal de Museos Científicos. A persoa secretaria terá voz pero non voto.

No caso da creación de comisións específicas ou grupos de traballo non será necesario que asista a Secretaría do CMC, salvo que así o decida expresamente a Presidencia do CMC.

A persoa titular da Alcaldía da cidade da Coruña nomeará a persoa que deberá exercer esas funcións, así como a dúas persoas suplentes para o caso de ausencia ou enfermidade.

Poderase nomear a unha persoa distinta para cada órgano de funcionamento do Consello.

Correspóndelle á Secretaría:

a) Cursar as convocatorias das sesións nos prazos establecidos, segundo a orde do día que determine a Presidencia.

b) Preparar a documentación que sexa precisa para abordar os asuntos e contidos das xuntanzas convocadas.

c) Levantar acta das xuntanzas e comunicar os ditames e peticións que se adopten.

Artigo 24. Outras persoas de apoio ou asesoramento

A Presidencia poderá designar persoal funcionario, outros órganos de apoio ou asesoramento técnico, xurídico ou económico, que poderán asistir aos diferentes órganos de funcionamento do Consello con voz pero sen voto, sempre e cando os temas que se vaian tratar en calquera deses órganos requiran dun asesoramento específico.

DIPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.- Unha vez coñecido o número real de persoas que forman parte do Consello Municipal da Cultura, e logo de cursar as oportunas invitacións, poderanse revisar as normas de funcionamento do dito órgano mediante decreto da persoa titular da Alcaldía co fin de adecualas á realidade da composición do CMC.

Segunda.- Naquilo que non se atope recollido nestas normas, o funcionamento do Consello Municipal da Cultura e dos seus órganos rexerase en primeiro lugar pola lexislación básica en materia de réxime local, en especial pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; así como polo Regulamento orgánico municipal. Supletoriamente, rexerase pola lexislación básica estatal en materia de procedemento administrativo e réxime xurídico do sector público, nomeadamente pola Lei 39/2015,

do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Dentro do prazo de 3 meses desde que entre en vigor este Regulamento realizarase a sesión plenaria constitutiva do Consello. A tal efecto, a Alcaldía procederá a cursar os convites ós que fai referencia o art. 5.1 deste regulamento dentro do prazo máximo dun mes desde a súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN FINAL

Unha vez aprobado polo Pleno da Corporación, este Regulamento entrará en vigor aos quince días de que for publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de conformidade co disposto nos artigos 70 e 65.2 da Lei de Bases de Réxime Local.

Tamén se publicarán, para coñecemento xeral, no portal de transparencia do Concello da Coruña e na páxina en liña de Cultura.

Intervencións	***Intervenciones***
Señor Secretario	***Señor Secretario***
Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Regulamento orgánico que recolle as normas de constitución e funcionamento do Consello Municipal da Cultura da Cidade da Coruña.	*Resolución de alegaciones y aprobación definitiva del Reglamento orgánico que recoge las normas de constitución y funcionamiento del Consejo Municipal de la Cultura de la Ciudad de A Coruña.*
Por tratarse dun regulamento orgánico, require maioría absoluta legal.	*Por tratarse de un reglamento orgánico, requiere mayoría absoluta legal.*
Ás once horas e oito minutos saen do Salón de Sesións os señores Lema Suárez e Deus Álvarez.	***A las once horas y ocho minutos salen del Salón de Sesiones los señores Lema Suárez y Deus Álvarez.***
Presidencia	***Presidencia***
Moitas grazas, señor secretario.	*Muchas gracias, señor secretario.*
Turno para o Goberno para a exposición inicial do señor voceiro do Goberno municipal e despois unha única quenda para concelleiras e grupos de cinco minutos.	*Turno para el Gobierno para la exposición inicial del señor portavoz del Gobierno municipal y después un único turno para concejalas y grupos de cinco minutos.*
Señor Lage, ten a palabra.	*Señor Lage, tiene la palabra.*
Señor Lage Tuñas	***Señor Lage Tuñas***

Grazas, señora alcaldesa.

Traemos hoxe aquí a aprobación definitiva do Regulamento do Consello da Cultura. O ano pasado demos un paso importante no impulso ó sector da cultura na nosa cidade, aprobouse inicialmente o Regulamento do Consello, por primeira vez na historia da Coruña o sector cultural estará representado nun organismo que servirá como interlocutor directo entre o Concello e o sector cultural, traballando da man para poder tomar as mellores decisións, traballando conxuntamente tanto dende o Goberno municipal como dende o tecido asociativo e dos diferentes representantes do sector cultural. Ó final, do que estamos a falar é de como implantar as políticas culturais e como facelo nun ámbito reglado de participación.

Ás once horas e nove minutos sae do Salón de Sesións o señor Celemín Santos.

O Regulamento do Consello Municipal da Cultura que hoxe aprobaremos definitivamente, recolle gran parte das achegas do propio sector trasladadas ó Concello despois dunha reunión, dun acto de presentación celebrado no seu día no Teatro Colón. O Consello Municipal da Cultura quero recordar que está pensado para darlle ós profesionais e ás profesionais da cultura un espazo de diálogo con toda a Corporación local con voz e voto. Terá un plenario amplo con representación de profesionais e asociacións relacionadas coa cultura en toda a súa diversidade e con presencia dos grupos políticos municipais.

É evidente que a súa extensión —vamos a dicilo todo— levará consigo que se

Gracias, señora alcaldesa.

Traemos hoy aquí la aprobación definitiva del Reglamento del Consejo de la Cultura. El año pasado dimos un paso importante en el impulso al sector de la cultura en nuestra ciudad, se aprobó inicialmente el Reglamento del Consejo, por primera vez en la historia de A Coruña el sector cultural estará representado en un organismo que servirá como interlocutor directo entre el Ayuntamiento y el sector cultural, trabajando de la mano para poder tomar las mejores decisiones, trabajando conjuntamente tanto desde el Gobierno municipal como desde el tejido asociativo y de los diferentes representantes del sector cultural. Al final, de lo que estamos hablando es de cómo implantar las políticas culturales y cómo hacerlo en un ámbito reglado de participación.

A las once horas y nueve minutos sale del Salón de Sesiones el señor Celemín Santos.

El Reglamento del Consejo Municipal de la Cultura que hoy aprobaremos definitivamente, recoge gran parte de las aportaciones del propio sector trasladadas al Ayuntamiento después de una reunión, de un acto de presentación celebrado en su día en el Teatro Colón. El Consejo Municipal de la Cultura quiero recordar que está pensado para dar a los profesionales y a las profesionales de la cultura un espacio de diálogo con toda la Corporación local con voz y voto. Tendrá un plenario amplio con representación de profesionales y asociaciones relacionadas con la cultura en toda su diversidad y con presencia de los grupos políticos municipales.

Es evidente que su extensión —vamos a decirlo todo— llevará consigo que se

agudice o inxenio que terá que ver moito tamén coa xenerosidade e coa capacidade de sinerxias e de síntese, porque moitas veces este tipo de organismos acaban tendo, pois unha vida moi dispar. É dicir, eu creo que tamén é un reto para o conxunto dos participantes que acabe sendo útil e que acabe sendo operativo. Tampouco... creo que temos xa unha certa experiencia cos procesos participativos de asembleas, consellos, colectivos, círculos *e moito máis*, porque cada vez que se escoita falar da participación, despois... No marco teórico hai moitísimos libros escritos, despois na práctica, aquí hai un reto.

agudice el ingenio que tendrá que ver mucho también con la generosidad y con la capacidad de sinergias y de síntesis, porque muchas veces este tipo de organismos acaban teniendo, pues una vida muy dispar. Es decir, yo creo que también es un reto para el conjunto de los participantes que acabe siendo útil y que acabe siendo operativo. Tampoco... creo que tenemos ya una cierta experiencia con los procesos participativos de asambleas, consejos, colectivos, círculos y mucho más, porque cada vez que se escucha hablar de la participación, después... En el marco teórico hay muchísimos libros escritos, después en la práctica, aquí hay un reto.

Podía non dicirse isto, eh? Seguramente, como di o outro, quedábamos mellor non dicindo, pero xa hai unha experiencia nun período democrático en España xa amplo e sabemos que hai, bueno, pois experiencias desiguais, non? Creo que isto é un reto, pero desde logo temos que centrarnos no positivo. Creo que isto dá a oportunidade de escoitar a todas as voces para tomar as mellores decisións, crear un espazo reglado onde poidan escoitarse a todos e a todas.

Podía no decirse esto, ¿eh? Seguramente, como dice el otro, quedábamos mejor no diciendo, pero ya hay una experiencia en un período democrático en España ya amplio y sabemos que hay, bueno, pues experiencias desiguales, ¿no? Creo que esto es un reto, pero desde luego tenemos que centrarnos en lo positivo. Creo que esto da la oportunidad de escuchar a todas las voces para tomar las mejores decisiones, crear un espacio reglado donde puedan escucharse a todos y a todas.

Recordar que a Presidencia recaerá na nosa alcaldesa, contará cunha Vicepresidencia escollida polo propio sector cultural. Aquí estamos nun esquema parecido ó de outro consello que xa se creou neste mandato. Tamén haberá un tempo, seguramente cando veñan outros compañeiros e compañeiras, veciños deste concello que lles toque estar a partir do 28 de maio, pois tamén terán a oportunidade de reevaluar como funcionan os consellos e canta utilidade teñen e como se poden mellorar, porque tamén eu creo que é importante.

Recordar que la Presidencia recaerá en nuestra alcaldesa, contará con una Vicepresidencia escogida por el propio sector cultural. Aquí estamos en un esquema parecido al de otro consejo que ya se creó en este mandato. También habrá un tiempo, seguramente cuando vengan otros compañeros y compañeras, vecinos de este ayuntamiento que les toque estar a partir del 28 de mayo , pues también tendrán la oportunidad de reevaluar cómo funcionan los consejos y cuánta utilidad tienen y como se pueden mejorar, porque también yo creo que es importante.

Eu creo que é evidente e palpable a aposta da nosa alcaldesa pola cultura na Coruña. Creo que bastan dous exemplos moi recentes: a convocatoria das bolsas de creación artística e a presentación do Bono Cultura.

Yo creo que es evidente y palpable la apuesta de nuestra alcaldesa por la cultura en A Coruña. Creo que bastan dos ejemplos muy recientes: la convocatoria de las bolsas de creación artística y la presentación del Bono Cultura.

A cultura é unha das nosas maiores riquezas e o Consello Municipal que agora creamos, pois eu creo que é unha proba máis de estar dispostos a ter ese espacio onde se escoiten tódalas voces, non? Dúas iniciativas ás que facía alusión, por certo, que naceron froito dunha iniciativa que foi pioneira en toda España e da que son copartícipes tódolos grupos xunto a este goberno municipal, que foi a creación do PRESCO, do Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña. Quero recordar que as bolsas de creación artística e o Bono Cultura nacen aí desas xuntanzas e desas reunións que tivemos, nas que fixemos política, política con maiúsculas, política pensando na maioría da cidadanía e non no regate corto, e non en meterlle o dedo no ollo ó do lado. Creo que foi unha iniciativa durante a pandemia importante, que estivo neste caso concreto destas dúas actuacións, Bono Cultura e bolsas de creación artística, destinada a apoiar o noso tecido cultural e un apoio, por certo, como non se fixera nunca antes nesta cidade. Se houbese algún precedente de ter feito isto, pois habería que dicilo ou recordalo.

La cultura es una de nuestras mayores riquezas y el Consejo Municipal que ahora creamos, pues yo creo que es una prueba más de estar dispuestos a tener ese espacio donde se escuchen todas las voces, ¿no? Dos iniciativas a las que hacía alusión, por cierto, que nacieron fruto de una iniciativa que fue pionera en toda España y de la que son copartícipes todos los grupos junto a este gobierno municipal, que fue la creación del PRESCO, del Plan de Reactivación Económica y Social de A Coruña. Quiero recordar que las bolsas de creación artística y el Bono Cultura nacen ahí de esas reuniones y de esas reuniones que tuvimos, en las que hicimos política, política con mayúsculas, política pensando en la mayoría de la ciudadanía y no en el regate corto, y no en meterle el dedo en el ojo al del lado. Creo que fue una iniciativa durante la pandemia importante, que estuvo en este caso concreto de estas dos actuaciones, Bono Cultura y bolsas de creación artística, destinada a apoyar a nuestro tejido cultural y un apoyo, por cierto, como no se había hecho nunca antes en esta ciudad. Si hubiera algún precedente de haber hecho esto, pues habría que decirlo o recordarlo.

En materia de calidade e de innovación da oferta cultural, podemos dicir que A Coruña hoxe é líder, cunha notable diferenza entre as cidades galegas. Quero recordar que no mesmo ranking da Fundación Contemporánea aparece a cidade da Coruña como unha das dez primeiras de España no ámbito cultural, por diante doutras moitas de maior

En materia de calidad y de innovación de la oferta cultural, podemos decir que A Coruña hoy es líder, con una notable diferencia entre las ciudades gallegas. Quiero recordar que en el mismo ranking de la Fundación Contemporánea aparece la ciudad de A Coruña como una de las diez primeras de España en el ámbito cultural, por delante de otras muchas de

poboación. Non sei se iso sirve de termómetro para os que dicían se había concellería de cultura ou non. Frente ós relatos interesados, hai datos, e os datos poñen de manifesto que unha cidade de 250.000 habitantes está moi por riba na súa oferta cultural doutras que teñen máis capacidade económica e un potencial moito maior. Algunha cousa se estará facendo ben cando hai un recoñecemento deste tipo. Se pode facer mellor? Sempre, sempre.

mayor población. No sé si eso sirve de termómetro para los que decían si había concejalía de cultura o no. Frente a los relatos interesados, hay datos, y los datos ponen de manifiesto que una ciudad de 250.000 habitantes está muy por encima en su oferta cultural de otras que tienen más capacidad económica y un potencial mucho mayor. Alguna cosa se estará haciendo bien cuando hay un reconocimiento de este tipo. ¿Se puede hacer mejor? Siempre, siempre.

Creo que non é discutible que estamos a ser unha referencia no ámbito do Estado. E eu, teñen que permitirme que o diga, aínda que a señora Gallego con moi bo... con moi, moi bo estilete, con moita finura falaba dos 88 días, isto é posible foi quen de darlle un pulo ó sector cultural, tamén a través de grandes eventos que atraen o público no ámbito nacional e internacional, non? e tamén no ámbito máis miúdo, apoiando dende abaixo a creación local, como os dous plans ós que facemos referencia. Todo isto, todo isto deberá verse nese consello municipal da cultura donde todos e todas poderemos aportar e poderemos tamén intercambiar posicións porque a visión máis ampla da cultura ten moito que ver cunha capacidade crítica de mellora social, na súa visión máis ampla e, polo tanto, entender que as formulacións criticas enriquecen a actividade pública e son imprescindibles como unha parte, eu diría, como pilar básico dun sistema democrático. É dicir, a capacidade de mellora vén a través da formulación do debate e da formulación das posicións de crítica construtiva.

Creo que no es discutible que estamos siendo una referencia en el ámbito del Estado. Y yo, tienen que permitirme que lo diga, aunque la señora Gallego con muy buen... con muy, muy buen estilete, con mucha finura hablaba de los 88 días, esto es posible fue capaz de darle un impulso al sector cultural, también a través de grandes eventos que atraen al público en el ámbito nacional e internacional, ¿no? y también en el ámbito más menudo, apoyando desde abajo la creación local, como los dos planes a los que hacemos referencia. Todo esto, todo esto deberá verse en ese consejo municipal de la cultura donde todos y todas podremos aportar y podremos también intercambiar posiciones porque la visión más amplia de la cultura tiene mucho que ver con una capacidad crítica de mejora social, en su visión más amplia y, por lo tanto, entender que las formulaciones criticas enriquecen la actividad pública y son imprescindibles como una parte, yo diría, como pilar básico de un sistema democrático. Es decir, la capacidad de mejora viene a través de la formulación del debate y de la formulación de las posiciones de crítica constructiva.

Poñer en marcha agora por primeira vez nesta cidade... O digo, o de por primeira vez nesta cidade, porque hai cousas que xa se fixeron fai moitos anos. A Rede de Escolas Infantís Municipais creouse

Poner en marcha ahora por primera vez en esta ciudad... Lo digo, lo de por primera vez en esta ciudad, porque hay cosas que ya se hicieron hace muchos años. La Red de Escuelas Infantiles

nesta cidade baixo un goberno socialista, non a podemos crear agora porque xa se creou. Mellorámola neste mandato, pero crear xa a creou outro goberno. Sen embargo, o Consello Municipal da Cultura se crea neste mandato, non se creou noutros, noutros non se creou e eu creo que é unha forma de apostar pola cultura mediante ese espazo de participación, dándolle voz a todos os actores que conforman o sector.

Municipales se creó en esta ciudad bajo un gobierno socialista, no la podemos crear ahora porque ya se creó. La mejoramos en este mandato, pero crear ya la creó otro gobierno. Sin embargo, el Consejo Municipal de la Cultura se crea en este mandato, no se creó en otros, en otros no se creó y yo creo que es una forma de apostar por la cultura mediante ese espacio de participación, dándole voz a todos los actores que conforman el sector.

Acabou o Ano María Casares, comezou o Ano Picasso, nos dous casos cunha potente axenda organizada por este goberno e este mes, sen ir máis lonxe, teremos a Semana do Cinema Galego, unha vez máis na nosa cidade, e temos citas de nivel internacional tan relevantes como a próxima edición do Womax.

Acabó el Año María Casares, comenzó el Año Picasso, en los dos casos con una potente agenda organizada por este gobierno y este mes, sin ir más lejos, tendremos la Semana del Cine Gallego, una vez más en nuestra ciudad, y tenemos citas de nivel internacional tan relevantes como la próxima edición del Womax.

Somos cultura e queremos ser máis cultura, un camiño no que Consello Municipal se presenta como unha ferramenta relevante para maximizar o impulso que lle estamos a dar, e iso temos que facelo tamén entre todos. Eu creo que é imprescindible traballar conxuntamente, recadar esas achegas dos e das profesionais culturais da cidade e trazar liñas, liñas mestras do sector que se fagan conxuntamente, tamén coa colaboración público-privada. Eu creo que nada mellor que facelos xuntos e unidos e hoxe estamos a dar aquí un paso importante porque A Coruña ten o reto de seguir estando na posición que alcanzamos ou incluso mellorándoa. Que sexamos unha das 10 cidades máis recoñecidas no ámbito cultural... Bueno, recoñecidas, non que o digamos nós, senón que o dice a Fundación Contemporánea. Quero dicir que non é, digamos que un organismo ó marxe deste goberno municipal.

Somos cultura y queremos ser más cultura, un camino en el que Consejo Municipal se presenta como una herramienta relevante para maximizar el impulso que le estamos dando, y eso tenemos que hacerlo también entre todos. Yo creo que es imprescindible trabajar conjuntamente, recaudar esas aportaciones de los y de las profesionales culturales de la ciudad y trazar líneas, líneas maestras del sector que se hagan conjuntamente, también con la colaboración público-privada. Yo creo que nada mejor que hacerlos juntos y unidos y hoy estamos dando aquí un paso importante porque A Coruña tiene el reto de seguir estando en la posición que alcanzamos o incluso mejorándola. Que seamos una de las 10 ciudades más reconocidas en el ámbito cultural... Bueno, reconocidas, no que lo digamos nosotros, sino que el dice la Fundación Contemporánea. Quiero decir que no es, digamos que un organismo al margen de este gobierno municipal.

Creo que debemos de ser capaces de seguir potenciando a cidade como un referente para a cultura en tódolos eidos e tamén no plano do Estado e no plano internacional. Para nós é un privilexio contar cunha rede de museos científicos que tivo un carácter pioneiro en España, pero agora hai un reto, hai un reto que é a súa actualización, a súa modernización. Bueno, pois é un paso que como xa ten anunciado a nosa alcaldesa, forma parte do seu proxecto para os seguintes anos. Bueno, pois co patrimonio histórico tamén que gardan as nosas casas museo, con recintos que están capacitados para acoller xiras, festivais, grandes eventos. Non hai moitas cidades como a nosa con infraestruturas e equipamentos como o Fórum ou como o Ágora, nin moito menos que conten cunha banda municipal ou coa Orquesta Sinfónica.

Creo que debemos ser capaces de seguir potenciando la ciudad como un referente para la cultura en todos los campos y también en el plano del Estado y en el plano internacional. Para nosotros es un privilegio contar con una red de museos científicos que tuvo un carácter pionero en España, pero ahora hay un reto, hay un reto que es su actualización, su modernización. Bueno, pues es un paso que como ya ha anunciado nuestra alcaldesa, forma parte de su proyecto para los siguientes años. Bueno, pues con el patrimonio histórico también que guardan nuestras casas museo, con recintos que están capacitados para acoger giras, festivales, grandes eventos. No hay muchas ciudades como la nuestra con infraestructuras y equipamientos como el Fórum o como el Ágora, ni mucho menos que cuenten con una banda municipal o con la Orquesta Sinfónica.

Temos moitos motivos para sentirnos orgullosos da cultura, cultura que respiramos e exportamos dende esta cidade, e con este consello municipal o que facemos é ampliar esa nómina de motivos como unha ferramenta de interlocución permanente, esa ferramenta de interlocución permanente que haberá que alimentar e que haberá que coidar porque a creación en si mesma, sendo relevante, non é suficiente e, polo tanto, temos todos unha responsabilidade de incorporar materia gris, capacidade de crítica, propostas, de entre todos nuclear ese consello municipal da cultura.

Tenemos muchos motivos para sentirnos orgullosos de la cultura, cultura que respiramos y exportamos desde esta ciudad, y con este consejo municipal lo que hacemos es ampliar esa nómina de motivos como una herramienta de interlocución permanente, esa herramienta de interlocución permanente que habrá que alimentar y que habrá que cuidar porque la creación en sí misma, siendo relevante, no es suficiente y, por lo tanto, tenemos todos una responsabilidad de incorporar materia gris, capacidad de crítica, propuestas, de entre todos nuclear ese consejo municipal de la cultura.

Temos, pois, toda a materia prima necesaria para que o Concello e o sector cultural, indo da man, ollen con ilusión o futuro que vén. Por iso creo que imos a traballar xuntos en busca da excelencia. Non se pode entender A Coruña sen a súa cultura, sen os seus e as súas artistas,

Tenemos, pues, toda la materia prima necesaria para que el Ayuntamiento y el sector cultural, yendo de la mano, miren con ilusión el futuro que viene. Por eso creo que vamos a trabajar juntos en busca de la excelencia. No se puede entender A Coruña sin su cultura, sin sus artistas, sin

sen os seus creadores e creadoras, que desde logo medran nos nosos barrios e son o mellor expoñente da capacidade cultural que ten a nosa cidade.

Son consciente de que ninguén pode estar en contra desta tarefa e eu creo que non é unha tarefa, a de construción do Consello Municipal da Cultura, non é unha tarefa deste goberno municipal, é unha tarefa conxunta e é unha tarefa na que algúns grupos teñen feito achegas importantes. Eu vou a deixar que todos eles fagan as mencións que consideren. Creo que non se trata de... Ás veces a uns lles parece pouco e a outros lle parece que xa se foi máis alá, pero en calquera caso creo que temos dado un paso moi relevante.

Darlle sobre todo as gracias a tódolos grupos polas súas aportacións e eu creo que a ninguén lle ten que parecer mal que poña en valor que por primeira vez se fai algo que seguramente, pois houbo oportunidades noutras ocasións e polos motivos que fose, pois non se fixo. Benvido sexa este consello municipal da cultura e benvidas sexan as achegas que, por certo, foron achegas todas relevantes, tamén de particulares, que foron aceptadas e incorporadas sobre a fase inicial. Póñoo como exemplo de diálogo. Cando se dice; bueno, e tal, é que falan do diálogo... Non, mire, que houbo aportacións de grupos e de particulares. A maior parte delas foron aceptadas, a maior parte delas foron aceptadas. Polo tanto, quere dicir que isto é unha obra colectiva, que non é unha obra solo da alcaldesa ou do equipo de Cultura. Non, as achegas do BNG, algunhas foron aceptadas. As achegas do PP, do PP tamén, houbo algunhas que tamén foron aceptadas.

Señor Coira, gracias. Espero que non lle

sus creadores y creadoras, que desde luego crecen en nuestros barrios y son el mejor exponente de la capacidad cultural que tiene nuestra ciudad.

Soy consciente de que nadie puede estar en contra de esta tarea y yo creo que no es una tarea, la de construcción del Consejo Municipal de la Cultura, no es una tarea de este gobierno municipal, es una tarea conjunta y es una tarea en la que algunos grupos han hecho aportaciones importantes. Yo voy a dejar que todos ellos hagan las menciones que consideren. Creo que no se trata de... A veces a unos les parece poco y a otros le parece que ya se fue más allá, pero en cualquier caso creo que hemos dado un paso muy relevante.

Darle sobre todo las gracias a todos los grupos por sus aportaciones y yo creo que a nadie le tiene que parecer mal que ponga en valor que por primera vez se hace algo que seguramente, pues hubo oportunidades en otras ocasiones y por los motivos que fuera, pues no se hizo. Bienvenido sea este consejo municipal de la cultura y bienvenidas sean las aportaciones que, por cierto, fueron aportaciones todas relevantes, también de particulares, que fueron aceptadas e incorporadas sobre la fase inicial. Lo pongo como ejemplo de diálogo. Cuando se dice; bueno, y tal, es que hablan del diálogo... No, mire, que hubo aportaciones de grupos y de particulares. La mayor parte de ellas fueron aceptadas, la mayor parte de ellas fueron aceptadas. Por lo tanto, quiere decir que esto es una obra colectiva, que no es una obra solo de la alcaldesa o del equipo de Cultura. No, las aportaciones del BNG, algunas fueron aceptadas. Las aportaciones del PP, del PP también, hubo algunas que también fueron aceptadas.

Señor Coira, gracias. Espero que no le

berren porque creo que fixo unha aportación positiva. Oia, que non votan a favor porque quedan 88 días... Aí xa non me meto, iso xa é cousa súa.

O dos 88 díxoo a señora Gallego, que sempre a clava.

E o Grupo da Marea fixo moitas achegas tamén, e vouno deixar aí porque seguramente eles tamén queiran ter o ser momento, non? E por certo, tamén algún particular co que non sempre estamos de acordo, pero tamén fixo as súas achegas, e tamén foron aceptadas. Ha! Se isto non é diálogo, xa me contarán o que é diálogo.

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Presidencia

A vostede, señor Lage.

Os tres concelleiros, se seguen vivos, poden entrar **(risos)**.

Ás once horas e vinte e catro minutos entran no Salón de Sesións os señores Celemín Santos, Lema Suárez e Deus Álvarez.

Iniciamos a quenda de debate. Señora Soneira, o seu turno.

Señora Soneira Lema

Gracias, señora alcaldesa.

Permítame neste momento felicitar a Lage porque a verdade é que se me pasou. Por tanto, noraboa, noraboa, Lage, pola reciente paternidad.

Dito isto, a implicación dos cidadáns nos asuntos públicos co fin de contribuír a mellorar a calidade de vida da poboación é o que se chama participación cidadán,

chillen porque creo que hizo una aportación positiva. Oiga, que no votan a favor porque quedan 88 días... Ahí ya no me meto, eso ya es cosa suya.

Lo de los 88 lo dijo la señora Gallego, que siempre la clava.

Y el Grupo de la Marea hizo muchas aportaciones también, y lo voy a dejar ahí porque seguramente ellos también quieran tener el ser momento, ¿no? Y por cierto, también algún particular con el que no siempre estamos de acuerdo, pero también hizo sus aportaciones, y también fueron aceptadas. ¡Ah! Si esto no es diálogo, ya me contarán el que es diálogo.

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Presidencia

A usted, señor Lage.

*Los tres concejales, si siguen vivos, pueden entrar **(risas).***

A las once horas y veinticuatro minutos entran en el Salón de Sesiones los señores Celemín Santos, Lema Suárez y Deus Álvarez.

Iniciamos el turno de debate. Señora Soneira, su turno.

Señora Soneira Lema

Gracias, señora alcaldesa.

Permítame en este momento felicitar a Lage porque la verdad es que se me pasó. Por tanto, enhorabuena, enhorabuena, Lage, por la reciente paternidad.

Dicho esto, la implicación de los ciudadanos en los asuntos públicos con el fin de contribuir a mejorar la calidad de vida de la población es lo que se llama

que foi introducida na xestión dos concellos pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, *de medidas para a modernización do goberno local*. Isto destaca a gran importancia que ten consultar o cidadán para facer unha boa xestión municipal. Un órgano de consulta é o Consello Municipal de Cultura, sobre o que se propón aprobar hoxe o seu regulamento orgánico.

participación ciudadana, que fue introducida en la gestión de los ayuntamientos por la Ley 57/2003, de 16 de diciembre, de medidas para la modernización del gobierno local. Esto destaca la gran importancia que tiene consultar al ciudadano para hacer una buena gestión municipal. Un órgano de consulta es el Consejo Municipal de Cultura, sobre el que se propone aprobar hoy su reglamento orgánico.

Ás once horas e vinte e cinco minutos sae do Salón de Sesións a señora Neira Fernández.

A las once horas y veinticinco minutos sale del Salón de Sesiones la señora Neira Fernández.

Eu, que precisamente neste pleno presento unha moción sobre o Consello Económico e Social da cidade, non me vou opoñer á aprobación porque teño moi presente a gran importancia da participación cidadana, pero coido que o Regulamento reflexa un gran número de compoñentes que pode ser un inconvinte —máis de 40— para que o Consello funcione coa axilidade adecuada para alcanzar os seus obxectivos.

Yo, que precisamente en este pleno presento una moción sobre el Consejo Económico y Social de la ciudad, no me voy a oponer a la aprobación porque tengo muy presente la gran importancia de la participación ciudadana, pero creo que el Reglamento refleja un gran número de componentes que puede ser un inconveniente —más de 40— para que el Consejo funcione con la agilidad adecuada para alcanzar sus objetivos.

Bueno, fago esta apreciación. Non quero dicir que non sean oportunos, pero bueno, a operabilidade é importante.

Bueno, hago esta apreciación. No quiero decir que no sean oportunos, pero bueno, la operabilidad es importante.

Nada máis, señora alcaldesa.

Nada más, señora alcaldesa.

Presidencia

Presidencia

Grazas, señora Soneira.

Gracias, señora Soneira.

Turno para a señora Faraldo.

Turno para la señora Faraldo.

Señora Faraldo Calvo

Señora Faraldo Calvo

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Trátase hoxe da resolución de alegacións e aprobación definitiva do Regulamento orgánico para a constitución e funcionamento do Consello Municipal

Se trata hoy de la resolución de alegaciones y aprobación definitiva del Reglamento orgánico para la constitución y funcionamiento del Consejo Municipal

da Cultura da cidade da Coruña, un borrador pactado previamente entre o Goberno local e a Marea Atlántica que presentaron no Teatro Colón a unha parte do sector e sen a deferencia sequera de invitar a membros do resto do Pleno. O pasado mes de xullo nun apresurado pleno extraordinario foi aprobado ese texto inicial. Xa naquel pleno, onde por responsabilidade votamos a favor porque a nosa postura foi sempre desde un espíritu construtivo, pero xa falábamos, sen embargo, da tibieza e o alcance limitado da proposta. Xa falábamos en aquel momento da necesidade de haber tido máis audacia e de ir máis lonxe que do carácter consultivo otorgado ó Consello.

de la Cultura de la ciudad de A Coruña, un borrador pactado previamente entre el Gobierno local y la Marea Atlántica que presentaron en el Teatro Colón a una parte del sector y sin la deferencia siquiera de invitar a miembros del resto del Pleno. El pasado mes de julio en un apresurado pleno extraordinario fue aprobado ese texto inicial. Ya en aquel pleno, donde por responsabilidad votamos a favor porque nuestra postura fue siempre desde un espíritu constructivo, pero ya hablábamos, sin embargo, de la tibieza y el alcance limitado de la propuesta. Ya hablábamos en aquel momento de la necesidad de haber tenido más audacia y de ir más lejos que del carácter consultivo otorgado al Consejo.

Subliñabamos naquel pleno as sombras deste regulamento: a participación limitada, a tentación dun certo apropiacionismo do feito cultural, o risco de evaporación do órgano pola inconsistencia real. Hoxe, oito meses despois daquel pleno extraordinario, a intervención non vai mudar de sentido, mais o Regulamento segue a pecar das mesmas carencias, incluso tras as alegacións presentadas, incluso con algunhas delas asumidas.

Subrayábamos en aquel pleno las sombras de este reglamento: la participación limitada, la tentación de un cierto apropiacionismo del hecho cultural, el riesgo de evaporación del órgano por la inconsistencia real. Hoy, ocho meses después de aquel pleno extraordinario, la intervención no va a cambiar de sentido, pero el Reglamento sigue pecando de las mismas carencias, incluso tras las alegaciones presentadas, incluso con algunas de ellas asumidas.

Parece querer evitarse que o Consello sexa realmente un órgano decisorio ou de control, o que indica xa os límites do Concello. Non se asumen pautas, nin sequera futuras, de coxestión da actividade cultural, de coprogramación ou de desenvolvemento da acción e outra mostra dela son as alegacións presentadas e rexeitadas a Benedicto Álvarez, o cidadán que presentou neste sentido, e que camiñaban nesa dirección e que foron rexeitadas na meirande parte e no relativo a acadar este obxectivo, que o Consello non sexa un mero observador, sen capacidad vinculatoria

Parece querer evitarse que el Consejo sea realmente un órgano decisorio o de control, lo que indica ya los límites del Ayuntamiento. No se asumen pautas, ni siquiera futuras, de cogestión de la actividad cultural, de coprogramación o de desarrollo de la acción y otra muestra de ella son las alegaciones presentadas y rechazadas a Benedicto Álvarez, el ciudadano que presentó en este sentido, y que caminaban en esa dirección y que fueron rechazadas en la mayor parte y en lo relativo a alcanzar este objetivo, que el Consejo no sea un mero observador, sin capacidad vinculatoria en la decisión

na decisión cultural.

Seguindo a mesma liña inicial, hoxe votaremos a favor pola necesidade de construír na cidade..., pola necesidade de constituír na cidade o Consello Municipal da Cultura, porque era ademais unha demanda do propio sector, pero tras subliñar estas carencias que nos parecen salientables, evitables e non propias de forzas que queiran abanderar a participación real.

Grazas.

Ás once horas e vinte e oito minutos entra no Salón de Sesións a señora Neira Fernández.

Presidencia
~~**Presidencia**~~
Grazas, señora Faraldo.

Turno para a señora Martínez.

Señora Martínez Lema

(A señora Martínez Lema indica cun xesto que non desexa intervir).

Presidencia

Ben, pois turno para o BNG, señora Veira.

Señora Veira González

Si. *Aleluia not Aleluia*, ó xeito de *sorry not sorry*. Podería resumir así a miña intervención sobre este asunto, mais vou empregar os cinco minutos que nos concede a Presidencia para falar dun tema imprescindíbel nunha cidade como a da Coruña: a cultura.

Traen hoxe a Pleno a resolución das alegacións e a aprobación definitiva do

cultural.

Siguiendo la misma línea inicial, hoy votaremos a favor por la necesidad de construir en la ciudad..., por la necesidad de constituir en la ciudad el Consejo Municipal de la Cultura, porque era además una demanda del propio sector, pero tras subrayar estas carencias que nos parecen reseñables, evitables y no propias de fuerzas que quieran abanderar la participación real.

Gracias.

A las once horas y veintiocho minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Neira Fernández.

Presidencia

Gracias, señora Faraldo.

Turno para la señora Martínez.

Señora Martínez Lema

(La señora Martínez Lema indica con un gesto que no desea intervenir).

Presidencia

Bien, pues turno para el BNG, señora Veira.

Señora Veira González

Sí. "Aleluya not Aleluya", a la manera de "sorry not sorry". Podría resumir así mi intervención sobre este asunto, pero voy a emplear los cinco minutos que nos concede la Presidencia para hablar de un tema imprescindible en una ciudad como la de A Coruña: la cultura.

Traen hoy a Pleno la resolución de las alegaciones y la aprobación definitiva del Reglamento orgánico del Consejo

Regulamento orgánico do Consello Municipal da Cultura, e para comezar gustaríanos agradecerlle ó Goberno local que admitise as nosas alegacións. Señor Lage, até onde eu sei, presentamos tres alegacións e as tres están admitidas. Non é que se admitisen algunhas, é que admitiron todas e estamos profundamente agradecidas.

Así, coa presencia de institucións culturais da nosa cidade con nome propio e con responsábeis municipais do ámbito da cultura, cunha periodicidade algo máis intensa e con funcións máis específicas, o Consello Municipal da Cultura cobra se cadra máis importancia e relevancia, mais non foi doado nin áxil o impulso a este órgano consultivo. A súa creación é unha demanda dos distintos sectores culturais da Coruña e veu a Pleno a través de distintas iniciativas de distintos grupos políticos. Tamén o tratamos en varias xuntanzas da Comisión de Cultura que preside esta concelleira, na do 11 de febreiro de 2021 e na de 14 de marzo de 2022 e, logo da presión política, aprobouse inicialmente este regulamento nun pleno extraordinario e urxente o día 15 de xullo de 2022, pero non se publica no Boletín Oficial da Provincia até o 9 de agosto de 2022 e non contarei nin como nin quen tivo que dar aviso de que non estaba publicado nin canto tempo tardou en saír despois de producirse ese aviso.

O prazo para presentar as alegacións rematou o 22 de setembro de 2022. Nós preguntamos polo asunto na Comisión de Cultura que se reuniu o 22 de decembro de 2022, mais o Goberno local non concretou nada ó respecto e case tres meses despois de nós preguntar, tráeno a Pleno, seis meses logo de rematar o prazo de presentación das alegacións.

Municipal de la Cultura, y para comenzar nos gustaría agradecer al Gobierno local que admitiera nuestras alegaciones. Señor Lage, hasta donde yo sé, presentamos tres alegaciones y las tres están admitidas. No es que se admitieran algunas, es que admitieron todas y estamos profundamente agradecidas.

Así, con la presencia de instituciones culturales de nuestra ciudad con nombre propio y con responsables municipales del ámbito de la cultura, con una periodicidad algo más intensa y con funciones más específicas, el Consejo Municipal de la Cultura cobra quizá más importancia y relevancia, pero no fue fácil ni ágil el impulso a este órgano consultivo. Su creación es una demanda de los distintos sectores culturales de A Coruña y vino a Pleno a través de distintas iniciativas de distintos grupos políticos. También lo tratamos en varias reuniones de la Comisión de Cultura que preside esta concejala, en la de 11 de febrero de 2021 y en la de 14 de marzo de 2022 y, después de la presión política, se aprobó inicialmente este reglamento en un pleno extraordinario y urgente el día 15 de julio de 2022, pero no se publica en el Boletín Oficial de la Provincia hasta el 9 de agosto de 2022 y no contaré ni cómo ni quién tuvo que dar aviso de que no estaba publicado ni cuánto tiempo tardó en salir después de producirse ese aviso.

El plazo para presentar las alegaciones finalizó el 22 de septiembre de 2022. Nosotros preguntamos por el asunto en la Comisión de Cultura que se reunió el 22 de diciembre de 2022, pero el Gobierno local no concretó nada al respecto y casi tres meses después de haber preguntado nosotros, lo traen a Pleno, seis meses después de finalizar el plazo de presentación de las alegaciones.

En todo caso, bienvenido sea este

En todo caso, benvido sexa este regulamento orgánico do Consello Municipal da Cultura. Mágoa que só queden tres meses, perdón, dous meses para o remate do mandato, porque a constitución deste órgano non é sinxela, xa que as entidades teñen que se reunir e designar representantes, cousa que supoño que tampouco será rápida.

En todo caso, a aprobación deste regulamento non tapa nin os debes nin as ausencias do seu goberno, señora Rey, en materia cultural polas continuas mudanzas na Área de Cultura, pola ausencia —si, señor Lage— dunha concelleira ou un concelleiro de cultura e dunha concellaría de cultura; por non teren implementado ningún proxecto de colaboración cos locais da cidade para programar neles, por non ter cumprido as mocións sobre cultura aprobadas no Pleno; por non teren aprobadas as mocións que tiñan referencia, ou que facían referencia ó Museo de Arte Contemporánea, á Fundación Luís Seoane, ás axudas ós espazos de creación dos artistas e as artistas locais a cambio de programación; porque non aprobaron en ningún momento un regulamento de acceso ós recintos para as creadoras e os creadores locais; por non dialogar co tecido cultural asociativo da cidade; por non dialogar cos creadores e as creadoras locais; porque non traballaron para facer da nosa unha cidade creativa; porque non reaccionaron aínda diante da proposta de que a Unesco declare A Coruña como cidade literaria, unha declaración que está movendo o tecido cultural da nosa cidade e aínda non vin reaccionar o Goberno local diante deste asunto; porque pasou o 25 aniversario dun evento imprescindíbel na nosa cidade como as Viñetas desde o Atlántico sen que este goberno fixese nada relevante para celebralo. Podían estender a

reglamento orgánico del Consejo Municipal de la Cultura. Lástima que solo queden tres meses, perdón, dos meses para el final del mandato, porque la constitución de este órgano no es sencilla, ya que las entidades tienen que reunirse y designar representantes, cosa que supongo que tampoco será rápida.

En todo caso, la aprobación de este reglamento no tapa ni los debes ni las ausencias de su gobierno, señora Rey, en materia cultural por los continuos cambios en el Área de Cultura, por la ausencia —sí, señor Lage— de una concejala o un concejal de cultura y de una concejalía de cultura; por no haber implementado ningún proyecto de colaboración con los locales de la ciudad para programar en ellos; por no haber cumplido las mociones sobre cultura aprobadas en el Pleno; por no tener aprobadas las mociones que tenían referencia, o que hacían referencia al Museo de Arte Contemporáneo, a la Fundación Luís Seoane, a las ayudas a los espacios de creación de los artistas y las artistas locales a cambio de programación; porque no aprobaron en ningún momento un reglamento de acceso a los recintos para las creadoras y los creadores locales; por no dialogar con el tejido cultural asociativo de la ciudad; por no dialogar con los creadores y las creadoras locales; porque no trabajaron para hacer de la nuestra una ciudad creativa; porque no reaccionaron aún ante de la propuesta de que la Unesco declare A Coruña como ciudad literaria, una declaración que está moviendo el tejido cultural de nuestra ciudad y aun no vi a reaccionar al Gobierno local ante de este asunto; porque pasó el 25 aniversario de un evento imprescindible en nuestra ciudad como las Viñetas desde el Atlántico sin que este gobierno hiciera nada relevante para celebrarlo —podían extender la celebración durante el resto

celebración durante o resto do ano, achegalo ós centros educativos, ós actuais e futuros públicos da banda deseñada, á infancia e mocidade da Coruña, pero non o fixeron; porque fan cousas inexplicábeis, mesmo cando as cousas, pois son bos proxectos, como non distribuír o cómic de María Casares nas librarías ou non traducilo ó francés para distribuílo en Francia, onde María Casares é unha figura admirada en todo o país; porque implementaron bolsas de creación artística, non por iniciativa propia, e que foron un auténtico quebradeiro de cabeza para as artistas e aínda por riba non promocionaron nin tiveron interese ningún en difundir os resultados destas bolsas de creación artística; porque implementan bonos culturais que non son descontos para a clientela, senón que segundo Facenda son beneficios extraordinarios para as autónomas, o cal lles implica pagar un 30 ou 35 % máis por eses cartos e que a cota de autónomas e autónomos lles suba o ano seguinte; porque o que fan, ou son macro eventos ou son iniciativas que traemos aquí outras organizacións políticas, e vou nomear algunhas do Bloque Nacionalista Galego porque, evidentemente, estamos na nosa **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** quenda e ademais puxemos o tema da cultura no centro da nosa acción neste salón de plenos: véxase a cobertura de vacantes en diversas institucións culturais a recintos; véxase a celebración do 175 aniversario do Circo de Artesáns así como a sinatura dun convenio sobre a súa biblioteca; véxase o impulso da Banda Municipal de Música así como a cobertura da súa dirección, cuestións que foron obxecto dunha moción do BNG e de reunións da Comisión de Cultura ás que viñeron funcionarios da Banda. Se hoxe en día hai promoción na Banda Municipal de Música foi por presión

del año, acercarlo a los centros educativos, a los actuales y futuros públicos del cómic, a la infancia y juventud de A Coruña, pero no lo hicieron—; porque hacen cosas inexplicables, incluso cuando las cosas, pues son buenos proyectos, como no distribuir el cómic de María Casares en las librerías o no traducirlo al francés para distribuirlo en Francia, donde María Casares es una figura admirada en todo el país; porque implementaron becas de creación artística, no por iniciativa propia, y que fueron un auténtico quebradero de cabeza para las artistas y por si fuera poco no promocionaron ni tuvieron interés alguno en difundir los resultados de estas becas de creación artística; porque implementan bonos culturales que no son descuentos para la clientela, sino que según Hacienda son beneficios extraordinarios para las autónomas, lo cual les implica pagar un 30 o 35 % más por ese dinero y que la cuota de autónomas y autónomos les suba el año siguiente; porque lo que hacen, o son macro eventos o son iniciativas que traemos aquí otras organizaciones políticas, y voy a nombrar algunas del Bloque Nacionalista Galego porque, evidentemente, estamos en nuestro ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *turno y además pusimos el tema de la cultura en el centro de nuestra acción en este salón de plenos: véase la cobertura de vacantes en diversas instituciones culturales a recintos; véase la celebración del 175 aniversario del Circo de Artesanos así como la firma de un convenio sobre su biblioteca; véase el impulso de la Banda Municipal de Música así como la cobertura de su dirección, cuestiones que fueron objeto de una moción del BNG y de reuniones de la Comisión de Cultura a las que vinieron funcionarios de la Banda. Si hoy hay promoción en la Banda Municipal de*

política. Por poñer só algúns exemplos.

Imos votar a favor da creación e da posta en marcha deste regulamento do Consello Municipal da Cultura, pero isto non tapa nin as ausencias nin os déficits en materia cultural, e vai depender, efectivamente, da vontade dos membros do Consello Municipal da Cultura e tamén de quen goberne, a súa eficacia e a súa..., pois as cuestións que comentaba a señora Faraldo. Se vai ser un órgano realmente de control do Goberno e se vai ser un órgano no que as entidades culturais e a cultura da nosa cidade se poida expresar, vai depender, evidentemente, de quen goberne e quen estea á fronte de cultura.

Nada máis.

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Unha aclaración unicamente, eh? A Presidencia non concede cinco minutos para falar da cultura, non. A Presidencia controla que cumplan vostedes eses cinco minutos que son pactados na Comisión de Voceiros entre os voceiros dos grupos municipais, onde estaba o voceiro do Grupo Municipal do BNG.

Entón, eu sei que queda ben os minutos que nos concede a Presidencia para falar de cultura, pero... **(a señora Veira González fala co micrófono pechado e non se entende o que di)**.Non é un diálogo, é unha aclaración.

Señora Veira González

Non era unha crítica, señora...

Música fue por presión política. Por poner solo algunos ejemplos.

Vamos a votar a favor de la creación y de la puesta en marcha de este reglamento del Consejo Municipal de la Cultura, pero esto no tapa ni las ausencias ni los déficits en materia cultural, y va a depender, efectivamente, de la voluntad de los miembros del Consejo Municipal de la Cultura y también de quien gobierne, su eficacia y su..., pues las cuestiones que comentaba la señora Faraldo. Si va a ser un órgano realmente de control del Gobierno y si va a ser un órgano en el que las entidades culturales y la cultura de nuestra ciudad se pueda expresar, va a depender, evidentemente, de quien gobierne y quien esté al frente de cultura.

Nada más.

Presidencia

Muchas gracias, señora Veira.

Una aclaración únicamente, ¿eh? La Presidencia no concede cinco minutos para hablar de la cultura, no. La Presidencia controla que cumplan ustedes esos cinco minutos que son pactados en la Comisión de Portavoces entre los portavoces de los grupos municipales, donde estaba el portavoz del Grupo Municipal del BNG.

Entonces, yo sé que queda bien los minutos que nos concede la Presidencia para hablar de cultura, pero... ***(la señora Veira González habla con el micrófono cerrado y no se entiende el que dice)****. No es un diálogo, es una aclaración.*

Señora Veira González

No era una crítica, señora...

Presidencia

Presidencia

É unha aclaración. Dixo vostede, e o apuntei aquí, os minutos que nos concede a Presidencia para...

Señora Veira González

Non era unha crítica, señora Rey. Vostede ordena o debate...

Presidencia

...falar de cultura. Veña.

Señora Veira, non é un diálogo, simplemente aclaro: non concedo cinco minutos. Cumplo escrupulosamente o acordo da Comisión de Voceiros.

Turno para a Marea Atlántica, señor Martínez.

Señor Martínez Durán

Grazas, alcaldesa.

Moi bo día a todos e a todas. Súmome ós parabéns, señor Lage, pola paternidade, pero teño que confesar con todo o respecto que non botaba de menos en absoluto esa tendencia a ocupar moito, moito tempo.

Eu creo que non temos que ter medo a chamarlle ás cousas polo nome. Hoxe imos aprobar aquí de maneira definitiva o Regulamento do Consello Municipal da Cultura e ese consello municipal da cultura ten a súa traxectoria, ten a súa cronoloxía, ten a súa trazabilidade. É unha medida impulsada polo Goberno municipal e a Marea Atlántica que recibiu alegacións do Partido Popular, do Bloque Nacionalista Galego e dun particular, o veciño desta cidade Benedicto Álvarez, e non hai máis, non

Es una aclaración. Dijo usted, y lo apunté aquí, los minutos que nos concede la Presidencia para...

Señora Veira González

No era una crítica, señora Rey. Usted ordena el debate...

Presidencia

...hablar de cultura. Venga.

Señora Veira, no es un diálogo, simplemente aclaro: no concedo cinco minutos. Cumplo escrupulosamente el acuerdo de la Comisión de Portavoces.

Se abstiene la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto)

Presidencia

Gracias. Queda aprobado.

Acuerdo

PRIMERO.- Aprobar el informe municipal a las alegaciones redactado por el jefe del Departamento de Planeamiento y la directora de Urbanismo.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente el documento denominado "Estudio de detalle para la ordenación de volúmenes en la parcela de la "Ciudad de las TIC". Febrero 2023" promovido por la Universidad de A Coruña y redactado por los arquitectos Mónica Mesejo Conde, Alfredo Garrote Pazos y Sara Prieto Hortas.

TERCEIRO.- Ordenar a realización dos trámites administrativos recollidos no artigo 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento de desenvolvemento desta, para procurar a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle aprobado.

TERCERO.- Ordenar la realización de los trámites administrativos recogidos en el artículo 82 y 88 de la Ley 2/2016, del 10 de febrero, del Suelo de Galicia, y concordantes del reglamento de desarrollo de esta, para procurar la eficacia del acto de aprobación definitiva y la entrada en vigor del estudio de detalle aprobado.

CUARTO.- Requirir á Universidade da Coruña, como titular da concesión dos terreos da antiga Fábrica de Armas, a que presente, con antelación ao prazo de tres meses otorgado no informe favorable do Ministerio de Defensa de data 9 de febreiro de 2023, o Estudo de Detalle complementario, conforme ao indicado polo Ministerio no citado informe e de acordo co mesmo, do que se lle dá traslado aos referidos efectos.

CUARTO. - Requerir a la Universidad de A Coruña, como titular de la concesión de los terrenos de la antigua Fábrica de Armas, a que presente, con antelación al plazo de tres meses otorgado en el informe favorable del Ministerio de Defensa de fecha 9 de febrero de 2023, el estudio de detalle complementario, conforme a lo indicado por el Ministerio en el citado informe y de acuerdo con el mismo, del que se le da traslado a los referidos efectos.

QUINTO.- Manifestar o compromiso do Concello da Coruña de que no suposto de que a Universidade da Coruña non presente no prazo indicado o citado Estudo de Detalle complementario, será o propio Concello o que procederá a elaborar e tramitar dito Estudo de Detalle complementario, conforme á lexitimación que lle confiere o artigo 80 de la Lei 2/2016, de 10 de febrero, do Solo de Galicia, con arreglo ao informe do Ministerio de data 9 de febreiro de 2023 e da documentación anexa a dito informe, nos términos do mesmo.

QUINTO.- Manifestar el compromiso del Ayuntamiento de A Coruña de que, en el supuesto de que la Universidad de A Coruña no presente en el plazo indicado el citado estudio de detalle complementario, será el propio Ayuntamiento el que procederá a elaborar y tramitar dicho estudio de detalle complementario, conforme a la legitimación que le confiere el artículo 80 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia, con arreglo al informe del Ministerio de fecha 9 de febrero de 2023 y de la documentación anexa a dicho informe, en los términos del mismo.

SEXTO.- Notificar este acordo ao promotor, ás áreas municipais interesadas na tramitación do expediente, aos propietarios dos terreos afectados e ao alegante.

SEXTO. - Notificar este acuerdo al promotor, a las áreas municipales interesadas en la tramitación del expediente, a los propietarios de los terrenos afectados y al alegante.

SÉPTIMO.- Notificar este acordo ao Ministerio de Defensa e á Universidade

SÉPTIMO. - Notificar este acuerdo al Ministerio de Defensa y a la Universidad

da Coruña

OCTAVO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites e xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados

Presidencia

Remata aquí a parte resolutiva do Pleno. Pasamos xa á Parte non Resolutiva. Señor Secretario

II. PARTE NON RESOLUTIVA. CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN:

1º. Ter coñecemento:

-Das resolucións da Xunta de Goberno Local, desde a número mil setecentos oito (1.708), do trinta de xaneiro de 2023, á número tres mil oitocentos cincuenta e catro (3.854), do vinte e catro de febreiro de dous mil vinte e tres.

-E dos decretos da Alcaldía, desde o número cincocentos noventa (590), do trinta de xaneiro de 2023, ao número mil douscentos corenta e nove (1.249), do vinte e catro de febreiro de dous mil vinte e tres.

Señor Secretario

A continuación, mocións, rogos e preguntas.

2º. Mocións.

Presidencia

Ben.

Iniciamos o debate das mocións coa primeira delas presentada pola

de A Coruña.

OCTAVO. - Facultar a la Alcaldía-Presidencia para la realización de cuantos actos trámites y gestiones sean procedentes para el buen fin de los acuerdos adoptados.

Presidencia

Finaliza aquí la parte resolutiva del Pleno. Pasamos ya a la Parte no Resolutiva. Señor Secretario.

II. PARTE NO RESOLUTIVA. CONTROL Y SEGUIMIENTO DE LA GESTIÓN:

1º. Tomar conocimiento:

-De las resoluciones de la Junta de Gobierno Local, desde la número mil setecientos ocho (1.708), del treinta de enero de 2023, a la número tres mil ochocientos cincuenta y cuatro (3.854), de veinticuatro de febrero de dos mil veintitrés.

-Y de los decretos de la Alcaldía, desde el número quinientos noventa (590), del treinta de enero de 2023, al número mil doscientos cuarenta y nueve (1.249), del veinticuatro de febrero de dos mil veintitrés.

Señor Secretario

A continuación, mociones, ruegos y preguntas.

2º. Mociones.

Presidencia

Bien.

Iniciamos el debate de las mociones con la primera de ellas presentada por la

concelleira non adscrita, señora Soneira Lema, á que non constan emendas.

MOCIÓN PRESENTADA POLA CONCELLEIRA NON ADSCRITA D.ª SUSANA SONEIRA LEMA

Única. Moción sobre constitución do Consello da Cidade.

Presidencia

Ten a palabra a señora Soneira.

Señora Soneira Lema

Grazas, señora alcaldesa.

O Consello Social da Cidade, ou tamén chamado por algúns *Consello Económico e Social*, é un órgano consultivo cidadán para o desenrolo e mellora do entorno urbano. Está formado por representantes de diferentes sectores de comunidade entre os que se encontran autoridades locais, empresas, asociacións de veciños, universidades, axentes sociais, ONGs e outras entidades.

A referencia normativa é a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora *das Bases do Réxime Local*, que no artigo 131, denominado *o Consello Social da Cidade*, indica que nos municipios sinalados existirá un *Consello Social da Cidade* integrado por representantes das organizacións económicas, sociais, profesionais e de veciños máis representativas, e corresponderá a este *Consello*, ademais das funcións que determine o Pleno mediante normas orgánicas, a emisións de informes, estudos, e propostas en materia de desenrolo económico local, planificación estratéxica da cidade e grandes proxectos urbanos. O artículo 131, polo que se crea e configura o

concejala no adscrita, señora Soneira Lema, a la que no constan enmiendas.

MOCIÓN PRESENTADA POR LA CONCEJALA NO ADSCRITA D.ª SUSANA SONEIRA LEMA

Única. Moción sobre constitución del Consejo Social de la Ciudad.

Presidencia

Tiene la palabra la señora Soneira.

Señora Soneira Lema

Gracias, señora alcaldesa.

El Consello Social de la Ciudad, o también llamado por algunos Consejo Económico y Social, *es un órgano consultivo ciudadano para el desarrollo y mejora del entorno urbano. Está formado por representantes de diferentes sectores de comunidad entre los que se encuentran autoridades locales, empresas, asociaciones de vecinos, universidades, agentes sociales, ONGs y otras entidades.*

La referencia normativa es la Ley 7/1985 de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, *que en el artículo 131, denominado* el Consejo Social de la Ciudad, *indica que en los municipios señalados existirá un* Consejo Social de la Ciudad *integrado por representantes de las organizaciones económicas, sociales, profesionales y de vecinos más representativas, y corresponderá a este* Consejo, *además de las funciones que determine el Pleno mediante normas orgánicas, la emisión de informes, estudios, y propuestas en materia de desarrollo económico local, planificación estratégica de la ciudad y grandes proyectos urbanos. El artículo 131, por el que se crea y configura el Consejo Social*

Consello Social da Cidade, foi introducido na Lei 7/1985 mediante a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para *a modernización do Goberno local*, seguindo o criterio de inclusión nas políticas locais de órganos de carácter consultivo involucrados no tecido social das cidades, para participar nos seus estudos, ditames e opinións, no desenrolo estratéxico das mesmas.

de la Ciudad, fue introducido en la Ley 7/1985 mediante la Ley 57/2003, de 16 de diciembre, de medidas para la modernización del Gobierno local, *siguiendo el criterio de inclusión en las políticas locales de órganos de carácter consultivo involucrados en el tejido social de las ciudades, para participar en sus estudios, dictámenes y opiniones, en el desarrollo estratégico de las mismas.*

O Concello da Coruña ten aprobado dende novembro do ano 2004 o *Regulamento Orgánico de Participación Cidadá da Coruña* que, no título segundo, artigos 17 a 21, describe o que denomina *o Consello Social coruñés* como un órgano consultivo da Corporación, en materia social e económica, que permitirá a participación das principais organizacións económicas e sociais do Concello nos campos do desenrolo local e a planificación estratéxica e ademais indica cales son a súa composición, organización, funcionamento e funcións, requisitos necesarios para a constitución do citado *Consello*, constitución que a esta concelleira non lle consta que se levara a cabo nin nesta lexislatura nin nas anteriores dende a aprobación do Regulamento.

El Ayuntamiento de A Coruña ha aprobado desde noviembre del año 2004 el Reglamento Orgánico de Participación Ciudadana de A Coruña *que, en el título segundo, artículos 17 a 21, describe lo que denomina* el Consejo Social coruñés *como un órgano consultivo de la Corporación, en materia social y económica, que permitirá la participación de las principales organizaciones económicas y sociales del Ayuntamiento en los campos del desarrollo local y la planificación estratégica y además indica cuáles son su composición, organización, funcionamiento y funciones, requisitos necesarios para la constitución del citado Consejo, constitución que a esta concejala no le consta que se llevara a cabo ni en esta legislatura ni en las anteriores desde la aprobación del Reglamento.*

O Consello Social da Cidade é pois un órgano importante para a participación cidadá que nunha cidade como A Coruña, que afronta novos desafíos, non pode seguir sen beneficiarse da súa aportación. Moitas cidades dispoñen deste órgano de participación cidadá. Cidades grandes como son Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla, Málaga e Zaragoza, e tamén cidades máis pequenas como son Bilbao, Cáceres, Logroño, Lugo e Santiago de Compostela. As corporacións destas cidades utilizan o consello social cos obxectivos de promover o diálogo

El Consejo Social de la Ciudad es pues un órgano importante para la participación ciudadana que en una ciudad como A Coruña, que afronta nuevos desafíos, no puede seguir sin beneficiarse de su aportación. Muchas ciudades disponen de este órgano de participación ciudadana. Ciudades grandes como son Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla, Málaga y Zaragoza, y también ciudades más pequeñas como son Bilbao, Cáceres, Logroño, Lugo y Santiago de Compostela. Las corporaciones de estas ciudades utilizan el consejo social con los objetivos de promover el diálogo abierto,

aberto, transparente e responsable, sobre o modelo de cidade. A Coruña non pode seguir atrasando esta mellora que lle dá a voz ós distintos sectores relevantes da cidadanía.

Descoñezo a causa pola que non se constituíu o Consello Social coruñés en todos estes anos, pero supoño que ten que existir unha razón de peso para elo xa que pasaron varias lexislaturas con gobernos de distinta cor política mantendo o mesmo incumprimento. Agora que a lexislatura está case finalizada sei que non hai tempo material para a constitución do Consello Económico e Social, que ademais tería que disolverse ó final da lexislatura. Pero con esta moción pretendo que se teña en conta esa importante carencia que está a ter a nosa cidade, e que os grupos políticos desta corporación que saian elixidos o próximo 28 de maio para formar a nova corporación municipal se comprometan a impulsar a constitución do Consello Social da Coruña, ben co Regulamento do 2004 ou aprobando outro actualizado que se considere máis apropiado.

Polo anterior, se propón o seguinte acordo: instar os grupos políticos que forman esta corporación municipal a que se comprometan a impulsar a constitución do Consello Social da Coruña ó principio da próxima lexislatura no caso de que resulten elixidos nas eleccións do próximo 28 de maio, para formar a nova corporación.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Soneira.

Turno para a señora Faraldo.

transparente y responsable, sobre el modelo de ciudad. A Coruña no puede seguir retrasando esta mejora que le da la voz a los distintos sectores relevantes de la ciudadanía.

Desconozco la causa por la que no se constituyó el Consejo Social coruñés en todos estos años, pero supongo que tiene que existir una razón de peso para ello ya que pasaron varias legislaturas con gobiernos de distinto color político manteniendo el mismo incumplimiento. Ahora que la legislatura está casi finalizada sé que no hay tiempo material para la constitución del Consejo Económico y Social, que además tendría que disolverse al final de la legislatura. Pero con esta moción pretendo que se tenga en cuenta esa importante carencia que está teniendo nuestra ciudad, y que los grupos políticos de esta corporación que salgan elegidos el próximo 28 de mayo para formar la nueva corporación municipal se comprometan a impulsar la constitución del Consejo Social de A Coruña, bien con el Reglamento de 2004 o aprobando otro actualizado que se considere más apropiado.

Por lo anterior, se propone el siguiente acuerdo: instar a los grupos políticos que forman esta corporación municipal a que se comprometan a impulsar la constitución del Consejo Social de A Coruña al principio de la próxima legislatura en caso de que resulten elegidos en las elecciones del próximo 28 de mayo, para formar la nueva corporación.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Soneira.

Turno para la señora Faraldo.

Señora Faraldo Calvo

Grazas, señora alcaldesa.

O concepto de participación cidadá atópase directamente relacionado coa democracia participativa e outorga un valor engadido á política, contribuíndo desta forma ao bo goberno. Trátase dunha ferramenta fundamental onde integrar os distintos sectores da sociedade —cidadáns, organizacións, institucións—, e basear a lexitimidade e o consenso da poboación non só nun voto emitido cada catro anos senón tamén en involucrarse directamente na toma de decisións públicas que teñen consecuencias nas súas vidas.

O órgano ó que se fai referencia regula —na moción da concelleira Susana Soneira—, regula como poden participar a cidadanía na xestión pública e permanece olvidado o texto dese documento que a Corporación local aprobou en xuño do 2004. Certo é que no 2015 aprobouse o Escano Cidadán como ferramenta para a veciñanza, que no 2017 houbo unha iniciativa para abrir un proceso de reforma do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá, que se creou a Comisión Informativa de Participación Cidadá e Innovación Democrática, aínda que poucos froitos deu.

No mandato anterior creouse o Consello Municipal de Igualdade, hoxe apagado, e fixo en febreiro tres anos o Consello Sectorial de Inclusión Social para materias relacionadas con esta materia. Pero todas estas ferramentas, con limitada expansión, son para eidos concretos, non cumpren nin de lonxe o fin para o que no seu día se determinou o Consello Social. É preciso seguir

Señora Faraldo Calvo

Gracias, señora alcaldesa.

El concepto de participación ciudadana se encuentra directamente relacionado con la democracia participativa y otorga un valor añadido a la política, contribuyendo de esta forma al buen gobierno. Se trata de una herramienta fundamental donde integrar los distintos sectores de la sociedad —ciudadanos, organizaciones, instituciones—, y basar la legitimidad y el consenso de la población no solo en un voto emitido cada cuatro años sino también en involucrarse directamente en la toma de decisiones públicas que tienen consecuencias en sus vidas.

El órgano al que se hace referencia regula —en la moción de la concejala Susana Soneira—, regula cómo pueden participar la ciudadanía en la gestión pública y permanece olvidado el texto de ese documento que la Corporación local aprobó en junio del 2004. Cierto es que en el 2015 se aprobó el Escaño Ciudadano como herramienta para el vecindario, que en el 2017 hubo una iniciativa para abrir un proceso de reforma del Reglamento Orgánico de Participación Ciudadana, que se creó la Comisión Informativa de Participación Ciudadana e Innovación Democrática, aunque pocos frutos dio.

En el mandato anterior se creó el Consejo Municipal de Igualdad, hoy apagado, e hizo en febrero tres años el Consejo Sectorial de Inclusión Social para materias relacionadas con esta materia. Pero todas estas herramientas, con limitada expansión, son para campos concretos, no cumplen ni de lejos el fin para el cual en su día se determinó el Consejo Social. Es preciso seguir

afondando na participación cidadá como un dereito aberto a toda a veciñanza a través das diferentes asociacións, organizacións, institucións que representen os diversos sectores desta cidade.

Se o que pide esta moción é o noso compromiso nesta materia, non imos dubidar en votar a favor.

Grazas.

Presidencia

Moitas grazas.

Turno para a señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Moitas grazas, señora alcaldesa.

O meu voto será a favor porque considero fundamental a participación da sociedade en calquera consello municipal para —tal e como explica na moción a señora Soneira— promover o diálogo aberto, transparente e responsable, sobre o modelo de cidade que queremos. Lamentablemente, o único consello municipal que funcionou neste últimos tempos, a lo menos ata decembro, foi o Consello Municipal do Deporte, do que despois falaremos.

Sempre a favor dos consellos municipais que nacen e traballan coa vocación de fomentar a participación da cidadanía no proceso de toma de decisións e na construción do futuro da cidade.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

ahondando en la participación ciudadana como un derecho abierto a todo el vecindario a través de las diferentes asociaciones, organizaciones, instituciones que representen los diversos sectores de esta ciudad.

Si lo que pide esta moción es nuestro compromiso en esta materia, no vamos a dudar en votar a favor.

Gracias.

Presidencia

Muchas gracias.

Turno para la señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Mi voto será a favor porque considero fundamental la participación de la sociedad en cualquier consejo municipal para —tal y como explica en la moción la señora Soneira— promover el diálogo abierto, transparente y responsable, sobre el modelo de ciudad que queremos. Lamentablemente, el único consejo municipal que funcionó en estos últimos tiempos, al menos hasta diciembre, fue el Consejo Municipal del Deporte, del que después hablaremos.

Siempre a favor de los consejos municipales que nacen y trabajan con la vocación de fomentar la participación de la ciudadanía en el proceso de toma de decisiones y en la construcción del futuro de la ciudad.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Martínez.

Turno para o BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Grazas.

Señora Soneira, anticípolle que coincidimos co fondo do que vostede propón, pero non podemos votar a favor da moción nos termos concretos nos que está formulada, e procurarei explicalo.

En maio de 2022 o Pleno aprobou unha moción do BNG sobre fomento da participación e das políticas de transparencia, e entre outros puntos instábase o Goberno local a convocar de xeito regular os consellos locais de participación para que poidan cumprir de xeito efectivo a función participativa e consultiva que teñen asignada —estou lendo textualmente— porque efectivamente existen diversos consellos locais de participación, máis o funcionamento dalgúns destes órganos dista moito de cumprir a función para a que foron creados, ate o punto de que algúns, como o Consello Social, efectivamente nin sequera foi convocado.

Coincidimos pois na necesidade de fomentar a participación. Para conseguilo, ó noso xuízo sería necesario tamén actualizar e modernizar o Regulamento Orgánico de Participación Cidadá. Pense vostede que este Regulamento de Participación Cidadá aprobouse no seu momento sen abrir un proceso de diálogo co tecido social para recoller as súas propostas e suxestións. En definitiva, é un regulamento de participación cidadá, aínda que resulte paradoxal, elaborado sen participación cidadá. Unha demostración da súa obsolescencia é que se contempla, por

Turno para el BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Gracias.

Señora Soneira, le anticipo que coincidimos con el fondo de lo que usted propone, pero no podemos votar a favor de la moción en los términos concretos en los que está formulada, y procuraré explicarlo.

En mayo de 2022 el Pleno aprobó una moción del BNG sobre fomento de la participación y de las políticas de transparencia, y entre otros puntos se instaba al Gobierno local a convocar de manera regular los consejos locales de participación para que puedan cumplir de manera efectiva la función participativa y consultiva que tienen asignada —estoy leyendo textualmente— porque efectivamente existen diversos consejos locales de participación, pero el funcionamiento de algunos de estos órganos dista mucho de cumplir la función para la que fueron creados, hasta el punto de que algunos, como el Consejo Social, efectivamente ni siquiera fue convocado.

Coincidimos pues en la necesidad de fomentar la participación. Para conseguirlo, a nuestro juicio sería necesario también actualizar y modernizar el Reglamento Orgánico de Participación Ciudadana. Piense usted que este Reglamento de Participación Ciudadana se aprobó en su momento sin abrir un proceso de diálogo con el tejido social para recoger sus propuestas y sugerencias. En definitiva, es un reglamento de participación ciudadana, aunque resulte paradójico, elaborado sin participación ciudadana. Una demostración de su obsolescencia es que

poñer un exemplo, a presencia no Consello Social de dous representantes das dúas organizacións sindicais máis representativas. Parece claro o intento de excluír algunhas organizacións sindicais, aínda que a súa aplicación hoxe en día seguramente produciría efectos indesexados para o alcalde que promoveu este regulamento. Porque resulta que a organización sindical máis representativa na Coruña e no conxunto de Galiza é a Confederación Intersindical Galega, co cal, con este redactado habería que excluír ben a Comisións Obreiras ou ben a UXT, cousa coa cal por suposto o BNG non está de acordo.

se contempla, por poner un ejemplo, la presencia en el Consejo Social de dos representantes de las dos organizaciones sindicales más representativas. Parece claro el intento de excluir a algunas organizaciones sindicales, aunque su aplicación hoy en día seguramente produciría efectos indeseados para el alcalde que promovió este reglamento. Porque resulta que la organización sindical más representativa en A Coruña y en el conjunto de Galicia es la Confederación Intersindical Galega, con lo cual, con este redactado habría que excluir bien a Comisiones Obreras o bien la UGT, cosa con la cual por supuesto el BNG no está de acuerdo.

Mais, por que dicía que non podemos votar a favor da moción nos termos concretos nos que está formulada? Por varios motivos. Primeiro, vostede confunde o Consello Social co Consello Económico e Social. Este último tería un carácter distinto. O Consello Económico Social debe ser un marco de diálogo e de consulta permanente cos axentes sociais para, entre outras cousas, impulsar en coordinación cos restantes concellos da área metropolitana e outras institucións o deseño dunha estratexia económica e de futuro para A Coruña e a comarca. A súa creación figuraba no acordo de investidura subscrito entre o Grupo Municipal Socialista e o Grupo Municipal do BNG. En decembro de 2020 o Pleno aprobou unha moción instando á súa constitución e volveu facelo en maio de 2022, máis por desgraza non se deu ningún paso para cumprir con estes acordos.

Pero, ¿por qué decía que no podemos votar a favor de la moción en los términos concretos en los que está formulada? Por varios motivos. Primero, usted confunde el Consejo Social con el Consejo Económico y Social. Este último tendría un carácter distinto. El Consejo Económico Social debe ser un marco de diálogo y de consulta permanente con los agentes sociales para, entre otras cosas, impulsar en coordinación con los restantes ayuntamientos del área metropolitana y otras instituciones el diseño de una estrategia económica y de futuro para A Coruña y la comarca. Su creación figuraba en el acuerdo de investidura suscrito entre el Grupo Municipal Socialista y el Grupo Municipal del BNG. En diciembre de 2020 el Pleno aprobó una moción instando a su constitución y lo volvió a hacer en mayo de 2022, pero por desgracia no se dio ningún paso para cumplir con estos acuerdos.

Pero hai unha segunda razón. Na parte resolutiva vostede remite a constitución do Consello Social á vindeira lexislatura. Primeiro unha precisión: os concellos non teñen potestade lexislativa, por

Pero hay una segunda razón. En la parte resolutiva usted remite la constitución del Consejo Social a la próxima legislatura. Primero una precisión: los ayuntamientos no tienen potestad legislativa, por tanto,

tanto, nos concellos non hai lexislaturas, hai mandatos. Tamén propón que se inste os grupos cando o lóxico é que se inste ó Goberno, que é quen ten a facultade de convocar o Consello. Pero iso non é o máis relevante. O relevante é que nos parece chocante que se inste a levar, a lavar, a levar a cabo, perdón, unha actuación no vindeiro mandato ós grupos políticos que forman esta corporación municipal.

en los ayuntamientos no hay legislaturas, hay mandatos. También propone que se inste a los grupos cuando lo lógico es que se inste al Gobierno, que es quien tiene la facultad de convocar el Consejo. Pero eso no es lo más relevante. Lo relevante es que nos parece chocante que se inste a llevar, a lavar, a llevar a cabo, perdón, una actuación en el próximo mandato a los grupos políticos que forman esta corporación municipal.

Postos a instar os grupos, haberá que instar os grupos políticos que formen parte da vindeira corporación municipal e o BNG non ten entre as súas dotes a de ser adiviño, por iso nese caso o lóxico é esperar ó resultado das eleccións e a constitución da nova corporación.

Puestos a instar a los grupos, habrá que instar a los grupos políticos que formen parte de la próxima corporación municipal y el BNG no tiene entre sus dotes la de ser adivino, por eso en ese caso lo lógico es esperar al resultado de las elecciones y la constitución de la nueva corporación.

Polas razóns expresadas ímonos a abster na votación.

Por las razones expresadas nos vamos a abstener en la votación.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Jorquera.

Muchas gracias, señora Jorquera.

Turno par a Marea Atlántica. Señor Lema.

Turno para la Marea Atlántica. Señor Lema.

Señor Lema Suárez

Señor Lema Suárez

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Tamén facer memoria do, para comezar, do recentemente falecido Rafael Pillado e xa que estamos en datas precedentes do 10 de marzo, tamén, facer, relacionar o pasamento de Rafael Pillado co, co Día da Clase Obreira Galega, 10 de marzo 1962, Ferrol, Amador Niebla e o seu compañeiro Daniel Rey asasinados pola policía franquista en Ferrol.

También hacer memoria del, para comenzar, del recientemente fallecido Rafael Pillado y ya que estamos en fechas precedentes de 10 de marzo, también, hacer, relacionar el fallecimiento de Rafael Pillado con el, con el Día de la Clase Obrera Galega, 10 de marzo 1962, Ferrol, Amador Niebla y su compañero Daniel Rey asesinados por la policía franquista en Ferrol.

Ben, nós sobre esta... Tamén por certo non quero pasar sen dar os parabéns ó compañeiro Lage por contribuír á mellora da natalidade coruñesa, que xa se expuxo aquí, e pedirlle que non compense coas súas intervencións, á súa falta no anterior pleno, porque ás veces parece que vostede intenta facer algo así. Era simplemente brincadeira.

Bien, nosotros sobre esta... También por cierto no quiero pasar sin dar las felicitaciones al compañero Lage por contribuir a la mejora de la natalidad coruñesa, que ya se expuso aquí, y pedirle que no compense con sus intervenciones, su falta en el anterior pleno, porque a veces parece que usted intenta hacer algo así. Era simplemente broma.

Efectivamente, este concello conta cunha, cunha norma, cun ROP —grazas compañeiro—, cun Regulamento Orgánico de Participación Cidadá no que se contempla esta figura do Consello Social que ten unhas chatas na súa composición. Algunhas delas xa as expuxo o compañeiro Jorquera na intervención precedente, por exemplo, no que atinxe non, non tanto ó número de representantes dos sindicatos, senón ó número de representantes das forzas sindicais en relación co resto, porque quedaría dende logo a súa importancia moi diluída, non? Tamén se fala pois de cuestións que nunca chegaron a existir como un cronista da cidade.

Efectivamente, este ayuntamiento cuenta con una, con una norma, con un ROP —gracias compañero—, con un Reglamento Orgánico de Participación Ciudadana en el que se contempla esta figura del Consejo Social que tiene unos defectos en su composición. Algunas de ellas ya las expuso el compañero Jorquera en la intervención precedente, por ejemplo, en lo que atañe no, no tanto al número de representantes de los sindicatos, sino al número de representantes de las fuerzas sindicales en relación con el resto, porque quedaría desde luego su importancia muy diluida, ¿no? También se habla pues de cuestiones que nunca llegaron a existir como un cronista de la ciudad.

É polo tanto unha ferramenta que na súa composición precisa unha reformulación e tamén nas súas funcións porque as que están recoñecidas no tal Regulamento Orgánico de Participación Cidadá unicamente lle atribúe de dereito, non potestativamente, a de informar e emitir informes sobre a aprobación inicial —inicial, non as modificacións do planeamento xeral—, e tamén sobre aquelas obras de infraestrutura que teñan un importe superior ós 10 millóns de euros. Eu creo que é evidente que son funcións moi limitadas e que había que amplialas.

Es por lo tanto una herramienta que en su composición necesita una reformulación y también en sus funciones porque las que están reconocidas en tal Reglamento Orgánico de Participación Ciudadana únicamente le atribuye de derecho, no potestativamente, la de informar y emitir informes sobre la aprobación inicial —inicial, no las modificaciones del planeamiento general—, y también sobre aquellas obras de infraestructura que tengan un importe superior a los 10 millones de euros. Yo creo que es evidente que son funciones muy limitadas y que había que ampliarlas.

Neste sentido temos que comentar que a nosa compañeira Claudia Delso, nas súas atribucións durante o mandato pasado ao cargo da Concellería de

En este sentido tenemos que comentar que nuestra compañera Claudia Delso, en sus atribuciones durante el mandato pasado al cargo de la Concejalía de

Participación, propúxose modificar este Regulamento e tamén o outro regulamento, o Regulamento Orgánico Municipal, para o cal se constituíu unha Comisión Especial *ad hoc* que non chegou ós resultados queridos ou á vontade do Goberno pasado de atinxir este tipo de cambios nestes regulamentos para facelos máis funcionais, para facelos máis útiles, para darlles máis competencias porque non atopabamos, desde logo, unha actitude na composición das forzas do Pleno semellante á que este goberno atopou durante este mandato e que é un luxo que desde logo, do que eu podo dar fe que é un enorme contraste coa situación vivida no Pleno no anterior mandato, onde era imposible chegar a acordos sobre materias tan, creo, necesarias, como serían esta modificación do Regulamento Orgánico de Participación para adaptar, entre outras ferramentas, esta da que falamos hoxe que é o Consello Social da Cidade.

Participación, se propuso modificar este Reglamento y también el otro reglamento, el Reglamento Orgánico Municipal, para lo cual se constituyó una Comisión Especial ad hoc que no llegó a los resultados queridos o a la voluntad del Gobierno pasado de alcanzar este tipo de cambios en estos reglamentos para hacerlos más funcionales, para hacerlos más útiles, para darles más competencias porque no encontrábamos, desde luego, una actitud en la composición de las fuerzas del Pleno semejante a la que este gobierno encontró durante este mandato y que es un lujo que desde luego, del que yo puedo dar fe que es un enorme contraste con la situación vivida en el Pleno en el anterior mandato, donde era imposible llegar a acuerdos sobre materias tan, creo, necesarias, como serían esta modificación del Reglamento Orgánico de Participación para adaptar, entre otras herramientas, esta de la que hablamos hoy que es el Consejo Social de la Ciudad.

Aínda así, do que era unicamente iniciativa e potestade, perdón, competencia do Goberno, incluíronse, leváronse adiante outras ferramentas de participación —xa se citou algunha delas, Consello de Inclusión, Consello de Igualdade, Consello Local de Saúde— que creo que poñen de manifesto a vontade daquel Goberno de Xulio Ferreiro de ampliar as canles de participación e de cogoberno nesta cidade.

Aun así, de lo que era únicamente iniciativa y potestad, perdón, competencia del Gobierno, se incluyeron, se llevaron adelante otras herramientas de participación —ya se citó alguna de ellas, Consejo de Inclusión, Consejo de Igualdad, Consejo Local de Salud— que creo que ponen de manifiesto la voluntad de aquel Gobierno de Xulio Ferreiro de ampliar los canales de participación y de cogobierno en esta ciudad.

Por razóns moi semellantes ás tamén expostas polo compañeiro do BNG, nós non podemos apoiar esta moción porque as mocións por definición comprometen e obrigan ós que estamos aquí sentados, non ós que veñan dentro de tres ou catro meses, ós que lle desexo moita sorte e que teñan tamén presente tal vez esta liña de traballo, pero nós votamos por

Por razones muy semejantes a las también expuestas por el compañero del BNG, nosotros no podemos apoyar esta moción porque las mociones por definición comprometen y obligan a los que estamos aquí sentados, no a los que vengan dentro de tres o cuatro meses, a los que le deseo mucha suerte y que tengan también presente tal vez esta línea de trabajo, pero

definición aquilo que nos compromete a nós, non ós que comprometa, o que comprometa e obrigue ós que veñen máis adiante. Creo que é unha cuestión mais, eu creo que de tempo, de que digamos de, de tempo verbal que de fondo do asunto.

O fondo do asunto parécenos ben. Hai, insisto, algunhas modificacións que habería que facer á actual composición do Consello, pero nós votamos sobre aquelas cuestións nas que nós podemos decidir no presente e non sobre aquelas sobre as que se pode decidir o futuro.

Nada máis e grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Lema.

Turno para o Partido Popular, señor Rodríguez.

Señor Rodríguez Martínez

Ben. Bo día a todos e a todas.

Nós imos a apoiar esta moción, non obstante, si que debo confesar que houbo varias cuestións que nos fixeron dubidar sobre este apoio.

A primeira é esa novidosa iniciativa de pedir o compromiso ós grupos que integren a futura corporación, máis aínda pola fe que demostra a señora Soneira na disciplina deses grupos municipais, sendo ela a día de hoxe unha concelleira non adscrita precisamente porque non quixo incorporarse ao Grupo que integra a lista na que ela foi elixida, pero bueno, teño que recoñecerlle que superada esta sorpresa inicial, pois a verdade é que ten todo, todo o sentido, incluso ata me parece brillante, porque se algo a estas

nosotros votamos por definición aquello que nos compromete a nosotros, no a los que comprometa, lo que comprometa y obligue a los que vienen más adelante. Creo que ha sido una cuestión más, yo creo que de tiempo, de que digamos de, de tiempo verbal que de fondo del asunto.

El fondo del asunto nos parece bien. Hay, insisto, algunas modificaciones que habría que hacer a la actual composición del Consejo, pero nosotros votamos sobre aquellas cuestiones en las que nosotros podemos decidir en el presente y no sobre aquellas sobre las que se puede decidir el futuro.

Nada más y gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Lema.

Turno para el Partido Popular, señor Rodríguez.

Señor Rodríguez Martínez

Bien. Buenos días a todos y a todas.

Nosotros vamos a apoyar esta moción, no obstante, sí que debo confesar que hubo varias cuestiones que nos hicieron dudar sobre este apoyo.

La primera es esa novedosa iniciativa de pedir el compromiso a los grupos que integren la futura corporación, más aún por la fe que demuestra la señora Soneira en la disciplina de esos grupos municipales, siendo ella a día de hoy una concejala no adscrita precisamente porque no quiso incorporarse al Grupo que integra la lista en la que ella fue elegida, pero bueno, tengo que reconocerle que superada esta sorpresa inicial, pues la verdad es que tiene todo, todo el sentido, incluso hasta me parece

alturas do mandato temos todos claro é que ó actual goberno mellor non pedirlle nada e polo tanto, como teñen sido numerosas as iniciativas no que este goberno roto, dividido e débil, ten levantado a man para votar a favor das mesmas e non ten cumprido nin a primeira —a veces incluso ten votado a favor de cumprir acordos plenarios aos que xa había votado a favor—, e polo tanto pois bueno, pois nunca saberemos si levantaban a man a sabendas de que non ían executar eses acordos ou se ese incumprimento, masivo, sobreviña como consecuencia da súa manifesta e xeralizada incompetencia, e a verdade é que, ó menos a estas alturas, este concelleiro prefire terminar o mandato coa dúbida.

brillante, porque si algo a estas alturas del mandato tenemos todos claro es que al actual gobierno mejor no pedirle nada y por lo tanto, como han sido numerosas las iniciativas en las que este gobierno roto, dividido y débil, ha levantado la mano para votar a favor de las mismas y no ha cumplido ni la primera —a veces incluso ha votado a favor de cumplir acuerdos plenarios a los que ya había votado a favor—, y por lo tanto pues bueno, pues nunca sabremos si levantaban la mano a sabiendas de que no iban a ejecutar esos acuerdos o si ese incumplimiento, masivo, sobrevenía a consecuencia de su manifiesta y generalizada incompetencia, y la verdad es que, al menos a estas alturas, este concejal prefiere terminar el mandato con la duda.

A outra opción tamén, é que, ó igual que moitos coruñeses, a vostedes xa lles empeza a dar pavor a posibilidade dun futuro tripartito e xa teña preferido curarse en saúde e pedir agora o compromiso coa súa iniciativa porque sabe que no único, no único —si teñen oportunidade— no que estarán de acordo dentro de 88 días, será en que non goberne o partido que vai gañar as eleccións.

La otra opción también, es que, al igual que muchos coruñeses, a ustedes ya les empieza a dar pavor la posibilidad de un futuro tripartito y ya haya preferido curarse en salud y pedir ahora el compromiso con su iniciativa porque sabe que en lo único, en lo único —si tienen oportunidad— en lo que estarán de acuerdo dentro de 88 días, será en que no gobierne el partido que va a ganar las elecciones.

Dicía hai uns minutos o señor Martínez que isto non é o PP ou o caos. Pero se o acaban de demostrar na anterior votación. É que se non é polo PP non sae adiante o estudo de detalle para a Cidade das TIC. Primeiro foi a intermodal, logo foi o CHUAC, agora a Cidade das TIC. É que bueno, imos acabar o mandato engrosando o noso, a nosa lista de méritos. Entón pois claro, que é o que quere que pense a cidadanía? En calquera caso, insisto, é pedirlle, é un acerto pedirlle compromiso á Corporación futura e non ó Goberno presente.

Decía hace unos minutos el señor Martínez que esto no es el PP o el caos. Pero si lo acaban de demostrar en la anterior votación. Es que si no es por el PP no sale adelante el estudio de detalle para la Ciudad de las TIC. Primero fue la intermodal, luego fue el CHUAC, ahora la Ciudad de las TIC. Es que bueno, vamos a acabar el mandato engrosando nuestro, nuestra lista de méritos. Entonces pues claro, ¿qué es lo que quiere que piense la ciudadanía? En cualquier caso, insisto, es pedirle, es un acierto pedirle compromiso a la Corporación futura y no al Gobierno presente.

Tamén nos fixo dubidar, bueno, pois que na súa proposta evidentemente nós pensamos que o modelo de participación que representa o Consello Social está xa superado tanto no fondo como na forma. Nós avogamos por unha nova gobernanza, por un, unha sorte de goberno compartido que innove a relación do Concello coa cidadanía e forneza o compromiso de todos en facer cidade, abordando en colaboración os grandes temas e desafíos, convertendo as políticas municipais en verdadeiras políticas de cidade, asumindo o Concello ese papel garante do bo funcionamento da acción conxunta entre axentes públicos, privados e sociais.

También nos hizo dudar, bueno, pues que en su propuesta evidentemente nosotros pensamos que el modelo de participación que representa el Consejo Social está ya superado tanto en el fondo como en la forma. Nosotros abogamos por una nueva gobernanza, por un, una suerte de gobierno compartido que innove la relación del Ayuntamiento con la ciudadanía y proporcione el compromiso de todos en hacer ciudad, abordando en colaboración los grandes temas y desafíos, convirtiendo las políticas municipales en verdaderas políticas de ciudad, asumiendo el Ayuntamiento ese papel garantizador del buen funcionamiento de la acción conjunta entre agentes públicos, privados y sociales.

En definitiva, nós máis que nun Consello Social cremos nun acordo social a través do cal promover espazos de concertación coas entidades sociais e os principais actores da cidadanía para desenvolver políticas sociais en colaboración e por iso entendemos imprescindible abordar a reforma do *Regulamento de Participación,* que responde a unha concepción dunha participación meramente consultiva e non executiva, algo que vostede mesma tamén desliza ó final da súa moción cando apunta á posibilidade de aprobar outro reglamento actualizado que se considere máis aprobado.

En definitiva, nosotros más que en un Consejo Social creemos en un acuerdo social a través del cual promover espacios de concertación con las entidades sociales y los principales actores de la ciudadanía para desarrollar políticas sociales en colaboración y por eso entendemos imprescindible abordar la reforma del Reglamento de Participación, que responde a una concepción de una participación meramente consultiva y no ejecutiva, algo que usted misma también desliza al final de su moción cuando apunta a la posibilidad de aprobar otro reglamento actualizado que se considere más aprobado.

Como queira que sexa, para este grupo o uno —impulsar o consenso social—, require do outro —abordar previamente a reforma do Reglamento e do propio Consello—, polo que, valorando positivamente a súa iniciativa, aínda que efectivamente a nós tamén nos chama a atención algún tempo verbal, como apuntaba o señor Lema, imos votar a favor.

Comoquiera que sea, para este grupo lo uno —impulsar el consenso social—, requiere de lo otro —abordar previamente la reforma del Reglamento y del propio Consejo—, por lo que, valorando positivamente su iniciativa, aunque efectivamente a nosotros también nos llama la atención algún tiempo verbal, como apuntaba el señor Lema, vamos a votar a favor.

Presidencia

Moitas grazas, señor Rodríguez. Grazas ó Partido Popular.

Pecha este debate a señora Neira polo Goberno municipal.

Señora Neira Fernández

Grazas, señora alcaldesa.

Ben, antes de nada e xa feitas as precisións de carácter técnico por parte do señor Jorquera, manifestar o noso apoio á súa moción, con independencia de que a min tampouco me queda moi claro se se refire ao Consello, ao COSOC, ou ao Consello Económico e Social. Pero vou empezar a miña intervención tomando as palabras do señor Rodríguez e ese abrazar recente á participación cidadá, non?

Está ben, 88 días faltan para as eleccións. Eu entendo que os minutos que cada un teñamos estamos xa, loxicamente, no momento no que estamos e hai que dicir moitas cuestións. Pero se nos poñemos a falar en serio do que é a participación cidadá seguramente teriamos que sentarnos, teriamos que ver cales son os nosos respectivos modelos, quen ten que formar parte deses consellos, tanto dun como doutro, e a partir de aí dicir exactamente que é o que queremos e que é o que pretendemos.

Dicía o señor Lema, o pouco que eu puiden escoitarlle, porque é certo que se lle escoita fatal desde aquí, e falaba dese Regulamento de Participación Cidadá do ano 2004, que loxicamente señor Jorquera responde a unha época totalmente diferente. Case 20 anos despois, seguramente 20 anos despois poucas cousas duran, e as que duran

Presidencia

Muchas gracias, señor Rodríguez. Gracias al Partido Popular.

Cierra este debate la señora Neira por el Gobierno municipal.

Señora Neira Fernández

Gracias, señora alcaldesa.

Bueno, antes de nada y ya hechas las precisiones de carácter técnico por parte del señor Jorquera, manifestar nuestro apoyo a su moción, con independencia de que a mí tampoco me queda muy claro si se refiere al Consello, al COSOC, o al Consello Económico y Social. Pero voy a empezar mi intervención tomando las palabras del señor Rodríguez y ese abrazar reciente a la participación ciudadana, ¿no?

Está bien, 88 días faltan para las elecciones. Yo entiendo que los minutos que cada uno tengamos estamos ya, lógicamente, en el momento en el que estamos y hay que decir muchas cuestiones. Pero si nos ponemos a hablar en serio de lo que es la participación ciudadana seguramente tendríamos que sentarnos, tendríamos que ver cuáles son nuestros respectivos modelos, quién tiene que formar parte de esos consellos, tanto de uno como de otro, y a partir de ahí decir exactamente qué es lo que queremos y qué es lo que pretendemos.

Decía el señor Lema, lo poco que yo pude escucharle, porque es cierto que se le escucha fatal desde, desde aquí, y hablaba de ese Reglamento de Participación Ciudadana del año 2004, que lógicamente señor Jorquera responde a una época totalmente diferente. Casi 20 años después, seguramente 20 años después pocas cosas duran, y las que duran

seguramente deberían durar menos. Pero, pero evidentemente que hai que afrontar esa modificación do Regulamento. E vostede dicía que non contaran co apoio neste caso do Partido Socialista para a aprobación dese Regulamento, pero sen contar que esa proposta que vostedes presentaron era unha proposta que estaba copiada literalmente de Barcelona. Con todas as diferenzas que mantén a cidade da Coruña coa cidade de Barcelona. Por tanto, eu creo que xa, contando todas as cuestións hai, hai que dicilo todo.

seguramente deberían haber durado menos. Pero, pero evidentemente que hay que afrontar esa modificación del Reglamento. Y usted decía que no habían contado con el apoyo en este caso del Partido Socialista para la aprobación de ese Reglamento, pero sin contar que esa propuesta que ustedes presentaron era una propuesta que estaba copiada literalmente de Barcelona. Con todas las diferencias que mantiene la ciudad de A Coruña con la ciudad de Barcelona. Por lo tanto, yo creo que ya, contando todas las cuestiones hay, hay que decirlo todo.

Mire, yo le puedo decir muchas cosas, pero le voy a decir lo que ustedes nos dijeron a nosotros: es que los del PP sois unos alarmistas. Pues mire, esto que yo le estoy diciendo que ustedes nos dijeron a nosotros, vayan a decírselo ustedes a la propietaria del bar Gabana, en Cuatro Caminos, que fue atracada esta semana con un cuchillo; a la señora que en Cuatro Caminos la semana pasada le robaron el bolso; o a las tiendas de la calle Marchesi, que algunas fueron robadas pues cuatro veces. Díganselo ustedes, también, a Pablo Balseiro, que fue a llevar a su hijo a la Torre a actividades y en pleno día pues le robaron el coche con todos los instrumentos; díganselo ustedes, también al grupo Alma Libre, a Miguel Ángel Gómez, que mientras estaba en Vioño con su coche aparcado también le robaron todos los instrumentos musicales; díganselo ustedes a los de la Marina, ayer hubo otro robo en La Mansión, en quince días dos robos en La Mansión. El otro día salía también que en la Marina era el lugar de La Coruña donde más habían aumentado los hurtos y los robos.

Ás dezasete horas e trinta e oito minutos sae do Salón de Sesións o señor Martínez Durán.

Esta realidade da que eu lles estou falando, esta realidade da que eu lles estou falando é desde o luns, desde este luns. Hoxe volveron roubar tamén nun bar de Lonzas.

Esta é a realidade na que vivimos que vostedes negan. Vostedes cren que cun chío ou cunha mensaxe por redes isto arranxa. Nós pedimos e mandamos un escrito o subdelegado porque hai un problema de Policía Local e de Policía Nacional nesta cidade.

Voulles contar unha cousa, o luns de entroido, mentres vostedes celebrábano tan ben como vimos, nesta cidade faltaban 100 policías, 50 que estaban en Ceuta e 50 que estaban a embarcar na Coruña no avión para irse a Ceuta para que volvesen os que estaban alí, 100 policías nacionais o día luns de entroido. Disto fun eu testemuña presencial dos feitos, non mo contou ninguén, e falei con eles. E esta cidade está insegura, e non hai patrullas de Policía Nacional. E vostedes non están a reclamar, que é o seu deber e a súa obriga como alcaldes, como alcaldesa, de liderar a cidade e esixir que se cumpra e que se cubran as prazas de policía nacional, igual que a Policía Local.

Temos menos ratio de policía local do que marcan as normativas. Temos un problema de policías locais. Non hai policías locais na rúa. Estes días si, puxeron vostedes un pouco a pasear a policías locais, andan pola rúa para que a xente se tranquilizase. E a xente tranquilízase cando ve policía local, iso é unha realidade. Por iso nós pedimos

A las diecisiete horas y treinta y ocho minutos sale del Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.

Esta realidad de la que yo les estoy hablando, esta realidad de la que yo les estoy hablando es desde el lunes, desde este lunes. Hoy volvieron a robar también en un bar de Lonzas.

Esta es la realidad en la que vivimos que ustedes niegan. Ustedes se creen que con un tuit o con un mensaje por redes esto se arregla. Nosotros hemos pedido y mandado un escrito al subdelegado porque hay un problema de Policía Local y de Policía Nacional en esta ciudad.

Les voy a contar una cosa, el lunes de carnaval, mientras ustedes lo celebraban tan bien como hemos visto, en esta ciudad faltaban 100 policías, 50 que estaban en Ceuta y 50 que estaban embarcando en Coruña en el avión para irse a Ceuta para que volvieran los que estaban allí, 100 policías nacionales el día lunes de carnaval. De esto fui yo testigo presencial de los hechos, no me lo ha contado nadie, y he hablado con ellos. Y esta ciudad está insegura, y no hay patrullas de Policía Nacional. Y ustedes no están reclamando, que es su deber y su obligación como alcaldes, como alcaldesa, de liderar la ciudad y exigir que se cumpla y que se cubran las plazas de policía nacional, igual que la Policía Local.

Tenemos menos ratio de policía local de lo que marcan las normativas. Tenemos un problema de policías locales. No hay policías locales en la calle. Estos días sí, pusieron ustedes un poco a pasear a policías locales, andan por la calle para que la gente se tranquilizara. Y la gente se tranquiliza cuando ve policía local, eso es una realidad. Por eso nosotros pedimos

que se implante xa dunha vez a policía de barrio, algo que levamos esixindo e que pedimos nesta moción. Pedimos dunha vez que se cubran as prazas de policías locais. Pedimos dunha vez que se cubran as prazas de policías nacionais. Pedimos dunha vez que se convoque a Xunta de Seguridade Local e que se traballe conxuntamente, porque esta cidade ten un problema **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *e isto non é alarmismo, isto é a realidade. E xa lle digo, se queren falar de alarmismo vaian hoxe mesmo a todos estes sitios que nesta semana sufriron estes delitos e díganllo vostedes, que o que alarma é o Partido Popular.*

Ás dezasete horas e corenta e dous minutos entra no Salón de Sesións o señor Varela Vázquez.

Por iso presentamos esta moción. Alegrámonos de que o Bloque fixese un sumado e achegas que son moi frutíferas, alegrámonos tamén que o Bloque se una tamén e que sexa consciente deste problema que hai de inseguridade nesta cidade. E traballemos xuntos, traballemos xuntos para deixar de ser líderes no que non debemos de selo e para volver ser líderes no que temos que selo, que é unha cidade segura e unha cidade tranquila. Iso é o que queren e nos piden os cidadáns. Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Lorenzo.

Turno para a señora Soneira.

Señora Soneira Lema

Muchas gracias, señora alcaldesa.

que se implante ya de una vez la policía de barrio, algo que llevamos exigiendo y que pedimos en esta moción. Pedimos de una vez que se cubran las plazas de policías locales. Pedimos de una vez que se cubran las plazas de policías nacionales. Pedimos de una vez que se convoque la Junta de Seguridad Local y que se trabaje conjuntamente, porque esta ciudad tiene un problema ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** y esto no es alarmismo, esto es la realidad. Y ya le digo, si quieren hablar de alarmismo vayan hoy mismo a todos estos sitios que en esta semana sufrieron estos delitos y díganselo ustedes, que el que alarma es el Partido Popular.

A las diecisiete horas y cuarenta y dos minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Varela Vázquez.

Por eso presentamos esta moción. Nos alegramos de que el Bloque haya hecho un sumado y aportaciones que son muy fructíferas, nos alegramos también que el Bloque se una también y que sea consciente de este problema que hay de inseguridad en esta ciudad. Y trabajemos juntos, trabajemos juntos para dejar de ser líderes en lo que no debemos de serlo y para volver a ser líderes en lo que tenemos que serlo, que es una ciudad segura y una ciudad tranquila. Eso es lo que quieren y nos piden los ciudadanos. Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Lorenzo.

Turno para la señora Soneira.

Señora Soneira Lema

Muchas gracias, señora alcaldesa.

A Coruña, a pesar dos últimos acontecementos que produciron nos veciños e veciñas unha sensación de perigosidade, non podemos dicir que sexa unha cidade insegura, para nada insegura a cidade da Coruña, afortunadamente. Estamos falando dunha cidade grande, de aproximadamente 245.000 habitantes e, evidentemente, algún caso de inseguridade se dá, evidentemente. Os datos do Ministerio de Interior indican que esta cidade segue baixo a media nacional en asaltos, roubos e atracos. Fontes da Policía Local sinalan que atendendo ás cifras vivimos nunha cidade tranquila, cun repunte de conflitividade despois do COVID, algo, por outra parte, normal, tendo en conta o número de habitantes. É certo que cando se produce un suceso infrecuente como o acontecido na Praza de San Pablo ou os que acaba de sinalar o señor Lorenzo, a cidadanía pode percibir medo e isto produce unha sensación de inseguridade que non se corresponde coa realidade.

A Coruña, a pesar de los últimos acontecimientos que produjeron en los vecinos y vecinas una sensación de peligrosidad, no podemos decir que sea una ciudad insegura, para nada insegura la ciudad de A Coruña, afortunadamente. Estamos hablando de una ciudad grande, de aproximadamente 245.000 habitantes y, evidentemente, algún caso de inseguridad se da, evidentemente. Los datos del Ministerio de Interior indican que esta ciudad sigue bajo la media nacional en asaltos, robos y atracos. Fuentes de la Policía Local señalan que atendiendo a las cifras vivimos en una ciudad tranquila, con un repunte de conflictividad después del COVID, algo, por otra parte, normal, teniendo en cuenta el número de habitantes. Es cierto que cuando se produce un suceso infrecuente como lo sucedido en la Plaza de San Pablo o los que acaba de señalar el señor Lorenzo, la ciudadanía puede percibir miedo y esto produce una sensación de inseguridad que no se corresponde con la realidad.

A seguridade cidadá é unha necesidade básica para a convivencia dun pobo. Polo tanto, aínda que como é o caso, esta cidade sexa segura, hai que estar sempre mellorando neste sentido para reducir ao máximo posible o número de delitos. O meu voto, así, a pesar de que penso que a cidade da Coruña é unha cidade segura, como esta moción trata de mellorar a seguridade, vou votar favorablemente, coa emenda do BNG. Pero quero facer unha pequena precisión á emenda do BNG, porque parece, non?, parece que é como se... non entendo moi ben, perdóenme porque eu non... levo de concelleira pouco tempo pero non entendo moi ben porque di... bueno, cambia, presenta unha emenda polo Grupo Municipal Popular, vale?, e di: uno, instar o goberno municipal, en colaboración coas restantes

La seguridad ciudadana es una necesidad básica para la convivencia de un pueblo. Por lo tanto, aunque como es el caso, esta ciudad sea segura, hay que estar siempre mejorando en este sentido para reducir lo máximo posible el número de delitos. Mi voto, así, a pesar de que pienso que la ciudad de A Coruña es una ciudad segura, como esta moción trata de mejorar la seguridad, voy a votar favorablemente, con la enmienda del BNG. Pero quiero hacer una pequeña precisión a la enmienda del BNG, porque parece, ¿no?, parece que es como si... no entiendo muy bien, perdónenme porque yo no... llevo de concejala poco tiempo pero no entiendo muy bien porque dice… bueno, cambia, presenta una enmienda por el Grupo Municipal Popular, ¿vale?, y dice: uno, instar al gobierno municipal, en colaboración con las restantes

administracións a impulsar un plan que aborde as causas do incremento da inseguridade cidadá en todas as súas dimensións. En particular, o devandito plan contemplará medidas de reforzo da loita contra as situacións de pobreza e exclusión social ante o preocupante incremento das desigualdades. En particular, reforzaranse os servizos sociais e a presencia de educadores e educadoras sociais na rúa, medidas de reforzo das políticas de prevención da drogadicción e de rehabilitación nas persoas toxicómanas ante a preocupante repunte do consumo de drogas e, en particular, do consumo de heroína, e medidas de reforma das políticas de rexeneración daqueles barrios en proceso de degradación e que conteñen bolsas de marxinalidade e exclusión.

administraciones a impulsar un plan que aborde las causas del incremento de la inseguridad ciudadana en todas sus dimensiones. En particular, dicho plan contemplará medidas de refuerzo de la lucha contra las situaciones de pobreza y exclusión social ante el preocupante incremento de las desigualdades. En particular, se reforzarán los servicios sociales y la presencia de educadores y educadoras sociales en la calle, medidas de refuerzo de las políticas de prevención de la drogadicción y de rehabilitación en las personas toxicómanas ante el preocupante repunte del consumo de drogas y, en particular, del consumo de heroína, y medidas de reforma de las políticas de regeneración de aquellos barrios en proceso de degradación y que contienen bolsas de marginalidad y exclusión.

Estou totalmente de acordo con esta emenda. O que pasa é que me parece percibir —ao mellor eu non a entendo ben— paréceme percibir que o problema de inseguridade vén derivada deste grupo de persoas. Simplemente era para que quede claro que eu creo que a inseguridade non ten nada que ver nin con xenofobia nin con persoas en vulnerabilidade, etc. Aínda así vou a votar a favor da moción do PP coa emenda do Bloque.

Estoy totalmente de acuerdo con esta enmienda. Lo que pasa es que me parece percibir —a lo mejor yo no la entiendo bien— me parece percibir que el problema de inseguridad viene derivado de este grupo de personas. Simplemente era para que quede claro que yo creo que la inseguridad no tiene nada que ver ni con xenofobia ni con personas en vulnerabilidad, etc. Aun así voy a votar a favor de la moción del PP con la enmienda del Bloque.

Presidencia

Presidencia

Señora Soneria **(risas)**... É que, non pode... Bueno, dá igual, xa logo na votación xa lle explicarán os concelleiros do BNG o da emenda, pero bueno, pois vote todo.

*Señora Soneria **(risas)**... Es que, no puede... Bueno, da igual, ya después en la votación ya le explicarán los concejales del BNG lo de la enmienda, pero bueno, pues vote todo.*

Señora Faraldo.

Señora Faraldo.

Señora Faraldo Calvo

Señora Faraldo Calvo

(Risas)

(Risas)

Señora Soneira Lema

Eu agradecería que me explicasen porque, hombre! Que se rían todos, ao mellor eu estou un pouco...

Señora Faraldo Calvo

Non, non. Eu me estou rindo de encontrarme de fronte a alguén ríndose, de verdade que para nada da intervención, eh?, pido desculpas, ademais, se se interpreta así.

Empezamos, grazas, señora alcaldesa.

Nos debuxa esta moción a bandeira que vai ondear no balcón do PP coruñés durante os próximos meses: debuxar unha cidade insegura onde precisamos un exército de policías para salvarnos a todos doutro exército de delincuentes. Non pretendo, nin moito menos, frivolizar con este tema, pero tampouco imos entrar ao xogo do PP utilizando alarma social e o medo cun certo oportunismo político. Claro que cos datos na man é indiscutible a rebaixa das plantillas nas forzas de seguridade da cidade, cuestión que haberá que plantexar e darlle resposta sen necesidade para iso de botar gasolina a un fogo continuamente e ademais sentándose a ver como se acenden as chamas, pero o mesmo dato, ademais, que esgrime o PP na súa moción, amosa que a cidade non é o Bronx que ás veces parecen debuxar. Fraco favor lle fai vostede á Policía Nacional, señor Lorenzo, co dato que acaba de aportar. Cos carnavais nas rúas e as rúas da cidade cheas de persoas celebrando e con menos efectivos do habitual polas razóns expostas, a cidade celebrou o seu entroido e a súa semana coa normalidade e a alegría propia destas festas. Ningún incidente que se poida salientar. Sería

Señora Soneira Lema

Yo agradecería que me explicaran porque, ¡hombre! Que se rían todos, a lo mejor yo estoy un poco...

Señora Faraldo Calvo

No, no. Yo me estoy riendo de encontrarme de frente a alguien riéndose, de verdad que para nada de la intervención, ¿eh?, pido disculpas, además, si se interpreta así.

Empezamos, gracias, señora alcaldesa.

Nos dibuja esta moción la bandera que va a ondear en el balcón del PP coruñés durante los próximos meses: dibujar una ciudad insegura donde necesitamos un ejército de policías para salvarnos a todos de otro ejército de delincuentes. No pretendo, ni mucho menos, frivolizar con este tema, pero tampoco vamos a entrar al juego del PP utilizando alarma social y el miedo con un cierto oportunismo político. Claro que con los datos en la mano es indiscutible la rebaja de las plantillas en las fuerzas de seguridad de la ciudad, cuestión que habrá que plantear y darle respuesta sin necesidad para ello de echar gasolina a un fuego continuamente y además sentándose a ver cómo se encienden las llamas, pero el mismo dato, además, que esgrime el PP en su moción, muestra que la ciudad no es el Bronx que a veces parecen dibujar. Flaco favor le hace usted a la Policía Nacional, señor Lorenzo, con el dato que acaba de aportar. Con los carnavales en las calles y las calles de la ciudad llenas de personas celebrando y con menos efectivos de lo habitual por las razones expuestas, la ciudad celebró su carnaval y su semana con la normalidad y la alegría propia de estas fiestas. Ningún incidente que se pueda destacar. Sería llamativo

chamativo pensar que sen 100 policías, pois en fin. Non sei que trataba de aportar con ese dato, pero parece que non fai o efecto que desexaba.

Os casos concretos en canto á delincuencia teñen que ser afrontados con respostas específicas que lle dean unha solución inmediata, non cabe dúbida, pero tamén con prudencia e responsabilidade. É preciso ter a mirada máis longa, plantexando ademais das medidas preventivas e sancionadoras, medidas que analicen e valoren as causas e factores que xeran os ambientes delituosos a fin de corrixilos. Nunca fala o PP cando esgrime este tema, das posibles causas nin pon o acento en sinalar os efectos provocados, por exemplo, polas desigualdades sociais, nin propostas para tratar de erradicar os problemas delituosos desde unha perspectiva de inserción e programas educativos, para poder acometer con maior eficiencia medidas máis alá das meramente coercitivas, coactivas e punitivas. E, neste sentido, entendemos que a moción se inclúe e se acepta —como parece ser— a emenda do BNG podemos apoiala e, por tanto, apoiarémola. Grazas.

Presidencia

Grazas, señora Faraldo.

Turno da señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Grazas, señora alcaldesa.

Non se trata de alarmismo, pero os datos están aí, expostos nesta moción, e día tras día hai algún ou varios incidentes con respecto á inseguridade na cidade. Hoxe mesmo lemos na prensa varios casos de roubos. A maior inseguridade

pensar que sin 100 policías, pues en fin. No sé qué trataba de aportar con ese dato, pero parece que no hace el efecto que deseaba.

Los casos concretos en cuanto a la delincuencia tienen que ser afrontados con respuestas específicas que le den una solución inmediata, no cabe duda, pero también con prudencia y responsabilidad. Es preciso tener la mirada más larga, planteando además de las medidas preventivas y sancionadoras, medidas que analicen y valoren las causas y factores que generan los ambientes delictivos a fin de corregirlos. Nunca habla el PP cuando esgrime este tema, de las posibles causas ni pone el acento en señalar los efectos provocados, por ejemplo, por las desigualdades sociales, ni propuestas para tratar de erradicar los problemas delictivos desde una perspectiva de inserción y programas educativos, para poder acometer con mayor eficiencia medidas más allá de las meramente coercitivas, coactivas y punitivas. Y, en este sentido, entendemos que la moción si incluye y se acepta —como parece ser— la enmienda del BNG podemos apoyarla y, por tanto, la apoyaremos. Gracias.

Presidencia

Gracias, señora Faraldo.

Turno de la señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Gracias, señora alcaldesa.

No se trata de alarmismo, pero los datos están ahí, expuestos en esta moción, y día tras día hay alguno o varios incidentes con respecto a la inseguridad en la ciudad. Hoy mismo leemos en la prensa varios casos de robos. La mayor

na Coruña non é só unha percepción senón un feito confirmado polos datos oficiais do Ministerio do Interior, que din que os delitos aumentaron na nosa cidade nos últimos cinco anos un 40,66 % convertendo A Coruña na cidade galega máis insegura e nunha das cidades máis inseguras de España en número de delitos per cápita. Son datos. E tamén este tema é recorrente nos plenos en todo este mandato e a punto de rematalo seguimos igual, pedindo o mesmo. Por este motivo, evidentemente, o meu voto é a favor.

inseguridad en A Coruña no es solo una percepción sino un hecho confirmado por los datos oficiales del Ministerio del Interior, que dicen que los delitos aumentaron en nuestra ciudad en los últimos cinco años un 40,66 % convirtiendo A Coruña en la ciudad gallega más insegura y en una de las ciudades más inseguras de España en número de delitos per cápita. Son datos. Y también este tema es recurrente en los plenos en todo este mandato y a punto de finalizarlo seguimos igual, pidiendo lo mismo. Por este motivo, evidentemente, mi voto es a favor.

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Turno do BNG, señor Jorquera.

Presidencia

Muchas gracias, señora Martínez.

Turno del BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

O BNG non está de acordo con axitar a bandeira da inseguridade para intentar sacar rédito electoral, pero como mencionamos o pasado domingo nun debate radiofónico sobre esta cuestión na que estabamos convidados os voceiros dos grupos municipais, aínda que vostede, señor Lorenzo, preferiu non asistir e declinar a representación do Grupo Popular no señor Roberto Rodríguez. Recentemente o presidente de Chile, Gabriel Boric, afirmaba nunha entrevista que a seguridade é unha cuestión que ten que ser importante para á esquerda.

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora alcaldesa.

El BNG no está de acuerdo con agitar la bandera de la inseguridad para intentar sacar rédito electoral, pero como mencionamos el pasado domingo en un debate radiofónico sobre esta cuestión en la que estábamos invitados los portavoces de los grupos municipales, aunque usted, señor Lorenzo, prefirió no asistir y declinar la representación del Grupo Popular en el señor Roberto Rodríguez. Recientemente el presidente de Chile, Gabriel Boric, afirmaba en una entrevista que la seguridad es una cuestión que tiene que ser importante para a la izquierda.

Ás dezasete horas e cincuenta e un minutos entra no Salón de Sesións o señor Martínez Durán e sae a señora Faraldo Calvo.

A las diecisiete horas y cincuenta y un minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Martínez Durán y sale la señora Faraldo Calvo.

Dicía textualmente: *para lograr unha*

Decía textualmente: para lograr una

reactivación económica que sexa sostible a seguridade das familias e as persoas é unha prioridade que non podemos deixar de lado. Seguridade económica, seguridade cidadá e seguridade social.

reactivación económica que sea sostenible la seguridad de las familias y las personas es una prioridad que no podemos dejar de lado. Seguridad económica, seguridad ciudadana y seguridad social.

E efectivamente é así. A seguridade é unha condición necesaria para poder desfrutar doutros dereitos, pero a inseguridade ten moitas caras; sente insegura unha persoa que non ten traballo ou ten unhas condicións salariais e laborais tan precarias que non lle permiten subsistir cun mínimo de dignidade; sente inseguro un autónomo que non dá pagado as súas facturas, afogado pola escalada dos prezos; sente insegura unha familia que non pode afrontar a suba da súa hipoteca e pode perder a súa vivenda; por suposto, tamén sente insegura unha persoa que percibe como unha ameaza real que a asalten pola rúa ou que vive porta con porta cun narcopiso.

Y efectivamente es así. La seguridad es una condición necesaria para poder disfrutar de otros derechos, pero la inseguridad tiene muchas caras; se siente insegura una persona que no tiene trabajo o tiene unas condiciones salariales y laborales tan precarias que no le permiten subsistir con un mínimo de dignidad; se siente inseguro un autónomo que no da pagado sus facturas, ahogado por la escalada de los precios; se siente insegura una familia que no puede afrontar la subida de su hipoteca y puede perder su vivienda; por supuesto, también se siente insegura una persona que percibe como una amenaza real que la asalten por la calle o que vive puerta con puerta con un narcopiso.

Cremos que non é bo crear un clima de alarma e, moito menos, repudiamos que haxa quen pretende estigmatizar a determinados colectivos. A Coruña é unha cidade inclusiva, integradora e estes son valores que hai que preservar. Mais aínda que A Coruña segue sendo unha cidade segura en xeral —de feito a ratio de delitos violentos é un 40 % inferior á media das cidades do seu tamaño— é certo que nos últimos tempos houbo un incremento dos delitos tipificados como menores e para que o problema non vaia a máis hai que adoptar medidas. Por iso estamos de acordo en que hai que reforzar os medios para que haxa máis seguridade, aínda que a eficacia dalgunha das medidas que propoñen, señor Lorenzo, está condicionada, precisamente, polas políticas de recortes practicadas polos sucesivos gobernos do Partido Popular.

Creemos que no es bueno crear un clima de alarma y, mucho menos, repudiamos que haya quien pretende estigmatizar a determinados colectivos. A Coruña es una ciudad inclusiva, integradora y estos son valores que hay que preservar. A pesar de que A Coruña sigue siendo una ciudad segura en general —de hecho la ratio de delitos violentos es un 40 % inferior a la media de las ciudades de su tamaño— es cierto que en los últimos tiempos hubo un incremento de los delitos tipificados como menores y para que el problema no vaya a más hay que adoptar medidas. Por eso estamos de acuerdo en que hay que reforzar los medios para que haya más seguridad, aunque la eficacia de alguna de las medidas que proponen, señor Lorenzo, está condicionada, precisamente, por las políticas de recortes practicadas por los sucesivos gobiernos del Partido Popular. Es cierto que ahora

É certo que agora se flexibilizaron as taxas de reposición pero as limitacións á contratación pública impostas durante anos en nome da austeridade debilitaron tamén o número de efectivos dos distintos corpos de seguridade e iso non pode resolverse de golpe. Mais o incremento de inseguridades, sen discutir as medidas que propón o Grupo Popular, non se resolve só con máis efectivos policiais. Hai que atacar as causas que provocan un incremento de inseguridade; como o incremento das desigualdades, alén doutras consideracións, todos os datos demostran que as sociedades máis desiguais son tamén as sociedades nas que se cometen máis delitos e os datos indican un medre preocupante das desigualdades na cidade; outro dato, o repunte do tráfico e consumo de drogas, en particular da heroína, é un feito obxectivo nesta cidade, o tráfico de drogas hai que perseguilo asignando os medios precisos. Por suposto, o tráfico de drogas en si mesmo é un delito, pero un drogadicto, un toxicómano é un enfermo e por tanto tamén hai que reforzar as políticas de prevención e as medidas de rehabilitación.

se flexibilizaron las tasas de reposición pero las limitaciones a la contratación pública impuestas durante años en nombre de la austeridad debilitaron también el número de efectivos de los distintos cuerpos de seguridad y eso no puede resolverse de golpe. Mas el incremento de inseguridades, sin discutir las medidas que propone el Grupo Popular, no se resuelve solo con más efectivos policiales. Hay que atacar las causas que provocan un incremento de inseguridad; como el incremento de las desigualdades, más allá de otras consideraciones, todos los datos demuestran que las sociedades más desiguales son también las sociedades en las que se cometen más delitos y los datos indican un crecimiento preocupante de las desigualdades en la ciudad; otro dato, el repunte del tráfico y consumo de drogas, en particular de la heroína, es un hecho objetivo en esta ciudad, el tráfico de drogas hay que perseguirlo asignando los medios precisos. Por supuesto, el tráfico de drogas en sí mismo es un delito, pero un drogadicto, un toxicómano es un enfermo y por tanto también hay que reforzar las políticas de prevención y las medidas de rehabilitación.

Ás dezasete horas e cincuenta e catro minutos entra no Salón de Sesións a señora Faraldo Calvo.

A las diecisiete horas y cincuenta y cuatro minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Faraldo Calvo.

Cremos, en definitiva, que hai que abordar, tamén, as causas que provocan un incremento da inseguridade, non hai que actuar só sobre os efectos e ese é o sentido da nosa emenda, señora Soneira. Sen pretender atribuír a comisión de delitos a determinados colectivos, se hai bolsas de pobreza, se hai bolsas de marxinalidade iso é caldo de cultivo para que haxa máis delitos, sen que iso signifique que simplemente por ser pobre es un delincuente. Eu creo que é evidente que nin eu nin o BNG pensa así.

Creemos, en definitiva, que hay que abordar, también, las causas que provocan un incremento de la inseguridad, no hay que actuar solo sobre los efectos y ese es el sentido de nuestra enmienda, señora Soneira. Sin pretender atribuir la comisión de delitos a determinados colectivos, si hay bolsas de pobreza, si hay bolsas de marginalidad eso es caldo de cultivo para que haya más delitos, sin que eso signifique que simplemente por ser pobre eres un delincuente. Yo creo que es evidente que

Pero se hai bolsas de pobreza, bolsas de marxinalidade, é un caldo de cultivo para que haxa xente que intente gañarse a vida a través de medios ilegais e mesmo cometendo delitos. Consumir drogas non te convirte nun delincuente pero a adicción ás drogas pode abocar a moitas persoas a ter que cometer delitos para intentar conseguir cartos e seguir consumindo drogas. Entón, o sentido da nosa emenda é que hai que atacar tamén as causas que provocan un incremento da inseguridade. Son ao noso xuízo as que se enumeran na nosa emenda. Pode haber máis. É unha emenda para exemplificar a necesidade de abordar este problema na súa globalidade, na súa integridade, non só exclusivamente intentando que os medios de vixilancia sexan máis eficaces. Iso é o que pretendemos. Nada máis, moitas grazas, en calquera caso.

ni yo ni el BNG piensa así. Pero si hay bolsas de pobreza, bolsas de marginalidad, es un caldo de cultivo para que haya gente que intente ganarse la vida a través de medios ilegales e incluso cometiendo delitos. Consumir drogas no te convenirte en un delincuente pero la adicción a las drogas puede abocar a muchas personas a tener que cometer delitos para intentar conseguir dinero y seguir consumiendo drogas. Entonces, el sentido de nuestra enmienda es que hay que atacar también las causas que provocan un incremento de la inseguridad. Son a nuestro juicio las que se enumeran en nuestra enmienda. Puede haber más. Es una enmienda para ejemplificar la necesidad de abordar este problema en su globalidad, en su integridad, no solo exclusivamente intentando que los medios de vigilancia sean más eficaces. Eso es lo que pretendemos. Nada más, muchas gracias, en cualquier caso.

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno para a Marea Atlántica, señor Lema.

Presidencia

Muchas gracias, señor Jorquera.

Turno para la Marea Atlántica, señor Lema.

Señor Lema Suárez

Ben, moitas grazas.

Nós tampouco pensamos que ser pobre o converta un nun delincuente e tampouco pensamos que ser rico o converta a un nun delincuente. Eu creo que temos que apelar aquí ás escrituras, Evanxeo de San Mateo, cando di que sería máis difícil ver entrar a un rico nos ceos que ver pasar un camelo polo ollo dunha agulla. Eu non teño por que ser tan rigoroso como o evanxelista San Mateo nas Escrituras e podo supoñer que non todos os ricos teñen por que ter sido uns delincuentes,

Señor Lema Suárez

Bien, muchas gracias.

Nosotros tampoco creemos que ser pobre lo convierta a uno en un delincuente y tampoco creemos que ser rico lo convierta a uno en un delincuente. Yo creo que tenemos que apelar aquí a las escrituras, Evangelio de San Mateo, cuando dice que sería más difícil ver entrar a un rico en los cielos que ver pasar un camello por el ojo de una aguja. Yo no tengo por qué ser tan riguroso como el evangelista San Mateo en las Escrituras y puedo suponer que no todos los ricos tienen por qué haber sido

aínda que o dixera San Mateo.

Ben, chegou o momento do Partido Popular, estamos falando de delincuencia e de seguridade. Estiveron ata o de agora votando nas cuestións —digamos— estruturais da cidade en todo co Partido Socialista. Votaron vostedes co Partido Socialista na cuestión de Visma; na cuestión da área de San Amaro; tamén, no pasado, por suposto, na cuestión de Percebeiras; tamén, por suposto, na cuestión da cidade das TIC; nas cuestións de planeamento votan vostedes sempre co Partido Socialista, o cal dá a entender que realmente, xa non vou dicir aquilo de tanto un como o outro son practicamente equivalentes ou iguais, pero é que realmente teñen vostedes case unha marxe escasa para colocar a súa mensaxe e escollen esta, non?, que é tamén clásica do Partido Popular, seguridade/limpeza noutros momentos —seguridade agora mesmo— como único referente da súa oposición. Paréceme, de verdade, pois unha senda estreita. Non digo escasa, digo estreita, porque se no resto están practicamente de acordo en todo, paréceme un pouco escasa.

Ás dezasete horas e cincuenta e sete minutos sae do Salón de Sesións a señora Faraldo Calvo.

Tamén me chamaba a atención que algúns de vostedes seguen... Como teñen pouca oposición que facerlle, ás veces, ao Partido Socialista nola seguen facendo a nós. A min sorpréndeme que o señor Deus nun pleno tras outro siga apelando á Marea Atlántica como se todavía decidíramos nós, como se gobernara a cuestión do planeamento urbanístico nesta cidade.

Apelábase hoxe aquí, por certo, como

unos delincuentes, aunque lo dijese San Mateo.

Bien, llegó el momento del Partido Popular, estamos hablando de delincuencia y de seguridad. Estuvieron hasta ahora votando en las cuestiones —digamos— estructurales de la ciudad en todo con el Partido Socialista. Votaron ustedes con el Partido Socialista en la cuestión de Visma; en la cuestión del área de San Amaro; también, en el pasado, por supuesto, en la cuestión de Percebeiras; también, por supuesto, en la cuestión de la ciudad de las TIC; en las cuestiones de planeamiento votan ustedes siempre con el Partido Socialista, lo cual da a entender que realmente, ya no voy a decir aquello de tanto uno como el otro son prácticamente equivalentes o iguales, pero es que realmente tienen ustedes casi un margen escaso para colocar su mensaje y escogen este, ¿no?, que es también clásica del Partido Popular, seguridad/limpieza en otros momentos —seguridad ahora mismo— como único referente de su oposición. Parece, de verdad, pues una senda estrecha. No digo escasa, digo estrecha, porque si en el resto están prácticamente de acuerdo en todo, me parece un poco escasa.

A las diecisiete horas y cincuenta y siete minutos sale del Salón de Sesiones la señora Faraldo Calvo.

También me llamaba la atención que algunos de ustedes siguen… Como tienen poca oposición que hacerle, a veces, al Partido Socialista nos la siguen haciendo a nosotros. A mí me sorprende que el señor Deus en un pleno tras otro siga apelando a la Marea Atlántica como si todavía decidiésemos nosotros, como si gobernase la cuestión del planeamiento urbanístico en esta ciudad.

Se apelaba hoy aquí, por cierto, como no,

non, á cuestión sagrada da seguridade xurídica, e eu digo, claro, a seguridade xurídica hoxe está de moda, non?, Ferrovial di que marcha para Holanda porque non hai seguridade xurídica. Eu ao mellor entendo que aquí alguén quere dicir que Metrovacesa pode marchar para Oleiros porque non hai seguridade xurídica no Concello da Coruña. Ao mellor podo inferir algo así, como son malintencionado, a pesar de que leo os evanxeos.

a la cuestión sagrada de la seguridad jurídica, y yo digo, claro, la seguridad jurídica hoy está de moda, ¿no?, Ferrovial dice que se marcha para Holanda porque no hay seguridad jurídica. Yo a lo mejor entiendo que aquí alguien quiere decir que Metrovacesa puede marchar para Oleiros porque no hay seguridad jurídica en el Ayuntamiento de A Coruña. A lo mejor puedo inferir algo así, como soy malintencionado, a pesar de que leo los evangelios.

Tamén me pregunto, nestas cuestións de planeamento e de seguridade xurídica e demais se encaixaba nesta categoría de urbanismo denso, vertical, finalmente o mercado manda, oferta e demanda, canto máis oferta máis baixa o prezo da vivenda —algo que nunca sucedeu en España. Temos unha burbulla inmobiliaria que estamos pagando todavía, pero non pasa nada. Vamos a repetir ese mantra porque é a única lei de economía que todo o mundo coñece—, entón, eu pregúntome, señor Dinís, se ao mellor o Conde de Fenosa, o Ofimático, entran tamén nesta categoría de crecemento vertical da cidade. Sen dúbida era moi vertical, pasouse de vertical o Conde de Fenosa, pasouse catro plantas de vertical, pero ao mellor tamén apelando a ese principio, non?, de racionalización do solo e demais, oferta e demanda, encaixaba tamén exactamente na mesma categoría.

También me pregunto, en estas cuestiones de planeamiento y de seguridad jurídica y demás, si encajaba en esta categoría de urbanismo denso, vertical, finalmente el mercado manda, oferta y demanda, cuanto más oferta más baja el precio de la vivienda —algo que nunca sucedió en España. Tenemos una burbuja inmobiliaria que estamos pagando todavía, pero no pasa nada. Vamos a repetir ese mantra porque es la única ley de economía que todo el mundo conoce—, entonces, yo me pregunto, señor Dinís, si a lo mejor el Conde de Fenosa, o Ofimático, entran también en esta categoría de crecimiento vertical de la ciudad. Sin duda era muy vertical, se pasó de vertical el Conde de Fenosa, se pasó cuatro plantas de vertical, pero a lo mejor también apelando a ese principio, ¿no?, de racionalización del suelo y demás, oferta y demanda, encajaba también exactamente en la misma categoría.

Vexo que neste debate de seguridade estanse dicindo unha serie de cuestións que eu non vou cualificar, que me parecen meramente a axenda da dereita que, insisto, pouca axenda ten para facer oposición se só ten isto, pero si houbo algo que me chamou a atención no debate anterior sobre os pisos turísticos, un dato que deu a señora Cendán, que ademais, como adoita facer ela, é un dato correcto, un dato verídico, que os barrios

Veo que en este debate de seguridad se están diciendo una serie de cuestiones que yo no voy a calificar, que me parecen meramente la agenda de la derecha que, insisto, poca agenda tiene para hacer oposición si sólo tiene esto, pero sí hubo algo que me llamó la atención en el debate anterior sobre los pisos turísticos, un dato que dio la señora Cendán, que además, como suele hacer ella, es un dato correcto, un dato verídico, que los barrios de A

da Coruña onde máis vivenda turística se fai son os dos Mallos e da Sagrada Familia. Claro, curioso este dato, non? porque son exactamente os barrios que aparecen sempre criminalizados, estigmatizados cando aparece este discurso característico sobre a inseguridade na Coruña. Sempre saen os Mallos, sempre sae a Sagrada Familia. Son os lugares, por outro lado, onde se fai máis vivenda turística. Entón, aquí hai algo que a min non me encaixa. Estamos ante un paradoxo que todos temos que entre nós discorrer por que acontece isto. Temos como... existe unha especie como de turismo de delincuencia na Coruña, xente que vén á Coruña como se isto fora o Harlem, alí, aos barrios dos Mallos e Sagrada Familia a ver o que sucede. Eu creo que non sucede iso, non? probablemente non. Probablemente o que suceda é que non pasan todas esas barbaridades. Ou ao mellor hai algunha outra explicación que se me escapa pero, en serio, teñen vostedes que de algunha maneira facer coincidir esas pezas de que estes son os peores barrios da Coruña e ao mesmo tempo onde se constrúe máis vivenda turística, porque ou hai aquí unha especie como de turismo, así, eu que sei, de guerra, case, ou se non, eu non acabo de entender moi ben o que acontece nestes barrios.

Coruña donde más vivienda turística se hace son los de Os Mallos y de la Sagrada Familia. Claro, curioso este dato, ¿no? porque son exactamente los barrios que aparecen siempre criminalizados, estigmatizados cuando aparece este discurso característico sobre la inseguridad en A Coruña. Siempre salen Os Mallos, siempre sale la Sagrada Familia. Son los lugares, por otro lado, donde se hace más vivienda turística. Entonces, aquí hay algo que a mí no me encaja. Estamos ante una paradoja que todos tenemos que entre nosotros discurrir por qué sucede esto. Tenemos como… existe una especie como de turismo de delincuencia en A Coruña, gente que viene a A Coruña como si esto fuese el Harlem, allí, a los barrios de Os Mallos y Sagrada Familia a ver lo que sucede. Yo creo que no sucede eso, ¿no? probablemente no. Probablemente lo que suceda es que no pasan todas esas barbaridades. O a lo mejor hay alguna otra explicación que se me escapa pero, en serio, tienen ustedes que de alguna manera hacer coincidir esas piezas de que estos son los peores barrios de A Coruña y al mismo tiempo donde se construye más vivienda turística, porque o hay aquí una especie como de turismo, así, yo qué sé, de guerra, casi, o si no, yo no acabo de entender muy bien lo que sucede en estos barrios.

Ás dezasete horas e cincuenta e nove minutos entra no Salón de Sesións a señora Faraldo Calvo.

A las diecisiete horas y cincuenta y nueve minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Faraldo Calvo.

Comentouse aquí antes e é certo que, efectivamente, a seguridade é un dereito, non unicamente a seguridade entendida como protección da propiedade privada senón como seguridade, como acceso a servizos públicos de calidade, sanidade, educación, traballo e demais, pero tamén é certa unha cuestión que hai que poñer de relevo, que efectivamente, a taxa de

Se comentó aquí antes y es cierto que, efectivamente, la seguridad es un derecho, no únicamente la seguridad entendida como protección de la propiedad privada sino como seguridad, como acceso a servicios públicos de calidad, sanidad, educación, trabajo y demás, pero también es cierta una cuestión que hay que poner de relieve, que efectivamente, la tasa de

reposición aplicada hai dez anos nas políticas de austeridade do Partido Popular están tamén no cerne de que non exista a dotación policial suficiente. Eu creo que isto é algo que todo o mundo sabe neste pleno e a señora Gallego, que é muller honesta, darame a razón. Iso tamén sucedeu porque ela o sufriu, ademais. Entón, ao mellor tamén estamos nun momento, no período das consecuencias daquelas políticas de austeridade que fixeron que se degradasen todos os servizos públicos, non só a sanidade e a educación, na que desde a esquerda facemos tantos discursos con tanta razón, senón tamén esta outra da seguridade, que tamén é un servizo público, por suposto, e que vemos como hoxe se degrada.

reposición aplicada hace diez años en las políticas de austeridad del Partido Popular están también en la base de que no exista la dotación policial suficiente. Yo creo que esto es algo que todo el mundo sabe en este pleno e la señora Gallego, que es mujer honesta, me dará la razón. Eso también sucedió porque ella lo sufrió, además. Entonces, a lo mejor también estamos en un momento, en el período de las consecuencias de aquellas políticas de austeridad que hicieron que se degradaran todos los servicios públicos, no solo la sanidad y la educación, en la que desde la izquierda hacemos tantos discursos con tanta razón, sino también esta otra de la seguridad, que también es un servicio público, por supuesto, y que vemos cómo hoy se degrada.

Nós imos tamén apoiar a emenda do BNG neste punto. Nada máis e grazas.

Nosotros vamos también a apoyar la enmienda del BNG en este punto. Nada más y gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Lema.

Muchas gracias, señor Lema.

Pecha o debate o goberno local, señor Borrego.

Cierra el debate el gobierno local, señor Borrego.

Señor Borrego Vázquez

Señor Borrego Vázquez

Moitas grazas, señora alcaldesa, boas tardes a todas e a todos.

Muchas gracias, señora alcaldesa, buenas tardes a todas y a todos.

Señor Lorenzo, se quero seguir co seu argumento teño que facerlle unha pregunta directa, porque entón pregúntolle se asume vostede, estando no goberno o Partido Popular aquí, na Coruña, que nese período os delitos por narcotráfico fosen o dobre ou os roubos de coches fosen o triplo. Non me conteste porque é un absurdo. A min e a este goberno non se nos ocorrería plantexar unha cousa desa maneira. Eu

Señor Lorenzo, si quiero seguir con su argumento tengo que hacerle una pregunta directa, porque entonces le pregunto si asume usted, estando en el gobierno el Partido Popular aquí, en A Coruña, que en ese período los delitos por narcotráfico fueran el doble o los robos de coches fueran el triple. No me conteste porque es un absurdo. A mí y a este gobierno no se nos ocurriría plantear una cosa de esa manera. Yo sé que no les gustó

sei que non lles gustou que Cristina Fernández Bessa, profesora de Criminoloxía da UDC, ou Miguel Clemente, catedrático de Psicoloxía Social e que é do grupo de investigación criminal da UDC, ou José Ángel Brandariz, coordinador do Máster de Criminalidade da UDC, tamén, ou Roberto Lage Regal, presidente da AESGA, experto en seguridade, plasmaran en diarios locais de boa... de gran tirada, a catro columnas, que A Coruña é unha cidade segura. Eu sei que non lle gustaron os datos de que esa sensación que algúns queren magnificar vén da infrecuencia dalgún suceso grave. O que non se pode plantexar é unha alarma social por problemas puntuais difíciles de predicir e incluso de evitar. Falan os expertos. Non lles gustan os datos, os verdadeiros datos do Ministerio do Interior, que falan de que na Coruña temos un 43 % menos de pelexas e riñas, un 32 % menos de delitos sexuais, un 31 % menos de roubos con violencia ou intimidación. Que temos os mellores datos entre as cidades do noso tamaño, cun 40 % por debaixo da media. E que a presenza policial na rúa, policía local —aquí vamos falar de policía local, que é a nosa competencia e a nosa responsabilidade— policía que vai de uniforme, de paisano, en bici, en moto, en coche e incluso a pé ultimamente está na rúa, co maior reforzo dos últimos tempos precisamente porque unha das cousas que vostedes piden na moción, que é que se convoque a Xunta Local de Seguridade, xa o fixo a nosa alcaldesa en novembro, onde non só celebrou esa xunta senón que plantexou desde o concello o mellor plan operativo de coordinación coa policía nacional. Tampouco o dicimos nós, dio a policía nacional, que levou este plan á Academia Galega de Seguridade e que vai ser referencia e exemplo para aplicar en toda Galicia. Un plan que plantexou

